

## **VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL**

### **VII.1. NARRATIVA**

#### **VII.1.1. NARRADORES GALEGOS**

**Alfaya**, An, *O grupo*, XII Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 185, mocidade e lectorado adulto, setembro 2019, 117 pp. (ISBN: 978-84-9121-541-7).

Antón, Carla, Amina, Runa e Nico son os integrantes dun grupo de terapia dirixido por Sandra, traballadora social no Centro Cívico do seu barrio, creado coa finalidade de que verbalicen as súas experiencias e logo fagan un traballo en común xuntando as súas habilidades. Deste modo, cada un deles toma a palabra para contar o seu pasado e as súas experiencias. Así, Antón queimou a cara nun incendio e dende entón recibe a axuda da súa avoa e sente empatía polos demais; Carla foi testemuña dos malos tratos do seu pai e ten a nai en coma; a marroquí Amina sente a discriminación da sociedade, que a considera unha terrorista por ser musulmá; Runa é unha graffiteira en cadeira de rodas que denuncia a falta de accesibilidade dos espazos; e Nico é homosexual e sofre rexeitamento no instituto. As vivencias dos adolescentes mestúranse cos problemas de Sandra, afectada tras un fracaso cun adolescente, Nuno, ao que cre que non puido axudar, e pola ruptura coa súa parella, Manuela, que refixo a súa vida. An Alfaya (Vigo, 1964), cunha linguaxe sinxela e directa que se adapta aos variados rexistros dos personaxes, constrúe nesta novela coral un retrato da vulnerabilidade destes adolescentes a través de temas de actualidade como a discriminación, a inmigración ou a condición sexual.

#### **Recensións:**

- María Navarro, “Palabras esenciais. Para superarmos fronteiras”, *Faro de Vigo / La Opinión*, “*Faro da Cultura*”, n.º 726, “Libros” / “Saberes”, “Novidades en galego”, 3 outubro 2019 / 2 novembro 2019, p. VI / p. 7.

Principia destacando que *O grupo* pon de relevo as eivas dunha sociedade abafante coas persoas que atravesan dificultades e que recalca a importancia da palabra para expresar e superar os conflitos. Comenta que se trata dunha narración en ton coloquial que insiste na transcendencia dos actos persoais e presenta múltiples interrogantes que parecen convidar a atravesar as fronteiras estabelecidas.

- María Jesús Fernández, “O grupo”, *CLIJ*, n.º 292, 10 decembro 2019, p. 70.

Apunta como unha das características da obra infantil e xuvenil de An Alfaya a súa capacidade para retratar personaxes en situación de vulnerabilidade e, tras resumir a liña argumental da novela salientando o seu protagonismo coral, cualifícaa de proposta interesante que garante unha amena lectura.

### Referencias varias:

- Olalla Sánchez, “Apostas outonais para todos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.230, “Literatura”, 6 novembro 2019, p. 6.

Entre as propostas pertencentes á literatura galega que inclúe nesta sección Olalla Sánchez, atópanse *Canta comigo*, de Manuel Tanco; *O lobo da area*, de Asa Lind, *Viaxe ao futuro*; *Vinte mil leguas baixo dos mares*, de Jules Verne; *Lobísimo do saco. Tres titiritadas*, de Berardino Graña; e *O grupo*, de An Alfaya. Ofrece unha breve descrición de cada unha das obras.

**Aneiros**, Rosa, *Orestes perde o sentido!*, ilustr. Kiko da Silva, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 72, lectorado mozo, febreiro 2019, 112 pp. (ISBN: 978-84-9121-474-8).

Rosa Aneiros (Meirás, 1976) constrúe unha historia que mestura realidade e soño na que, mediante un ritmo trepidante, se pon o acento na intriga e na acción. Orestes, un rapaz de doce anos, ten un accidente na rúa durante as festas do Entroido cando intenta salvar a súa amiga Marta dun atropelo, como consecuencia do cal acaba no hospital cunha conmoción cerebral. Nese tempo ten un soño no que debe perseguir a súa irmá pequena Sabela, que escapou para salvar o seu oso Cuqui, que está secuestrado no castelo do rei Koopa. Na súa aloucada carreira, Orestes terá que respectar e as normas de circulación viaria: cruzar polo lugar axeitado, agardar a que os semáforos se poñan en verde, sentar correctamente no autobús, abrochar o cinto, camiñar pola beirarrúa con coidado, levar posto o casco e o chaleco reflector para andar en bicicleta pola noite, deterse no sinal de stop. Cada vez que cumpre estas normas, gana puntos que ao final o axudan para chegar vivo á meta e salvar a súa irmá. As ilustracións de Kiko da Silva (Vigo, 1979) evocan o mundo dos videoxogos, o manga e o anime xaponés, retratando un contexto urbano as accións que se describen no texto.

### Recensións:

- María Navarro, “Orixinal relato. Videoxogos e circulación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 704, “Libros”, 14 marzo 2019, p. VI.

Cualifica a narración de orixinal, por abordar as normas de circulación viaria dunha maneira curiosa, e de suxestiva. Sinala que Orestes, o protagonista, debe superar probas e apurar para superar as diferentes probas e recorrer ao seu enxeño e aos seus dotes de boxeador da Wii. Conclúe apuntando que pon de relevo a influencia dos videoxogos na vida dos cativos, integrando no relato as normas de circulación.

- Carmen Ferreira, “Unha tremidante aventura a modo de videoxogo”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 outubro 2019, p. 40.

Repásase a traxectoria da xornalista e escritora Rosa Aneiros dende a publicación do seu primeiro relato, *Eu de maior quero ser* (1999), citando tamén *Ás de bolboretas* (2009), Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro Xuvenil en 2009 e incluído en *The White Ravens* en 2010; a triloxía *Ámote Leo A.* e *A batalla da pequena Chanan Curi Coca* (2017). Saliéntase que a súa escrita se

caracteriza “por unha linguaxe coidada e directa e por atender a temáticas moi actuais”, como na novela *Ás de bolboretas* (2009), *A batalla da pequena Chanan Curi Coca* (2017) que trata os desafiuzamentos e *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (2019) que denuncia a contaminación dos océanos. Salienta que no relato *Orestes perde o sentido!* (Xerais, 2019) mestura “realidade e soño nunha historia trepidante”, que lembra os videoxogos e que educa sobre a circulación viaria dunha forma amena.

### Referencias varias:

-Clara Aldán, “Un rayo de sol oh, oh, oh...”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “A praza da verdura”, 17 febreiro 2019, p. 17.

Breve nota na que, entre outras novas de sociedade, se felicita a Kiko da Silva polas ilustracións de *Orestes perde o sentido!*

- M. M., “Os Xerais pónense de longo”, *La Opinión*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 33.

Informa da gala de entrega dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo e recolle declaracións dos premiados, entre os que está Rosa Aneiros.

- Mar M., “Os Xerais pónense de longo no Museo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 40.

Faise eco do acto dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo e recolle as declaracións dos galardoados: Rosa Aneiros, Premio Merlín; Amador Castro, Premio Xerais; e Emma Pedreira, Premio Jules Verne.

\_\_\_\_\_, *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, Premio Merlín 2019, ilustr. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 284, lectorado mozo, outubro 2019, 172 pp. (ISBN: 978-84-9121-589-9).

Novela fantástica de aventuras, de intencionalidade ecoloxista, coa que Rosa Aneiros (Meirás-Valdovino, 1976) acadou o Premio Merlín 2019. Xelís vive na illa de Otilc, onde tamén residen os sete guieiros, seres encargados de regular o tráfico de nubes, o voo das aves e os ventos. Xelís soña con converterse nun deles, malia que perdeu unha perna nun accidente nun cantil. Dende entón púxolle por nome Colérica e fala con ela, convencido de que é unha perna invisíbel, e, na súa compañía, vixía as botellas que navegan polo mar con mensaxes no seu interior co obxecto de guialas para que cheguen ao seu destino. Un día recolle a curiosa botella Estrafalaria, e está convencido de que a mensaxe é para el, pois alerta da existencia dunha grande illa de plásticos que navega ao chou e ameaza o mar. A pesar do escepticismo da súa familia e da maioría dos guieiros, Xelís e emprende a viaxe cara a Raufarhöfn, en Islandia, voando no mascato Mult, na procura na persoa que enviou a botella. Alí coñece a Ilva e o seu avó, ambos fabricantes de botellas e desexosos de repartilas polo mundo para que se estenda a mensaxe da necesidade de coidar do medio ambiente e combater a invasión do plástico. Cando Xelís torna a Otilc, coa axuda dos guieiros e da veciñanza, logra que a mensaxe chegue a todos os puntos da Terra e parar así a illa de lixo. Estructurada en trinta e nove capítulos sen titular e narrada en terceira persoa, na novela conflúen valores como o activismo ambiental, o coidado dos océanos e a aceptación da diferenza. O volume complétase coas ilustracións de Andrés

Meixide (Vigo, 1970) realizadas coa estética dos videoxogos. Ao final do libro inclúense as instrucións para construír con cartón a Xelís e o mascato Mult.

### **Recensións:**

- Xosé García, “Literatura contra o plástico. O premio Merlín de Rosa Aneiros traza unha fábula ecoloxista para a infancia”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 17 outubro 2019, p. 7.

Reflexiona sobre o papel da literatura infantil e xuvenil como motor para a creación de conciencia a respecto das distintas preocupacións sociais e problemas colectivos actuais, sobre todo co que ten que ver coa defensa ecolóxica. A este respecto sinala que *Xelís, o guieiro das botellas de mar* de Rosa Aneiros se erixe como unha fábula ecoloxista para a infancia e repasa algúns títulos de poesía e ensaio dirixidos ao público infanto-xuvenil que siguen esta mesma liña, nomeadamente *Bicos e non balas* de Antonio García Teixeiro e *Da Carapuchiña ao señor Lamote* de Miguel Vázquez Freire.

- Mario Regueira, “Contra o plástico”, *Sermos Galiza*, n.º 371, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 7 novembro 2019, p. 6.

Apunta que a autora conseguiu a triade dos premios Xerais con esta obra da que resume o seu argumento. Logo sinala varios elementos interesantes da trama, como a diversidade funcional do protagonista, a forza do discurso ecoloxista, baseada na acción colectiva da xente máis nova, e a calidade editorial ao acompañarse dunha proposta da xogo.

- María Navarro, “En clave metafórica. Para confiarmos nun mundo mellor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 735, “Libros”, 5 decembro 2019, p. VI.

Comeza indicando que Rosa Aneiros sorprende con cada unha das súas obras da súa xa extensa traxectoria. Con respecto a *Xelís, o guieiro das botellas de mar* destaca os seus personaxes atractivos, a narración sinxela, o vocabulario escollido, a imaxinación e a temática relacionada coa natureza marítima. Resume brevemente o argumento do libro e valora a súa defensa da importancia de unir esforzos para lograr calquera meta, como a construción dun mundo mellor.

### **Referencias varias:**

-M. M., “Os Xerais póñense de longo” / “Os Xerais póñense de longo no Museo”, *La Opinión / Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 33 / p. 40.

Dá conta da entrega dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo: o Jules Verne, que recaeu en Emma Pedreira por *Os corpos invisibles*; o Xerais de Novela, que correspondeu a Amador Castro por *Shangai a Barcelona*; e o Merlín, que recoñeceu a Rosa Aneiros por *Xelís, o guieiro de botellas de mar*. Recóllense as declaracións dos gañadores e, con respecto a Rosa Aneiros, apúntase que destacou a presenza do mar na súa obra e que o punto de partida deste libro foron as noticias arredor da existencia de illas de plástico, co obxecto de concienciar os pais, pois os nenos e nenas, ao seu ver, xa o están; loitar contra os estereotipos e lanzar unha mensaxe de unión, perseveranza e coraxe ante o perigo. Revélase tamén que todos os topónimos presentes no relato corresponden á costa de Valdoviño de onde procede a escritora.

- Carmen Ferreira, “Unha aventura a modo de videoxogo”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 outubro 2019, p. 4.

Analiza brevemente a escrita infantil e xuvenil de Rosa Aneiros que se caracteriza “por unha linguaxe coidada e directa e por atender a temáticas moi actuais”, como é o caso de *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (2019) no que denuncia a contaminación dos océanos.

- Sira González, “En *Xelís, o guieiro das botellas de mar...*”, *Luzes*, n.º 74, “As libreas”, novembro 2019, p.89.

Sira González, da librería coruñesa Os Rosales, recomenda a lectura de *Xelís, o guieiro das botellas de mar* de Rosa Aneiros, unha obra de fantasía e aventuras que reflicte a emerxencia climática en que nos atopamos e que levou a autora a gañar o Premio Merlín de Literatura Infantil 2019.

- Manuel Bragado, “Árbore dos desexos (conto de nadal)”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 24 decembro 2019, pp. 22-23.

Conto de nadal que Manuel Bragada dedica ás escolas de Laredo e Cedeira. Nel, o protagonista conta a celebración no colexio da festa de fin de ano, todos vestidos de gala, na que participan o orientador novo, Alba, a titora, e a profesora Candela. Relata tamén que no seu cole participan na rede de escolas polo clima e que Alba lles recomendou ler o libro de Rosa Aneiros, *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, que devorou en catro horas e vinte e cinco minutos e que lle encantou. Parécelle unha gran idea formar coas botellas que se guindan ao mar, con cadansúa mensaxe secreta, unha barreira que sirva para reducir esa grande illa de plásticos de todo o planeta que aboia no océano Pacífico, e manifesta a súa admiración por Greta Thunberg, a rapaza que, dende Estocolmo, comezou a loitar ela soa contra o cambio climático e que falou na ONU e no cumio de Madrid, onde reclamou ao dirixentes mundiais que se puxeran de acordo para reducir as emisións provocadas polo consumo de combustíbeis fósiles. O protagonista conta tamén que no colexio colocaron unha árbore dos desexos, unha idea tirada dun conto de nadal de Agustín Fernández Paz para atopar a maxia das palabras que aniña no interior de todas as persoas.

- Juan José Lago e Olalla Sánchez, “Libros para celebrar la Navidad”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Selecciona obras para celebrar o Nadal entre as que figuran en galego *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, da que destaca que é unha novela necesaria e oportuna pola súa temática contra o cambio climático; *Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira; *O can de Milú*, de Mariann Máray; *As aloucadas historias dos Monkis*, de Paula Merlán; *Parece unha formiga*, de Pablo Otero.

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Entre as propostas pertencentes á literatura galega recoméndanse para ler en Nadal *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de Maria Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de

Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Aparicio Casado**, Buenaventura, *Etram e Ailux na Terra dos Mortos*, ilustr. Pilar Castro Caamaño, Pontevedra: Ab Oríxine, lectorado autónomo, 2019, 55 pp. (ISBN: 978-84-947844-5-3).

Segunda obra de ficción do historiador Buenaventura Aparicio Casado (Peñafiel, 1946), que achega un relato de ciencia ficción con carga didáctica protagonizado por dous extraterrestres: a comandante Ailux e o seu copiloto Ailux, que navegan pola Vía Láctea na nave A Raíña da Galaxia coa misión de explorar o planeta. Por erro, chegan ao ano 2019 a.C., en plena prehistoria, e alí amigan con Imarña, unha nena que vive nun poboado megalítico. Grazas a ela coñecen como é o seu poboado, as funcións do xamán, o culto que lles renden aos mortos, os labores que levan a cabo os homes e as mulleres... Para corresponder a tantas atencións, os extraterrestres comparten con Imarña a visión do futuro mediante a máquina do tempo, e eles mesmos descubren como evolucionan os humanos. Así, ven a Idade do Ferro, os romanos, a Idade Media e os grandes inventos, pero tamén as guerras, as bombas atómicas, os mísiles, a degradación do medio ambiente e a eliminación de fumes e sucidade das cidades. Ao cabo, os amigos organizan unha festa de despedida e intercambian regalos para non esquecerse. As acuarelas de Pilar Castro Caamaño ilustran a toda páxina algunhas escenas do relato.

### Referencias varias:

- Belén López, “Buenaventura Aparicio ‘Se de neno colles o vicio de ler, xa nunca o perdes’”, *Diario de Pontevedra*, “A última”, 16 decembro 2019, p. contracuberta.

Entre outras actividades culturais, anuncia a presentación deste conto no Espazo Nemonon.

- Belén López, “Buenaventura Aparicio ‘Se de neno colles o vicio de ler, xa nunca o perdes’”, *Diario de Pontevedra*, “A última”, 16 decembro 2019, p. contracuberta.

Entrevístase ao autor para comentar que os contos son a escusa para dar a coñecer a historia á cativada e reflexionar sobre valores, como igualdade e conservación da natureza. Explica que compón un relato de aventuras, fantasía, misterio e humor que é ciencia ficción e que permite introducir a reflexión feminista, a mensaxe ecoloxista e o eloxio da amizade, educando en valores e animando á lectura.

**Babarro, Xoán, *Os horizontes de Adar*, Santiago de Compostela: Santillana Obradoiro, col. Oqueleo. Narrativa, lectorado mozo, xullo 2019, 160 pp. (ISBN: 978-84-16834-25-9).**

Narración en primeira persoa que Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) construíu, como sinala no capítulo inicial, reconstruíndo as vivencias recollidas no diario de Adar, un inmigrante sirio, referidas na súa maior parte á época que pasou en Barcelona. Adar comeza lembrando como tras unha travesía clandestina chegou á capital catalá, o difíciles que foron os primeiros tempos para gañar a vida, pois, malia ser especialista en literaturas hispánicas, sen permiso de residencia nin papeis que acreditasen os seus estudos, pouco podía facer para sobrevivir e lograr traer de Siria a súa muller e o resto da súa familia. Relata tamén como mudou a súa sorte ao atopar por casualidade un can perdido e descubrir a identidade da súa dona, Marieta, quen lle ofreceu un traballo ocupándose da súa mascota e un pequeno lugar digno para vivir. Ademais, introduciuno no seu grupo de amigas, o que deu pé a novos traballos e amizades, entre elas, os Balaguer, donos dun casal, que lle permiten dispoñer da súa completa biblioteca. O amuleto e as estrañas mensaxes que comeza a recibir do que todos coñecen como Noi Misteriós fan que se embarque na resolución do enigma, para acabar descubriendo que é un monicrequeiro cun pasado tumultuoso coa intención de estimulalo na busca de novas horizontes. Ao cabo, un dos fillos dos Balaguer infórmao de que existe unha praza de lector de árabe en Galicia, o cal abre unha nova etapa na súa vida que o levará a residir no Val do Dubra, aprender galego e coñecer as historias da anciá Aldara. A modo de apéndice, inclúense os “Horizontes de Adar”, dez textos diversos que dan conta do seu talento para a escrita, da súa erudición, do seu carácter sensíbel e da súa aposta pola paz. A obra pon de relevo a dureza das migracións na procura dun futuro e a dor que causa a guerra, así como a importancia de desterrar os prexuízos e valorar a cultura.

\_\_\_\_\_, *O gorrión comellón*, ilustr. Isabel Caruncho, A Coruña: Rodeira- Grupo Edebé, col. Tucan azul, n.º 1, lectorado 6+, setembro 2019, [54] pp. (ISBN: 978-84-8349-578-0).

Neste relato Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) conta o percorrido vital dun gorrión que farto de comer frangullas e arroces empoeirados polo chan decide facer un banquete no seu novo niño. Convidou á veciñanza, pero ao non vir, decidiu coller a todos os que pasaba por diante da súa vivenda: o cabaliño do demo, a xoaniña, o insecto zapateiro, o escornabois, o vagalume, o gurgullo, a couza..., a todos atounos ao seu niño até que chegaran os convidados ao banquete, pero nun puido coas procesonarias que, ao montón, romperon o niño e liberaron a todos os animais amarrados. As preguntas e respostas de cada un dos atados están feitas en verso con rimas e rimos da transmisión oral. Un conto que remata pospoñendo o banquete. É ben acompañado polas ilustracións de Isabel Caruncho que complementan o relato e incluso dan paso a unha narrativa visual.

\_\_\_\_\_, *Teño oito anos e quero ser youtuber*, ilustr. Luz Beloso, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 235, serie laranxa, lectorado autónomo, 2019, 149 pp. (ISBN: 978-84-9151-428-2).

Novela de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) centrada nas vivencias de Antón, un neno de oito anos que, como desvela o título, soña con ser *youtuber* e ao ser moi novo

para meterse nas redes abre un documento coa axuda da súa profesora Lorena para contar en primeira persoa as cousas que recorda. Dende o ático da cidade na que reside cos seus pais e a súa irmá pequena Sonia, pode ver o mar e imaxina carreiras de nubes, namentres fala do seu contorno familiar. Fala tamén da vida en Viladonda, a aldea dos avós, dos animais que teñen, dos xogos no medio da natureza, da chegada do parque eólico e do que aprende cos curmáns, os tíos e os avós. Así mesmo, reproduce dous contos que lle escoitou narrar á avoa Celsa e á avoa Celia. O texto presenta distintas tipografías para diferenciar os discursos, símbolos que plasman algúns elementos imaxinados polo protagonista. As ilustracións figurativas en escala de grises de Luz Beloso (Monforte de Lemos, 1968) aparecen en páxinas independentes ou ben integradas na narración. Son imaxes evocadoras que enmarcan momentos da historia realizadas con técnica dixital, cun trazo solto que acentúa as luces e as sombras e as achega á estética cinematográfica.

**Belarte**, Lucía, *O neno peixe*, ilust. David Rodríguez Lorenzo, Vigo: Triqueta verde, lectorado autónomo, maio 2019, [32] pp. (ISBN: 978-84-949231-5-9).

Conto ilustrado no que Lucía Belarte (Ourense, 1984) e David Rodríguez Lorenzo (Ourense, 1984) constrúen unha historia que pretende poñer o acento na existencia de distintos modelos de familia, lonxe do tradicional. Deste xeito relatan a historia do neno peixe, fillo do amor entre unha serea e un humano. Ao ser mestizo, non lle imita nada á súa irmá nin aos seus compañeiros e amigos. Do seu pai só sabe o que oíu murmurar, de aí que se decida a ir buscalo logo de atopar unha foto nunha botella. Deste xeito coñece a historia do seu pai, un bo home que se tivo de arredar del, e dende ese momento o neno peixe ten unha nai, dous pais e unha medio irmá. As secuencias de imaxes, acuarelas coloristas, van dando conta das principais escenas do relato.

**Calvo**, Paulo, *A maldición de San Brandán*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 112, lectorado mozo, xullo 2019, 136 pp. (ISBN: 978-84-9151-360-5).

Primeira incursión na novela de Paulo Calvo (Ames, 1977), quen presenta unha narración de misterio e intriga histórica que integra a figura de San Brandán, o monxe irlandés do século VI, protagonista do relato de viaxes recollido na *Navigatio Sancti Brandani*, redactado contra os séculos X-XI. Neste caso, argállase unha lenda relacionada coa existencia dunha gaita con poderes marabillosos coñecida popularmente como A maldición de San Brandán, capaz de ensumir a quen a toca nun estado escuro. O relato recorre a tres contextos temporais para describir as intrigas ao redor do cobizado instrumento: o ano 1182, cando o padre irlandés Aldán chega a Bretoña canda outros frades coa misión de ocultar a gaita nun sarcófago; o ano 1940, cando o doutor Fausto Wessler é encargado polos nazis de atopar o obxecto máxico, que lle proporcionaría ao Führer unha gran vitoria en Europa ; e o ano 2015, cando o mozo Daniel Alvite, luthier no Departamento de Investigación e Restauración de Instrumentos da Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, recibe a orde de Uxío Regueira, un dos mellores restauradores do mundo, de analizar e custodiar o obxecto, atopado nas escavacións de Wewelsburg. Ao longo de 31 capítulos, un narrador omnisciente alterna as peripecias destes personaxes coa gaita no seu respectivo marco temporal, introducindo tamén as intrigas da famosa gaiteira Silvia Seoane para facerse co prezado instrumento.

**Referencias varias:**



- Marga Mosteiro, “Escribir es mi manera de relajarme, por eso en mis novelas no hablaré de economía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A la última”, 25 setembro 2019, contracuberta.

Recolle datos sobre a vida profesional de Paulo Calvo con motivo da publicación de *A maldición de San Brandán*. Indícase que o autor, profesor de Economía no colexio La Salle de Santiago durante seis anos e na actualidade docente en Vimianzo, utiliza a escritura para se evadir do seu traballo. Recóllense tamén as súas declaracións, nas que salienta que a historia é inventada, pero as localizacións reais, e que investigou os feitos durante case un ano.

**Canosa**, María, *Candorcas e unicornios*, ilustrado por Iago Torres París, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 233, serie verde, lectorado mozo, outubro 2019, 148 pp. (ISBN: 978-84-9151-402-2).

Narración en terceira persoa de María Canosa (Cee, 1978) estruturada en 21 capítulos e dous epílogos na que se recorre ao simbolismo e ao mundo onírico para falar do abuso que sofre a protagonista por ser diferente aos seus compañeiros de escola e vivir con unha familia de emigrantes procedentes de Kenia. Ana, unha rapaza orfa de nai, unha doutora que morreu en Kenia a causa dunha enfermidade, vive na Costa da Morte con mamá Mumbi e papá Osogo, ambos os dous de raza negra. Para fuxir das burlas que sofre na escola, onde Lucas se burla dela por ter o pelo laranxa e vivir cuns emigrantes negros, Ana dá paseos solitarios polo peirao e o bosque, onde ten os seus dous únicos amigos: a candorca Gumi e o unicornio Niati, con que voa coa imaxinación na alfombra Zulia. Grazas ás lendas sobre a montaña luminosa e o león, a lebre e a hiena que lle contan os seus pais, e afoutada polo unicornio, que desexa que a rapaza se enfrente ás dificultades, Ana acaba descubriendo o motivo do odio a África de Lucas, solucionando os seus conflitos e aceptando a súa nova familia. As ilustracións en tonalidades azuis de Iago Torres París ilustran algunhas das escenas da historia e acentúan o seu simbolismo e a ambigüidade de certos elementos.

**Carballeira**, Paula, *A tartaruga Amodovou*, ilustrado por Ana Seixas, Santiago de Compostela: Santillana Infantil y Juvenil – Edicións Obradoiro, col. Oqueleo, serie amarela, prelectorado e lectorado autónomo, xullo 2019, 46 pp. (ISBN: 978-84-16834-14-3).

Relato infantil no que Paula Carballeira (Fene, 1972), a través de catro breves capítulos e cunha narración debedora dos recursos da oralidade, constrúe unha alegoría sobre a emigración, o valor da liberdade e a solidariedade a través da vida da tartaruga de terra Amodovou. Nace en soidade e as aves do lugar danlle a benvida, pero deseguida a animan a fuxir da serpe e doutras ameazas. Así, ao seu ritmo, a tartaruga percorre o mundo enteiro cun sorriso para gardar na memoria os recendos e os sons das cousas e seres que a arrodean. Como ignora o que é unha guerra ou unha fronteira nunca se detén ante nada, nin sequera cando un arame de espiño lle corta o paso. Malia non saber nadar, nin sequera para cando chega ao mar e, coa axuda dos paxaros, sobe ao lombo dunha balea para percorrer máis mundo. Xa vella, Amodovou mantén o sorriso e ten moitas fillas que, coma ela, camiñan sen parar. Ana Seixas (Viseu, 1984) acompaña o relato con ilustracións en cores vivas que recorren a trazos e formas arredondados.

**Caride, Ramón**, *Singamia 1.1. Queridas máquinas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 179, mocidade e lectorado adulto, xaneiro 2019, 136 pp. (ISBN: 978-84-9121-460-1).

Conxunto de relatos que completa a triloxía iniciada con *Exogamia 0.3* (2011) e continuada en *Endogamia 0.2* (2013). Os tres volumes forman a serie “Aktual”, caracterizada pola visión descarnada dos efectos da globalización, o dominio das novas tecnoloxías, as inxustizas sociais, as agresións ao medio natural e a deshumanización que prima nas relacións de poder dunha sociedade líquida e cambiante. Deste xeito, e baixo o significativo subtítulo de *Queridas máquinas*, os seis relatos –“Procurar&Anular”, “Financiar os instintos”, “O ceio dos pretos”, “Carnívora”, “Tempo comprimido” e “MINP, meu amigo”– conforman unha visión caleidoscópica do presente e do futuro para expoñer os perigos que entraña o emprego interesado e por veces perverso dos avances científicos e tecnolóxicos para garantir os beneficios do poder establecido e someter o individuo. Preséntase así un universo dominado polos aparellos, dende os drons que serven para eliminar obxectivos humanos, pasando por máquinas para clonacións e xestacións, até aquelas que manipulan a percepción das vivencias e sensacións.

#### **Recensións:**

- María Navarro, “Tecnoloxía trepidante. Unha prosa áxil e trepidante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 715, “Libros”, 28 marzo 2019, p. VI.

Indica que se compón de seis relatos que amosan o poder das máquinas sobre a vida das persoas, a capacidade de control sobre os nosos actos e mesmo a previsión sobre o noso futuro. Apunta tamén que o termo que serve de título –igual que aconteceu en entregas previas como *Exogamia* e *Endogamia*–, introducen ao lector no eido científico da bioloxía e no desenvolvemento da tecnoloxía. Conclúe salientando que a calidade dos temas abordados vai acompañada dunha prosa áxil e directa, de estilo científico, e dos suxestivos enunciados que con frecuencia se deixan abertos.

- Ramón Nicolás, “Un ‘Black Mirror’ de noso”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 12 abril 2019, p. 10.

Comenta que Ramón Caride comezou hai anos un proxecto insólito na literatura galega contemporánea: idear unha triloxía composta por *Exogamia 0.3* (2011), *Endogamia 0.2* (2013) e *Singamia 1.1.*, integrada por relatos que afondan nas dimensións da realidade cotiá ou da que está por vir, recorrendo á distopía. Identifica como os principios que gobernan a triloxía a habilidade compositiva, a fluidez narrativa e a proposta de reflexión para suscitar o debate crítico. Con respecto a *Singamia*, salienta que o elo común é que todas as narracións recrean asuntos de filiación científica e tecnolóxica, ollados dende unha perspectiva que posibilita a análise dos verdadeiros obxectivos que se agochan tras a construción dunha sociedade altamente tecnoloxizada, así como as consecuencias éticas que esta pode carrexar. Repara tamén nos paratextos iniciais, que acollen fragmentos de Carl Sagan, manifestacións de Nuria Oliver, directora científica de Telefónica I+ D, e de Charlie Brooker, creador da serie televisiva *Black Mirror*.

- Isabel Mociño, “Singamia 1,1’ Lectura crítica e descarnada do presente”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 agosto 2019, p. 6.

Define a obra como un instrumento crítico e reflexivo que procura non deixar indiferente ao lectorado e logra una simbiose de emoción e reflexión. Sinala que se trata da terceira entrega da triloxía que o autor iniciou en 2011 con *Exogamia 0.3* e continuou en 2013 con *Endogamia 0.2*, na que demostra a súa mestría no dominio do texto curto, da tensión narrativa, da trama ben artellada e, sobre todo, a súa enorme capacidade de análise en clave macroestrutural. Enumera os relatos que integran o volume e salienta que presentan un universo de dominio do individuo no que só a música e a poesía semellan configurar vías de esperanza no futuro. Conclúe mencionando que a obra remite a outras obras de Caride, como *Soños eléctricos* ou *O sangue nos camiños*, que configuran un macrotexto ben vertebrado, rico, actual e crítico, capaz de nos interrogar.

### Referencias varias:

- L. Romero, “La Feira do Libro se estrena con autores destacados y novedades literarias”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 13 xuño 2019, p. 10.

Informa sobre as actividades que acollerá a primeira Feira do Libro de Cambados, entre os días 19 e 22 de xuño. Menciona a presenza de autores como Susana Sánchez Arins, María Soliño, Sindo Mosteiro, Maribel Iglesias, Manuel Portas, Pepe Barro, Fran Alonso, María Eiras e Leticia Costas; presentacións de publicacións como *Memoria da represión franquista en Cambados*, de Quico Paz Antón, e mesas redondas ou a revista cultural *Cen Follas*, da asociación homónima. Infórmase tamén de que o pregón correrá a cargo de Ramón Caride.

-Mónica V. Lopo, “Soños de escritor”, *La Región*, “Vida”, “En confianza”, 25 agosto 2019, pp. 2-3.

Entrevista co escritor Ramón Caride na que define a súa triloxía lixeiramente futurista como unha reflexión sobre como a tecnoloxía modifica as nosas vidas. Así mesmo, repasa a súa traxectoria como escritor e sinala que concibe a escritura como un traballo, ao tempo que defende a lectura como unha actividade que estimula a capacidade de concentración. Preguntado sobre as súas preferencias, menciona o escritor Manuel María e a novela *A esmorga*. Apunta como un soño que a xente valore o idioma galego.

**Carreiro, Pepe**, *Os Bolechas, igualiños, igualiñas na Laracha*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN: 978-84-17702-69-4). ■

Relato infantil escrito e ilustrado por Pepe Carreiro (nome artístico de Xosé Carreiro Montero, Vigo, 1954). Os famosos Bolechas, como fan sempre nesta colección subvencionada e dedicada a distintos lugares de Galicia, visitan nesta ocasión A Laracha. Os Bolechas visitan diferentes lugares do termo municipal como a Praza do Concello, o paseo marítimo e o porto de Caión, a área recreativa de Gabenlle, o paseo fluvial do río Anllóns e o centro de interpretación dos muíños de auga da Costa da Morte en Golmar.

Asemade, difunden mensaxes e consellos para tratar sentimentos como a emoción, a resolución de conflitos, as relacións entre iguais e a tolerancia.

### Referencias varias:

- M. Ramos, "Premios, música e contos na festa das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 maio 2019, p. 36.

Entre outras moitas informacións referidas á programación cultural en diferentes vilas da Costa da Morte para celebrar as Letras Galegas, inclúese a presentación, o 19 de maio, de *Os Bolechas, igualando na Laracha*.

\_\_\_\_\_, *Os Bolechas coidan cans e cadelas*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda, col. Os Bolechas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN: 978-84-17702-61-8).

Relato infantil escrito e ilustrado por Pepe Carreiro (nome artístico de Xosé Carreiro Montero, Vigo, 1954). O argumento céntrase en como os veciños dos Bolechas, Roberto, Maruxa, Sabela e Lois acoden á súa casa para que coiden das súas mascotas mentres un vai a un recado, outro á tenda, outro ao cine e outro a un aniversario. O can Chispa enfádase ao recibir ao chihuahua Tabasco, ao sambernardo Olinda, aos bulldogs Plis e Plas e a Salchichona, de maneira que acaban levándoa á casa da veciña Mariña que só ten un hámster chamado Garavanzo até que aprenda a relacionarse cos demais. As ilustracións son de estilo infantil, con formas rodeadas dunha liña negra e cores planas sen intención volumétrica.

\_\_\_\_\_, *Os Bolechas van á Feira do Cocido de Lalín*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda, col. Guías, lectorado autónomo, 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-17702-56-4). ■

Relato infantil escrito e ilustrado por Pepe Carreiro (nome artístico de Xosé Carreiro Montero, Vigo, 1954). Os famosos Bolechas, como fan sempre nesta colección subvencionada e dedicada a distintos lugares de Galicia, visitan nesta ocasión Lalín e a súa Feira do Cocido, convidados polo seu amigo Estevo. Ao longo do seu percorrido coñecen os ingredientes do cocido e espazos emblemáticos da vila como a Casa de Ramón Aller, o monumento ao porco ou o de Joaquín Loriga, o paseo fluvial polo Pontiña, o Pazo de Liñares, a Biblioteca Varela Jácome, entre outros. As ilustracións son de estilo infantil, con formas rodeadas dunha liña negra e cores planas sen intención volumétrica.

### Referencias varias:

- Blanca Paz, "Os Bolechas dedican un dos seus libros á Feira do Cocido e a Lalín", *Diario de Pontevedra*, "Deza/Lalín/Silleda", 31 xaneiro 2019, p. 27.

Con motivo da presentación do libro para fomentar a lectura, sinala que a historia se ambienta nos principais puntos de interese turístico da vila e que ten unha tiraxe de 5.000 exemplares, que se distribuirán por colexios, bibliotecas públicas e centros de toda Galicia.

\_\_\_\_\_, *Os Bolechas van á peixaría*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda, col. Guías, lectorado autónomo, 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-17702-59-5). ■

Relato infantil escrito e ilustrado por Pepe Carreiro (nome artístico de Xosé Carreiro Montero, Vigo, 1954). Os famosos Bolechas, como fan sempre nesta colección subvencionada –neste caso pola Consellería do Mar– e dedicada a distintos lugares de Galicia, visitan nesta ocasión a peixaría da súa amiga Carmiña e aprenden os nomes dos peixes, receitas para cociñalos e a súa importancia dentro da pirámide alimentaria, a cal se explica polo miúdo. As ilustracións son de estilo infantil, con formas rodeadas dunha liña negra e cores planas sen intención volumétrica.

\_\_\_\_\_, *Florentino López Cuevillas*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. As miñas primeiras Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN 978-84-18176-00-5). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega dunha das coleccións da serie protagonizada polos Bolechas a vida de Florentino López Cuevillas (Ourense, 1886-1958). Balbina, a avoa materna dos Bolechas, disfrázase do persoeiro e conta unha historia que escribiu: *Como nasceu a cidade de Ourense*, centrada no nacemento de Ourense arredor dunha poza de auga quente, utilizando fragmentos desa obra, que se transcriben en letra cursiva. Tras a historia introdúcese un parágrafo con información biográfica e mais un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes momentos da historia cos Bolechas como protagonistas.

\_\_\_\_\_, *Francisca Herrera*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. As miñas primeiras Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN 978-84-18176-01-2). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega dunha das coleccións da serie protagonizada polos Bolechas a vida de Francisca Herrera (A Coruña, 1869-1950). Sonia, a penúltima dos irmáns Bolechas, disfrázase desta intelectual, a primeira muller que entrou na Real Academia Galega, e conta unha historia que ela escribiu: *A naipeira*, centrada nunha muller que aprendeu a ser adiviña para gañar cartos e poder alimentar as súas fillas, utilizando fragmentos desa obra, que se transcriben en letra cursiva. Tras a historia introdúcese un parágrafo con información biográfica e mais un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes momentos da historia cos Bolechas como protagonistas.

\_\_\_\_\_, *Lois Pereiro*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. As miñas primeiras Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN 978-84-18176-02-9). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega dunha das coleccións da serie protagonizada polos Bolechas a vida do poeta Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996). Carlos, o máis vello dos irmáns Bolechas, disfrázase de Lois Pereiro poñendo o pelo ao estilo punk e cunhas lentes de sol, e conta unha historia que el escribiu nun guión televisivo intitulado *¿Que é Galicia?*, para o cal utiliza fragmentos desa obra,

que se transcriben en letra cursiva. Tras a historia introdúcese un parágrafo con información biográfica e mais un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes momentos da historia cos Bolechas como protagonistas.

\_\_\_\_\_, *Manuel Leiras Pulpeiro*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. As miñas primeiras Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN 978-84-17702-80-9). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega dunha das coleccións da serie protagonizada polos Bolechas a vida de Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912). Sonia, a penúltima dos irmáns Bolechas, disfrazase do escritor poñendo unha barba branca e recita versos tomados do seu libro *Cantares gallegos* que aparecen en letra cursiva. Tras a historia introdúcese un parágrafo con información biográfica sobre o persoeiro e mais un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes momentos da historia cos Bolechas como protagonistas.

\_\_\_\_\_, *Rafael Dieste*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. As miñas primeiras Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN 978-84-17702-79-3). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega dunha das coleccións da serie protagonizada polos Bolechas a vida de Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981). Braulio, o antepenúltimo dos irmáns Bolechas, disfrazase do escritor ondulando o pelo e conta un conto pertencente a *Nos arquivos do trasno* intitulado «Nova York», a historia dun neno intranquilo que non deixa xogar os demais da que se transcriben frases en letra cursiva. Tras a historia introdúcese un parágrafo con información biográfica sobre o persoeiro e mais un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes momentos da historia cos Bolechas como protagonistas.

\_\_\_\_\_, *Ramón Cabanillas*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, col. As miñas primeiras Letras Galegas, lectorado autónomo, 2019, 19 pp. (ISBN 978-84-17702-78-6). ■

Pepe Carreiro (Vigo, 1954) aborda nesta entrega dunha das coleccións da serie protagonizada polos Bolechas a vida de Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959). Pili disfrazase do escritor poñendo unha boina e recita un poema seu pertencente ao seu libro *Vento mareiro*, centrado na historia dun galo moi abusón, que asoballa as galiñas e os pitos do seu curral do que se transcriben frases en letra cursiva. Tras a historia introdúcese un parágrafo con información biográfica sobre o persoeiro e mais un minidicionario. As ilustracións recrean diferentes momentos da historia cos Bolechas como protagonistas.

**Carreiro Monteiro, Jose**, *Os Bolechas van a Ribeira. A igualdade entre nenos e nenas*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda Ediciones, lectorado autónomo, novembro 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-1770-298-4). ■

Os Bolechas creados por Pepe Carreiro (Vigo, 1954) percorren nesta ocasión as nove parroquias do Concello de Ribeira, pasando por lugares significativos como o parque de Corrubedo, o dolmen de Axeitos, o porto de Palmeira e o miradoiro da Pedra da Ra. A medida que os personaxes visitan o lugar, divulgan mensaxes a prol da igualdade, a liberdade sexual e contra o maltrato e a violencia.

#### **Referencias varias:**

- S. Souto, "Os Bolechas percorren as parroquias ribeirenses nun libro publicado polo CIM", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Barbanza", 8 decembro 2019, p. 36.

Indica que o Concello de Ribeira repartirá este libro por todos os centros educativos do municipio. Di tamén que a publicación se enmarca dentro da programación municipal contra violencia de xénero, para a cal se recibiu unha achega da Xunta de Galicia no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

- Mario Álvarez, "Impulso á igualdade da man dos populares Bolechas", *El Correo Gallego*, "Tendencias", 18 decembro 2019, p. 39.

Fálase da nova campaña de concienciación protagonizada polos Bolechas e presentada en Santiago de Compostela, na que, con material didáctico a empregar tanto na escola como na casa se pretende traballar a igualdade. Sinálase que o acto contou coa participación da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, e a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e que se repartirán un total de 10.000 exemplares, ademais de 30.500 unidades didácticas para traballar nas aulas, 60.500 cadernos de actividades e 10.000 chapas coa imaxe de Os Bolechas pola igualdade cos días internacionais: 8 de marzo e 25 de novembro, un material que pode consultarse no <http://igualdade.xunta.gal/gl/campanas/os-bolechas-pola-igualdade>.

\_\_\_\_\_, *Os Bolechas falan de amor no Grove*, ilustrado polo autor, Santiago de Compostela: Edicións Bolanda, [lectorado autónomo], novembro 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-17702-99-1). ■

Nesta nova entrega dos Bolechas, Pepe Carreiro (Vigo, 1954) leva os seus personaxes ao Grove, onde visitan puntos emblemáticos da vila como a escultura dos mariñeiros, a Aldea dos Grobbit ou ao Museo da Salga, ao tempo que abordan a educación afectivo-sexual, as emocións e o respecto pola diversidade funcional e a orientación sexual. Os Bolechas desmontan a idea de amor romántico e explican que existen diversas tendencias sexuais.

#### **Referencias varias:**

- L. Ferreño, "O Concello reparte 1.000 exemplares de 'Os Bolechas falan de amor no Grove'", *Diario de Arousa*, "O Grove", 19 decembro 2019, p. 13.

Dáse conta da presentación desta entrega dos Bolechas no Grove, editada por iniciativa parte da Concellería de Igualdade, concretamente do Centro de Información á Muller, para abordar dunha forma lúdica e educativa temas de sensibilización e prevención de violencia de xénero. Infórmase de que a obra foi presentada polo concelleiro de Igualdade,

Quito Parada, a psicóloga do CIM, Liliana Barral, e o responsábel de Normalización Lingüística.

**Casalderrey**, Fina, *A furgoneta branca*, ilust. Lucía Cobo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, lectorado autónomo, febreiro 2019, [28] pp. (ISBN: 978-84-9121-465-6).

Álbum ilustrado ambientado nunha aldea á que acotío chega unha furgoneta branca cun home que vai coidar do seu cabalo. Pedro, un rapaz de nove anos, asiste á escena dende a ventá do seu cuarto, até que, de súpeto, esa rutina rompe, despois de que o campanario do lugar repenicase unha tardiña. Cun final aberto á interpretación e sen a mención expresa do que aconteceu, tan só suxerido pola mudanza da frase “Sempre é así” por “Hoxe non é así” e o son das campás, Fina Casalderrey (Xeve, 1951) aborda o tema da perda, o amor polos animais e a ruptura da rutina dun momento para outro. As ilustracións de Lucía Cobo (Lugo, 1982) son figurativas e representan o ambiente da natureza cunha variedade de texturas, formas arredondadas e unha gama de cores suaves, e insisten nas expresións do animal protagonista.

#### **Recensións:**

- María Navarro, “Sempre é así. Querenza polos animais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 702, “Libros”, 28 febreiro 2019, p. VI.

Salienta como Fina Casalderrey plasma o estado de fonda tristura na que cae o rapaz protagonista e como a súa nai o alivia cun fio de esperanza, ademais de poñer de relevo o amor polos animais, unha característica da súa obra, neste caso un cabalo. Das ilustracións de Lucía Cobo destaca os trazos finos, as cores suaves e o xesto amábel dos personaxes.

- Raquel Senra, “Cando o ‘sempre’ se transforma noutra realidade”, *El Correo Gallego*, “*ECG*”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 setembro 2019, p. 6.

Destaca que a historia, aparentemente sinxela, inclúe valores como o respecto cara aos animais e as relacións interxeracionais; que está construída coas palabras xustas e que mergulla o lector nun proceso vital para tratar uns temas ás veces delicados como son a ausencia e o cambio. Repara no tratamento da idea de rutina mediante o tempo futuro nunha parte da trama e no cambio ao presente para plasmar o desacougo, así como no final aberto e suxestivo da historia. Repasa a ampla traxectoria de Fina Casalderrey e ofrece apuntamentos sobre o labor de Lucía Cobo dende 2015, cando comezou a ilustrar obras infantís.

#### **Referencias varias:**

- Belén López, “Tratei de que cada frase puidese conter o mundo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 marzo 2019, p. 9.

Entrevista con Fina Casalderrey con motivo da presentación da obra no Museo de Pontevedra, na compañía da ilustradora Lucía Cobo, o editor Fran Alonso, Fátima Ruibal, a poeta Tamara Andrés e o gaiteiro Óscar Ibáñez. A autora sinala que se trata dunha



historia sinxela na aparencia, na que procurou medir as palabras e plasmar os silencios, captar a visión do mundo dende os ollos dun neno e reflectir o amor polos animais. Con respecto ás ilustracións, declara que se parece un traballo delicioso que axuda a entender as elipses. Pronúnciase tamén sobre o dato recollido no Barómetro de Hábitos de Lectura, no que se indica que existen un 4% de lectores en lingua galega. A este respecto defínese como esperanzada, ao pensar que eses datos non son tan así, que a lectura non é tan fácil de medir, aínda que cando vai aos centros de ensino ben nota que non se fala o galego coa naturalidade de hai anos e que aos rapaces lles custa un esforzo terríbel. Considera que nacer con dous idiomas é unha riqueza inmensa e lamenta que o galego deixase de ser a lingua de moitas casas e que haxa quen pense que falar galego signifique estar en contra do castelán, pois as linguas non se enfrontan: “Son os políticos e somos nós”.

- Belén López, “Nestes tempos tan necesitados de esperanza e de boa literatura está Fina”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 21 marzo 2019, p. 12.

Recóllese que Fina Casalderrey na presentación do libro no Museo de Pontevedra fixo unha defensa da escrita para nenos como un xénero literario de primeiro nivel e reivindicou a importancia da lectura con mediación. Así mesmo, sinálase que o editor Fran Alonso gabou a traxectoria da autora e que no acto participou Fátima Ruibal, exalumna de Fina Casalderrey, a poeta Tamara Andrés e o gaiteiro Óscar Ibáñez.

- María Varela, “Fina e a filla do campaneiro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “A lume maino”, 23 marzo 2019, p. 16.

Dá conta de como transcorreu a presentación de *A furgoneta branca* de Fina Casalderrey no auditorio do Museo de Pontevedra. Sinala que Fátima Ruibal, exalumna da escritora e hoxe tamén mestra, contou que as súas clases eran sempre unha sesión de contacontos, que representaban pezas teatrais e que ela lle amosou o camiño. Infórmase tamén de que antes do acto, a autora gravou co móbil o protagonista do conto.

- S. V., “Os libros fan unha festa na Ferraría”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 xullo 2019, p. 13.

Dá conta dos actos que tiveron lugar na praza da Ferraría de Pontevedra con motivo da Feira do Libro. Así, alude á presenza de Leticia Costas, acompañada polo editor Manuel Bragado para conversar sobre *Infamia*; de Antón Lopo para falar de *Extraordinario*, Premio de Novela Breve Repsol 2018; e doutros como Ana Cabaleiro, Julián Rodríguez, Susana Sánchez Aríns, Diego Giráldez, Antón Cruces, Milagros Bará, Alexandre Vórtice, Emma Pedreira ou Víctor Méndez. Infórmase de que as actividades rematarán coa presentación de *Ratos de viaxe*, de Xosé Manuel González “Oli”; *A furgoneta branca*, de Fina Casalderrey; *Don Ferretín Ferretón e o seu cadelo lambón*, de autora, Cristina Corral Soilán e Aurora Cascudo; e *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto.

**Cea**, Xosé de, *Revolución detrito*, Finalista do XII Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 181, mocidade, abril 2019, 184 pp. (ISBN: 978-84-9121-490-8).

Xosé de Cea (Barcelona, 1970) aborda nesta narración en terceira persoa temáticas como a emigración, a explotación de menores e a ditadura. O relato estrutúrase en vinte

capítulos mais unha “Addenda” e narra a historia dunha familia monoparental, formada polo pai, Dimas, e os seus dous fillos, Ticho, de 11 anos, e Area, de 13, residentes en Favela Torrada, nunha das decenas de chabolas nos arrabaldes da cidade de Nova Ocidia. A illa, que se atopa baixo a ditadura do xeneral Paciano, alcumado o “Napialatón”, está dividida en dous grandes bloques de poboación: o conxunto de favelas situadas ás aforas da cidade, que representan a marxinalidade e a miseria; e a capital da República, que representa a riqueza e o poder, reflectindo dous mundos diametralmente opostos separados por un muro que enfrenta estas dúas realidades. O accidente que sofre o pai na mina, deixándoo eivado, supón un punto de inflexión na vida de Ticho e Area que, a partir dese momento, se converten nos responsábeis de manter a familia. Ticho traballa na mina de carbón doce horas ao día, e Area gaña o sustento no vertedoiro Distrito Detrito. A única maneira que ten Ticho de afastarse por uns intreiros da realidade é a través da lectura, lendo o único libro que ten: un volume de contos fantásticos clásicos. O mundo de fantasía de fadas e meigas resulta un elemento fundamental no desenvolvemento da acción, xa que a través da inocencia dos dous irmáns, e grazas á axuda do trasno Tolambre, que crea un robot, conseguen acabar coa represión e desmantelar o goberno ditatorial de Napialatón. Durante o acto de enalzamento do xeneral prodúcese o magnicidio do ditador e tamén o asasinato do pai dos rapaces, acontecemento denominado a Revolución dos Ferrancheiros, que supón un antes e un despois na historia de Nova Ocidia, pois a partir de entón convértese nun estado democrático.

### **Recensións:**

- Ramón Nicolás, “Nos camiños da distopía, ou non...”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, 10 maio 2019, p. 10.

Percorre a traxectoria de Xosé de Cea, pseudónimo literario de Xosé García Rodríguez, sinalando que, alén de transitar no ámbito da poesía e do ensaio e estrearse na narrativa con *O lume dos soños* (Baía, 2004), baixo o pseudónimo de Cibrán Ulloa, publica agora esta distopía, ou non tanto, que se sitúa no territorio fronteirizo dunha proposta acaída para calquera tipo de lectorado. Da novela destaca a súa arquitectura deseñada de maneira concienciada, o ritmo correcto, os espazos verosímiles e, como alicerce básico, a fe depositada en que sempre se pode modificar as cousas por moi desamparada e dura que poida ser a situación persoal ou a carencia de expectativas. Indica que tal é o caso dos personaxes, situados na periferia da República de Ocidia, gobernada con man de ferro por un ditador execrábel que alenta e promove que Ticho e Area fagan do lixo a única posibilidade para resistir e para sobrevivir.

- Laura Caamaño, “A crúa realidade do vertedoiro Distrito Detrito”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 outubro 2019, p. 40.

Tras mencionar a primeira obra do autor no eido da literatura infantil e xuvenil, *O lume dos soños* (Baía, 2004), sinala que a presente novela foi finalista do Premio Raíña Lupa de 2018. A seguir, resume as principais liñas da trama e conclúe que a historia combina o monólogo interior do protagonista co diálogo entre os personaxes para abordar a emigración, a explotación de menores e a ditadura. Comenta o seu argumento e estrutura e salienta que o mundo de fantasía de fadas e meigas resulta “fundamental no desenvolvemento da acción” para rematar coa situación de represión do goberno ditatorial de Napialatón, que “retrata con humor e enxeño”.

### Referencias varias:

- Natalia Noguero, “Xosé de Cea. ‘O traballo infantil é atroz e cotiá en parte do do mundo’”, *La Voz de Galicia*, “*el comarcal*”, n.º 7, 26 setembro 2019, contracuberta.

Recolle unha entrevista a Xosé de Cea co gallo da publicación da súa última novela, *Revolución detrito*, que xira arredor da denuncia do traballo e a explotación infantil. Pregúntanlle, entre outras cousas, quen ou que o inspirou na creación da obra; que mensaxe pretende trasladar ao lector con ese título; en que xénero literario se sente máis cómodo; ou sobre a súa opinión a respecto da supervivencia da escrita en lingua galega.

**Collazo López**, Iria, *A casa do paralelo 54*, ilustr. Luz Beloso, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 226, serie verde, lectorado mozo, xaneiro 2019, 212 pp. (ISBN: 978-84-9151-299-8).

Primeira achega á literatura infantil de Iria Collazo (Barro, 1981) tras publicar dúas obras na literatura para adultos. Trátase dunha historia fantástica de aventuras que aborda o tema dos medos e a maneira de vencelos e que vai facendo referencia aos lugares por onde van pasando os personaxes utilizando o formato habitual da guía de viaxes. Os protagonistas son unha nena, Gris, tamén a narradora, e un neno, Smith, ambos de once anos e veciños da rúa Ponteflor da pintoresca vila de Veromar. A casa de Gris, construída sobre o paralelo 54, sóltase do fio de prata que a sostén unha noite de treboada e marcha polo ceo cos pais de Gris, namentres esta, subida á súa cama con forma de barco navega con Smith e o seu mapache Morde a través do Pacífico. Xuntos pasan moitos perigos até chegaren a unha illa descoñecida na que vive Ara, un descomunal insecto moi cariñoso e amábel que é gardiá do medo e que lles propón entrar por unha porta tras as que están todos os medos do mundo para amañar o paralelo 54. Nese lugar cruzan un corredor e baixan a un pozo que os conduce ao Polo Norte, onde Gris está a piques de ser devorada por un oso e é salvada polos seus amigos. Ao cabo, o desenlace é feliz, pois os rapaces atopan a casa perdida cos seus pais dentro e tornan a Veromar. Con múltiples acenos á literatura fantástica, en particular aos mundos de Narnia que aparecen ao cruzar unha porta, o libro pon en primeiro termo a imaxinación e a necesidade de aventura. As ilustracións figurativas en escala de grises de Luz Beloso (Monforte de Lemos, 1968), nas que se percibe a influencia do cinema, danlles corpo aos personaxes, retratándoos coas características que os singularizan, e ás principais escenas do relato.

### Recensións:

- Montse Pena Presas, “Volver á emoción da literatura”, *Sermos Galiza*, n.º 336, “*fóradeserie*”, “letras miúdas”, 28 febreiro 2019, p. 7.

Recensiona a obra explicando brevemente o argumento, que da fantasía vai evolucionando cara ao relato de aventuras. Salienta na novela a capacidade de remitir á historia da literatura infantil universal, con pinceladas que lembran a figuras como Pippi Mediaslongas, Peter Pan ou Dorothy, a combinación de voces narrativas e o coidado da edición, onde destacan as numerosas ilustracións de Beloso.

- María Navarro, “Humor e ironía. A xeito dun nobelo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 711, “Libros”, 2 maio 2019, p. VI. / “Humor e ironía”, *La Opinión*, “*Saberes*”, “Literatura gallega”, 11 maio 2019, p. 3.

Compara a obra de Iria Collazo López a un nobelo, ao ser unha novela na que se anticipa o final e logo vai desenvolvendo a aventura levou á protagonista a tal situación. Indica que por momentos lembra ás aventuras de Alicia (Lewis Carroll) e ás ocorrencias do Charlie de Roald Dahl, aderezado todo coa característica retranca galega.

### Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Iria Collazo López. ‘Intento procurar cada vez maior sinxeleza e eficacia nas palabras’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707, “Entrevista”, 4 abril 2019, p. V.

Entrevista a Iria Collazo López na que responde a preguntas relacionadas co seu salto da narrativa para adultos á narrativa infantil, sobre a voz narradora desta última obra, sobre as ilustracións e sobre a literatura que a marcou a ela na infancia.

- Belén López, “Leticia Costas e Pedro Feijóo celebrarán o 17 de maio en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 11 maio 2019, p. 50.

Informa da celebración do 17 maio en Pontevedra, na que os libeiros sairán á rúa. Varios autores acudirán a presentar os sas súas obras e a manter encontros co público. Entre eles están Leticia Costas, autora de *Infamia*; Aranza Portabales, autora de *Beleza vermella*; Pedro Feijoo, que vén de lanzar a undécima reedición de *Os fillos do mar* e segue a triunfar cos seus últimos títulos *Camiñar o Vigo vello* e *Sen piedade*. Tamén estará presente Iria Collazo, que vén de publicar *A casa do paralelo 54*.

- Ramón Rozas, “Libros á rúa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “Saga/fuga”, 23 maio 2019, p. 25.

Informa sobre a iniciativa do Concello de Pontevedra en colaboración con librarías da vila chamada “Os libros galegos saen á rúa”. A xornada contará coa asistencia de Leticia Costas, Aranza Portabales, Pedro Feijoo e Iria Collazo. Esta iniciativa nace no seo da celebración Día das Letras Galegas.

**Costas**, Leticia, *Conexión Macarrón*, ilust. Laura Suárez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 285, lectorado autónomo, outubro 2019, 40 pp. (ISBN: 978-84-9121-588-2).

Relato de breve extensión na que Leticia Costas (Vigo, 1979) recorre á visión e á fantasía infantís e ao humor para desenvolver unha anécdota de final aberto e defender a imaxinación e a busca de aventuras en calquera contexto. Espe conta o que lles aconteceu a ela e mais ao seu amigo Rino un día de chuvia que os pillou sen paraugas, agardando a que parase de chover no parque, debaixo dun tobogán. O seu veciño do noveno andar, un señor de aspecto fúnebre, con roupa, chapeu e paraugas negros, chamado Expósito, preguntoulles se querían que os acompañase á casa. De camiño, Espe repara en que o sombreiro lle dá voltas na cabeza e en que os seus ollos brillan cunha potente luz branca,

e as súas sospeitas de que se trata dun extraterrestre confirmanse cando o home confesa de pasada que ten antenas. Para demostrarlle a súa hospitalidade, a Espe e a Rina ocórreselles un plan macarrónico: entregarlle un escorredoiro que lle sirva de sombreiro e unhas espumadeiras para os máis pequenos da súa terra. O corpus de ilustracións de Laura Suárez (Dumbría, 1994) que acompaña o texto caracterízase pola súa expresividade, pois, ademais de trasladar ás imaxes as pinceladas humorísticas, verte nelas a perspectiva infantil.

### Recensións:

- María Navarro, “Coa maxia das verbas. Na realidade máis próxima”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 729, “Libros”, 24 outubro 2019, p. VI.

Explica o argumento do libro, con Espe e Rino como protagonistas desta historia curta, concentrada e chea de imaxinación. Salienta que consegue captar a atención do lector e que coas que reflexións que introduce engade un certo misterio de cara a chegada dunha enigmática carta. Destaca a facilidade de xogar coa asociación de ideas e coa maxia das verbas da autora.

### Referencias varias:

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Entre as propostas literarias para o Nadal pertencentes á literatura galega, figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de Maria Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Esmorís**, Érica, *Quen salva un can*, ilustr. Iria Fafián, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 282, lectorado mozo, maio 2029, 208 pp. (ISBN: 978-84-9121-528-8).

Erica Esmorís (A Coruña, 1977) aborda nesta historia o amor polos cans a través da historia dun preadolescente de once anos sumido nun proceso de rebeldía tras se ver obrigado a cambiar a casa da vila e a súa cabana no bosque por unha urbanización na cidade e deixar atrás e os seus amigos. A enfermidade da súa vella cadela Noa e o seu desexo de curala leva a Rai a fuxir da casa e a vivir unha fantástica aventura ao descubrir os cans faladores Brutus Máximus, Matateu von der Lempertaler, Sete e Garlapata, e tamén a gata Laika, voluntarios da Asociación de Amigos dos Humanos, cos que buscará o óso da inmortalidade que salvará a súa mascota. Canda eles dirixírase á Terra dos Cans

Falantes, onde se refuxian os cans aos que ninguén quere, e na Torre das Historias, o escribán Códex o Serio traza un mapa que conduce o óso. A banda, tras pasar polas Montañas Xemelgas, o Bosque Escuro e o Río Inquieto e superar moitos perigos, consegue o desexado obxecto. Asemade, de camiño, Rai vai lendo nuns volumes que lle entregou Códex as arrepiantes historias de abandono e falta de cariño de cada un dos animais que o acompañan na aventura. Ao cabo, cando Rai esperta na súa casa, debe enfrontarse á ausencia de Nona, pero recuperará o acougo grazas á súa familia e á adopción doutro can na protectora de animais. Iria Fafián (Sitges, 1988) recrea nas ilustracións algunhas das escenas do relato utilizando tonalidades verdes e pardas de camuflaxe.

### Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Érica Esmorís. ‘O conflito é necesario na literatura e na vida’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Entrevista”, 9 agosto 2019, p. 3.

Entrevista con Érica Esmorís na que revela que esta aventura naceu dun instante na praia de Acoradoiro que compartiu coa súa cadela Lola, a pesar de recoñecer que non se parece en nada a Rai, o protagonista da historia. Sinala que pretendeu poñer de relevo a importancia dos animais nas nosas vidas e que ten previsto visitar protectoras nas catro provincias galegas para poder atopar nelas os cans que aparecen na novela: Brutus Máximus, Matateu von der Lempertaler, Sete, Garlapata e tamén a gata Laika, animais que precisen unha segunda oportunidade.

**Estévez, Xavier**, *Aqueles momentos que perdemos*, Santiago de Compostela: Santillana Infantil y Juvenil – Edicións Obradoiro, col. Oqueleo, serie vermella, mocidade, setembro 2019, 242 pp. (ISBN: 978-84-16834-16-7).

Xavier Estévez (Bruxelas, 1969) é o autor desta distopía ambientada en Galicia na que retrata a sociedade galega logo de que os seres humanos de todo o mundo se visen afectados pola perda da memoria e comezasen a lanzarse ao mar. Estruturada en 27 capítulos máis un epílogo, o discurso alterna as voces narrativas en primeira persoa de Ela e Gabriel, unha moza e un mozo que intentan sobrevivir á extinción nese mundo sen memoria. Ademais, a voz de Ela desdóbrase coa aparición da “vociña”, recoñecíbel na tipografía cursiva, unha especie de conciencia que a axuda a completar o pasado e a empurra a actuar en momentos críticos. Ela e Gabriel vagan dun lugar a outro, con medo dos seres humanos cos que baten, pois perdura a maldade. Ela non sabe quen é, cantos anos ten, de onde vén... Na mochila leva un caderno que podería conter a clave da súa identidade, pero élle imposíbel sabelo pois non lembra como se le; nel hai tamén un mapa co traxecto marcado cara a unha torre, o cal se converte no seu obxectivo. De xeito casual atopa unha nena soa chamada Sara á que non lle afectou o mal e xuntas continúan o camiño. Un día coñecen un mozo chamado Nico que as salva de ser atacadas, pero agocha malas intencións, deixa ferida a moza e rapta a nena. Malia as dificultades, Ela mátao e perde o coñecemento. Cando esperta, está nunha casa recibindo os coidados de Miguel, un enxeñeiro maior que non sofre o mal do esquecemento. Ela decide seguir a súa viaxe e deixar a Sara con el para que lle aprenda todo o que ela esqueceu. Mais a cativa cae tamén no Esquecemento e Ela marcha cara ao mar, sentíndose totalmente derrotada. Nun tempo anterior, Gabriel, estudante de Filosofía, relata os inicios do Esquecemento e como desaparece a súa familia. Comeza a escribir nun caderno a súa nova vida, pero acaba

coma o resto da xente. A novela incide na importancia da memoria e nas consecuencias da súa perda, ademais de abordar temas como o valor do diñeiro, a deriva da sociedade de consumo, o mercantilismo, a natureza das relacións humanas e os sentimentos e a violencia contra as mulleres.

### Referencias varias:

- Selina Otero, “Xavier Estévez. ‘Poucas cousas dan máis medo que perder a memoria’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 399, “Lecturas emocionantes”, 22 outubro 2019, p. 7.

Entrevista con Xavier Estévez con motivo da publicación da novela *Aqueles momentos que perdemos* na que expresa que unha das súas intencións ao escribila foi provocar no lector adolescente unha reflexión sobre as cousas realmente importantes e tamén sobre o que quedará ao final da vida: os anos vividos, as xentes que coñecemos, as experiencias que acumulamos. Considera que vivimos nunha sociedade cada vez máis comunicada, mais, no entanto, a soidade medra como unha epidemia difícil de controlar, de aí que tratase de pensar sobre isto a través dun relato fantástico. Indica que esta novela ten un pouso máis poética e filosófico ca outras obras súas, co propósito de facer algo distinto do tipo de libros para adolescentes que se fan en Galicia. Apunta que na súa creación están presentes afirmacións como a do poeta John Donne: “Ninguén é unha illa, completa en si mesma; cada home é un anaco de continente, unha parte da terra”, ou lecturas como *The road*, de Cormac McCarthy.

\_\_\_\_\_, *Os camiños do vento*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 287, lectorado mozo, novembro 2019, 210 pp. (ISBN: 978-84-9121-609-4).

Novela de Xavier Estévez (Bruxelas, 1969) que recupera os personaxes de *Avións de papel* (2017), Lucas e Sara, dous amigos de doce anos que se fixéron grandes amigos e se axudaron mutuamente, pois a rapaza non saía da casa ao se ver obrigada a ir en cadeira de rodas, e Lucas tiña problemas na escola. As súas voces en primeira persoa (a través do diario da rapaza e do relato de Lucas) aquéndanse nesta ocasión para contar como se enfrontan ao paso á ESO, con dúbidas e medos, sobre todo Lucas, quen teme a chegada da adolescencia e bota en falla a súa profesora Lara, morta por accidente na entrega anterior. Estas pequenas traxedias persoais dos rapaces esmorecen cando, nun dos seus paseos polo peirao da vila, descubren a rapaza que leva días roubándolle a cesta de peixe ao ancián Manuel. Cando ao cabo a coñecen, Aisha cóntalles que rouba para sobrevivir e saben así que, canda o seu irmán Yaram fuxiu da guerra de Siria tras perderen os pais e como, logo dunha perigosa e longa viaxe, chegou a Galicia na busca dunha vida mellor, aínda que viven nun cantil. Lucas e Sara deciden axudalos, para o cal deberán sortear as múltiples dificultades institucionais e conseguir regularizar a situación dos seus amigos. Ao cabo, os rapaces acaban sendo acollidos por Manuel. Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, 1953) decora algunhas páxinas con pequenos detalles a lapis e ilustracións a toda páxina en cores suaves que recrean imaxes de estilo surrealista para reflectir as ansias e o mundo interior dos protagonistas.

**Evan Freijedo**, Alba de e Javier **Domínguez Pérez**, *Onde está Lusco?*, ilust. dos autores, Ourense: Linteo, col. Naturizo, n.º 7, prelectorado e lectorado autónomo, 2019, [30] pp. (ISBN: 978-84-120058-2-0).

Nova entrega desta serie de contos de temática medioambiental, protagonizada polo ourizo cacho Naturizo e ambientada na Serra de San Mamede, creada por Alba de Evan Freijedo (Vigo, 1987) e Javier Domínguez Pérez (Vilar de Barrio, 1984). Nesta ocasión, o conto aborda a chegada da primavera e o nacemento da nova vida. Lúa sae xogar cos seus cinco lobetos: a tímida Maia; o curioso Terrón; os rebuldeiros Bala e Candea; e o arrichado Lusco. É precisamente este o que desaparece, e Lúa atópao coa raposa Amelia. As ilustracións consisten en fotografías orixinais editadas sobre as que superpoñen os debuxos dos personaxes, que presentan trazos moi sinxelos. O volume inclúe un caderno con actividades para traballar valores como a amizade, a axuda aos demais e o coidado da Natureza e os animais; e mais a letra da canción de Naturizo que se pode escoitar en Youtube.

### Referencias varias:

- Paula Palomares, “Javier Domínguez Pérez. ‘La serra de san Mamede es la gran desconocida en Ourense’”, *La Región*, “A Limia”, 29 setembro 2019, p. 34.

Con motivo da sétima entrega *Onde está Lusco?*, protagonizada por Naturizo, un ourizo da Serra de San Mamede, o autor fala de como xurdiu a posibilidade de publicar esta colección, do protagonista, da función educativa, da escolla xeográfica da Serra de San Mamede como ambientación para poñela en valor e dos valores de amizade, compañeirismo e respecto polo medio que quere transmitir.

**Fariña**, Anxo, *Os ecos do lume*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 279, lectorado mozo, abril 2019, 136 pp. (ISBN: 978-84912-15-03-5).

Noa, unha nena de 12 anos á que só lle interesan as redes sociais e sacar fotos co móbil, vai pasar a fin de semana á aldea, á casa da avoa, pero un grande incendio no camiño fai que teña que quedar co seu irmán Antón mentres os seus pais marchan por unha pista a salvar a anciá. Cando Antón desaparece de súpeto, Noa emprende a aventura de ilo buscar, para o cal debe internarse no mundo que existe por debaixo da terra a través dunha mámoa. No mundo introterrestre, ao que chega tras escorregar por unha sorte de tobogán, descobre unha nova realidade habitada por criaturas máxicas como o unicornario e o corremontes, o clorifante Wix e o ourizo Ouri, que a axudarán na procura do seu irmán, aínda que tamén terá que enfrontarse a hocipontes como Glimbo e a raíña, e ao Gardián da luz ancestral, un grande oso que pretende sacrificar a Antón para conseguir a enerxía que alimente a vida no mundo e acadar o equilibrio roto pola codicia dos humanos. Ao cabo, Noa resolve o misterio dos ecos do lume grazas ao que lle aprendeu a súa avoa sobre as árbores e un vello teixo. Cunha narración en terceira persoa, Anxo Fariña (Vigo, 1977) aborda nesta historia de aventuras temáticas como a necesidade de coidar do medio natural e protexelo dos danos que provocan os seres humanos. As ilustracións complementan a narración textual e axudan a comprendela mellor. Son debuxos con tintas planas ou texturas xeradas por ordenador e figuras definidas por unha liña fina.

### Recensións:



- María Navarro, “Seres do Introterrestre. Para crearmos un mundo mellor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 719 “Libros”, 27 xuño 2019, p. VI.

Explica o argumento e indica que asemella a un videoxogo no que a protagonista debe pasar varias fases para acadar o obxectivo final. Salienta que é unha obra que irrompe no panorama literario galego para que o lectorado lle poña rostro á fantasía, se deleite con personaxes imaxinarios e reflexione sobre o que sucede na superficie e no que está máis aló dela.

**Figueiras**, Celtia, *O Apalpador e a nena sen medo*, ilust. Sonia García, Brión: Guindastre Edicións, col. A xanela do Maxín, lectorado autónomo, outubro 2019, 36 pp. (ISBN: 978-84-09-15508-8).

Conto de finalidade didáctica e a prol do emprego da lingua galega entre os máis pequenos e do coñecemento das tradicións identitarias, baseado nun poema de Séchu Sende (Padrón, 1972) que se reproduce ao final do volume, editado coa colaboración da escola Semente de Compostela, á que vai destinado o 10 % do recadado coa venda do libro. Celtia Figueiras recorre a unha instancia omnisciente, á alternancia entre galego e castelán como forma de caracterizar os personaxes e ao uso discordante dos tempos verbais (que mudan do pasado ao presente) para relatar como a Nena sen medo, que vive na cidade e non fala galego, lle escribe ao Apalpador, o ser que percorre Galicia enteira a noite do Nadal repartindo xoguetes, castañas e outros presentes, para lle pedir palabras que lle permitan falar sen medo. Coa axuda do paxaro Chío, que leva a carta ao Courel no seu peteiro, e de Xabi, Lea e Antón, tres nenos que viven na aldea, e outros veciños, a Nena recibe o seu agasallo. As ilustracións de Sonia García (Ribeira, 1986) son fotografías que combinan escenarios reais con siluetas dos personaxes en cartón.

\_\_\_\_\_, *A banda dos insectos. Pasando a bóla*, ilust. Iago Araujo, Brión: Guindastre Edicións, lectorado autónomo, outubro 2019, 83 pp. (ISBN: 978-84-09-15247-6).

Relato estruturado en catorce capítulos no que se relata como o club de Baloncesto da Carrasquiña non pasa polo seu mellor momento. Os adolescentes Fiz, o snob; Sabela, a doce; Xiana, a valente; Duarte, o chapón; Antón, o transexual; Baia, a amiga leal; Eloí, o tolo dos videoxogos; e Vane, a amante das pelexas perden todos os partidos e a piques están de tirar a toalla. Pero entón aparece un novo e curioso adestrador, un insecto, que lles pon música para que aprendan a xogar ben e que os converterá na Banda dos Insectos. A través de cancións de rock apréndelles valores para ser un verdadeiro equipo: compañeirismo, respecto, igualdade, solidariedade, integración... O relato, escrito por Celtia Figueiras vai acompañado das ilustracións en branco e negro de Iago Araujo, que recorre á estética da banda deseñada. As cancións poden descargarse na páxina web da editorial.

**Gallego Abad**, Elena, *Dragal V. O segredo do dragón*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 184, mocidade, xuño 2019, 400 pp. (ISBN: 978-84-9121-540-0).

Nova entrega da serie de temática fantástica creada por Elena Gallego Abad (Teruel, 1969), que arrincou con *A herdanza do dragón* (2010) e continuou con *A metamorfose do dragón* (2011), *A fraternidade do dragón* (2012) e *A estirpe do dragón* (2015). A serie recorre a trazos da denominada novela de aprendizaxe ou de formación que mestura co suspense, as aventuras, o misterio, a fantasía e mesmo trazos propios do xénero policial ou de detectives, ademais de recrear problemáticas moi de actualidade, coas que os potenciais destinatarios se poden sentir identificados, como os conflitos interxeracionais, as novas tecnoloxías, o acoso escolar, os embarazos non desexados... Cun ritmo trepidante, a serie incorpora lendas galegas e celtas, mitoloxía universal, maxia, intriga, alquimia, unha profecía milenaria recollida no *Codex Dragalianus* que anuncia a reencarnación do último dragón galego, que recuperará o seu vello poder e liberará as forzas telúricas. Nesta aventura, cóntase como os mozos integrantes da Fraternidade do Dragón, Hadrián Castro e Brais Pereira, agora dotados da capacidade de mutación en dragóns, adestran para controlar os poderes dos que dispoñen na súa condición de mutantes, tratando de esquivar o control do resto da sociedade e dos supostos inimigos, o crego don Miguel e Mateo Escolante, mestre restaurador da igrexa de San Pedro. Con tal fin, o cabaleiro alquimista, o garda civil Cortiñas, ensaia a fórmula para protexer a estirpe, namentres as mulleres da Fraternidade (Iria Fariñas e Carme, a nai de Hadrián) tentan axudar a tamén mutante adolescente Mónica, embarazada de Hadrián e cuxa criatura podería ser o dragón que anuncia a profecía. A trama céntrase tamén no problema que sofre Mónica Barxas, vítima de acoso por parte das súas compañeiras de instituto. Coma as anteriores novelas, a historia, relatada en terceira persoa e cun protagonismo coral, estrutúrase en sesenta e cinco capítulos curtos e titulados con finais abertos, igual ca o desenlace da novela, para incitar o lector a continuar lendo.

### Referencias varias:

- Sara Vila, “Elena Gallego Abad. ‘Dragal sérveme para explicarlles aos lectores a cultura galega’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 2 xullo 2019, p. 12.

Entrevista na que a autora explica que esta quinta novela da saga de dragóns xurdiu a partir dunha discusión co seu fillo, debido a que a el lle gustaban moito os libros de dragóns. Comenta que atopou certas similitudes entre os dragóns e os galegos e por iso reivindicou a figura destes seres na cultura popular galega. Por outro lado, salienta a complexidade de escribir sobre unha ficción tan esixente como é o mundo dos dragóns e indica que busca demostrarse a ela mesma que pode escribir sobre outros asuntos.

- Lourdes Varela, “Elena Gallego Abad. ‘Gústanme as historias intensas, con personaxes imprevisibles’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 722, “Entrevista”, 18 xullo 2019, p. V.

Elena Gallego declárase nesta entrevista satisfeita coa acollida da súa serie *Dragal* e sitúaa no eido da literatura fantástica, ao seu ver apenas inexistente en galego cando comezou a escribir sobre un dragón autóctono. Apunta que a quinta entrega que acaba de publicarse pode lerse de xeito independente e que nela trata de responder cuestións que afectan á trama xeral, coma tal, a supervivencia dos dragalianos na sociedade actual do século XXI, coa ciencia e a tecnoloxía. Conclúe confiando en que nun futuro a serie conte cunha adaptación cinematográfica e desexando que esta lectura sexa suxestiva para a mocidade.

- Clara Aldán, “Regalos con papel de Diario”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y ademais”, “A praza da verdura”, 8 decembro 2019, p. 15.

Entre outras novas de sociedade relacionadas co Nadal, dá conta da celebración dunha charla no espazo Nemonon, o 13 de decembro, entre a escritora Elena Gallego e o profesor Anxo González arredor de *Dragal V. O segredo do dragón*.

- Cuca M. Gómez, “¡Cómo me gustan los diplomas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”; “Literatura”, 14 decembro 2019, pp. 66-67.

Entre outras actividades, informa da presentación desta novela no Espazo Nemonon.

**García Porral**, Xoán Carlos, *As tres mouras da Fonte Lantana*, ilust. Gabriel Iglesias, A Estrada: Fervenza Edicións, lectorado autónomo, outubro 2019, 47 pp. (ISBN: 978-84-17094-77-5). ■

Xoán Carlos García Porral (Cotarelo, 1974) é o responsábel da adaptación aos códigos dun conto infantil da lenda de tradición popular protagonizada por tres mouras ambientada na fonte Lantana, a cal, segundo se indica nos créditos, foi tomada dun traballo inédito de Xulio Carballo Arceo (Silleda, 1955). O volume recolle a modo de relato máis ou menos fiado diferentes anécdotas da veciñanza relacionadas coa existencia e os prodixios levados a cabo pola moura Xiana, que engaiolaba os homes a carón da fonte Santa de Piñeiro e sobre a que existía o rumor de que se transformaba en serpe e invitaba a quen se achegase a desencantala con tres bicos; e as súas irmás Silvana, posuidora dunha extraordinaria forza, e Aureana, vendedora de obxectos que se converten en ouro. O volume contén nas páxinas finais información sobre as características e atributos das mouras, as datas e hábitats nos que poden verse, as distintas aparencias que adoptan e un mapa da bisbarra do Deza cos lugares mencionados. As ilustracións de Gabriel Iglesias (Pontevedra, 1979), realizadas con técnicas infográficas, contribúen a facer accesíbel o texto para os máis pequenos mediante a utilización de cores vivas, a representación de animais, paisaxes e personaxes.

#### Referencias varias:

- Melissa Gómez, “Un libro infantil inmortaliza la leyenda de las ‘mouras’ en la comarca dezana”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, 24 novembro 2019, p. 22.

Anuncia a presentación desta obra que enxalza o labor de divulgación das lendas da tradición oral galega e a importancia de mantelas vivas. Tamén apunta a importancia das ilustracións.

**González Costa**, Teresa, *A nena, o monstro e o mar*, ilust. Martín Romero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 73, lectorado autónomo, xuño 2019, 144 pp. (ISBN: 978-84-9121-543-1).

Teresa González Costa (O Grove, 1975) retoma o personaxe da contadora de contos Leopolda Diéguez, que apareceu por vez primeira en 2017 en *Fred Quincalla, o nómade do mar*, unha contadora de historias, viaxeira e con habelencias máxicas. Neste caso, o

seu compañeiro Gran Gogol escoita a historia do que lle sucedeu á nena que quería chegar ao mar namentres está pechado na Torre dos Aristocráticos e Espantosos Castigos, onde o encerrou a duquesa. A partir deste relato marco que abre e pecha o volume, desenvólvese unha aventura ateigada de perigos na que a protagonista teimará en chegar ao mar, grazas ao barco que lle constrúe o seu avó carpinteiro, onda un temíbel monstro construíu un muro. Ao tempo, saberá que lles aconteceu aos seus pais, levados anos atrás por este mesmo soño, e como o monstro esixe a entrega dunha vida a cambio de traspasar o muro, un prezo que paga o avó, convertido en paxaro. Con recursos da tradición oral, a autora afonda na compoñente fantástica e máxica e argalla unha alegoría sobre a degradación do medio e os intereses capitalistas da sociedade humana. As ilustracións de Martín Romero (A Coruña, 1981) semellan inspiradas no mundo da animación e o cómic e completan a narración textual.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Con carga simbólica. Unha fluída narración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”; n.º 723, “Libros”, 12 setembro 2019, p. VI.

Reivindica que se trata dun texto cargado de simboloxía que, en clave de metáfora, desenvolve unha fluída narración. Salienta a amabilidade do relato da man dos personaxes, dos sucesos, da plasticidade das imaxes e das asociacións entre realidade e fantasía.

**Gulín Rodríguez**, María José, *O zapateiro e a pompa de xabón*, ilustr. Antía Barba Mariño, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, prelectorado e lectorado autónomo, 2019, [28] pp. (ISBN: 978-84-17702-77-3).

Conto fantástico-realista escrito por María José Gulín e ilustrado por Antía Barba (Santiago de Compostela), que presenta unha nova aventura de Xermán, que xa aparecera nos volumes *O zapateiro no bosque* (2015) e *O zapateiro e o raposo* (2016). O protagonista, Xermán, cuxo avó é zapateiro, recibe a súa familia de Londres con motivo das festas de verán na súa vila, Aloia. Na compañía dos seus curmáns de Londres, Antón e Noa, e dos seus amigos da vila, Andrés e Sabela, Xermán merca nunha das casetas un aparello para facer pompas de xabón e acaba metido dentro dunha xigante e voando polo aire. Ademais de contemplar a paisaxe dende as alturas, o rapaz chega até as nubes e fala cos paxaros que se dirixen ao norte para gozar do verán e que lle falan de lugares moi arredados. A cegoña cóntalle cousas de Samba, un neno de Kenya que de maior quere ser médico, aínda que para iso deberá xuntar moitos cartos. Ao cabo, Xermán esperta arrodado dos seus amigos porque quedou durmido nun prado. As ilustracións caracterízanse polo dinamismo no trazo e a expresividade no deseño dos personaxes. Os animais representados preséntanse con formas gráciles e trazos simples. O volume presenta algúns erros gramaticais.

**Landesa**, Daniel, *Penumbra*, Vigo: Xerais, col. Fóra de Xogo, n.º 183, mocidade e lectorado adulto, xuño 2019, 152 pp. (ISBN: 978-84-9121-539-4).

Novela de Daniel Landesa (Vigo, 1976), con reminiscencias do xénero da distopía, da fantasía épica e do terror cósmico, que foi finalista do II Premio Antón Risco de Literatura

Fantástica. A narración ambiéntase nun mundo imaxinario composto polo territorio de Penumbra, separado polo muro de entullo da denominada Terra de Sol, que se divide en cinco rexións: Desértica, Montaña de Xeo, Cavernas de Sombra, Terra de Sur e Illa Dourada. A novela presenta en terceira persoa a historia de Ashlyn, unha meniña orfa cunha extraordinaria capacidade para soñar, que, tras decatarse da ausencia da súa irmá maior Bryn, unha das vixías do muro de entullo, inicia unha viaxe para atopala. Tras procurar a axuda dos gobernantes de Sol, Ashlyn mergúllase, na compañía de tres cativos oriúndos das outras rexións, nunha aventura que a levará a percorrer Desértica até a fronteira con Penumbra. O aviador Corwin, a telépata Pluma e o escavador de túneles Bow enfrontaranse ao mal procedente de Penumbra que retén a Bryn e ameaza a integridade do muro de entullo. Na súa viaxe deberán superar os perigos que agocha a natureza árida e abrasadora da terra de Ashlyn, como as arácnulas ou a criatura de alén muro, escura e tentacular, devoradora de vidas e vontades, que persegue os protagonistas. Do mesmo xeito, deberán reparar a fenda na barreira que gorece Sol destes seres. A novela estrutúrase en doce capítulos e remata cun epílogo que deixa o final aberto á continuación da aventura.

### **Recensións:**

- Mario Regueira, “A ameaza da escuridade”, *Sermos Galiza*, n.º 357, *fóradeserie*, “ao pé da letra”, 1 agosto 2019, p. 6.

Coméntase o primeiro libro do autor encadrado na literatura xuvenil, aínda que apunta que, de temática fantástica, tamén pode ser desfrutado polo público adulto. Describe o argumento e salienta que o autor destaca pola súa orixinalidade e polo ton poético que emprega. Sobre o final da obra, aclara que é pouco conclusivo e que deixa con ganas de máis.

**López**, Enrique, *Hércules e o xigante. Unha torre de lenda*, ilust. do autor, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado autónomo, 2019, [32] pp. (ISBN: 978-84-120336-6-3).

Conto escrito e ilustrado por Enrique López (A Coruña) que presenta unha rescritura da lenda da construción, hai máis de 2000 anos, da Torre de Hércules, o faro máis antigo do mundo aínda en funcionamento e Patrimonio da Humanidade, eliminando calquera episodio violento e apostando pola colaboración e o diálogo para solucionar conflitos. O guerreiro Hércules, mentres pasa as vacacións en Gallaecia gozando dun merecido descanso logo de completar os doce traballos que lle encargara o rei de Micenas, proponlle ao xigante Xerión que deixe de asustar e esmagar a xente de Brigantium e sente na costa a contemplar o mar e a paisaxe. Para que Xerión estea entretido, fai vir a Crunia, unha cantareira nova, para que acompañe cos seus cantos o son do ir e vir das ondas do mar, e encárgalle ao arquitecto Caio Servio Lupo un faro que lles sirva de guía ás embarcacións para que non tropecen coas dedas do xigante. As ilustracións que acompañan a trama están realizadas con lapis de cores, con texturas e cores cálidas, e retratan as paisaxes coruñesas e os protagonistas do relato.

**Maceda**, Beatriz, *Ardora*, II Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil ilustr. Laura Veleiro, Santiago de Compostela: Urco Editora, lectorado mozo, 2019, 131 pp. (ISBN: 978-84-949456-0-1).

Beatriz Maceda (A Coruña, 1963) mereceu con esta obra de espírito ecoloxista o II Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil organizado polo Concello de Pontevedra e Urco Editora. Cando as nais de Nereida, a protagonista, marchan de xira, ela e mais os seus irmáns Andón, Magana e Kuru quedan ao cargo da súa tía Lola, sen saberen que ese verán terán unha vivencia que marcará as súas vidas para sempre e que lles aprenderá a importancia de coidar dos mares e as criaturas que neles habitan. Tras un desafortunado achado nunha praia da Costa da Morte relacionado coas baleas, os rapaces vivirán un verán diferente. Cos códigos da novela de aprendizaxe e un discurso reflexivo, a historia afonda na realidade dos océanos, as especies que viven nela e dela e a necesidade de respectalas. Así mesmo, introdúcense temáticas relacionadas con realidades familiares diferentes ás convencionais, co respecto á diversidade de calquera tipo, coa importancia da lectura na formación persoal e co uso responsábel das novas tecnoloxías. O libro conta con ilustracións de Laura Veleiro (Xixón, 1970).

#### **Referencias varias:**

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa das presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

\_\_\_\_\_, *Lúa en Ningures*, ilustr. Laura Veleiro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 276, lectorado autónomo, 2019, 126 pp. (ISBN: 978-84-9121-463-2).

Beatriz Maceda (A Coruña, 1963) ofrece unha narración centrada na vida das persoas refuxiadas en tempo de guerra nos campos de acollida ambientada na actualidade, sen detallar o lugar concreto no que se desenvolve a acción, co obxecto de afondar no desarraigamento e a precariedade destas persoas, gran parte delas nenos e nenas. Lúa, a rapaza narradora, ve como o seu mundo cotián se esvaece e debe deixar atrás o avó cando foxe cos seus pais da guerra. Na fuxida, só pode levar tres cousas: a súa caixa de pintura, unha edición de *O principião* e o paquete que lle entrega o avó. Desconcertada, repara no contraste da súa vida anterior coa presente, nas dificultades de facer novas amizades e dá conta das mortes que a arrodean no campo e no seu país de orixe. A esperanza tan só agroma en Ningures, o nome co que Lúa designa o campo, na edición de libros rudimentarios canda as súas amigas que poñen a disposición dos demais rapaces, no recordo dos fragmentos aprendidos de memoria de *O principião*, e no concurso de graffiti que se organiza. As ilustracións de fondos xeométricos de Laura Veleiro (Xixón, 1970) proporcionan a atmosfera visual dese tráxico ambiente, homenaxeando as novas expresións das artes urbanas.

#### **Referencias varias:**

- Beatriz Maceda Abeleira, "O poder da imaxinación", *Sermos Galiza*, n.º 345, "fóradeserie", "novidade", 9 maio 2019, p. 7.

Reflexiona sobre a necesidade de cambio na educación e o cumprimento dos Dez Dereitos da Infancia, e en concreto, sobre o dereito que teñen as crianzas de ser criadas inculcándolles un pensar baseado na comprensión e a irmandade entre pobos distintos. Logo apunta que a LIX axuda a levar a cabo este cometido, que esta obra está feita co corazón e que conta a historia de Lúa, unha nena refuxiada que se amparará na súa creatividade e na súa imaxinación para poder superar unha situación cruenta e ateigada de dor, acompañada de Imán, Biljana e Jihan, que se servirán dos libros como acto de rebelión para afrontar o momento que lles tocou vivir.

**Maceiras, Andrea**, *Conta nove estrelas*, Premio Lazarillo 2018, ilustr. Paula Mayor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 281, lectorado mozo, maio 2019, 168 pp. (ISBN: 978-84-9121-527-1).

Novela de ciencia ficción de Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) que se desenvolve nun ambiente galáctico, no marco dunha sociedade hipercomunicada e tecnolóxica, e retrata a diferenza, representada na figura dunha rapaza cuxo aspecto e capacidades fan que se sinta soa, monstruosa e mesmo diferente á súa familia e aos habitantes do seu planeta; e dun bobó, un animal perseguido e teoricamente destrutivo. O relato integra tamén elementos das novelas de iniciación, nas que a viaxe implica aprendizaxe e superación. Quepi e Udai son dous irmáns que viven co seu avó Acasi no planeta Dot, pertencente á Galaxia Oma. Quepi sempre foi unha rapaza singular polo seu cabelo turquesa coma as rusgalias, as súas dificultades para falar e a súa estraña capacidade para conectar coa natureza, polo cal o avó tratou de protexela inculcándolle as Tres Normas Inquebrantables: ser invisíbel, permanecer en silencio e agardar a que caia o tenue Sol de Sibi. Quepi transgride esas normas cando atopa un bobó, unha tenra criatura de pelaxe branco e grandes ollos que, no entanto, está prohibida polas autoridades da Galaxia, xa que a súa saliva corrosiva destrúe todo o que lambe. O encontro ocasiona a morte de Acasi, que antes lle revela que procede da remota rexión de Cariandre e lle entrega un medallón que lle permite contemplar ese extraordinario lugar. Co obxectivo de descubrir as súas orixes, Quepi, Udai e o bobó viaxan ao planeta de Pasanup, onde Quepi participa nun concurso de talentos que os gobernantes proxectan no ceo para entretemento dos súbditos. Quepi gaña o premio do concurso, unha nave espacial grazas á cal ela, o seu irmán e o bobó conseguen chegar á Estrela Dormente, onde descobre, a través da súa avoa, a historia da súa familia, así como a misión dos bobós, enviados polos pacíficos habitantes da Estrela Dormente para localizar os seus concidadáns. As ilustracións de Paula Mayor (A Coruña, 1975) acentúan o ambiente futurista da narración e revelan a influencia da estética manga e dos videoxogos.

### **Recensións:**

- Montse Pena Presas, "Lecturas para o verán", *Sermos Galiza*, n.º 352, "fóradeserie", "letras miúdas"; 27 xuño 2019, p. 7.

Presenta unha serie de propostas lectoras para o verán destinadas ao lectorado infanto-xuvenil, entre as que menciona *Conta nove estrelas*, describindo de xeite breve esta novela de ciencia ficción.

### Referencias varias:

- Ana Abelenda, “Andrea Maceiras. ‘Os soños son os que nos guían, como as estrelas’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Entrevista”, 30 agosto 2019, p. 7.

Entrevista coa autora na que se introducen as súas respostas facendo constar que se trata do seu noveno libro, co que gañou o Premio Lazarillo 2018. Andrea Maceiras apunta o seu interese como docente en eidos como a educación emocional e o pensamento diverxente e, con respecto á novela, sinala que pretendeu internarse na ciencia ficción e que a súa protagonista, ao igual ca os bobós, pon de relevo a diferenza como un dos temas centrais da historia, canda a importancia da familia e a loita pola identidade.

- José Miguel Giráldez, “Landerero, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita a novela *Conta nove estrelas* de Andrea Maceiras.

**Mallo**, Patricia, *Os Peloteiros*, ilustr. Dani Padrón, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 228, serie azul, lectorado mozo, xuño 2019, 188 pp. (ISBN: 978-84915-13-44-5).

Patricia Mallo (Vigo, 1985) utiliza o deporte como pano de fondo dunha novela iniciática que integra tamén temas como a amizade, a deportividade ou o compañeirismo e está ambientada nun contexto rural. Xurxo Belido, o protagonista de doce anos e narrador da historia, conta como o verán pasado, por unha serie de acontecementos inesperados, se ve na obriga de fundar en tempo récord o Peloteiros Fútbol Club na vila de Castrovello para competir no campionato comarcal. Para formar o equipo recorre aos seus tres sobriños, os xemelgos Lois e Brais, de sete anos, e Emilia, de nove anos; a Branca, a amiga de Emilia; a Telmo, o fillo da alcaldesa; a Amadeo, o fillo do carnicero; e, como adestrador, o seu curmán Sebastián, cuxo único mérito é ler a prensa deportiva porque ten un quiosco e andar sempre en chándal. Malia non saber nada de fútbol, xogar de maneira desastrosa e que deberían perder porque o partido está amañado, contra todo prognóstico acaban ganando, pasando á final e converténdose en campións. Fóra da anécdota deportiva, na novela trátase tamén a contraposición entre a vida urbana de Castronovo, dotada de modernidades, e as carencias do rural, ao tempo que se ilustran actitudes como o autoodio, que representa sobre todo Paula, a irmá maior de Xurxo e o seu empeño en distanciarse dos fillos da vila para que non se “embrutezan”; e a falta de oportunidades, visíbel no seu irmán Manolo, que debe marchar a Barcelona para ser actor. Destacan tamén as continuas apelacións aos lectores por parte do narrador e os continuos enredos e escenas humorísticas. As ilustracións en bitono de Dani Padrón (Ourense, 1983) representan os personaxes, acentúan os seus trazos físicos e reforzan a perspectiva infantil.

### Recensións:



- María Navarro, “Un animado diálogo. Con prosa fluída e directa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 722, “Libros”, 18 xullo 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 27 xullo 2019, contracuberta.

Tras se referir á traxectoria de Patricia Mallo, logo de publicar *Os Cabezombis na Mansión Espello* e *Os Fantom*, define a novela como unha lección de autenticidade e desmitificación dun deporte extremadamente valorado e salienta o tenro desenfado que mostra o discurso, a prosa fluída e directa e o ton cómico de moitas escenas.

- Mario Regueira, “O partido do século”, *Sermos Galiza*, n.º 361, “*fóradeserie*”, “ao pé da letra”, 29 agosto 2019, p. 6.

Recensiona o libro de Patricia Mallo, explicando brevemente o argumento e indicando que se trata dunha novela enormemente divertida, que destaca pola temática abordada sen demonizar o ambiente deportivo e incluíndo unha perspectiva mixta en canto ao xénero. Salienta como punto forte da novela o maxistral xeito de captar as regras do universo infantil.

**Martín**, Paco, *O home que mercou un libro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 116, mocidade e lectorado adulto, outubro 2019, 104 pp. (ISBN: 978-84-9151-407-7).

A partir dun feito que se presenta como insólito, a decisión do mozo de vinte e catro anos Aníbal Hortensio López da Carricova de mercar un libro, o protagonista observa como mudan as súas relacións sociais e como todos os que o rodean, en contacto co libro, transmiten libremente o seu parecer sobre o mundo no que habitan. A historia desenvólvese nunha cidade sen nome ao longo dun só día, dende as nove e vinte minutos da mañá do 23 de xuño, cando o desganado rapaz, obrigado a pasear por mor do seu exceso de peso, entra nunha librería da cidade para escapar do seu monitor de ximnasia e merca un libro de poesía ao chou, até as vinte e dez desa mesma noite. Nese tempo sucédense situacións curiosas e singulares, estruturadas en trece breves capítulos, derivadas do feito de ver o protagonista cun libro na man. Nunha cafetaría confúndeno cun profesor; no bar no que Aníbal vai ler a prensa deportiva, o libro suscita unha conversa co camareiro, que sabe moito do que cabería pensar sobre poesía, e mesmo un recital dun cliente; logo topa na rúa con Lucía, unha moza que toca o violonchelo coa que parece conectar, e mais co futbolista de éxito Isidro Fitoiro, de paso na cidade para visitar os avós que non responde ao tópico de superficial, senón que estuda historia e é un apaixonado da arqueoloxía. A obra, dedicada por Paco Martín (Lugo, 1940) a todas as persoas que, co seu esforzo, fan posíbel ese soño prometido que cada libro é, presenta as características habituais da súa produción: a ollada irónica sobre a sociedade, a irrupción do insólito no cotián e o pouso da oralidade.

#### Referencias varias:

- Jaureguizar, “Martín: ‘Ramón Lamote’ asombrece a miña obra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, p. 59/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Literatura”, p. 53, 6 decembro 2019.

Tras unha presentación na que Jaureguizar presenta o novelista Paco Martín como un home que coñeceu outro mundo, no que, entre outras cousas, a lectura era prestixiosa, e tras resumir a trama do relato, recolle algunhas declaracións do autor. Este indica que quixo facer unha lectura sinxela, o tempo necesario para que o personaxe sexa consciente das posibilidades dun libro que nin sequera le, pero grazas ao cal se relacionan varias persoas. Como curiosidades recóllese que o autor xogaba ao fútbol de novo, no Iris de Magoi, nos anos 50; que lle gusta pasear e botar partidas ás cartas; e que *As cousas de Ramón Lamote* acaba de ser publicado en versión inglesa por Small Station Press.

- Santiago Jaureguizar, “Temos un embigo cativo, pero precioso”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 209, 8 decembro 2019, p. 8.

Entre outras reflexións persoais, recolle unha anécdota que lle contou Paco Martín cando lle falou de que *As cousas de Ramón Lamote* foi traducido ao español e ao inglés polo Departamento de Defensa estadounidense coa intención de que os soldados latinos lesen literatura, e que tiveron dificultades para trasladar a palabra “chairego”. Menciona tamén a publicación da última novela de Paco Martín, *O home que mercou un libro*, salientando ao seu autor como un xigante literario.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita a novela *O home que mercou un libro* de Paco Martín.

**Mejuto**, Eva, *Memoria do silencio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 180, mocidade e lectorado adulto, xaneiro 2019, 152 pp. (ISBN: 978-84-9121-461-8).

Inserida na tradición de literatura da memoria e da intriga histórica, a novela presenta, cos recursos da ficción como a elipse, dúas historias reais, a de Frieda Belinfante, violonchelista neerlandesa e primeira directora de orquestra europea, membro da resistencia, escondida con identidade de home durante varios meses, e a das irmás galegas Lola, Xulia e Amparo Touza, que dende o seu quiosco da estación de Ribadavia axudaron a medio millar de persoas, a maior parte delas xudías, a fuxir a Portugal polo paso de Ponte Barxas da persecución por toda a península da Gestapo, e evitar así unha morte segura. O relato, que decorre en 1943 en Ribadavia, alterna varias voces narrativas: a primeira, nos casos de Frieda e Lola; a segunda, no caderno que Frieda lle dirixe ao seu irmán Bob; e a terceira, correspondente a Günter, o capitán da Gestapo que as persegue, que despreza os seus sentimentos e emocións. A obra pon de manifesto o interese de Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975) por recuperar historias esquecidas e visibilizar o labor de mulleres valentes que loitaron pola liberdade e pola xustiza en tempos moi difíciles.

### **Recensións:**

- Ramón Rozas, “Silencio”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Évenres!”, “Fin de semana” / “Cultura”, “Vivir”, “Foguetes verdes”, 1 febreiro 2019, p. 8/ p. 48.

Indica que se trata dunha “boa narrativa” que derruba os valos do medo e recupera a historia das irmás Touza, persoas dignas e comprometidas co ser humano, que axudaron a xente perseguida polo nazismo a chegar a Portugal. Salienta a importancia de inserila nunha colección xuvenil e de empregar diferentes perspectivas para recuperar a memoria, o papel das mulleres na historia e as miserias dos campos de concentración, ademais de coñecer o papel de Galicia na II Guerra Mundial.

- Montse Pena Presas, “Romper os baleiros. Sobre ‘Memoria do silencio’, de Eva Mejuto”, *Sermos Galiza*, n.º 340, “Fóra de serie”, “Letras miúdas”, 28 marzo 2019, p. 7.

Repasa algúns títulos de obras que tratan a cuestión da recuperación da memoria histórica e céntrase na última publicación de Eva Mejuto baixo o título *Memoria do Silencio*. Señala que esta obra serve para reivindicar as biografías desas persoas anónimas que tentaron salvar vidas arriscando as súas propias a través da figura das irmás Touza. A continuación verte algunhas reflexións sobre as características narrativas e profundiza un pouco máis na trama argumental.

### Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Lola Touza foi unha muller tan valente como xenerosa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 702, 28 febreiro 2019, p. V.

Entrevista con Eva Mejuto con motivo da publicación de *Memoria do silencio* na que declara que a historia xurdiu tras unha conversa con Luís Bará tras as que decidiu afondar na historia das irmás Touza para lles render homenaxe. Indica que decidiu combinar varias voces narrativas para se achegar mellor á psicoloxía dos personaxes; que contou co testemuño da familia de Lola Touza e dun documento sonoro que recolle a vida de Frieda, e que Günter é un personaxe ficticio.

- Sara Vila, “Os libros fan unha festa na Ferraría”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 xullo 2019, p. 13.

Dá conta dos actos que tiveron lugar na praza da Ferraría de Pontevedra con motivo da Feira do Libro. Así, alude á presenza de Leticia Costas, acompañada polo editor Manuel Bragado para conversar sobre *Infamia*; de Antón Lopo para falar de *Extraordinario*, Premio de Novela Breve Repsol 2018; e doutros como Ana Cabaleiro, Julián Rodríguez, Susana Sánchez Aríns, Diego Giráldez, Antón Cruces, Milagros Bará, Alexandre Vórtice, Emma Pedreira ou Víctor Méndez. Infórmase de que as actividades rematarán coa presentación de *Ratos de viaxe*, de Xosé Manuel González “Oli”; *A furgoneta branca*, de Fina Casalderrey; *Don Ferretín Ferretón e o seu cadelo lambón*, de autora, Cristina Corral Soilán e Aurora Cascudo; e *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto.

**Mene**, Álex, *Indómita e a semente da inmortalidade*, Premio do I Certame de LIX Muíño do Vento, ilustr. Ana Boquete, A Coruña: Bululú, col. Muíño do vento, lectorado mozo, maio 2019, 83 pp. (ISBN: 987-84-945-49-49-6).

Relato estruturado en dúas partes máis un epílogo na que a través dun narrador omnisciente e do diario dunha rapaza se conta unha historia fantástica sobre unha aldea sen nome. Na primeira parte explícase que o lugar existe dende tempos inmemoriais e

como a súa localización e características dan pé a todo tipo de rumores entre os habitantes da contorna, que intercambian lendas e falares diversos sobre a enigmática aldea, até que o médico toma a palabra para contar como chegou á súa porta unha adolescente na procura de auxilio que morreu pouco despois convertida nunha anciá centenaria. No peto levaba un libro: o diario dunha persoa que vivira na aldea sen nome. Na segunda parte reproducése ese diario, o cal contén a historia de Indómita, unha rapaza criada na aldea, á que chegou polo río nun cesto de xuncos, e inmortal coma o resto da veciñanza. Tras sufrir primeiro unha intensa vaga de calor e logo dunha intensa friaxe, e estrañas mudanzas como a desaparición dos insectos ou a agresividade dos paxaros, a morte da Árbore da Inmortalidade fai que Indómita, con dezaioito anos, emprenda unha viaxe polo mundo á busca doutra semente que dea froitos da inmortalidade. No epílogo, relátase como tempo despois unha pomba chegou á aldea cunha semente que foi enterrada onda a vella Árbore. Álex Mene (Vigo, 1969) salpica o relato de referencias explícitas a outros personaxes e obras da literatura universal, entre os que resoan Italo Calvino e Pippi Mediaslongas, e da literatura popular, ademais de poñer o acento no cambio climático. As tres ilustracións en branco e negro de Ana Boquete (Cerceda, 1996) retratan a ambientación da historia.

### Recensións:

- María Navarro, “Novas terras, novos mundos. Arriscarse para prosperar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 736, “Libros”, 12 decembro 2019, p. VI.

Explica que o texto do autor ferrolán se divide en dúas partes: a primeira, na que se enmarca o relato; e a segunda, que é o diario de Inómita atopado por un matasáns que vai revelar o seu contido. Indica que é unha obra para o lectorado perciba que, durante a vida, “chea moitas veces de barrancos escarpados e neboentos convive unha vizosa vexetación simbolizando a posibilidade de mellora”.

### Referencias varias:

- Belén López, “Álex Mene. A palabra está na orixe de todo”, *Diario de Pontevedra*, “Á última”, 22 xullo 2019, contracuberta.

Entrevista co docente, fotógrafo e escritor Álex Mene quen fala da súa experiencia nas letras, que comezou con *A raiña das tortas* (Alvarelos, 2018) e continuou con *Indómita*. Con respecto a esta obra, sinala que incluíu referencias e homenaxes moi diversas: a Pippi Mediaslongas; *O corazón das tebras*, de Joseph Conrad; as novelas de Agustín Fernández Paz; a *Far North*, de Sam Shepard; Italo Calvino; Ánxel Fole; Jack London; Pío Baroja... Confesa que a creou pensando nun personaxe sen xénero e que lle interesaba propoñer unha reflexión sobre o silencio e o seu significado, sobre as *fake news* e sobre as aparencias, sempre dende o humor como eixe. Apunta ademais temas como a morte, o paso do tempo, o ben común, a importancia da solidariedade, a mensaxe ecoloxista.

- Montse García, “Olga Novo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Literatura”, 20 setembro 2019, p. L10.

Faise eco da presentación do volume o 20 de setembro na Casa do libro.

- A. Baena, “Álex Mene. ‘Quero reivindicar o papel das nenas como protagonistas, non só como provocadoras”, *Atlántico Diario*, “Deportes”, “Entrevista”, 24 setembro 2019, p. 11.

Breve conversa con Álex Mene, docente no IES Alexandre Bóveda, con motivo da presentación na Casa do Libro de Vigo do seu segundo título, *Indómita e a semente da inmortalidade*. Preguntado sobre os elementos que poderían enganchar os lectores sinala o sentido do humor, e declara o seu gusto por descolocar o tempo de acción na procura de dinamismo, por crear unha personaxe activa e por inserir referencias á literatura e ao cine.

**Merlán**, Paula, *Pequeno Botón*, ilustr. Lucía Cobo, Madrid: Narval, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, [24] pp. (ISBN: 978-84-120836-5-1). ■

Álbum ilustrado concibido por Paula Merlán (Vigo, 1979) e Blanca Millán (Touro, 1991) que narra a historia de Pequeno Botón, que vive na caixa dos útiles de Teixugo, o xastre dos animais. Pequeno Botón séntese diferente ao resto dos botóns de todos os tamaños e estilos por cousa do seu tamaño e da súa aparencia. Cando un día se perde terá que buscar a maneira de atopar o camiño de regreso e logrará volver á súa contorna coñecida grazas á axuda de Araña, Xoaniña e Saltón. A historia, moi sinxela e con final feliz, pon de manifesto a importancia do traballo en equipo e a solidariedade, avoga pola valorización da diferenza e defende a utilidade dos obxectos pequenos. As imaxes, realizadas con lapis de cores, retratan os personaxes, as súas emocións e os obxectos da xastrería, foron distinguidas cunha Mención de Honor no V Catálogo Iberoamericano de Ilustración.

**Momán**, Alberte, *A viaxe de Ana*, ilustr. Lidia Nokonoko, Vigo: Editorial Galaxia, col. Libros para compartir, lectorado autónomo, 2019, 30 pp. (ISBN 978-84-9151-433-6).

Primeira achega para o público infantil de Alberte Momán (Ferrol, 1976). Trátase dun relato que aborda o espírito de superación e autonomía que nenos e nenas deben adquirir para un perfecto desenvolvemento persoal, ao tempo que achega argumentos contra da acumulación de obxectos e o consumismo, centrando a atención sobre a contemplación e o coñecemento da natureza. A breve trama céntrase en Ana, unha nena de sete anos que vive coa súa avoa nunha casa afastada da vila. Ana quere ir xogar ao parque coas amigas, pero a avoa séntese mal e non pode acompañala, así que lle di que vaia soa. Pero cada vez que pisa a rúa, atópase con alguén que lle fai ver o que non ten: primeiro con Amelia, a filla da peixeira de doce anos, co seu monopatín; despois con Iria, a filla da panadeira de catorce anos, coa súa bicicleta; e, por último, con Clara, a carteira na súa moto. A avoa convéncea do valiosos que son os seus xogos no medio da natureza e de todo o que pode sentir sen esas cousas das que carece: as flores, as árbores, os paxaros, as fontes, a lama..., gran cantidade de tesouros. As ilustracións a lapis de Lidia Nokonoko (Vigo, 1978) poñen en imaxes algunhas das escenas do relato, incidindo na vida cotiá de Ana coa súa avoa, nos encontros co resto dos personaxes e nas súas fantasías e xogos arrodeada de elementos naturais.

**Mosconi**, Maite e Miriam **Meizana Vigo**, *Guerreiras de lenda*, ilustr. Gemma Martínez, Barcelona: Editorial Vanir, lectorado autónomo, decembro 2019, 43 pp. (ISBN: 978-84-17932-08-4).

Tras unhas páxinas iniciais de agradecementos, as autoras, Maite Mosconi (Rianxo, 1985) e Miriam Meizana (A Coruña, 1990) indican que o libro recolle lendas nas que as nenas son as heroínas e que se presentan en forma de relato curto ou de poema coa idea de achegar a tradición galega ao estilo urbano. A seguir inclúense catro textos: as breves narracións “A loba branca” e “Alba e as lavandeiras” e os poemas “O castelo da lúa” e “A dama do castro” nos cales se inclúen elementos esenciais sen desenvolvemento e sen indicación ningunha das fontes de partida. Completan o volume definición de palabras que apareceron nos textos: “lavandeira”, “pebida”, “reses ovinas”, “castro”, “manuela” e “pendello”; páxinas para completar palabras e colorear, entre elas un mapa no que se sitúa o lugar das lendas: Rianxo, Santa Tegra, a Ribeira Sacra e Viana do Bolo, respectivamente. Inclúense tamén ilustracións de nenos e nenas dos colexios La Milagrosa e Cardeal Quiroga Palacios de Santiago de Compostela. A portada do libro, unha rapaza guerreira, foi realizada pola ilustradora Gemma Martínez (Barcelona, 1992).

**Nogueira Campos**, Pablo, *A banda de Raimunda*, ilustr. Manuel Uhía, A Coruña: Baía Edicións, col. Conto x conto, prelectorado e lectorado autónomo, maio 2019, 22 pp. (ISBN: 978-84-9995-317-5). ■

Conto infantil de carácter didáctico de Pablo Nogueira (O Carballiño, 1987) centrado na historia da ra Raimunda, unha apaixonada pola música cuxa ilusión é formar un grupo de rock, cantar e tocar a guitarra. Co obxecto de atopar quen lle aprenda, percorre a fraga e atopa o oso Afonso, o mono Farruco, o caracol Sibemol e o esquío Uxío, que tocan a batería, o piano, o saxofón e o contrabaixo, respectivamente. Cando o sapo Eliseu lle di que nunca poderá ser unha cantante pola súa voz feminina, Raimunda, coa axuda dos seus novos amigos, forma unha banda. O conto leva como engadido exercicios ao pé de páxina para estimular a linguaxe e a memoria. O relato complétase coas ilustracións a toda páxina de Manuel Uhía (Portonovo, 1944) que destacan polo seu colorido.

### Referencias varias:

- Sabela Pinal, “Pablo Nogueira. ‘O libro transmite o valor do respecto á diversidade e á igualdade de xénero’”, *La Región*, “Carballiño”, 31 maio 2019, p. 25.

Breve conversa co mestre Pablo Nogueira arredor do seu conto *A banda de Raimunda* na que sinala que pretendeu transmitir o respecto á diversidade e a igualdade e incidir na importancia da diferenza e a superación das barreiras de xénero. Así mesmo, agradece a acollida que tivo o volume, o máis vendido na Librería Escolma do Carballiño, e valora os contos infantís como instrumento para a estimulación da linguaxe, a comprensión lectora e a transmisión de valores.

- Pablo Nogueira, “Días para dedicar tempo á familia e ás amizades”, *La Región*, “Nadal 2019”, “La Navidad de...”, 24 decembro 2019, p. 79.

Alude ao seu conto infantil *A banda de Raimunda*, explicando que a fábula foi pensada para favorecer a estimulación da linguaxe oral e a comprensión lectora, e que a súa temática trata valores como a inclusión e a igualdade.

**Pedreira**, Emma, *Os corpos invisibles*, Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2019, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 186, mocidade e lectorado adulto, 2019, 170 pp. (ISBN: 978-84-9121-584-4).

Concibida como unha homenaxe a Mary Sheley e á obra *Frankenstein ou o moderno Prometeo*, Emma Pedreira (A Coruña, 1978) ambienta a novela na época vitoriana e utiliza este referente literario para poñer de relevo a invisibilidade das mulleres, evidente xa no título da obra, e temas como o traballo infantil no marco da revolución industrial, os abusos de todo tipo, en especial os sexuais, as relacións de sororidade ou a loita pola liberdade persoal. L.C. (Loretta Count) é unha rapaza de quince anos que traballa dende os oito nunha fábrica téxtil de Londres e é vítima de acoso sexual por parte do capataz da empresa. Para preservar a súa liberdade, comeza a vestir con roupas de rapaz e, por casualidade, un día coñece a Prometea Stoner, unha muller de familia acomodada que padece unha estraña enfermidade dende nena que a obriga a ir en cadeira de rodas. Nas mans de Loretta cae unha carta que Prometea lle dirixe a unha muller chamada Mary na que lle explica a súa idea: construír, coa axuda do doutor Percy, sobre a súa feble anatomía unha moderna criatura a partir das diferentes partes dos corpos de Charlotte e Emily Brontë, Aphra Behn, Ada Lovelace, Jane Austen, George Eliot, Christina Rossetti e Mary Shelley, de quen tomará os pés, os xeonllos, o sexo, os cadrís, o ollo esquerdo, o brazo e a cabeza, para se converter así nunha escritora dotada cos seus talentos e lograr revivilas para que consigan o éxito que a vida lles negou. Prometea propón pagarlle a L.C. unha moeda de prata semanal a cambio de que lle entregue as cartas á súa destinataria, que non é outra que a escritora Mary Shelley. A relación entre ambas as mulleres, de clases sociais moi distintas, consegue que Loretta reúna o valor para se enfrontar ao capataz que abusa do seu poder e participe na organización sindical das traballadoras da fábrica, un proceso que deriva en que deixen de ser criaturas invisíbeis para pasar a ser suxeitos da súa propia historia. A narración, en terceira persoa, recorre tamén ao relato epistolar ao intercalar as cartas que Prometea lle dirixe a Mary Shelley.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Prosa áxil, claridade extrema. Novela-reivindicación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 733, “Libros”, 21 novembro 2019, p. VI.

Valora a utilización da metaliteratura nesta obra, malia partir dun referente ben analizado e interpretado como a obra de Mary Shelley, e salienta a súa prosa áxil. Etiqueta o resultado como unha “novela-reivindicación”, “novela-homenaxe” e “novela-crítica” ben artellada que atrapa o lector.

### **Referencias varias:**

- M. M., “Os Xerais póñense de longo”, *La Opinión*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 33.

Nota que dá conta da entrega dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo: o Jules Verne, que recaeu en Emma Pedreira por *Os corpos invisibles*; o Xerais de Novela, que

correspondeu a Amador Castro por *Shangai a Barcelona*; e o Merlín, que recoñeceu a Rosa Aneiros por *Xelís, o guieiro de botellas de mar*. Recóllense as declaracións dos gañadores e, con respecto a Emma Pedreira, menciónase que a autora aclarou que a idea da novela partiu dun reto dunha serie de amigas escritoras que planearon converterse en personaxes de ficción.

- Mar M., “Os Xerais pónense de longo no Museo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2019, p. 40.

Anuncia a entrega dos Premios Xerais 2019 no Museo do Mar de Vigo: o Jules Verne, que recaeu en Emma Pedreira por *Os corpos invisibles*; o Xerais de Novela, que correspondeu a Amador Castro por *Shangai a Barcelona*; e o Merlín, que recoñeceu a Rosa Aneiros por *Xelís, o guieiro de botellas de mar*. Recóllense as declaracións dos gañadores e, con respecto a Emma Pedreira, menciónase que a autora aclarou que a idea da novela partiu dun reto dunha serie de amigas escritoras que planearon converterse en personaxes de ficción.

- Selina Otero, “A invisibilización das mulleres nos eidos que trato segue viva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 400, “Lecturas emocionantes”, 5 novembro 2019, p. 7.

Entrevista con Emma Pedreira tras conseguir o Premio Jules Verne por *Os corpos invisibles*. A autora coruñesa explica que lle apetecía dirixirse ao lectorado xuvenil de xeito explícito e quixo tratar unha época e un tempo determinado para falar do traballo das mulleres e a súa invisibilidade, as clases sociais e establecer unha comparación coa actualidade e abrir o debate porque, ao seu ver, tales temas aínda non están superados. Manífestase tamén sobre a involución no concepto de igualdade de xénero a nivel social, pois apunta que seguen a sinalar camiños e comportamentos binarios que cómpre contrarrestar mediante estratexias como un tecido de colaboración entre mulleres. Con respecto ao que lle gustaría espertar na mente do lectorado, indica que agarda que suscite unha reflexión sobre a procedencia dos seus produtos de uso (a roupa, a tecnoloxía, o alimento) e que fiquen argumentos sólidos para non seguir negando a todas esas mulleres, anónimas e famosas.

-Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Libros para celebrar la Navidad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.242, “Literatura”, 18 decembro 2019, p. 6. .

Ofrécese unha listaxe de propostas literarias para celebrar o Nadal. Entre as obras escritas en galego cítanse o álbum *O can de Milu*, de Mariann Máray; *As aloucadas historias dos Monkis*, de Paula Merlán; *Xelís, o guieiro das botellas do mar*, de Rosa Aneiros; *Parece unha formiga*, de Pablo Otero; e *Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira, da que se salienta que é unha cativadora novela, rica en matices, que convida o lectorado a pensar ao tempo que rende homenaxe a mulleres que permaneceron no anonimato.

**Peralta Torres**, Ramiro José, *Monstro dos ollos vermellos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Álbumes, n.º 11, prelectorado e lectorado autónomo, setembro 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-9151-387-2).

Ramiro Peralta (Bos Aires) abarca o tema dos abusos sexuais dentro do ámbito familiar. Anxo, o neno protagonista, conta en primeira persoa o medo que sente cando na súa casa



aparece o Monstro. Cando este quita o seu disface de amigo, Anxo velle as gadoupas, o fociño e os seus terribes ollos vermellos, e, por máis que tenta afastarse del, non o consegue. A sensación de vergonza, o medo a que non o crean e as bágoas desaparecen cando aprende na escola que dicir a verdade é de valentes, e coa axuda dos seus pais, a policía e a psicóloga pasan os medos e marcha o Monstro. As imaxes de Blanca Millán (Touro, 1991) reflicten de maneira poética e sutil a vida cotiá do protagonista para situar o marco familiar e a terríbel experiencia que vive, sempre dende a súa perspectiva. Así mesmo, transforma moitos dos medos do neno en metáforas: atrapado por unha rede, voando polo ar ou axexado por uns terribes ollos no bosque. Utiliza cores vivas para todos os elementos, personaxes e decorados, en contraste co uso do negro para o Monstro, convertido tamén na sombra dun lobo.

### Referencias varias:

- Montse García, “Monstro dos ollos vermellos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 23 outubro 2019, p. L9.

Breve nota que dá conta da presentación do libro na librería Cronopios de Santiago de Compostela, acto que contou coa presenza de ambos os creadores e mais de Francisco Castro representando á Editorial Galaxia.

**Perozo**, Xosé Antonio, *Amor amargo*, ilustr. Victoria Riveiro Currais, Santiago de Compostela: Auga editora, mocidade, abril 2019, 95 pp. (ISBN: 978-84-120308-0-8).

Relato de José Antonio Perozo (Llerena, 1951), que retrata a vida cotiá dun grupo de rapaces e rapazas amigos e as relacións sentimentais que se establecen entre eles co obxecto de poñer a atención nos malos tratos e a violencia de xénero entre estudantes de ESO e da Universidade. O volume ábrese cunhas páxinas que presentan o retrato e as características físicas e psicolóxicas dos personaxes, cinco mulleres e catro rapaces, e tamén os lugares nos que decorre a acción: a cidade de Antela e Vilarello, unha vila de pescadores onde pasan o verán. O fio argumental vai dando conta da relación amorosa entre Uxío e Ana que, aos poucos, se vai deturpando por mor da posesión e os celos enfermizos do mozo. A historia presenta a particularidade de plasmar uns cantos diálogos entre os personaxes en forma de viñetas en branco e negro colocadas no medio da narración, nas que Victoria Riveiro plasma as escenas elixidas. O volume péchase cunhas páxinas que ofrecen dez consellos para manter unha relación saudábel; vinte síntomas de que unha relación é perigosa e mais un test do amor verdadeiro.

### Recensións:

- María Navarro, “Narración e cómic”, *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades”, 14 decembro 2019, p. 7.

Recensión da obra de Xosé A. Perozo que mestura narración e cómic. Explica o argumento da obra, que se basea nunha maraña de relacións interpersoais non moi saudábeis. Afirmar que se a novela serve para abri-lle os ollos a algunha persoa que se atope nunha situación de violencia, o autor pode dar por bo o seu experimento de mestura de narrativa e banda deseñada.

### Referencias varias:

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita a novela *Amor amargo* de Xosé Antonio Perozo.

\_\_\_\_\_, *A auga, o dragón e o salgueiro chorón*, ilustr. Antonio Seijas, Santiago de Compostela: Auga Editora, col. Contar x contar, lectorado autónomo, 2019, 35 pp. (ISBN: 978-84-120382-3-1).

Conto de Xosé Antonio Perozo (Llerena, 1951) que retoma elementos da literatura popular, como o feito de recorrer a un narrador externo en terceira persoa, ambientalo nun tempo indeterminado, cando os animais e as plantas falaban, malia circunscribilo ás terras de Friol e Guitiriz, e recorrer a personaxes míticos como as ninfas e o dragón residente no monte da Cova da Serpe. Este amiga cun Salgueiro que está a murchar polas malas artes dos orcos das Terras de Borrón, que lles prenden lume aos bosques, beben as augas dos ríos, as fontes e as lagoas. O dragón emprende o camiño para axudalo, visita o Pedregal de Irimia, onde atopa as ninfas chorando; e vai onda os humanos, aos que encontra tristes e sucios pola falta de auga. Ao cabo, resolve o problema coas nubes grises, que botan a auga na terra e nos bosques para que volvan xurdir os ríos e manar as fontes. Antonio Seijas (Ares, 1976) completa a parte textual con debuxos que destacan pola figura do dragón, deseñada cunha intensa cor vermella que se estende ao resto de elementos da paisaxe.

### Referencias varias:

- ECG, “Quinta Semana Escolar da árbore e da Auga con máis de 9.500 escolares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 marzo 2019, p. 38.

Indica que, no marco da celebración da quinta Semana Escolar da Árbore e da Auga que organiza anualmente a Deputación de Ourense, se editou o libro *Dama de Auga e os segredos das árbores*, de Xosé Perozo, para que o alumnado “goce e aprenda máis coñecementos sobre estas cuestións fundamentais da nosa natureza: as augas e as árbores da nosa provincia”.

- S. N., “Actos para 9.528 escolares”, *La Región*, “Día mundial del agua”, “5ª semana escolar da árbore e da auga”, 22 marzo 2019, p. 3.

Apunta que a Deputación de Ourense organiza por quinto ano a Semana Escolar da Árbore e a Agua, na que participan case 10000 alumnos e alumnas, de cen colexios con diversas actividades para conmemorar estas datas, para dar importancia aos espazos naturais. Indica que se fixo uso desta obra para que o alumnado aprenda sobre a natureza galega, pois a protagonista quere salvar da contaminación as árbores.

\_\_\_\_\_, *A Ecopanda e o misterio do Románico*, ilustr. Viki Berre, Santiago de Compostela: Auga Editora, lectorado autónomo, 2019, 36 pp. (ISBN: 978-84-120597-2-4). ♦

Conto de Xosé Antonio Perozo (Llerena, 1951), patrocinada por Xacobeo 2021, que forma parte dunha serie protagonizada polos membros da Ecopanda de Viladeteixo, un grupo de rapaces que percorren Galicia resolvendo asuntos relacionados coa reciclaxe e a defensa da natureza e enfrontándose ao seu antagonista, o perverso Míster Retope, depredador do medio ambiente, e os seus secuaces Mandrágoras e Fidelio. Nesta ocasión, Marta, Xiana, Henrique e os xemelgos Álvaro e Xaime, xa uns adolescentes de dezaseis anos, coa axuda do talismán que lles entregou o mago Merlín e que fai aparecer o robot 3R-0.25, acoden ao Camiño Francés de Santiago de Compostela para descubrir quen está a roubar obras de arte románica nas principais cidades e poñer de relevo as intencións de Retope. Ao longo dos sete capítulos titulados que compoñen o texto, insírense no medio da trama informacións diversas sobre o Camiño de Santiago, os lugares polos que pasa e a arte románica que existe. As ilustracións de Viki Berre (A Coruña, 1990) poñen en imaxes algunhas das escenas, e combínanse con fotografías das diferentes localidades e pezas artísticas.

\_\_\_\_\_, *A grande epopea do pianista de Cans*, ilustr. Francisco Muñiz Santos, Santiago de Compostela: Auga editora, maio 2019, 55 pp. (ISBN: 978-84-120308-2-2).

Libro editado con motivo da XVI edición do Festival de Cinema de Cans na que Xosé Antonio Perozo (Llerena, 1951) ofrece unha biografía novelada de Pedro de Chamorro, un ilustre músico nacido no Porriño, atendendo á súa infancia canda os seus pais Eulalia e Estevo, e á súa afección polo piano e outros instrumentos. Debido á intervención da maxia, Pedro de Chamorro ve cumprido o seu soño e marcha para Madrid aos trece anos, onde asiste a clases regradas de interpretación e composición e non tarda en darse a coñecer como un mozo prodixio executando o órgano, o violín, a espineta, a gaita, o pianoforte e máis instrumentos. Ao final da súa vida, de novo na súa vida natal, o seu piano petrificouse e quedou para sempre no cumio do Monte Castelo. As ilustracións en branco e negro de Francisco Muñiz Santos (Pobra do Caramiñal, 1982) retratan con sinxeleza algunhas escenas representativas do relato.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Realidade e ficción. Do imaxinario colectivo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 723, “Libros”, 23 maio 2019, p. VI / *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 1 xuño 2019, p. 7.

Sitúa *A grande epopea do pianista de Cans* na liña de recreación de lendas do imaxinario colectivo asociadas a lugares, neste caso a orixe do rochedo que existe fronte á aldea de Cans que representa un home sentado ao piano. Sinala que Xosé Antonio Perozo mestura realidade e ficción, verosimilitude e fantasía, para atopar unha entretida explicación sobrenatural que, ao seu ver, causará “grande expectación entre veciños” e tamén nas xentes alleas.

**Porto Collazo**, Iria, *Estrelas de Manteiga*, ilustr. Marta Parejo Jiménez, Castellón: Editorial Sar Alejandría, prelectorado, xullo 2019, 44 pp. (ISBN: 978-84-17409-98-2).

### **Recensións:**

- María Navarro, “Do cotián extraordinario. Soñando cun mundo mellor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 26 setembro 2019, p. VI.

Explica de xeito breve o argumento e indica que se trata dun texto dirixido a primeiros lectores e que é un canto á esperanza e á ilusión centrado na cara máis amábel das vidas non exentas de complicacións.

### **Referencias varias:**

- A. Gallego, “Isabel Porto. ‘En mis cuentos consigo sacar la niña rebelde, llena de ilusiones y sueños que llevo dentro’”, *Atlántico Diario*, “*Vida*”, n.º 1.996, 29 setembro 2019, pp. 2-3.

Entrevista á autora na que fala sobre a súa escolla de dedicarse á literatura infantil e a parte solidaria deste conto coa ONG “Bicos de papel”

**Prado**, Miguelanxo, *Amani*, ilust. do autor, Pontevedra: Retranca Editora, lectorado autónomo, 2019, 33 pp. (ISBN: 978-84-941632-9-6).

Conto escrito e ilustrado por Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) no que se ofrece unha metáfora sobre o concepto de masculinidade a posibilidade de vivir de maneira pacífica e aceptar os seres tal como son. Un narrador omnisciente conta a historia de Amani, un hipopótamo que nace nas beiras do río Pantikora, nas chairas de Mahakala, coa particularidade de ter menos testosterona do normal nestes animais. A falta desta hormona responsábel de que os machos se volvan agresivos e farrucos, fai que Amani teña un natural pacífico e tranquilo, de aí que comece a ser considerado “rariño” polo resto da manda. Amani foxe das confrontacións ridículas, pasa o día a gozar a carón do río e xoga coas tartarugas e os peixes nas charcas, ante a mirada preocupada dos seus pais. Pero un día, cando unhas leas pretenden atacalo, convencido de que queren xogar, ceiba un ruidoso bocexo que as felinas interpretan como un ruxido e as leva a fuxir espavorecidas. Ao cabo, a simpatía de Amani namora a súa compañeira Utamu e ambos os dous acaban formando unha familia de animais pacíficos. As ilustracións, en acuarela, reforzan o texto e insisten no retrato do hipopótamo protagonista para poñer de relevo as súas expresións e comportamentos.

### **Referencias varias:**

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa das presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

- Mar Mato, “El hipopótamo que enamoró a Miguelanxo Prado”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 decembro 2019, p. 37/ *La Opinión*, 2 decembro 2019, contracuberta.

Comenta o argumento desta historia que é unha metáfora sobre a paz, xa que fala da competitividade e da necesidade de ser máis empático. Explica o significado do nome do protagonista e indica que a edición en castelán será feita por Norma, ademais de traducirse a outras linguas. Por último apunta que se publicará o próximo ano *O pacto do letargo*, primeiro libro da Triloxía Tríscele de ficción fantástica, a partir do pasado celta; e anuncia a representación da ópera bufa *O loro de Carlos V*.

- Ramón Rozas, “Cultural. Apuntes na crista do galo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 2 decembro 2019, p. 8.

Breve crónica sobre a celebración do Cultural, na que amenta a obra de Miguelanxo Prado, *Amani*.

- Maite Gimeno, “Da Silva y Prado alumbran ‘Amani’, alegoría de la paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 decembro 2019, p. 40.

Recóllense as declaracións de Kiko da Silva con motivo da presentación en Cultural de *Amani*, de Miguelanxo Prado, publicado pola súa editorial, Retranca. Sinala que a obra xa se reclamou dende distintas librerías de Galicia como lectura recomendada sobre o feminismo e a forma de entender a masculinidade. Apunta tamén que o álbum agocha unha mensaxe a prol da paz e a a convivencia e que a presentación foi un éxito, xa que en tan só unhas horas se venderon 60 exemplares.

- Jorge Casanova, “Miguelanxo Prado ‘Son tenaz, tirando a vago’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 13 decembro 2019, p. contracuberta.

Breve conversa con Miguelanxo Prado a propósito da publicación de *Amani*, do que sinala que está baseado nun feito real, pois é un animal que naceu nunha reserva con pouca testosterona, e cuxa historia cualifica de magnífica para propoñerlles aos máis pequenos e aos adultos ese tipo de lecturas. Fala tamén de que acaba de estrear a ópera *O loro de Carlos V*, en colaboración con Nani García, encargándose do deseño dos personaxes e a escenografía, e que deseguida publicará *O pacto do letargo*, unha historia con toques fantásticos que desenvolve a loita entre o ben e o mal e que será a primeira entrega dunha triloxía con historias independentes. Entre outros detalles relacionados cos seus estudos como arquitecto, que abandonou, menciona como as súas lecturas de cómic favoritas de rapaz *Tintín*, *Astérix* ou *Flash Gordon*, un mundo ao que chegou aos dezanove 19 anos.

**Reigosa**, Antonio, *O raposo aviador que voa sen motor*, ilustr. Laura Cortés, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 277, prelectorado e lectorado autónomo, marzo 2019, 37 pp. (ISBN: 978-84-9121-482-3).

Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958) dedica este libro a Xabier P. Docampo e Isidro Novo, “fabricantes de soños”, dous escritores desaparecidos cando o seu traballo xa estaba preparado. Nel utiliza o personaxe do raposo, como é habitual na súa obra, que adoita inspirarse na literatura popular, e as características que se lle atribúen no fabulario tradicional para as subverter. O breve relato caracterízase polo ritmo, manifesto na

constante sucesión de accións e as escasas descrições, a apelación á participación do lectorado, a integración de frases rimadas na procura de musicalidade e o humor, algúns acenos escatolóxicos, algunha que outra canción que se invita a cantar na lectura oral do texto e o final aberto. O fío argumental baséase no que lle aconteceu ao raposo Paquiño despois de ter un accidente co avión de latón que lle regalou o seu avó, tras o cal acaba ferido no fociño e sen o xoguete, que marcha río abaixo. Coa ilusión de botarse a voar, decide converterse el mesmo nun avión e, malia que ao primeiro leva máis zoupadas ca alegrías, axiña merca un casco, lentes, luvas e unha funda de neopreno e comeza a percorrer o ceo, suscitando envexas pero tamén denteira. Así, unha mañá de primavera voa polo Lamego para ver como nacen as margaridas; no inverno, vai ao curuto do Padornelo ver a primeira neve; e ademais contempla os paxariños e convida o seu amigo Ramiro. Afouto, embárcase en aventuras máis ousadas e engala rumbo a mar aberto e acaba na barriga da balea Cantimplora, na que atopa outros cinco golpes cantando en coro. Xuntos, conseguen que a balea tamén voe, aínda que ninguén, nin sequera o lobiño mandarín, cre a nova que acaba saíndo nos xornais. O texto vai acompañado das ilustracións da debutante Laura Cortés (Chantada, 1982), que o complementan ao fuxir da literalidade do texto. Ademais, plasman o dinamismo do relato, o humor e o espírito optimista que desprende, e insisten nas expresións dos personaxes, en particular as do raposo protagonista.

**Rielo, Pedro, *Detrás dos perdidos*, Premio de Novela Xosé Neira Vilas 2018, Ferrol: Edicións Embora, col. O Globo, mocidade, xuño 2019, 272 pp. (ISBN: 978-84-17824-07-5).**

Pedro Rielo (Pontevedra, 1972) constrúe unha narración memorialística en primeira persoa na que o protagonista, Fran, un rapaz de 15 anos, se remonta ao verán de 1986, cando malia aos seus desexos de quedar en Pontevedra cos amigos, facendo surf e saíndo con Carme, a rapaza máis desexada do instituto, debe ir cos pais e a súa irmá pequena Clara á aldea dos avós, Caldarcos, na Terra Chá. Fran, fillo dun profesor de Literatura española e dunha xornalista, en plena etapa de rebeldía adolescente, renega dos intereses dos pais, expresa os seus prexuízos sobre un lugar que lle parece o máis frío do mundo e a versión autóctona do *far-west* e teme o aburrimiento por ter que estudar as matemáticas que lle quedaron para setembro. Con todo, malia a ausencia de televisión, que cómpre ir ver ao tele-club, acaba descubriendo historias como a de Froilán, o guerrilleiro oculto no faiado da casa polo seu avó Domingo; asiste ás conversas da avoa Dolo coas vacas e co seu home morto; e coñece a Moncho e unha rapaza que se parece a Cindy Lauper. Ademais, acaba sabendo que, polas noites, a avoa espera o Grupo dos Perdidos, as almas dos mortos para axudalos a cumprir as súas promesas para que descansen en paz. Ao cabo, Fran confesa que se sente depositario dun legado, que “aquele verán no salvaxe Oeste de casas con tellados de lousa, baiucas, e de praias soñadas, foi a semente corsaria de todo”, e comprende que a aldea era un universo que lle abriu paso á idade adulta. O texto vai acompañado dalgunhas fotografías da aldea e da súa avoa, de obxectos persoais do protagonista (transposición do autor) –como o seu libro de matemáticas de Santillana ou a tarxeta dunha discoteca–, da súa serie favorita de televisión, *Magnum*, ou dun bote de Colacao. Estas imaxes, xunto coas referencias manexadas (filmes, libros, canción) remiten á década dos 80, distantes dun lector actual e que funcionan como crónica dun tempo e dunha xeración. A narración estrutúrase en catorce capítulos de rimo pausado e caracterízase polo léxico dialectal e abondosos erros léxicos e gramaticais de vulto.

### Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “Voces no tan ocultas”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “Vivir aquí”, “Lecturas”, 5 decembro 2019, pp. 66-67.

Entre outras iniciativas culturais e de lecer, informa da presentación na Librería Paz desta obra en compañía do catedrático de galego Anxo González.

- Cuca M. Gómez, “Días de ocio variado y sin paraguas”, *Diario de Pontevedra*, “Álbum”, n.º 983, “reviSta”, “La semana de Cuca M. Gómez”, 7 decembro 2019, pp. 66-67.

Entre outras actividades culturais, informa da presentación desta novela na Librería Paz na que o autor estivo acompañado de Anxo González Guerra.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita a novela *Detrás dos perdidos* de Pedro Rielo.

**Ripalda**, Xosé Lois, *Volve o inspector chumbo*, Vigo: Ir Indo, col. Contacontos, máis de 10 anos, 2019, 155 pp. (ISBN: 978-84-7680-743-9).

Logo das dedicatorias á rapazada de dous centros de ensino aos que o autor foi convidado, e nos que foi ben recibido, e coa cita “O éxito é a suma de pequenos esforzos repetidos día tras día”, da autoría de Robert Collier, ábrese este volume de Xosé Lois Ripalda cunha “Introdución” na que se anticipa o que o lectorado vai atopar: “o Inspector Chumbo en acción para resolver os novos casos que se lle presenten”. A agudeza, a fiúza, a paciencia e a humildade, así como outras características, preséntase neste texto inicial como as súas armas para chegar ao éxito de todas as súas iniciativas. Deste xeito, Chumbo será quen de resolver as case trinta historias que a seguir se relatan entre as que se atopan casos vinculados con partidos de fútbol, con roubos de diferente tipo, con moedas falsificadas, con diferentes animais etc.

### Recensións:

- Pilar Ponte, “Folerpas con maxia. Un inspector coma os de antes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 718, “Libros”, 20 xuño 2019, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 29 xuño 2019, p. 6.

Insta á lectura da nova lectura sobre o inspector Chumbo. Explica que o libro se compón de vinte e cinco historias que en ocasións agochan interpretacións do autor de problemas da actualidade, coma os incendios forestais. Salienta no volume a pegada da tradición oral e a sinxeleza da prosa.

**Rivada Arias, Julia**, *Basi e os seus amigos*, ilust. Víctor Rodríguez Romero, Vigo: Belagua Ediciones y Comunicación, prelectorado, febreiro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-949517-1-8). ■

Álbum de formato apaisado e tapa dura escrito por Julia Rivada Arias (San Estevo do Sil) para traballar a educación en valores no que o protagonista é un basilisco chamado Basi que ten corpo de galo, sapo e serpe, unha ollada maligna e cheira mal. O seu carácter decidido fai que emprenda unha viaxe para satisfacer a súa curiosidade sobre o que haberá tras as montañas nas que vive cos seus conxéneres, non sen antes facer uns anteollos cun anaco de ceo para non asustar a ninguén coa súa ollada. De camiño bate cun sapo, un galo e unha serpe que, malia rexeitar o seu mal cheiro, deciden acompañalo. Ao chegaren a campo con froiteiras e lavanda, acordan quedar alí para construíren unha comunidade na que impera o lema “Eu son ti. Ti es eu”. A historia pretende transmitir unha mensaxe de integración, amor á diferenza e respecto polo que cada un é, ademais de defender a solución dos problemas con boas intencións e empatía. As ilustracións, con ceras de cores e elementos superpostos, son do profesor de plástica Víctor Rodríguez Romero.

### **Referencias varias:**

- Fernando Franco, “Julia, Basi e os seus amigos”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 5 xuño 2019, p. 9.

Anuncia a presentación desta obra en Librouro.

**Rodríguez Rodríguez, Anaír**, *Pioneiras 2. Galegas que abriron camiño*, ilust. Abi Castillo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, febreiro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-9121-464-9).

Libro ilustrado asinado por Anaír Rodríguez Rodríguez (Vigo, 1978) que conta con debuxos de Abi Castillo. Nel recóllense as biografías de once mulleres galegas que tiveron unha presenza moi salientábel nalgún ámbito da sociedade (cultural, científico, deportivo etc.), rompendo así coas limitacións tradicionalmente impostas ao seu sexo e abrindo o camiño a todas as mulleres que viñeron detrás delas, como ben indica o subtítulo da obra. As biografías que se presentan pertencen á astrónoma Antonia Ferrín, á arquitecta Rita F. Queimadelos, á precursora do hóckey sobre herba Antonia Sanjurjo, á actriz Mercedes Mariño, á escritora Ángela Ruiz Robles, á astronauta Elisa Patiño, á alcaldesa Concepción Pérez Iglesias, á mestra María Barbeito, á inventora Joaquina García, á farmacéutica Manuela Barreiro Pico e á fotógrafa María Cardarely.

### **Recensións:**

- Mila Méndez, “Pioneiras’ volve descubrir a vida de galegas de cine”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Cultura”, 15 febreiro 2019, p. 9.

Indica que esta nova entrega contén doce biografías de mulleres que tiveron un papel destacábel na primeira metade do século XX e acompañaase de ilustracións de Abi Castillo.



- Marta Neira, “O labor pioneiro das mulleres nun volume de Xerais”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 agosto 2019, p. 6.

Comenta que este novo volume dá a coñecer a vida de once mulleres galegas: a primeira astrónoma, Antonia Ferrín; a primeira arquitecta, Rita F. Queimadelos; a precursora do hóckey sobre herba Antonia Sanjurjo; a primeira actriz en escenarios americanos, Mercedes Mariño; a creadora do primeiro libro electrónico, Ángela Ruiz Robles; a primeira aeronauta, Elisa Patiño; de Concepción Pérez Iglesias, a primeira alcaldesa; a mestra María Barbeito, pioneira da renovación pedagóxica; de Joaquina García, inventora dun dos primeiros traxes de auga; a primeira licenciada, a farmacéutica Manuela Barreiro Pico, e de María Cardarely, a primeira fotógrafa con estudio propio.

### Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “De Lemaitre á Rosalía feminista”, *La Voz de Galicia*, “Libros”, “Galego”, 15 xaneiro 2019, p. 4.

Nun artigo coas novidades literarias en galego de 2019, amenta *Tirs días e unha vida*, de Pierre Lemaitre; *Números vermellos*, de Ana Fontenla; *O último barco*, de Domingo Villar; *Carta a unha profesora*, de Escola de Barbiana; *Pioneiras 2*, de Anaír Rodríguez; e *Rosalía feminista*, de Helena González.

- A. Baena, “Once mulleres que abriron camiño”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 febreiro 2019, p. 14.

Anuncia a chegada do segundo volume de *Pioneiras*, indicando que terá como protagonistas a Antonia Ferrín, Rita F. Queimadelos, Antonina Sanjurjo, Mercedes Mariño, Ángela Ruiz Robles, Elisa Patiño, Concepción Pérez Iglesias, María Barbeito, Joaquina García, Manuela Barreiro e María Cardarely. Recolle as declaracións da autora, que indica que a selección foi igual que no primeiro volume, representando distintos ámbitos profesionais e sociais de mulleres que viviron entre a segunda metade do século XIX e comezos do XX.

- X. L. Méndez Ferrín, “Antonia Ferrín espreita as estrelas”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 1.108, 23 febreiro 2019, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 645, “No fondo dos espellos”, 2 marzo 2019, contracuberta.

Fai un repaso pola traxectoria vital da súa tía Antonia Ferrín, muller pioneira no eido das matemáticas en Galicia, e indica que a súa figura aparece referenciada no libro infantil *Pioneiras 2* (Xerais, 2019) da escritora Anaír Rodríguez e a ilustradora Abi Castillo no que destacan a mulleres galegas que foron precursoras no seu tempo.

- Manuel Bragado, “Poñer ao mundo ao revés”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 5 marzo 2019, p. 22.

Indica que este volume recupera do esquecemento mulleres ocultadas, como Antonia Ferrín, Antonina Sanjurjo etc., pioneiras no feminismo. Reivindica promover os valores de igualdade e liberdade a través da educación

- Ana Abelenda, “El futuro lo escriben ellas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 8 marzo 2019, pp. 1-2.

Recomenda unha serie de obras escritas por mulleres para a reivindicación do Día Internacional da Muller Traballadora. Fai alusión ás seguintes obras escritas en lingua galega: *Rosalía feminista* (Xerais, 2019) de Helena González; *Pioneiras 1 e Pioneiras 2* (Xerais, 2018, 2019) de Anaír Rodríguez; *Números vermellos* (Galaxia, 2019) de Ana Fontenla; *Senlleiras* (Galaxia, 2018) de Antía Yáñez; *Mamá quero ser Ziggy Stardust* (Xerais, 2018) de Iria Misa; e *Os bicos feridos* (Galaxia, 2018) de Anna R. Figueiredo.

- Selina Otero, “Nas idades temperás os prexuízos aínda non están asentados”, *Faro de Vigo*, “*Faro da educación*”, n.º 389, “Lecturas Emocionantes”, 26 marzo 2019, p. 7.

Fala de que esta obra recupera a primeira alcaldesa galega, a primeira fotógrafa e a primeira universitaria, entre outras mulleres, e comenta a reacción dos nenos nos colexios que se interesan pola igualdade de xénero e que fuxen dos prexuízos.

- Lourdes Varela, “Anaír Rodríguez. ‘Con *Pioneiras*, quero transmitir o protagonismo feminino na Historia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 708, “Entrevista”, 11 abril 2019, p. V.

Entrevista a Anaír Rodríguez na que responde a preguntas relacionadas coa recente publicación do segundo volume de *Pioneiras*. Explica os criterios de selección que aplicou para a escolla das protagonistas e fala sobre o proceso de documentación. Resalta o traballo de ilustración de Abi Castillo e amosa a súa fascinación pola historia de Irene González.

- Irene Pérez Díaz, “Escritores y lectores se citan en Méndez Núñez”, *La Opinión*, “A Coruña”, 30 xullo 2019, p. 8.

Nota que dá conta das actividades que se realizaran na edición número 48 da Feira do Libro da Coruña e que anuncia que a pregoeira será a poeta Pilar Pallarés, Premio da Crítica Española 2018. Sinálase que a alcaldesa da cidade, Inés Rey, anunciou o lema desta edición: “Máis que palabras”, en homenaxe a Antón Fraguas, protagonista do Día das Letras Galegas 2019. Entre os escritores galegos que asistirán menciónase a Manuel Rivas, así como a presentación do volume *Versos e viceversos*, de Antonio García Teijeiro e Juan Carlos Martín. Así mesmo, anúnciase a presenza de autores xurdidos nas redes como o poeta Iago de la Campa; a *youtuber* coruñesa Isabel Villanueva, que asinará o seu primeiro libro, *Palabras da miña vida*; e a ilustradora de *Pioneiras*, Nuria Díaz.

- S. Fernández, “Las novelas de Leticia Costas y Domingo Villar triunfan en casa”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 24 agosto 2019, p. 9.

Artigo sobre a literatura que máis triunfa entre os vigueses no verán, no que amenta *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijoo. Entre os títulos de literatura infantil, destaca *O monstro de cores* e *Os fantasmas non petan na porta*. Destaca tamén libros “de corte feminista”, como *Pioneiras*, de Anaír Castillo.

**Seijas**, Antonio, *O soño da serpe*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 110, mocidade e lectorado adulto, febreiro 2019, 168 pp. (ISBN: 978-84-9151-305-6).

Primeira novela de Antonio Seijas (Ares, 1976), artista do eido da banda deseñada na que, como é habitual nas súas creacións, aposta por un ambiente onírico e misterioso. A protagonista do relato é unha moza de 19 anos chamada Luz que estuda Historia da Arte en Compostela, e o fío condutor do relato é a súa viaxe onírica. Con motivo da morte da súa nai e da súa irmá, Luz, unha rapaza de Redes que comeza a estudar na universidade, principia un descenso aos infernos para coñecer as súas raíces e o seu pasado. Unha misteriosa muller chamada Arianna irrompe na súa vida para lle infundir esperanza, alegría, optimismo e felicidade, e con ela emprende unha viaxe na que os soños se engarzan con historias paralelas que decorren en Ares e Redes. A novela mestura realidade e fantasía ao longo de 37 capítulos de breve extensión máis un epílogo cuxa carga simbólica recae na figura da serpe.

### **Recensións:**

- Vicente Araguas, “Soño con serpes”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.080, 14 xullo 2019, p. 32.

Ofrece unha recensión da novela na que se informa do argumento e dos principais personaxes da mesma. Destaca que se trata dun libro lixeiro que mistura a imaxinación con realidade, e a capacidade de escritura que ten o autor, ao adicarse tamén á ilustración.

**Seijas**, Cristina, *Isabel, a abella sen mel*, ilust. Cristina Seijas e José Blanco, Sevilla: Babidi-Bú, col. La casita esdrújula, setembro 2019, [22] pp. (ISBN: 978-84-167679-08-8).

A profesora Cristina Seijas (Lugo, 1988) e o ilustrador José Blanco son os responsábeis deste libro en formato apaisado publicado ao mesmo tempo en galego e castelán nunha editorial sevillana que se ofrece en Internet para editar todo tipo de libros, independentemente da traxectoria dos seus autores e sen filtro ningún de calidade. O volume ábrese cunha páxina dedicada a resumir o argumento do libro e unha declaración de intencións na que se afirma que a literatura infantil debe servir para ensinar ademais de para divertir e estender valores, neste caso centrados na educación ambiental. A seguir comeza unha sucesión de imaxes cos textos colocados ao pé e vaise contando a tristura da abella Isabel por non poder facer mel ante a ausencia de flores, de maneira que percorre a selva e lles vai preguntando aos diferentes animais cos que se atopa: a serpe Intelixente, a coala Gala, o armadillo Pillo, a xirafa Rafa, o oso Meloso e o coello Alexo, quen lle dá a solución. O máis salientábel do libro son as ilustracións, fotografías que presentan as diferentes escenas, construídas con materiais de reciclaxe. Pola contra, o texto presenta grandes deficiencias na redacción e a puntuación, mesmo faltas de ortografía, o que contrasta cos supostos valores que se afirma querer defender.

**Solar**, María, *Quokka Moka*, ilust. Víctor Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 278, lectorado mozo, 2019, 152 pp. (ISBN: 978-84-9121-483-0).

O relato, organizado en catorce breves capítulos, recolle as vivencias de Quokka Moka, un pequeno marsupial egoísta e insoportábel que está en perigo de extinción. Entre as moitas falcatruadas que a pequena Quokka leva a cabo decotío salienta unha que, sen dúbida, vai marcar un antes e un despois na historia e na vida da especie deste tipo de canguros: o derrubamento involuntario do pequeno tobo no que vivía a súa gran familia. Esta trasnada provoca a desaparición de case toda a súa especie, tal como llo explica a avoa á pequena. As únicas que conseguen sobrevivir a esta catástrofe son a avoa, o espírito do sapo Roco e a protagonista. Estes tres personaxes deberán viaxar até o Antiuniverso onde habitan os equivalentes á especie das quokkas: os quokkos. A pequena Quokka Moka vese na obriga de casar cun deles para asegurar así a continuidade da especie e evitar a súa futura desaparición do planeta. O percorrido que os personaxes fan até chegar ao Antiuniverso está marcado pola ollada inxenua da protagonista infantil que por primeira vez comeza a ver un universo diametralmente oposto ao seu, onde as cousas saen do "común" e funciona ao "revés". Valores básicos como a amizade, o amor, a igualdade, a importancia de respectar aos demais, a empatía e a tolerancia son fundamentais no desenvolvemento da trama argumental.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Quokka Moka do outro lado do espello”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.080, 24 marzo 2019, p. 30.

Salienta a escritora María Solar como referente da LIX e da literatura para adultos, que foi traducida a múltiples idiomas. Comenta que esta historia está protagonizada por un Quokka, unha especie de marsupial, famoso pola súa expresiva e sorriete cara, pero con moito temperamento. Indica que fai unha reflexión sociolóxica coas aventuras de Quokka Moka, que emprenderá unha viaxe por un mundo cheo de contradicións co seu amigo espectral, o sapo Roco, e a súa avoa en busca do amor. Destaca que é unha historia de superación, amizade, solidariedade e crecemento persoal dende unha perspectiva divertida e amena.

- María Navarro, “Desenfadada e divertida. De quokkas e wombats”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 708, “Libros”, 11 abril 2019, p. VI.

Recensiona o libro explicando brevemente o argumento e destaca o ton divertido e cómico da escrita de María Solar en complicidade das ilustracións de Víctor Rivas.

- Montse Pena Presas, “Tres propostas diferentes”, *Sermos Galiza*, n.º 348, “*fóradeserie*”, “letras miúdas”, 30 maio 2019, p. 7.

Nunha serie de propostas literarias, amenta *Quokka Moka*, explicando de xeito breve o argumento da novela, que, segundo Pena Presas, “explota o lado máis humorístico e o perfil biolóxico da escrita da autora”.

### **Referencias varias:**

- Carlos Crespo, “María Solar. ‘Rir sempre parece guai, pero pode ser problemático’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “letras”, 20 setembro 2019, p. 4.

Recolle declaracións de María Solar sobre o seu último libro, *Quokka Moka*, sobre o cal indica que parte dun relato de aventuras, con moito humor, tenrura e fantasía, que se desenvolve nun universo e nun antiuniverso delirante. Salienta os valores de tolerancia e respecto presentes na obra.

**Somoza**, Isabel, *Mariña*, ilustrada pola autora, Lugo: edición da autora, lectorado mozo e adulto, 2019, [26] pp. (ISBN: 978-84-09-09303-8).

Álbum editado a través da técnica do *crowdfunding* por Isabel Somoza (Lugo, 1973), licenciada en Belas Artes, técnico en gravado e estampado, responsábel do centro de gravado Augatinta de Lugo e vinculada a Confeccións García, unha das mercerías máis veteranas da cidade, fundada pola súa familia en 1955. A protagonista, Mariña, preséntase na cuberta, montada nun triciclo, e a voz narradora en terceira persoa conta, a través de frases breves, as diferentes experiencias que vive na xastrería do avó, onde os probadores lle parecen un lugar escuro e perigoso, as caixas tornan en agochos. A cativa cruza o plano debuxado da tenda e mostra en cada ilustración as diferentes estancias dende a súa perspectiva, recreándoas con debuxos a lapis nos que superpoñen diferentes elementos (cartóns, recibos, facturas, botóns, cordas, selos antigos de caucho, etiquetas) mediante a técnica da colaxe para crear volumes, entre eles, un moneca articulada ou unha tarxeta escrita a máquina. Na páxina final preséntase tamén o texto en castelán, nun volume editado sen unha necesaria revisión lingüística que corrixa os numerosos erros léxicos e gramaticais que presenta.

#### **Referencias varias:**

-María M. Guntín, “Isabel Somoza: El cuento es un elogio a los juegos”, *La Voz de Galicia*, 22 xuño 2019, p. 20.

Anúnciase a presentación do volume en Lugo, cunha tiraxe inicial de 400 exemplares. Indícase que Isabel Somoza recupera neste álbum recordos da súa infancia, vinculada á mercería Confeccións García, con máis de 50 anos de historia, situada na rúa de San Pedro de Lugo, e define o libro como un eloxio aos xogos nese espazo e unha homenaxe aos seus avós, fundadores do comercio en 1955.

**Tobaruela**, Pere, *Lume no ceo*, ilustrado por Víctor Boullón, A Coruña: Baía Edicións, col. Trebellos, n.º 1, lectorado autónomo, setembro 2019, 74 pp. (ISBN: 978-84-9995-326-7).

Cos recursos habituais presentes nun guión de cinema de ciencia ficción, Pepe Tobaruela (Barcelona, 1965) constrúe a primeira entrega dunha serie ambientada no futuro, cando o planeta Terra vive momentos convulsos des que foi habitada por seres con poderes especiais e sen escrúpulos que loitan por tomar o poder. Neste marco, os Trebellos, Ca, a Computadora Autónoma; Ru, o Robot Ultralixeiro; e Xem, Xerador Espacial Magmático, que conforman a única Unidade da Garda Terráquea supervivente da Guerra Infinita, combaten contra o inimigo, Draco, un dragón robotizado responsábel das gretas na capa de ozono en diversos puntos do planeta. O estilo decántase pola descrición de accións e movementos para amosar as batallas que se viven no firmamento, ao igual que as ilustracións de Víctor Boullón (Santiago de Compostela, 1979), que se inspira na estética do filme da Guerra das Galaxias e pon en imaxes os seres robotizados e as loitas.

\_\_\_\_\_, *Misión Camiño de Santiago*, ilustr. Andrés Meixide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Formig4s, n.º 5, lectorado mozo, abril 2019, 106 pp. (ISBN: 978-84-9121-504-2).

Quinta entrega da serie creada por Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) que ten como protagonistas a Formos4, Forx4n, Fornel4 e Form4il, os catro integrantes dos Formigas, unha brigada especial dedicada a resolver complicados enigmas. Nesta aventura a brigada investiga o roubo dos restos do Apóstolo Santiago na Catedral da cidade, para o cal deben viaxar no Formitransformador ao ano 44 na cidade de Xerusalén e rescatar o cadáver do seguidor de Xesucristo. Tras logralo e fuxir do seu inimigo, o doutor Paumao, emprenden a peregrinación até Gallaecia seguindo as etapas que conta a lenda e sorteando múltiples perigos. Ao cabo, logran escapar da morte na corte da raíña Lupa e viaxan de volta ao século XXI cos restos do Apóstolo. A narración, estruturada en dez capítulos nos que predomina a acción e o xogo con distintas graffias, insire textos informativos sobre o Camiño de Santiago e a construción da Catedral. As ilustracións en branco e negro de Andrés Meixide (Vigo, 1970) amosan unha grande influencia da linguaxe da banda deseñada e enriquecen o texto con acenos humorísticos.

**Veiga, Ramón D.**, *A araña que lles tiña medo ás arañas*, ilustr. Iván R., Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín. Álbums, prelectorado e lectorado autónomo, outubro 2019, [32] pp. (ISBN: 978-84-9121-585-1).

Terceira obra de Ramón D. Veiga (Ferrol, 1970) tras *Violeta quere ser vampiro* (2017) e *É tempo de Entroido* (2018), neste caso un álbum que recorre a un breve texto de estrutura enumerativa e circular e que combina a descrición con algúns diálogos nos que se utiliza a rima consoante para desenvolver unha historia de medo e humor. A protagonista é unha araña que se enfrenta con ousadía a un sapo, unha ra, un galo, un lagarto e unha nena, e, co seu enxeño, conserva a vida. Porén, espántase diante dun ser da súa mesma especie e, aínda máis, ao se ver a si mesma reflectida nun espello. As sinxelas pero expresivas ilustracións de Iván Rodríguez Castro (Nigrán, 1980) reflicten os obxectos e os espazos sen perder a perspectiva da araña protagonista.

### **Referencias varias:**

-Belén Bouzas, “Adictas ao cartoné”, *Sermos Galiza*, “fóra de serie”, n.º 376, “letras miúdas”, 12 decembro 2019, pp. 6-7. .

Presenta as últimas novidades de álbums ilustrados de cara ao Nadal, mencionando *O can de Milú*, con texto e ilustracións de Mariann Máray e vertido ao galego por Manuela Rodríguez; *A que cheiran as cores?*, de Juan Castro Rivadulla Fernández e con ilustracións de Nuría Díaz; *A araña que lles tiña medo ás arañas*, de Ramón D. Veiga con ilustracións de Iván Rodríguez Castro; *Noite de Reis*, de María Fe Quesada; e *O Castiñeiro do Apalpador*, de Inácio Vilariño Sanmartín e con ilustracións de Nuria Díaz.

**Villar, Rafa**, *O libro dos outros oficios*, XVI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, ilust. María Villarino, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2019, 55 pp. (ISBN: 978-84-16643-26-4). ♦

Volume que recolle o texto de Rafa Villar (Cee, 1968) e as ilustracións de María Villarino (Ourense, 1975) galardoados ambos polos seus traballos co Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez na edición de 2019. Trátase dun conxunto de 33 relatos breves vinculados coa tradición literaria ben cultivada na produción galega de describir oficios inexistentes, todos eles femininos. Así, a voz narrativa en terceira persoa explica en que consisten labores como os da afinadora de ventos, a apalpadora de estrelas, a apañadora de medos, a buscadora de chaves extraviadas, a perseguidora de globos, a fareira de illas inexploradas, a probadora de alfombras voadoras, a rastrexadora de lúas ou a regaladora de solpores, entre outros. A ilustracións, realizadas con lapis de cores, mostran as personaxes desempeñando os oficios descritos.

**Villar Janeiro, Helena**, *Fina a pirata*, ilust. Abi Castillo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Álbums, lectorado autónomo, xullo 2019, [38] pp. (ISBN: 978-84-9151-354-4).

A protagonista deste conto ilustrado escrito por Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) é Fina, unha nena que sofre un accidente na súa casa, o cal lle serve á autora para abordar o tema da cooperación entre iguais, a amizade e a aceptación das persoas que sofren algunha discapacidade. O accidente de Fina déixaa sen parte da perna, polo que o seu pai, que é carpinteiro, lle fai unha pata de pau até que dispoña dunha prótese. Fina volve ao colexio e é recibida con moito cariño polos seus compañeiros. Todos xuntos tratan de buscar un xogo no que a cativa poida participar, e ao se decatarse de que, coa súa pata de pau, Fina parece unha pirata, deciden xogar aos piratas. Todos xuntos van resolvendo os problemas que xorden e rematan vivindo grandes aventuras no recreo até que a Fina lle colocan a perna ortopédica. As ilustracións de Abi Castillo (Vigo, 1987) acompañan o texto.

### Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, “Nenas e nenos son poetas, con ese pensamento máxico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 397, “Lecturas emocionantes”, 24 setembro 2019, p. 3.

Sinala que o seu primeiro poemario foi *Alalás* (1972), influenciado por Juan Ramón Jiménez, pero que axiña comezou a escribir en galego e a se decantar pola creación da aínda inexistente literatura infantil. A seguir, menciona títulos como o álbum de cancións *O libro de María* (1983), refírese ao seu traballo no eido da educación, aos proxectos compartidos con Xesús Rábade, e tamén ao seu labor no eido da poesía, xénero que, ao seu ver, traslada o pensamento máxico dos nenos e nenas, a vivencia corporal dos ritmos, o desprazamento semántico das palabras, a prosopopea ou animación do mundo, o gozo de xogar coa lingua... Dos seus libros destaca “a dignidade humana, a igualdade entre xéneros, as relacións interxeracionais, o respecto pola terra, e a diversidade do noso patrimonio cultural e natural”, e sobre *Fina a pirata* comenta que é o único libro que procede da escola unitaria dos Ancares na que traballou con pouco máis de vinte anos e que daquela axudaron a protagonista a conseguir afouteza na adversidade e a integración total na vida comunitaria.

**Yáñez, Antía, *Be Water*, Arzúa: Cuarto de Inverno, col. Xuvenil, mocidade, novembro 2019, 115 pp. (ISBN: 978-84-09-15876-8).**

Título que serviu de presentación á editorial Cuarto de Inverno, co que Antía Yáñez (Burela, 1991) foi finalista do I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. Trátase dun relato distópico que se desenvolve na sociedade do ano 2843, na que os seres humanos viven organizados en Colmeas, rexidos pola Raíña topoderosa que domina os demais, simples obreiros e obreiras, e na que a auga é o ben máis prezado e convertido en moeda de cambio. Tras a Era Superficial e o Gran Cataclismo, a humanidade sobrevive baixo terra, en estruturas elípticas con minúsculos cubículos hexagonais e sometida a unha rixida e estratificada organización social que privilexia a disciplina. A protagonista, Iolanda, unha adolescente de dezaseis anos cuxa única familia é o seu curmán Fabián e a súa filla Lucrecia, acorda escapar polos túneles dos que lle falara a súa desaparecida avoa logo de recibir a inesperada axuda do Abázcaro Aquiles, pai da súa filla tras unha relación sexual esporádica e ao servizo exclusivo da Raíña Hera. O desenlace deixa espazo á esperanza, cando Iolanda logra fuxir da opresión e saír a un mundo rexenerado. O relato estrutúrase en catro partes que remiten polos seus títulos a obras literarias: “A Colmea”, “Utopía”, “Grandes esperanzas” e “A Odisea”, e pon de relevo temas como a condición de muller no marco desa sociedade opresiva e sen auga, pois nela estipúlanse os cobros en líquido segundo o sexo; as dificultades que arrodean a maternidade en solitario; as desigualdades sociais; a degradación do medio ambiente; ou a mercantilización dun recurso como a auga.

#### **Referencias varias:**

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa das presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

- Ramón Rozas, “Medrar no niño. Voar en liberdade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 16 decembro 2019, p. 6.

Indica que esta obra, xunto con *Irmá páxaro*, de Tamara Andrés, foron finalistas do I Premio María Victoria Moreno e inician a andaina do novo selo editorial Cuarto de Inverno, dirixida por Andrea Jamardo e David Cortizo. Comenta que ambos son escritos por mulleres e que deitan unha ollada feminina sobre a identidade ou o ecoloxismo. Por último, indica as tres liñas de publicación (infantil, xuvenil e adulta) cunha “diversidade” de propostas.

\_\_\_\_\_, *O misterio do torque de Burela*, ilustrado por Kristina Sabaite, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 229, serie verde, maio 2019, 225 pp. (ISBN: 978-84-9151-355-1).



Antía Yáñez (Burela, 1991) recupera nesta novela de misterio os rapaces protagonistas de *O misterio de Portomarín* (2016), os irmáns Antón e Sabela (de 13 e 12 anos) e Iria e Carola (de 10 e 9 anos), e mais o seu can Venres) para pescudar un novo enigma, botando man, no deseño da aventura, dalgúns dos recursos da serie xa clásica de *Os cinco*, de Enid Blyton. A trama baséase na investigación do roubo do torques de Burela que ten lugar no Museo Provincial de Lugo mentres os irmáns o visitan cos pais cando se dirixen a Burela nas festas do Nadal para asistiren á voda de Úrsula, unha amiga da súa nai. O grupo acolle tamén os fillos de Lino, a parella desta, os rapaces de raza negra Manu (de 9 anos) e Isa (de 12), e, grazas ao seu traballo en equipo e poñendo cadaquén as súas habilidades e coñecementos, acaban descubrindo a participación no roubo de Xiana, a sobriña de Úrsula, sometida ás imposicións da seita á que pertence, e salvando a vida de Isa. A novela acolle a referencia aos lugares turísticos e a forma de vida da vila –o monte Castelo, o Cantiño, as praias, o porto, o Barco Museo Boniteiro etc.–, ademais de integrar conceptos que a voz do narrador omnisciente explica no relato (anisocoria, a menstruación, as seitas) ou opinións sobre diferentes temas sobre os que os nenos se pronuncian dende a súa ollada (as relacións entre homes e mulleres, o amor, o paso á adolescencia, as preocupacións dos adultos, a existencia de familias que non comparten o mesmo sangue ou uso de armas nos Estados Unidos de América). Salientan tamén as pinceladas de humor (fundamentalmente a través do descaro de Carola, a máis pequena dos irmáns) e a humanización do can que axuda a resolver o misterio. A novela estrutúrase en dez capítulos que adiantan o seu contido nos títulos e nos que predomina o diálogo entre os rapaces e os seus movementos en detrimento da descrición. As dez ilustracións de Kristina Sabaite (Kaunas, Lituania, 1979), en tonalidades grises nas que se destaca algún elemento en cor laranxa, retratan os personaxes e os escenarios nos que transcorre a acción.

## VII.1.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

**Carreiro**, Pepe, *Os Bolechas. 20 aniversario*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Bolanda, col. 4 libros en 1, 2019, [78] pp. (ISBN: 978-84-17702-84-7).

Volume que reúne as aventuras máis famosas dos Bolechas, os personaxes nados en 2000, con motivo do seu vixésimo aniversario. O presente volume contén catro aventuras protagonizadas por Chispa, Carlos, Pili e Loli, Braulio, Sonia e Tatá: Os Bolechas xogan ás escondidas, Os Bolechas teñen un gato, Os Bolechas perderon o can e Os Bolechas fan un carro.

**Casalderrey**, Fina, *Unha pantasma branca*, ilustr. Cristal Reza, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 35, lectorado autónomo, febreiro 2019, 108 pp. (ISBN: 978-84-9995-310-6).

Nova edición actualizada ortograficamente deste relato de Fina Casalderrey (Xeve, 1951), publicado orixinalmente en 2000 na colección “Montaña encantada” da editorial Everest Galicia, cuxa protagonista é unha curuxa, a pantasma branca, vinculada ao mal agoiro na cultura popular galega. Diego Gamallo e a súa irmá xemelga Paula, dous cativos de 10 anos, resolverán o misterio da pantasma branca que apareceu en Penagrande e tentarán convencer a avoa de que se trata dun paxaro manso ferido que non traerá desgraza ningunha á casa, malia que Diego sofre un accidente ao caer dunha árbore e acaba no hospital. Alí, grazas ás informacións que lle proporciona o ornitólogo Xosé Manuel Hermida, sabe que as curuxas son moi beneficiosas para o medio ambiente. Nos capítulos restantes é a curuxa macho Bocagrande a que conta a súa vida e o seu amor por Pinguíñas, o nacemento das súas crías e o momento no que Diego as descubriu na árbore que lles servía de refuxio e Pinguíñas morreu por accidente. As ilustracións da edición anterior, realizadas por Xosé Cobas, substitúense agora polas de Cristal Reza (Celanova), realizadas en branco e negro, que poñen en imaxes as principais escenas do relato.

### Recensións:

-Mario Regueira, “Historias de animais”, *Sermos Galiza*, n.º 344, “Fóra de serie”, “Ao pé da letra”, 2 maio 2019, p. 6.

Indica que esta obra publicada fai máis de vinte anos conta a relación que teñen dous irmáns cunhas curuxas, animalíños con mala fama. Tamén comenta que os contos desta autora, destinados ao público infantil, destacan pola súa sinxeleza e os diálogos moi verosímiles que recollen un galego rico e vizoso.

**Cortizas**, Antón, *Os gritos das illas Lobeiras*, ilustr. Leandro Lamas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 74, lectorado mozo, 2019, 264 pp. (ISBN: 978-84-9121-544-8).

Reedición noutra colección da obra coa que Antón Cortizas (Ferrol, 1954) acadou o Premio O Barco de Vapor en 1995, acompañada agora das ilustracións de Leandro Lamas (Narón, 1973). Trátase dunha novela de ambientación mariñeiro na que se aborda a viaxe de maduración persoal emprendida por un rapaz discapacitado que logra superarse a si mesmo. A comezos do século XX, na taberna dunha vila mariñeira, Lino, un rapaz discapacitado, coñece a historia dos gritos das illas Lobeiras a través do vello lobo de mar Xosé o Gaivota. Como depositario do segredo, á morte do mariñeiro, Lino sae ao mar e chega á illa do Pasado, onde pode camiñar sen muletas e consegue falar a través do seu propio eco con Xosé. Despois, navega até a illa do Futuro, onde sente a súa voz rouca e o seu corpo envellecer. Finalmente, diríxese a Punta Herminia e acaba sendo remolcado á súa vila por un buque para se reunir cos seus seres queridos e atopar un sucesor como gardián do segredo.

**Maceda, Beatriz, *Man: o alemán de Camelle*,** ilustr. Laura Veleiro, A Coruña: Medulia Editorial, col. Troquel, lectorado autónomo, setembro 2019, 50 pp. (ISBN: 978-8412057942).

Reedición deste álbum ilustrado publicado por vez primeira en 2012 pola editorial Galebook e que agora muda de selo. Trátase dunha edición corrixida e aumentada, que presenta un novo formato e na que Beatriz Maceda (A Coruña, 1963) dá conta da realización final dalgunhas das últimas vontades de Man de Camelle, como o museo sobre a súa obra e a restauración da cabana onde vivía na Costa da Morte. O volume incorpora unha unidade didáctica sobre a figura do artista alemán e un fragmento do seu testamento no que expresa o seu desexo de que se conservase o seu legado, para o cal dispuxo os aforros de toda unha vida, 120.000 euros que nunca se recuperaron pois quedou con eles Facenda. As ilustracións de Laura Veleiro (Xixón, 1970) que acompañan o relato das vivencias do artista foron retocadas e adaptadas ao novo formato, que xa non é cadrado coma a anterior, permitindo presentar láminas a dobre páxina. Trátase de debuxos feitos con lapis, acuarela e algún detalle en tinta, ao estilo tradicional.

#### **Referencias varias:**

- Marta Otero, “O legado imperecedeiro de Man de Camelle”, *La Opinión*, “A Coruña”, 27 decembro 2019, p. 9.

Comeza relatando a historia do artista alemán que sufriu con fondo desacougo en 2002 o desastre do petroleiro Prestige, Manfred Gnädinger, coñecido como Man de Camelle, e anuncia a reedición do álbum creado por Beatriz Maceda e Laura Veleiro para que non se perda a súa memoria. As autoras sinalan que, malia ir dirixido a nenos, os adultos poden gozar da obra porque fala dun heroe de verdade.

- O. O. V., “Beatriz Maceda y Laura Veleiro rinden homenaje a Man de Camelle 17 años después de su muerte”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 29 decembro 2019, p. 12.

Informa da presentación desta obra reeditada na editorial Medulia, explicando a relación de amizade que mantivo a autora co artista, a quen homenaxea para que o seu legado non quede no esquecemento.

**Perozo**, Xosé Antonio, *Noite de Reis en Kalpankalá*, ilust. M<sup>a</sup> Fe Quesada, Santiago de Compostela, Auga Editora, col. Contar x Contar, lectorado autónomo, 2019, 35 pp. (ISBN: 978-84-120382-1-7).

Reedición deste libro de Xosé Antonio Perozo (Llerena, 1951) publicado por vez primeira en 2005 na colección “Montaña encantada” de Everest Galicia, que nesta nova aparición non presenta ningunha novidade á parte do cambio de editorial. Ambientada en Viladeteixo, a cidade máis populosa de Peninsularia, no Nadal de 2000, conta como Papá Noel non acudiu á súa cita e aos Reis Magos lles roubaron os regalos. O inspector Maturana resolve o caso ao descubrir que a artífice do roubo é a estrafalaria avoa Rosana, a Patacatola, a cal, canda o Chamuscas e o Orellas roubou os agasallos para os repartir entre os rapaces máis necesitados da vila. O relato vai acompañado das ilustracións de M<sup>a</sup> Fe Quesada (Zamora, 1957), imaxes figurativas realizadas en acuarela con tonalidades cálidas, personaxes estilizados perfilados en negro, gran cantidade de detalles e riqueza cromática.

### VII.1.3. ADAPTACIÓNS

**Asociación Bata**, *A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella*, a partir da versión de Antonio Rodríguez Almodóvar, trad. Iago Nicolás, ilustr. Marc Taeger, Pontevedra: Kalandraka, col. Makakiños, lectorado autónomo, agosto 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-8464-480-4).

Adaptación do conto de Carapuchiña Vermella mediante pictogramas, realizada a partir da versión en castelán realizada por Antonio Rodríguez Almodóvar. Con frases curtas para favorecer a lectura, a asociación Bata ocúpase deste xeito de encher as necesidades de persoas con trastornos do espectro autista e das súas familias. As ilustracións de Marc Taeger (Berna, 1963) presentan perfís moi marcados, cores intensas (con predominio dos vermellos, negros e verdes) e formas que lembran os debuxos infantís.

#### Referencias varias:

- Belén López, “Kalandraka publica Makakiños en galego”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 agosto 2019, p. 4.

Comenta este proxecto de Kalandraka e a Asociación Bata que adapta obras clásicas a nenos con autismo e outras necesidades especiais en galego a través de pictogramas. Indica que as primeiras obras foron *A verdadeira historia de Carapuchiña vermella* e *Nicolás cociña sen lume*. Salienta que a finalidade deste proxecto consiste en amosar a importancia da lectura e das ilustracións como vía de aprendizaxe, adaptando grandes clásicos e achegando actividades cotiás como a cociña para conseguir a autonomía da nenez.

- Marta Neira, “A colección Makakiños achega a LIX á nenez autista”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 outubro 2019, p. 4.

Salienta esta “iniciativa pioneira” dirixida á infancia con trastorno de espectro autista que adapta á linguaxe de pictogramas SPC, realizada pola Asociación para el Tratamiento del Autismo Bata. Indica que *Nicolás cociña sen lume*, de Alicia Suárez, ofrece “dunha maneira lúdica e divertida fáciles receitas de cociña”, e que *A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella* é unha versión do conto clásico con ilustracións vangardistas de Mark Taeger.

**Merlán**, Paula, *As aloucadas historias dos Monki*, ilustr. Blanca Millán, Vigo: Triqueta Verde, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, 63 pp. (ISBN: 978-84-121186-2-9).

Adaptación ao galego para primeiros lectores do libro *The Peterkin Papers* (1867) de Lucretia Peabody (Boston, 1820-1900). Paula Merlán (Vigo, 1979) e Blanca Millán (Touro, 1991) converten os personaxes nunha familia de monos composta por Mamá Monki, Papá Monki e os seus fillos Karen, Mola e Bro, que se caracterizan pola súa falta de sentido común, o que lles impide resolver problemas sinxelos como colocar un piano para poder tocalo, saber como se escribe un libro e ir de vacacións. Para conseguir

solucionar as leas nas que acaban metidos recorren á súa amiga Musa, unha porquiña moi lista con grandes ideas que lles ofrece os seus consellos. Editado con pastas brandas e co formato dun caderno con papel reciclado, e estruturado en catro breves capítulos, o primeiro dos cales a modo de presentación, o relato presenta unha linguaxe sinxela, os diálogos tratados cos recursos da banda deseñada e numerosas e coloristas ilustracións que axudan a visualizar as historias.

### Referencias varias:

-Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Libros para celebrar la Navidad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.242, “Literatura”, 27 decembro 2019, p. 6.

Ofrécese unha listaxe de propostas literarias. Entre as obras escritas en galego cítanse o álbum *O can de Milú*, de Mariann Máray; *Xelis, o guieiro das botellas do mar*, de Rosa Aneiros; *Parece unha formiga*, de Pablo Otero; *Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira; e *As aloucadas historias dos Monkis*, de Paula Merlán, da que se salienta que as evocadoras ilustracións axudan a visualizar cada unha das tres historias e fanlle máis doado ao lectorado a partir de seis anos o salto aos libros de narrativa.

**Pardo Bazán**, Emilia, *Os pazos de Ulloa* (*Los pazos de Ulloa*, 1886), adapt. Clàudia Sabater Baudet, trad. Alba Losada Cuquejo, ilust. Dani Soms, Barcelona: La Mar de Fácil, col. Ágora, n.º 6, lectorado [autónomo e mozo], outubro 2019, 132 pp. (ISBN: 978-84-120425-5-9).

Versión da obra *Los pazos de Ulloa*, de Emilia Pardo Bazán (Coruña 1851-1921). Comeza cuns datos biográficos sobre a escritora, séguelle unha “Introdución” contextualizando a obra, explicando o “naturalismo”, un breve resumo e un apartado gráfico cos personaxes que interveñen na novela. A seguir, en vinte e cinco capítulos, ofrécese unha versión que se fixa nos acontecementos máis relevantes de *Os pazos de Ulloa*. Remata co apartado “Comentamos o libro” No que se fan preguntas sobre “Costumes antigos”, “Ricos e pobres”, “Progreso e tradición”, “A muller”, “Campo e cidade”, “Bruxería, terror e violencia” e “Política, corrupción, ambición e poder”. Algúns dos capítulos son ilustrados con imaxes relacionadas con parte da historia que se conta. Encádrase no proxecto “Lectura Fácil”.

**Shakespeare**, William, *Moito ruído e poucas noces* (1600), adapt. Núria Martí Constans, trad. Carlos Alberto Antuña, ilust. Dani Soms, Barcelona: La Mar de Fácil, col. Ágora, n.º 1, lectorado [autónomo e mozo], xullo 2019, 126 pp. (ISBN: 978-84-120425-1-1).

Versión dunha das obras do escritor inglés William Shakespeare (1564-1616) a partir das traducións realizadas por Salvador Oliva e Josep Maria de Sagarra, complementada coa tradución de Joan Sellent para a adaptación cinematográfica da obra (Kenneth Branagh, 1993). Como é habitual na colección, comeza cunha “Presentación” na que se ofrece un resumo argumental da obra e dise que foi escrita polo autor inglés para que se representase como obra de teatro; séguelle un apartado gráfico no que se mostran os personaxes e vinte e un capítulos nos que se versiona a historia que escribiu Shakespeare. Remátase esta versión co apartado “Comentamos o libro”, con comentarios para saber máis e preguntas

recordatorio da obra. Algúns dos capítulos son ilustrados con imaxes relacionadas con parte da historia que se conta. Encádrase no proxecto “Lectura Fácil”.

#### VII.1.4. *TRADUCIÓNS. VERSIÓNS. REEDICIÓNS*

**Abad**, Arturo, *O home que contaba estrelas* (*El hombre que contaba estrellas*, 2015), trad. Paco Liván, ilust. Teresa Lima, Pontevedra: OQO, col. Q, lectorado autónomo, febreiro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-9871-603-0).

Conto que une o texto de Arturo Abad e as ilustracións de Teresa Lima (Lisboa, 1962) para conformar unha historia baseada nunha viaxe na procura da resposta a un enigma. O rei trata de compracer aos seus súbditos e descubrir por que un ancián conta seguido as estrelas no cumio da montaña. A estraña contestación do Contador de Estrelas fai que o rei perda o seu reino e emprenda unha viaxe até a fin do mundo e outros planetas, no transcurso da cal baterá coa Contadora de Sorrisos Escondidos, cunha moza que conta tristezas, cunha señora que conta contos sen final, cunha avoa que conta pétalos de margaridas..., até dar cunha estrela que conta persoas e coa resposta á pregunta que o fixera partir do seu reino.

**Agirre**, Alaine, *A miña avoa é un neno, coma min* (*Nire amama umea da, ni bezaia*, 2019), trad. Ana Escourido, ilust. Ainara Azpiazu, Barcelona: La Topera, lectorado autónomo, outubro 2019, [28] pp. (ISBN: 978-84-09-08389-3).

Álbum ilustrado en tapa dura no que a través dunha historia moi sinxela de Alaine Agirre (Bermeo, 1990) sustentada nas imaxes de Ainara Azpiazu (Hernani, 1980) se explica o que é o alzhéimer a través da complicidade entre un neno e a súa avoa. En primeira persoa, o neno protagonista vai detallando con frases moi simples todas as cousas que comparten el e a súa avoa: usar cueiros, ter un coidador, quitar os mocos do nariz e comelos, botar peidos diante da xente e botarse a rir, caer no parque, comer doces, darlle de comer ao can debaixo da mesa, mancharse, aprender a escribir, contar mentiras, adormecer de súpeto, enrabechase... As ilustracións presentan as diversas escenas incidindo no humor e con personaxes expresivos, perfilados en negro e con formas redondeadas. O texto adáptase aos requisitos establecidos pola International Federation of Library Associations and Institutions para a lectura fácil.

**Altés**, Marta, *Cinco minutiños máis* (*Five More Minutes*, 2019), trad. María Alonso Seisdedos, ilust. da autora, Barcelona: Blackie Books, col. Blackie little, lectorado autónomo, marzo 2019, [29] pp. (ISBN: 978-84-17552-11-4).

Relato editado en tapa dura no que, a través de textos breves que se distribúen polas páxinas xogando coa tipografía e intercalados coas ilustracións en tons pastel, Marta Altés (Barcelona, 1982) propón unha reflexión sobre o concepto abstracto do tempo e a súa diferente percepción para os cativos e os adultos. A historia, protagonizada por animais humanizados e destacados no relato mediante o uso da cor laranxa e grandes ollos que reflecten distintas emocións, céntrase no día a día dunha familia de raposos composta por un pai e os seus dous fillos pequenos. O maior deles presume de saber máis do tempo ca o seu pai e non entende por que pasa o día ás carreiras dun lado para outro e repetindo: «Non temos tempo» e «Veña, que é hora de marchar». El, en cambio, ve a diferenza entre «rápido» e «devagar» e dálle tempo a todo: a ir a natación, a chapuzar nas pozas, a coñecer



novos amigos, a observar os paxaros... Ao termo do día, si sabe que “cinco minutíños2 máis con papá na hora do conto é un montón de tempo.

**Anderson**, Laura Ellen, *Amelia Fang e o Baile Barbárico* (*Amelia Fang and the Barbaric Ball*, 2019), trad. Moisés Barcia, ilust. da autora, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, lectorado autónomo, 2019, 206 pp. (ISBN: 978-84-16884-27-8). ■

Saga escrita pola escritora americana Laura Ellen Anderson (Essex, 1988), que nos presenta unha vampira, Amelia Fang, filla de Frivoleta e Drake, que pertencen á nobreza, cuxa mellor amiga é unha riseira cabaza chamada Polpiña e vive nun lugar chamado Nocturnia, unha cidade do Reino da Escuridade. Nesta primeira entrega cóntase que Amelia non atura o baile barbárico que organizan os seus pais porque o considera un aburrimiento total, ademais de que a súa cabaza foi raptada polo consentido príncipe de Nocturnia, Fedorico. Amelia terá que facer de todo para liberala, mesmo presentarse no seu palacio. Para logralo conta coa axuda dos seus amigos: Florence, que pertence á especie dos ietis, e Grimaldi, unha adorábel e temerosa parca. Estruturada en 20 capítulos, a novela conta cun toque de misterio e reivindica a amizade, os prexuízos, a integración e a diferenza. O mapa presente ao principio do libro permite seguir o desenvolvemento da historia e presenta os personaxes a través de ilustracións. Ao final do libro inclúense unhas receitas típicas de Nocturnia, cuxa especialidade é o falafel flipante

**Barceló**, Elia, *O efecto Frankenstein* (*El efecto Frankenstein*, 2019), Premio Edebé de Literatura Xuvenil, trad. Belén Rodríguez, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, n.º 13, mocidade, 2019, 322 pp. (ISBN: 978-84-8349-577-3).

Concibida como unha homenaxe a *Frankenstein ou O moderno Prometeo* de Mary Shelley, Elia Barceló (Elda, 1957) mereceu por esta obra o Premio Edebé, que xa acadara nas edicións de 1997 e 2007. A historia arrinca no século XXI na cidade alemá de Ingolstadt, onde Nora cumpre o seu soño de estudar medicina nunha das universidades máis prestixiosas do país. Unha noite de Entroido, tras salvar unha nena de morrer afogada no Danubio, Nora coñece a Max, un mozo co corpo cuberto de cicatrices, desorientado e que non sabe quen é, a quen leva á súa casa. Pouco a pouco, Max vai recuperando os seus recordos e descobre que viaxou ao futuro a través dunha porta interdimensional que está nunha casa en ruínas. Nora vai tras el e viaxa a finais do século XVIII, onde terá que disfrazarse de home e tamén de señorita e adaptarse aos novos costumes para axudar o seu amigo Max a solucionar o problema coa criatura que creou o seu irresponsábel amigo Víctor. A novela combina os códigos do xénero policial e gótico e presenta dous personaxes de mentalidades moi diferentes, malia compartiren o seu interese por la medicina, sobre todo no referido aos dereitos da muller. Nora vive de primeira man o supón pertencer ao sexo feminino no século XVIII.

### **Recensións:**

-Marta Neira, “Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil. Frankenstein”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 xullo 2019, p. 5.

Alude á recoñecida traxectoria da autora e sinala a presenza na historia de múltiples referencias explícitas a obras da literatura universal e, en particular, a Mary Shelley, para

celebrar o douscentos aniversario do seu clásico Frankenstein. Indícase tamén que na historia se reivindica o papel da muller e a igualdade de xénero a través dun choque entre sociedades ben distintas, a do século XVIII e a do século XXI á que pertence Nora, unha estudante de medicina que ten que responder ás contradicións do ser humano.

**Benni**, Stefano, *Margherita Dolcevita* (*Margherita Dolcevita*, 2005), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, col. Nova, n.º 23, mocidade e lectorado adulto, febreiro 2019, 230 pp. (ISBN: 978-84-17388-14-0). ■

Stefano Benni (Boloña, 1947) ofrece nesta novela, a través da voz en primeira persoa de Margherita, unha sátira da sociedade capitalista actual e dos seus obxectivos superficiais, contrastándoos coa firme e extravagante personalidade da protagonista, os seus ideais e o seu desexo de mellorar o mundo. A trama arrinca coa presentación que Margherita, unha rapaza de quince anos con moita imaxinación, un problema cardíaco e algúns quilos de máis á que lle encanta ler e escribir poemas, fai dela mesma e da súa curiosa familia, composta polo pai, Fausto, pensionista e acumulador de chatarra; a súa nai, fumadora imaxinaria e adicta ás telenovelas; o seu irmán Giacinto, un incha de 18 anos ultra do seu equipo; o sabichón Erminio, de 12 anos, ao que ela lle chama Heráclito; o avó Socrate, que pasa as noites na mansarda bailando o tango coa pantasma de dona Lupinda de Camarones Gutiérrez e pretende envelenarse con alimentos caducados; e o seu can Soneca. Na periferia na que reside, Margherita goza paseando por un pequeno bosque e frecuentando os xitanos e o único agricultor que queda no lugar. Todo muda cando un día chegan novos veciños, os Del Bene, que axiña constrúen unha vivenda coa forma dun xigantesco cubo negro. De súpeto, o seu pai, a súa nai e os seus irmáns comezan a cambiar, seducidos polo seu comportamento modélico, a tecnoloxía da que dispoñen e a súa posición adifeirada, a pesar de que tamén ocultan segredos como a existencia do seu fillo Angelo, un rapaz con problemas mentais que amiga con Margherita e que a axudará a desenmascaralos tras varias aventuras bastante delirantes. A historia caracterízase polo humor e a ironía e os constantes xogos de palabras e afonda nun tema que invita á reflexión.

### **Recensións:**

- Diego Ameixeiras, “Libertaria Margherita”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “1280 almas”, 12 abril 2019, p. 10.

Explica o argumento da historia, que define como “un canto á autonomía persoal fronte ao poder e á ansia por presentarnos, unha caricatura de nós mesmos a través dos ben materiais”. Salienta a acertada tradución ao galego de Moisés Barcia.

**Blue**, Beatrice, *Era unha vez un corno de unicornio* (*Once Upon a Unicorn Horn*, 2019), trad. Xavier M. Blanco, ilustr. da autora, Vigo: Triqueta verde, lectorado autónomo, xullo 2019, [30] pp. (ISBN: 978-84-941860-9-7).

Conto escrito e ilustrado por Beatrice Blue (Madrid, 1991), no que o escaso texto se reforza cunha profusión de imaxes realizadas con técnicas e ferramentas dixitais. Nárrase a historia de Xulia, unha meniña que vive cos pais no medio dun bosque. Un día descobre un cabalo máxico ao que, con enxeño, lle aprende a voar coma os demais poñéndolle un

corno de xeado na fronte. Dende ese intre, os cabalos máxicos comezaron a chamarse unicornios.

**Bonilla**, Rocío, *Aborréceste, Minimoni? (T'avorreixes, Minimoni?, 2019)*, trad. Elvira Riveiro Tobío, ilustr. da autora, Alzira: Algar, lectorado autónomo, febreiro 2019, [30] pp. (ISBN: 978-84-9142-289-1).

Conto escrito e ilustrado por Rocío Bonilla (Barcelona, 1970) que recorre a unha estrutura encadeada para representar a serie de pescudas que vai realizando a protagonista para evitar o aburrimiento dos domingos. Mónica, a quen todo o mundo lle chama Minimoni, explica que xa vai á escola dos maiores e que acotío ten moitas tarefas planificadas. O problema chega os domingos, un día que non lle gusta porque se aburre. Acorda entón preguntarlles ao rato, ao coello, ao morcego, á araña, á cóbrega, ao pingüín e á balea que pode facer, pero ningún deles o sabe. Ao cabo, o extraterrestre suxírelle que lle pregunte á súa nai, quen a descobre divertíndose moito.

**Bottin**, Isha, *A miña familia 3 + 1 = 7 (Ma famille 3 + 1 = 7, 2016)*, trad. María Reimóndez, ilustr. Gaspard Talmasse, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Verdemar, lectorado autónomo, 2019, [29] pp. (ISBN: 978-84-16460-59-5).

Conto ilustrado que se abre cunhas palabras de Isha Bottin (Quebec, 1980) nas que advirte que cómpre non ter medo do futuro, como demostra esta historia baseada na súa infancia. A nena protagonista conta os cambios que experimentou a súa vida dende que coa súa nai e a súa irmá deixou atrás Ruanda para se instalar noutro país, e como, de súpeto, na súa casa había outros tres cativos, os seus novos irmáns, segundo a nai. As ilustracións de Gaspard Talmasse (Verviers, 1986), a toda páxina, completan cunha profusión de detalles todo o que o texto non di arredor dunha familia reconstruída que debe mudar de país na procura dunha nova vida.

### **Recensións:**

- Lara Rozados, “Aprender (e gozar) dos cambios”, *Tempos Novos*, n.º 269, “Cultura”, “Protexa”, “Álbum ilustrado”, outubro 2019, p. 8.

Comentario da obra *A miña familia: 3+1=7*, de María Reimóndez, tradución ao galego da versión francesa de Isha Bottin. Este álbum ilustrado conta a historia familiar da autora, en tinturas autobiográficas, que tras a morte de seu pai, configúrase unha nova familia, atípica á que gardamos no noso imaxinario colectivo. A autora, a nai e a súa irmá, un padrasto e os tres fillos deste. Tal e coma indica Rozados, “a narradora conta o proceso de reconstitución familiar, coas diferentes formas de levalo, todas merecentes do mesmo respecto (...) constátase que as crianzas son ben menos prexuízosas e teñen moita máis capacidade de adaptación ao novo”. Respecto ao estilo, Rozados destaca as variedades internas da lingua e o emprego dunha linguaxe inclusiva.

**Brenman**, Ilan, *As princesas pequenas tamén soltan peidos (Até as princesas soltam pum!, 2019)*, trad. Elvira Riveiro Tobío, ilustr. Ionit Zilberman, Alzira: Algar, prelectorado e lectorado autónomo, outubro 2019, [20] pp. (ISBN: 978-84-9142-345-4).

Tras obter un éxito internacional con *Até as princesas soltan peidos* (2017), Ilan Brenman (Israel, 1973) e Ionit Zilberman (Tel Aviv, 1972) presentan esta adaptación formato cadrado, cuberta e páxinas en cartón, pensada para lectores máis pequenos. A través dunha historia moi sinxela e humorística, trátase de poñer de manifesto a existencia de estereotipos de xénero e desmentir a perfección das princesas. Á pequena Laura escápalle un peido e o pai explícalle que ás princesas máis famosas do mundo tamén lles pasa: á Borralleira cando estaba bailando co príncipe; a Brancaneves cando se esvaeceu; ou á Sereíña no fondo do mar. As ilustracións están realizadas con cores cálidas e técnica mixta: pintura acrílica, acuarela e trazos a lapis e a pluma con tinta chinesa. As personaxes teñen unha forte carga expresiva.

**Cantini**, Barbara, *Mortiña. Un curmán repugnante (Mortina e l'odioso cugino*, 2018), trad. Rosa Marta Gómez Pato e Manuel González González, ilust. da autora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado mozo, outubro 2019, [42] pp. (ISBN: 978-84-120336-7-0).

Segunda entrega da serie Mortaña, a personaxe da nena zombi creada por Barbara Cantini (Florencia, 1977). O volume, editado en tapa dura, acolle unha historia breve con ilustracións coloridas que recrean con detalles, lendas e retratos de familia un escenario macabro. Nesta ocasión, a Vila Decadente chega o curmán Dilbert, ao parecer convidado pola tía Defuntiña. Aínda que Mortaña o recibe contenta, pois talvez así fuxirá do aburrimiento de non poder saír da casa porque chove, axiña se decata do repugnante e snob que é. Cando vai protestarlle á súa tía por convidalo, descobre que esta desapareceu sen deixar rastro, e nin o tío avó Funesto nin o avó Féretro saben onde foi. A sorpresa vai en aumento cando comezan a chegar máis convidados, todos os amigos de Mortaña, que recibiron o mesmo convite de Defuntiña. Xuntos, na compañía de Tristeiro, o galgo albino pintor, tratarán de descubrir o enigma da desaparición da tía percorrendo a mansión, até coñecer as nefastas propiedades da Hedra Falangueira.

**Carranza**, Maite, *Safari (Safari*, 2019), Premio Edebé de Literatura Infantil, trad. M<sup>a</sup> Xesús Gómez, ilust. Manuel Ortega, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, serie verde, lectorado mozo, marzo 2019, 264 pp. (ISBN: 978-84-834-957-6-6).

Novela de humor na que o protagonista, Dani, conta en primeira persoa a súa viaxe a África para facer un safari coa súa familia. A vida de Dani mudou cando caeu por accidente no recinto dos leóns do zoo e quedou mudo a causa do susto, o cal lle supón ser obxecto de burlas no colexio. Dende entón só se comunica a través da linguaxe de signos. Esperando que recupere a fala cunha experiencia cargada de emocións fortes, parte coa súa nai, o seu pai e a súa irmá adolescente. No avión coñece a Mary Jo, unha moza investigadora que conseguiu unha bolsa para estudar os chimpancés co profesor Stevenson, a quen ten por unha autoridade, aínda que axiña descubrirá a súa personalidade déspota e machista. Durante unha excursión, Dani queda só en metade da selva e é acollido por unha manda de chimpancés que o coidan durante un mes e se convierten na súa familia. Con eles conseguirá comunicarse e, ao cabo, cun desenlace feliz, é salvado por Mary Jo e recupera a fala para defender a dignidade da súa amiga e reivindicar o seu traballo, do que quere apropiarse o doutor Stevenson. A narración do rapaz protagonista combínase coas escenas que vive Mary Jo, escritas en formato de guión. As ilustracións

en branco e negro de Manuel Ortega (Bilbao, 1971), con influencias da linguaxe da banda deseñada, conseguen retratar o ambiente, os chimpancés e as características que singularizan os personaxes. En Safari, Maite Carranza (Barcelona, 1958), botando man do humor, homenaxea obras como Tarzán e os monos, de E. R. Burroughs. Ademais, a trama denuncia a discriminación de xénero que sofren as mulleres a través do machismo que mostra o personaxe do doutor Stevenson, pon en valor as capacidades comunicativas dos animais e a importancia da axuda mutua.

### Recensións:

- Marta Neira, “A invisibilidade das mulleres na China”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xuño 2019, p. 7.

Destaca a recoñecida traxectoria literaria da autora e menciona que acadou en diferentes ocasións o Premio Edebé, ademais de recibir o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *Palabras envenenadas*. Sinala que a través desta historia se homenaxea un dos elementos do imaxinario infantil: os monos, presentes en obras como Tarzán e os monos, de E. R. Burroughs, e que nela se reivindica o xénero a través do saber feminino, se lles dá importancia a distintos tipos de linguaxe e se suxire unha interesante reflexión sobre todas as barreiras que aínda marcan a sociedade de hoxe.

**Duggan, Helena**, *Unha cidade chamada Perfecta (A Place Called Perfect)*, 2017), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, lectorado mozo, 2019, 293 pp. (ISBN: 978-84-16884-21-6). ■

A deseñadora gráfica Helena Duggan (Dunmore, Kilkenny, 1981) debutou na literatura con esta novela de fantasía e misterio que utilizando a fantasía introduce temas como a importancia da familia, o control social, o conformismo ou o que supón renunciar á individualidade, a imaxinación e a diversidade. O volume ábrese cun mapa do lugar onde se desenvolve a historia. A novela, estruturada en 36 capítulos titulados, está narrada en terceira persoa e a súa trama arrinca cando Violet Brown, unha nena de dez anos, se muda coa súa familia a Perfecta, pois o seu pai, un brillante oftalmólogo, aceptou o traballo que lle ofreceron os irmáns Archer para investigar a estraña doenza que sofren nos ollos os habitantes e que os obriga a levar todo o tempo unhas lentes cos vidros verdes. A rapaza axiña percibe que hai algo sinistro na cidade, onde as rúas están extremadamente limpas, a xente é moi educada e existen estritas regras para todo. As súas sospeitas confirmanse cando ao día seguinte da súa chegada tanto ela coma os seus pais quedan cegos e precisan as lentes, ademais de sufriren estraños cambios de comportamento que anulan a súa personalidade. Violet rebélase e, coa axuda de Neno, un rapaz orfo que vive en Terra de Ninguén canda todas as persoas que foron desterradas de Perfecta por non querer someterse á uniformidade e que son invisíbeis para os “perfectos” grazas ás lentes, descubrirá como George e Edward Archer manipulan as persoas co seu rico té, como lles baleiran a imaxinación e o control ao que os someten coa súa rede de vixiantes. William, o irmán desterrado dos Archer, sairá do seu abatemento para loitar con Violet e Neno e organizar unha revolución que acabe coa opresión e lles devolva a imaxinación aos habitantes de Perfecta. Ao final, Violet recupera o seu pai, secuestrado polos malvados Archer para cultivar ollos, e tamén a súa nai, que se convertera nunha ama de casa perfecta e submisa; Neno descobre que non é orfo e ten unha familia; e Edward Archer logra escapar, o cal fai supoñer que a historia terá continuidade en vindeiras entregas. A acción

é dinámica e plásmase a través de sinxelas descrições, na súa maior parte en parágrafos de curta extensión, e complétase cos abundantes diálogos e recursos de estirpe cinematográfica. A cuberta, do ilustrador alemán Karl James Mountford, recrea Perfecta e sitúa a Violet en primeiro plano coas lentes postas, ademais de introducir a Neno, vestido de negro, e inserir obxectos relevantes na historia como as teteiras e as flores.

**Durrell**, Gerald, *Os secuestradores de burros* (*The Donkey Rustlers*, 1968), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, lectorado mozo, outubro 2019, 112 pp. (ISBN: 978-84-16884-25-4). ■

Tradución ao galego desta narración humorística de Gerald Durrell (Jamshedpur, A India, 1925-Saint Helier, Reino Unido, 1995) ambientada en Kalanero, na illa grega de Melisa, nalgún lugar do mar Xónico, na que se conta o que argallaron David y Amanda para axudar o seu amigo, o orfo Yani Panioti. Este, a piques de perder a casa e as terras por unha débeda que o seu defunto tiña co alcalde da aldea, Niko Oizus, non sabe que facer para conseguir 18.000 dracmas. A David e Amanda Finchberry-White, que levan anos veraneando na illa, ocórreselles secuestrar os dezaioito burros da aldea, indispensábeis para que os habitantes realicen as tarefas no campo e para o transporte, e pedir un rescate que ao final acaba pagando o propio alcalde. Para conseguilo contan coa colaboración de Kukos, a quen todo o mundo toma por parvo polas súas dificultades para falar, e coa complicidade do xeneral Finchberry-White. A anécdota, relatada con gran sinxeleza e moito humor, incide nos valores da amizade e a preservación da natureza e os animais.

**Easton**, T. S., *Os rapaces non calcetan (en público)* (*Boys Don't Knit*, 2014), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Avanzado, mocidade, 2019, 275 pp. (ISBN: 978-84-16884-20-9). ■

Ben Fletcher é un estudante de bacharelato de dezasete anos residente en Hampton, cuxos brutáns amigos Gex, Joz e Freddie adoitan metelo en problemas sen el querer. Como consecuencia dunha das correrías da cuadrilla, tras roubar unhas botellas de alcohol nun supermercado e ferir a coa señora Frensham nun paso de peóns, Ben acaba en liberdade vixiada. Nos próximos meses deberá escribir un diario, participar nas sesións do programa “Dar algo a cambio” axudando a señora Frensham e matricularse nunha actividade. Tras valorar a oferta, acorda elixir calceta e, para a súa sorpresa, descobre que se lle dá ben e que lle encanta tecer, escoller las e facer padróns, e mesmo acaba participando nun concurso nacional. A historia preséntase baixo a forma dun diario no que Ben fala ademais das súas preocupacións, dos docentes do instituto, dos seus amigos, de Megan, a moza que lle gusta e á que non se atreve a falarlle, e da súa vida familiar. Coa complicidade da súa nai, que viaxa constantemente pola súa profesión de maga, ao primeiro ocúltalle ao pai que se dedica a tecer por medo a decepcionar as súas expectativas, relacionadas co fútbol e os coches. Malia os prexuízos dos que pensan que a calceta é unha actividade feminina ou de maricas, coma o seu pai, Ben atopa un labor que lle permite concentrarse, esquecer as súas preocupación e incluso gañar cartos coas súas creacións. Cun ton humorístico, o autor británico T. S. Easton introduce temas como a afirmación da identidade, a superación, o abuso escolar, os prexuízos e a aceptación da diferenza.

**Recensións:**

- Estro Montaña, “Canalizar as tensións. A diversidade positiva”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 710, “Libros”, 25 abril 2019, p. VI.

Explica o argumento e salienta a figura do protagonista, Ben, como símbolo da diversidade que racha cos estereotipos da sociedade e como mostra de que o afrontamento das situacións adversas é un proceso de aprendizaxe para a vida.

**El Hematocrítico**, *Rapunzel con piollos (Rapunzel con piojos, 2019)*, trad. Anaí Rodríguez, ilustr. Mar Villar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín. Álbums, lectorado autónomo, outubro 2019, 67 pp. (ISBN: 978-84-9121-569-1).

El Hematocrítico (Miguel Angel López González, A Coruña, 1976) reescribe o conto clásico de Rapunzel dende a parodia e unha perspectiva humorística no que parte dos trazos coñecidos da personaxe para subvertelos, cuestionalos e afrontalos dende a rebeldía. Rapunzel dille ao seu país que está farta de levar o pelo tan longo, pero el insiste en que as princesas deben telo así para poder fuxir pola torre en caso de secuestro. Á rapaza toda esa lería parécelle unha parvada, pois o bosque xa non é tan perigoso coma antes. Porén, axiña chega unha ameaza ao castelo: os piollos, e por moito que fan para combatelos, invaden a cabeza Rapunzel. Non funcionan as apócemas do mago real, nin as espadas nin ningún outro método, de aí que se ofrezca unha recompensa para quen logre acabar con eles. Deste xeito, polo pasan Brancaneves, Garavanciño, a raíña das neves, unha serea, unha bruxa cunha mazá envelenada, un dragón, os lobos do conto dos Tres Porquiños, pero ninguén os dá aniquilalos. Ao cabo será o frautista de Hamelín quen o consiga. O volume recorre a unha tipografía clara e de tamaño bastante grande, moito diálogo e abondosas ilustracións de Mar Villar (Alicante, 1984) que acompañan o texto e están cargadas de ironía e humor, en particular aquelas que retratan os piollos e as cidades que constrúen na cabeleira da princesa.

**Fernández Rodríguez**, José Julio, *O cirrío e o dron*, trad. Charo Baleirón Sónora, ilustr. Laura González González, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado mozo, 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-949176-6-0).

Conto ilustrado de espírito didáctico no que, con escaso texto do xurista e valedor do pobo entre 2012 e 2015 José Julio Fernández Rodríguez (A Rúa, 1970), e imaxes en cores vivas de Laura González (Salvaterra de Miño) que ocupan todas as páxinas pares, un narrador omnisciente relata o encontro entre un elegante cirrío e un dron que sobrevoa os campos. A ave, estrañada e desacougada ante a insólita máquina que non deixa de perseguilo, acubíllase no seu niño no alto do campanario da igrexa da vila. O dron achégase e tira unha foto que se fai moi famosa en Internet, polo que na primavera seguinte o cirrío atopa moita xente esperando a súa chegada á vila. O relato finaliza cunha sentenza final: “se usamos ben os drons, poderemos saber máis cousas sobre os paxaros e coidar mellor da natureza”.

**Gil**, Carmen, *Pápote a bicos (Te como a besos, 2019)*, trad. Maruxa Zaera Landeira, ilustr. Laure du Faÿ, Madrid: Nube Ocho, col. Somos8, prelectorado e lectorado autónomo, setembro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-17673-67-3).

Carmen Gil (Cádiz, 1962) e Laure du Fayë (Tours, 1979) abordan neste conto ilustrado con cores vivas e brillantes, temas relacionados coa intelixencia emocional como o enfado, a empatía, a amizade e a tenrura, plasmados con variadas expresións faciais. O protagonista é un monstro Peludo enorme que está seguido enfadado e brúa como unha tormenta e vive cunhas criaturas do tamaño dun tarro de marmelada chamados rapónchigos, uns seres agarimosos e alegres. Pero aos rapónchigos ponlles tanto medo Peludo que non se atreven a achegarse a el, de maneira que o monstro se enfada cada vez máis porque está só. Só o rapónchigo laranxa é quen de vencer o medo e envíalle ao monstro un sorriso e un bico; daquela fanse amigos e desaparecen de vez os anoxos, substituídos por bicos.

**Harrold**, A. F., *Os imaxinarios (The Imaginary, 2015)*, trad. Moisés Barcia, ilustr. Emily Gravett, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, lectorado autónomo, setembro 2019, 221 pp. (ISBN: 978-84-16884-24-7).

Novela de fantasía e aventuras de A. F. Harrold (Sussex, 1975), recoñecida no seu país de orixe co premio da Asociación Literaria do Reino Unido (UKLA) na categoría de 7 a 11 anos e a aceptación de críticos e lectores, que supón unha firme defensa da imaxinación durante a infancia. Amanda é unha nena cunha imaxinación portentosa que sempre está inventando aventuras. Un día atopa un neno agochado dentro do armario que di chamarse Rudger e só ela pode ver. Ambos se converten en amigos inseparábeis e comparten os seus xogos. A repentina chegada do señor Bunting, un adulto estafalario que, curiosamente, tamén é quen de ver a Rudger, introduce o perigo. Fuxindo del, un coche atropela a Amanda e Rudger queda só e debe sobrevivir pola súa conta para non desaparecer para sempre. Coa axuda dos imaxinarios que se ocultan nunha biblioteca, o rapaz tentará volverse reunir con Amanda sen que o señor Bunting, o absorba. Na historia recoñécese a influencia de autores como Neil Gaiman, Roald Dahl e mesmo Tim Burton, así como a presenza de mensaxes como o medo a medrar, a diferenza, a tristeza que produce a morte e a amizade, e varios niveis de lectura. Así, os lectores infantís gozarán coas sorprendentes aventuras e a trepidante acción da novela, mentres que os adultos verán no señor Bunting un home que xa non é quen de desenvolver a imaxinación e debe aproveitarse da dos demais, e na nai de Amanda a muller que aínda conserva a lembranza da súa infancia, asociada tamén a un can imaxinario. As ilustracións de Emily Gravett (Brighton, 1972), que na edición galega renuncian á cor e se reproducen só en branco en negro, combínanse coa trama e poñen en imaxes as descrições engadíndolles detalles e mesturando escenas tenras con outras téticas.

**Isern**, Susanna, *O gran libro dos superpoderes (El gran libro de los superpoderes, 2017)*, trad. Lucía Vázquez, ilustr. Rocío Bonilla, Barcelona: Flamboyant, prelectorado, febreiro 2019, 38 pp. (ISBN: 978-84-17749-10-1).

Álbum ilustrado que recolle dezoito historias, cada unha das cales ocupa unha dobre páxina. Todas seguen un mesmo modelo narrativo: a presentación do protagonista e a descrición das súas habilidades especiais mediante unha breve narración, e, a seguir, a denominación do seu superpoder. Así, Elena, Marc, Uxía, Marina, Lucía, Carlos, Yuna, Daniel, Mateo, Claudia, Alberto, Sofía, Anxo, Laura, Leo, Carlota, Pablo e Adri posúen poderes que non son fantásticos senón calidades reais: contar historias, o optimismo, a



valentía, a música, o humor, a atención, a curiosidade, a paciencia, a lectura, a axilidade, a memoria, a organización, a cociña, a adaptación, a perseveranza, as matemáticas, o baile e a creatividade, respectivamente. Ao final do volume ofrécese unha listaxe cos superpoderes recollidos neste libro para axudar a identificar cal posúe o lector, así como un espazo co obxecto de describir outros. O traballo de Susanna Isern (La Seu d'Urgell, 1978) e Rocío Bonilla (Barcelona, 1970) invita así a indagar na propia personalidade para descubrir capacidades que fan únicos a quen as posúe.

**Jónsdóttir, Áslaug, *Quero peixe! (Ég vil fisk!, 2007)*, trad. Lawrence Schime, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Verdemar, prelectorado, 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-16460-61-8).**

Conto escrito e ilustrado pola premiada autora Áslaug Jónsdóttir (Borgarfjarðarsýsla, Islandia, 1963) que narra a historia de Mar, unha nena que ten moi claro o que quere, peixe, aínda que os seus pais parecen non decatarse e ofrécenlle outras cousas: un peixe de peluche, un conto sobre un peixe vermello, un vestido con debuxos de peixes, un crebacabezas, un disfraz, un peixe para a bañeira..., até que por fin lle dan peixe para comer. O enfado de Mar vai aumentando progresivamente e deste xeito ponse de manifesto a torpeza que amosan ás veces os adultos para escoitar os máis pequenos. As vivas ilustracións e o xogo coa tipografía reforzan as emocións da protagonista. O estilo mostra unha factura enérxica de marcado contorno. A falta de entendemento cos pais reflíctese en que só aparecen parcialmente, a miúdo só as mans.

#### **Referencias varias:**

- Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Para exercitar a mente no verán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.224, “Literatura”, 19 xuño 2019, p. 6.

Ofrécese unha listaxe de recomendacións literarias para o verán. Entre as propostas da literatura infantil e xuvenil galega cítanse: a banda deseñada Branco (Xerais), de Xosé Tomás; Viaxeiros (Factoría K), de Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández; Non trabes na lingua (Galaxia), de Antón Cortizas; Novo mundo. Isabel Zendal na expedición da vacina (Bululú, 2018); Aplicación instantánea (Xerais, 2018), de Carlos Negro; e Quero peixe!, de Áslaug Jónsdóttir, do que se destaca que as vivas ilustracións reforzan a emoción da protagonista da historia, creada para interactuar cos máis novos.

**Kinney, Jeff, *Un chaiñas total (Diary of a Wimpy Kid, 2007)*, trad. Eva Almazán, ilustrado do autor, Barcelona: RBA, col. O diario de Greg, n.º 1, lectorado mozo, setembro 2019, 217 pp. (ISBN: 978-84-272-1893-2).**

Versión ao galego do primeiro número da famosa saga creada polo escritor e debuxante Jeff Kinney (Fort Washington, Maryland, 1971), narrada e protagonizada por Greg Heffley, un rapaz duns doce anos que mestura anécdotas humorísticas do día a día con debuxos feitos á man que lembran as tiras cómicas do pasado. Esta primeira entrega serve para presentar o personaxe no momento no que comeza no instituto, un adolescente miúdo e corrente, preguizoso, adicto á consola, pouco amante dos deberes e non moi popular que responde ás características do antiheroe. A súa nai regálalle un diario para que escriba as súas experiencias e afronte mellor os problemas, e Greg, o segundo de tres irmáns,

plasma a envexa e os celos que ten do pequeno Manny, excesivamente consentido polos pais; as súas pelexas co seu irmán maior Rodrick; anécdotas da escola e dos compañeiros, entre os que hai matóns e paspáns; e as trasnadas que fai co seu mellor amigo Rowley, un rapaz moi cándido ao que resulta fácil tomarlle o pelo. A historia recorre ao humor para retratar a visión infantil do mundo. A tipografía reproduce a escritura á man e o formato do volume reproduce un caderno de raias.

### **Recensións:**

- Olalla Sánchez, “Greg xa é un chaíñas total”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 4 outubro 2019, p. 8.

Dáse conta da publicación en galego desta famosa serie que conta con millóns de seguidores e máis de 200 millóns de exemplares vendidos coas súas trece primeiras entregas, e traducións a 62 idiomas. Así mesmo coméntase que o autor, o estadounidense Jeff Kinney, recrea con ironía as desventuras e enredos do adolescente Greg, cun ritmo áxil, un léxico fresco. Resúmense as características do personaxe anúnciase o contido de futuras entregas.

\_\_\_\_\_, *Toma desfeita (Wrecking Ball, 2019)*, trad. Eva Almazán, ilustr. do autor, Barcelona: RBA, col. O diario de Greg, n.º 14, lectorado mozo, novembro 2019, 217 pp. (ISBN: 978-84-272-1894-9).

Versión ao galego do segundo número da famosa saga creada polo escritor e debuxante Jeff Kinney (Fort Washington, Maryland, 1971), narrada e protagonizada por Greg Heffley, un rapaz duns doce anos que mestura anécdotas humorísticas do día a día con debuxos feitos á man que lembran as tiras cómicas do pasado. Nesta segunda entrega arrinca a mediados do verán, cando a Greg se lle ocorre facer un mercado con todo tipo de cousas gardadas no soto e nos armarios, pero ao final chove e acaban roubándolle crendo que se trata de lixo, e o resultado é un completo desastre. Ademais, morre a súa tía e a súa familia non chega ao funeral nin atopa a tumba. O bo é que a súa nai recibe uns cartos a modo de herdanza. Os da casa pensan en como gastalos no canto de chorar pola tía, e deciden facer reformas para ter máis espazo, pero acaban rompendo a estrutura da vivenda e teñen que mercar outra. A historia recorre ao humor para retratar a visión infantil do mundo. A tipografía reproduce a escritura á man e o formato do volume reproduce un caderno de raias.

### **Referencias varias:**

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Páxina dedicada a recomendacións literarias para o Nadal. Entre as propostas pertencentes á literatura galega figuran Conexión macarrón, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de Maria Fumaça, titulado O veleiro verde, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum A fraga do meu avó, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; Xelís, o guieiro das botellas de mar, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; Sementes viaxeiras, de Yolanda Castaño, que

mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Konola**, Hanna, *Un ano co vento* (*Tuulen vuosi*, 2016), trad. Anu Pitkanen e Charo Baleirón, ilustr. da autora, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado autónomo, 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-120974-4-3). ■

Con frases moi breves de ton poético, a finlandesa Hanna Konola (Pyhäjärvi, 1981) percorre os meses do ano atendendo á presenza e o comportamento do vento segundo as diferentes estacións e condicións climáticas. As ilustracións, a toda páxina, decántanse pola abstracción e nelas predominan as figuras xeométricas e as cores pastel. Preséntanse así uns pés empurrados polos vento sobre uns patíns en xaneiro, retrátase o silencio de febreiro, a suave brisa de marzo nas meixelas, os papaventos voando en abril, os pétalos voando en maio, as nubes mexéndose en xuño, os veleiros na auga en xullo, as tormentas en agosto, os paxaros sucando o ceo en setembro, as follas das árbores en outubro e novembro e o baile das foleiras en decembro. O libro foi galardoado en Finlandia co Premio ao Libro máis bonito de 2016.

**Lammers**, Pim, *O granxeiro e o veterinario* (*De boer en de dierenarts*, 2018), trad. María Alonso Seisdedos e Antón Vialle, ilustr. Milja Praagman, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado autónomo, 2019, [26] pp. (ISBN: 978-84-120336-3-2). ■

Pim Lammers (Frisia, 1993) e Milja Praagman (Ámsterdam, 1971) abordan neste álbum ilustrado o tema do amor entre persoas do mesmo sexo. A historia, que se presenta como a continuación de *O año que é un porquiño* (2018), relata con frases sinxelas o que lle acontece a un granxeiro que, de súpeto, fai as cousas ao revés e non para de levar os animais onda o veterinario, pero este sempre lle di que non lles pasa nada grave. Ao cabo, os animais, sabedores do que acontece, toman a determinación de axudalo para que se produza o encontro entre ambos os homes. As ilustracións, en cores vivas, atesouran boa parte do contido do relato.

**Leffler**, Dub, *Había unha vez un neno* (*Once there was a boy*, 2011), trad. Marta Pérez e Quique Alvarellos, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Verdemar, lectorado autónomo, 2019, 71 pp. (ISBN: 978-84-16460-60-1).

Edición en galego do primeiro libro escrito e ilustrado polo australiano Dub (David) Leffler (Quirindi, Nova Gales do Sur) que viu a luz na editorial indíxena Magabala Books. Trátase dunha historia sinxela sobre a amizade, as pequenas e grandes desavinzas e as reconciliacións arredor dun neno que vive só nunha illa na que de súpeto aparece unha nena. Malia que el lle pide que non mire no interior dunha pequena caixa que garda con moito segredo debaixo na cama, á nena pódelle a curiosidade e descobre o seu corazón, que acaba partindo. Elementos como os sapotes, a froita que comparten, e o propio

corazón roto amplían co seu simbolismo os niveis de lectura. As ilustracións permiten seguir o relato sen necesidade de palabras e representan as paisaxes da illa, o océano, como parte o corazón..., e tamén expresivos primeiros planos dos dous personaxes.

**Lind, Åsa**, *O lobo de area (Sandvargen, 2002)*, trad. Antón Lado, ilustr. María Elina, Pontevedra: Kalandraka, col. Seteleguas, lectorado mozo, setembro 2019, 106 pp. (ISBN: 978-84-8464-477-4).

Åsa Lind (Karbäcken, 1958) adopta neste relato, estruturado en quince capítulos titulados, o punto de vista infantil por medio dunha nena inquieta e curiosa que conta cun amigo invisíbel, un cómplice que, ao contrario que os seus pais, sempre ocupados, lle presta total atención, responde ás súas preguntas por estrañas que sexan e a anima a razoar. Zackarina vive cos seus pais nunha casa á beira do mar e un día no que o seu pai non quere xogar con ela porque está a ler o xornal baixa á praia e atopa un enigmático animal que di sabelo todo. Entre ambos nace unha amizade que vai medrando a través de episodios da vida cotiá. Con este amigo especial, a nena despreza a súa imaxinación infantil e aprende que o traballo pode consistir en algo moi diferente ao que mantén ocupados os seus pais; que os negróns son como medallas que se obteñen por ser valente; que a súa lingua inventada é doada de comprender para o lobo; ou que a timidez ás veces se agocha baixo unha charla incesante. Zackarina deixa patente a súa soidade e, en ocasións, a súa frustración, aínda que pouco e pouco vai entendendo os adultos e as súas limitacións. O presente volume é o primeiro dunha triloxía, un clásico contemporáneo da literatura infantil sueca, traducida con éxito en varios países e adaptada a distintos formatos, que combina a mirada poética, a tenrura e o humor e se basea na vida nun marco natural, na importancia da mirada infantil cara a todo o que acontece no universo e nas contradicións do mundo adulto. As ilustracións de María Elina (Bos Aires, 1975), en lapis e acrílicos, amplifican os soños da protagonista, en tons cálidos e dourados como a area.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Retallos cotiáns e emocionais. Posibilidades plásticas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 17 outubro 2019, p. VI.

Explica o argumento da obra, cuxo fío argumental se desenvolve arredor de Zackarina, unha rapaza que vive cos seus pais á beira do mar. Afirmo que plasma retrincos de vida cotiá mesturados con retallos emocionais que amosan as reaccións que poñen a proba aos adultos e amosan a sinxeleza dos acontecementos coa natureza de por medio.

### **Referencias varias:**

- José Corderí, “Zackarina é unha nena...”, *Luzes*, n.º 73, “As libreas”, outubro 2019, p.87.

José Corderí, traballadora da librería Aira das Letras de Allariz, informa da tradución ao galego por Antón Lado de *O lobo de area*, unha obra de Asa Lind que conta a historia dunha nena que se refuxia na praia para escapar dos adultos aos que non é quen de comprender. Alí coñecerá ao lobo, o seu único amigo que a vai a axudar a entender mellor aos seus pais.

- Olalla Sánchez, “Apostas outonais para todos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.230, “Literatura”, 6 novembro 2019, p. 6.

Entre as propostas pertencentes á literatura galega que inclúe nesta sección Olalla Sánchez, cóntanse: *Conta comigo* (Bululú), de Miguel Tanco, un libro sinxelo e humorístico para se achegar ás matemáticas a través dunha nena; *Vinte mil leguas baixo os mares*, de Jules Verne; *O grupo*, de An Alfaya; *Lobísimo do saco. Tres titiritadas*, de Bernardino Graña; e *O lobo de area*, de Åsa Lind, primeira entrega dunha triloxía, un clásico da literatura infantil sueca, cuxa protagonista se refuxia nun lobo de area, un personaxe de fábula que dá respostas ás súas inxedanzas.

**Lindgren**, Astrid, *Pippi Mediaslongas nos mares do sur* (*Pippi Långstrump i Söderhavet*, 1948), trad. David A. Álvarez Martínez, ilust. Ingrid Vang Nyman, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. 7 leguas. Especiais, lectorado autónomo, novembro 2019, 108 pp. (ISBN: 978-84-8464-488-0). ■

Terceira entrega das aventuras de Pippi Mediaslongas, a personaxe creada por Astrid Lindgren (Astrid Anna Emilia Ericsson, Näs, Småland, Suecia, 1907-Estocolmo, 2002), que se edita coas ilustracións orixinais restauradas de Ingrid Vang Nyman (Vejen, Dinamarca, 1916-Copenhagen, 1959). Esta entrega serviu de colofón da triloxía formada por *Pippi Mediaslongas* (2016), *Pippi Mediaslongas embarca* (2018). A recuperación A serie caracterízase por presentar capítulos independentes con cadansúa anécdota diferente ambientada en Vilapenela e polas extravagancias da personaxe, rebelde e transgresora coas regras que imponen os adultos e que vive soa co seu mono señor Nilsson e o seu cabalo. Neste volume, o episodio fundamental céntrase na viaxe de Pippi, xunto os seus inseparábeis amigos Tommy e Annika, a bordo do *Saltarica*, á illa de Korakora para visitar o seu pai, que se converteu no poderoso rei Efraim I. Na illa os tres amigos viven moitas aventuras e a protagonista despídese co desexo de que cómpre conservar un espírito aventureiro para non medrar nunca.

#### Referencias varias:

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Entre as propostas literarias recomendadas para o Nadal, pertencentes á literatura galega, figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de Maria Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooou!* (2016), de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Lionni**, Leo, *Cornelio* (*Cornelius*, 1983), trad. Xosé Manuel González, ilustr. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editorial, col. Tras os montes, prelectorado e lectorado autónomo, marzo 2019, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-451-4).

Leo Lionni (Ámsterdam, 1910-Toscana, 1999) presenta neste álbum a historia dun crocodilo chamado Cornelio que, non ben naceu, púxose a camiñar sobre as dúas patas traseiras no canto de reptar coma os demais e deste xeito é quen de ver máis alá da matogueira. Os seus compañeiros non semellan nada interesados nestas inquietudes de Cornelio, así que marcha e aprende dun mono co que se atopa como poñerse cabeza abaixo. Cando regresa canda os outros crocodilos, Cornelio amósalles a súa nova habilidade e eles, malia non lle conceder importancia ningunha, axiña comezan a facer o mesmo ca el. Desilusionado, marcha outra vez co mono. O protagonista desta fábula encarna valores como a perseveranza e a ansia por aprender cousas novas, aos que se contraponen o conformismo, a envexa e os celos dos seus compañeiros. Como complemento ao texto, Lionni crea unhas imaxes a base de recortes e manchas de cor en tons verdosos.

### Referencias varias:

- Carmen Ferreira, “Clásicos imprescindibles do álbum: Leo Lionni”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Salienta o labor de tradución ao galego de autores clásicos realizado pola editorial Kalandraka que enriquece a Literatura Infantil e Xuvenil en galego. Anuncia a publicación desta obra “que salienta o valor da diferenza, a perseveranza e o respecto”. Logo convida a revisitar obras de Lionni en galego: *Cores e Números*, *Paso a paso*, *Pequeno azul e pequeno amarelo*, *Nadarín*, *A casa máis grande do mundo*, *Álex e o rato de corda*, *O soño de Matías* e *Frederick*. Comenta que a obra pon de relevo o valor da diferenza, a perseveranza e o respecto por medio do crocodilo protagonista, quen aprende das habilidades doutras especies. Menciona ademais outros álbums de Leo Lionni traducidos por Kalandraka que invita a visitar de novo.

**Losa**, Ilse, *O mundo en que vivín* (*O mundo em que vivi*, 1949), prefacio Ana Cristina Vasconcelos de Macedo, trad. Anxo Tarrío, A Coruña: Hércules de Edicións, col. Sen Fronteiras, mocidade, marzo 2019, 256 pp. (ISBN: 978-84-949843-1-0). ■

Novela que supuxo a estrea no mundo literario de Ilse Lieblich Losa (Buer, 1913-Porto, 2006), considerada unha figura indiscutíbel no desenvolvemento e consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa. Aínda que inicialmente a obra foi publicada para un lector adulto, os lectores mozos apropiáronse axiña do libro, constituíndo un dos exemplos da denominada literatura gañada. A edición ábrese cun limiar asinado por Ana Cristina Vasconcelos de Macedo no que se repasa a biografía da escritora e se apuntan as similitudes e diferenzas existentes entre a vida da autora e a instancia empírica que enuncia a historia, ao tempo que se define a publicación desta obra singular en galego como un paso máis na necesidade de combater a amnesia colectiva e impedir que certos sistemas ideolóxicos repitan xenocidios e persecucións e practiquen a intolerancia e outros crimes contra a dignidade humana. Sinálase tamén que o relato se constrúe botando man da experiencia e colocando o foco sobre prácticas como a xenofobia e o

antisemitismo que durante séculos imperaron na Alemaña nazi e que continúan vixentes. Así mesmo, destácase que a evocación de determinados personaxes e sucesos históricos dota de autenticidade e verosimilitude a historia, presentando elementos de ficción mesturados con acontecementos reais. A trama, estruturada en catro partes, arrinca nos últimos anos da Primeira Guerra Mundial e abrangue, respectando a liña cronolóxica dos feitos, até a vitoria dos nazis en Alemaña. A protagonista, Rose Frankfurter, é unha nena xudía que vive coa súa estrita avoa materna, Ester –que lle nega a Moneca-Máis-Lindado-Mundo–, e o seu avó Markus, cómplice e compañeiro de fantasías nunha pequena casa nunha aldea, onde vive feliz e allea á guerra europea, malia non deixar de sentir curiosidade polos feitos que a arrodean e facerse preguntas. Cando o avó cae enfermo seu avó, o seu pai, tratante de cabalos, vai buscala e Rose múdase a outra cidade alemá, onde transcorre o resto da súa infancia cos seus dous irmáns Rudi e Bruno e pouco e pouco vai descubriendo a inxustiza e a dureza da vida no contexto da realidade de entreguerras e asistindo á primeiras mostras do rexeitamento cara aos xudeus. A morte do pai marca o fin da súa adolescencia e provoca que a nai venda a casa e monte unha pensión noutra cidade meirande, momento que cadra co predicamento de Hitler e a instauración do antisemitismo. Xa moza, Rose vive a desilusión de romper o seu noivado con Paul Marten a causa da irmá deste, que simpatiza co nacionalsocialismo, e decide marchar a Berlín na procura dunha vida mellor. Con todo, lonxe de ser feliz, a continua crise, o asasinato do ministro xudeu Rathenau e o feito de se sentir marxinal e humillada polos adeptos ao partido nazi, condénana a vivir no illamento e a opresión. Tras o falecemento de varios seres queridos e algúns fracasos amorosos, a novela remata co interrogatorio de Rose por parte do réxime nazi por mor dunha carta que lle escribira a unha amiga e na que cualificaba a Hitler de criminal, e coa súa condena á extradición, escapando así do Holocausto.

### **Recensións:**

- Montse Pena Presas, “Libros para entender a vida”, *Sermos Galiza*, n.º 344, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 2 maio 2019, p. 7.

Recolle unha sinopse da obra *O mundo en que vivín*, de Ilse Losa, a propósito da súa tradución ao galego da man do profesor Anxo Tarrío e a editorial Hércules de Ediciones. Sinala que a novela conta cunha sensibilidade extrema e unha pretendida sinxeleza, que se erixen como dúas das súas características fundamentais, e que nela se narra a peripecia vital da propia escritora como exiliada xudía no período de entreguerras.

- Ramón Nicolás, “Nas vésperas do shoah”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “Ex umbra in solem”, 17 maio 2019, p. 10.

Loa a tradución realizada por Anxo Tarrío ao galego desta obra así como o limiar de Ana Cristina Vasconcelos de Macedo. Afirmar que é un libro que cumpre co deber da memoria, conducíndonos polos fíos da memoria familiar da autora nun contexto histórico comprendido entre as consecuencias da Primeira Guerra Mundial e o ascenso dos nazis ao poder.

### **Referencias varias:**

- Rodri García, “La magia de la Ana Frank portuguesa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2019, p. 34.

Faise eco da publicación de Hércules de Ediciones en galego en galego e castelán de *O mundo en que vivín*, o libro que a xudía Ilse Losa escribiu ao chegar a Oporto fuxindo da Alemaña nazi.

- ECG, “Anxo Tarrío estuvo firmando libros ayer en A Quintana”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xuño 2019, p. 25.

Faise eco da presenza na Quintana de Anxo Tarrío con moito da presentación de *O mundo en que vivín*.

**MacCartney**, Paul, *Ei, superavó! (Hey, Grandude!*, 2019), trad. Anaír Rodríguez, ilustr. Kathryn Durst, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín. Álbums, prelectorado e lectorado autónomo, 2019, [29] pp. (ISBN: 978-84-9121-647-6).

Álbum escrito por Paul McCartney (Liverpool, 1942) e ilustrado por Kathryn Durst (Peterborough, Ontario, 1990) no que o coñecido cantante, segundo declarou nunha entrevista con motivo da publicación da edición orixinal do libro, buscou a inspiración para o título no feito de ter oito netos que adoitan chamarlle Grandude. A historia céntrase na personalidade do avó, unha especie de hippy que aparece na casa dos seus netos, Lucy, Tom, Em e Bob, e lles propón viaxar tan só pronunciando as palabras máxicas e sinalando os lugares que aparecen nunhas postais para que non se aburran un día de chuvia. O ancián, de barba gris, co cabelo recollido nunha cola, cun pequeno sombreiro e unha gravata de lazo, posúe un compás máxico que frega pronunciando a frase: “Vede como xira a agulla do compás e pola maxia deixádevos levar”. Os rapaces visitan unha praia dourada, un deserto por onde cabalga un vaqueiro e o cumio dunha montaña nevada, onde viven aventuras. O texto é dinámico e reflicte os constantes cambios de escenario, que se plasman tamén nas coloristas ilustracións e no xogo coas tipografías.

**Macmanus**, Karen M., *Un de nós mente (One of us is lying*, 2017), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morazo: Sushi Books, col. Avanzado, mocidade, 2019, 317 pp. (ISBN: 978-84-16884-22-3). ■

Novela de instituto que utiliza os códigos do suspense e a resolución de asasinatos mesturándoos con temas como a instalación das redes sociais entre os mozos, o acoso, a baixa estima, a marxinación, as relacións sentimentais tóxicas que supuxo o debut de Karen M. Macmanus (Boston, 1969). A trama arrinca coa morte de Simon, que acontece cando el e Bronwyn Rojas, Addy Prentiss, Nate Macauley e Cooper Clay, alumnos do instituto, están no mesmo cuarto, vixiados por un profesor, cumprindo un castigo por levar o móbil á clase. A policía descobre que non foi unha morte accidental e investiga os rapaces, de maneira que vai sacando á luz os segredos que ocultan e a súa relación con Simon, odiado por todo o instituto porque tiña un blog en Internet no que divulgaba todo tipo de cubilladas sen reparo que, curiosamente, seguen a publicarse despois da súa morte. As sospeitas van recaendo sucesivamente sobre cada un deles, ademais de que o caso se converte en obxecto de atención por parte dos programas de televisión dedicados a crimes. Ao cabo descóbrese que Simon sufría depresión e planeou a súa propia morte para de se vingar dos seus compañeiros. Coa axuda de Jake, o mozo controlador de Addy, logrou perfilar o seu plan, de maneira que os seus compañeiros resultasen implicados. O



estilo é simple e presenta en capítulos alternos a perspectiva de cada un dos personaxes, bebendo dos recursos ben difundidos nas producións cinematográficas, aos cales responde tamén a concepción dos personaxes con clixés: a intelixente (Bronwyn), a sedutora (Addy), o deportista (Cooper), o rebelde (Nate) e o inadaptado (Simon).

### **Recensións:**

- Montse Pena Presas, “Lecturas para o verán”, *Nós Diario*, “*Sermos*” n.º 352, “Fóradeserie”, “Letras miúdas”; 27 xuño 2019, p. 7.

Nunha serie de propostas para o verán destinadas a lectorado infante xuvenil, amenta *Un de nós mente* e describe brevemente o argumento deste *thriller* vertido ao galego por Moisés Barcia.

**Mañas, Pedro**, *O segredo de Avó Oso (El secreto de Abuelo Oso, 2019)*, trad. Manuela Rodríguez, ilust. Zuzanna Celej, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, prelectorado e lectorado autónomo, febreiro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-8464-426-2). ■

Álbum ilustrado de Pedro Mañas (Madrid, 1981), e da ilustradora Zuzanna Celej (Polonia, 1982), no que a través dunha metáfora de ton poético se aborda o paso do inverno á primavera. Os rigores da invernía cubriron o silencioso bosque de neve. Mamá Corvo decátase de unhas pegadas cruzan o bosque: o vello e peludo Avó Oso xa espertou. Está intranquilo porque escondeu algo antes de durmir, pero non lembra que é nin onde o agochou. Mamá Corvo e Avó Oso percorren o bosque na procura do segredo oculto, pero non está en ningún dos lugares onde sería lóxico pensar que o escondese. De súpeto, o bosque comeza a murmurar. A natureza tamén esperta: as silveiras escoitaron o segredo da flor e, froita a froita, repíteno, igual que fan as árbores coas súas follas e os paxaros nos niños. Entón, Mamá Corvo comprende que buscaba Avó Oso: agochara a primavera. Dende a paisaxe branca das primeiras páxinas, o relato evoluciona a través dun bosque silencioso que vai mudando de aparencia e empeza a rexurdir para dar paso á primavera e poñer en marcha o ciclo da vida. O texto recorre ás imaxes e ás estruturas repetitivas co obxecto de marcar o ritmo da historia, de maneira que a personaxe guía, Mamá Corvo, utiliza sempre a mesma fórmula para irille suxerindo ao oso os lugares onde pode estar agochado o seu segredo e este os rexeita empregando sempre as mesmas palabras. As ilustracións combinan acuarela, colaxe con papeis e pinceladas con lapis de cores, técnica que consegue plasmar as texturas dos troncos espidos das árbores e contrastar as tonalidades: os ocres, o marrón do oso e o negro do corvo ao primeiro, e despois as cores da primavera.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Extraordinario lirismo. Con vistosas e suxerentes imaxes”, *Faro de Vigo / La Opinión*, “*Faro da Cultura*”, n.º 707 / “*Saberes*”, n.º 651, 4 abril 2019 / 13 abril 2019, p. 6 / p. VI. .

Explica o argumento e loa o lirismo extraordinario do autor, acompañado das vistosas e suxestivas imaxes da ilustradora, que manteñen o suspense case até o final do relato.

**Máray**, Mariann, *O can de Milu (Mimó Kutyajá, 2019)*, XII Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados 2019, ilust. Mariann Maráy, trad. Manuela Rodríguez Lorenzo, Pontevedra: Kalandraka Editora, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-8464-200-8).

Máray Mariann (Budapest, 1978) trata neste álbum a amizade incondicional, o amor polos animais e a liberdade. A Milu encántanlle os cans e quere ter un, así que un día leva para a casa a bóla peluda que atopa no camiño. Ponlle de nome Peluso e xuntos viven aventuras e xogan sen parar. Cando medra, Milu repara en que anda sobre dúas patas, come moito e está moi grande, pero pensa que se trata dun can especial. O veterinario dille que é un oso e que cómpre encerralo porque é perigoso, así que o levan ao zoo. Pero Milu non dubida en rescatalo. Os múltiples contrastes cromáticos das ilustracións, cuns fondos ateigados de detalles e unha estética naïf levan a pensar no mundo da infancia, na riqueza e diversidade do mundo.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Canto á amizade. Valorando o diferente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 737, “Libros”, 19 decembro 2019, p. VI.

Explica o argumento da historia e salienta que o texto se converte nun canto á amizade, ao valorar o que é diferente e a traspasar fronteiras para sentirse libre. Tamén amosa a sentido da responsabilidade ao ter unha mascota. Loaa a cuidada ilustración, que, segundo ela, permita unha visión plástica profunda da narración.

### **Referencias varias:**

- Marta Neira, “XII Premio Internacional Compostela”, *El Correo Gallego*, “Domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 decembro 2019, p. 40.

Marta Neira informa de que Mariann Máray resultou gañadora do XII Premio Internacional Compostela de Álbum lustrado coa obra *Can de Mulú* e fai unha breve análise da mesma, destacando a proposta artístico-visual que conforma.

- Belén Bouzas, “Adictas ao cartoné”, *Sermos Galiza*, “*fóra de serie*”, n.º 376, “letras miúdas”, 12 decembro 2019, pp. 6-7. .

Artigo sobre as últimas novidades en álbums ilustrados de cara ao Nadal, no cal menciona *O can de Milú*, con texto e ilustracións de Mariann Máray, vertido ao galego por Manuela Rodríguez; *A que cheiran as cores?*, de Juan Castro Rivadulla Fernández e con ilustracións de Nuría Díaz; *A araña que lles tiña medo ás arañas*, de Ramón D. Veiga, con ilustracións de Iván Rodríguez Castro; *Noite de Reis*, de María Fe Quesada; e *O Castiñeiro do Apalpador*, de Inácio Vilariño Sanmartín e con ilustracións de Nuria Díaz.

- Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Libros para celebrar la Navidad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.242, “Literatura”, 18 decembro 2019, p. 6. .

Ofrécese unha listaxe de propostas literarias para celebrar o Nadal. Entre as obras escritas en galego cítanse *As aloucadas historias dos Monkis*, de Paula Merlán; *Xelís, o guieiro das botellas do mar*, de Rosa Aneiros; *Parece unha formiga*, de Pablo Otero; *Os corpos*

*invisibles*, de Emma Pedreira; e o álbum *O can de Milú*, de Mariann Máray, do que se salienta que o seu intenso colorido e que se trata dun canto á amizade incondicional e á liberdade

**Martí Constans**, Núria, *Trampa de lume (Trampa de fuego, 2012)*, trad. Alba Losada Cuquejo, ilustr. Judit Canela, Barcelona: La Mar de Fácil, col. Aktual, lectorado [autónomo e mozo], xuño 2019, 132 pp. (ISBN: 978-84-948584-8-2).

Novela memorialística na que Núria Martí Constans (Calella, 1966) trae á memoria a loita das mulleres por conseguir melloría no traballo e igualdade de dereitos cos homes. Fala das aventuras e desventuras de Laura e Bettina en Nova Iork, a onde chegaron con seu pai dende Italia para conseguir salarios e vivir. Nárranse os problemas da viaxe; o reencontro co tío; a adaptación; a convivencia con distinta etnias; o seu traballo na fábrica Triangle, onde traballaban mulleres en condicións infrahumanas, era como unha mala prisión; os amorios e os abusos do dono da fábrica que levaron a Bettina a abandonar a loita pola mellora do traballo das mulleres; o incendio da fábrica; a morte de Bettina; a liberación do culpábel, dono da fábrica; a retoma da loita por Laura e moitas mulleres que sufriron o incendio e as perdas e a consecución de melloras; o nacemento da filla de Laura, a quen chaman Bettina en recordo da irmá loitadora. Acompañan a narración as ilustracións de Judit Canela (Barcelona, 1985) que permiten visualizar os episodios. Iníciase o libro coa “Presentación” que recorda os primeiros anos do século XX en relación os avances realizados en Europa e América no ámbito das industrias. Remata o libro cos apartados: “E ti, que opinas? no que se desenvolven e se fan preguntas polos temas que se tratan na historia e “Agradecementos? Encádrase no proxecto “Lectura Fácil”.

**Mattioli**, Rodrigo, *Unha árbore (Un árbol, 2019)*, Premio Apila Primera Impresión 2019, trad. Mónica Lourido Santiso, ilustr. Rodrigo Mattioli, Zaragoza: Apila Ediciones, col. Alina, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, 28 pp. (ISBN: 978-84-17028-28-2).

Álbum premiado co que Rodrigo Mattioli (Brasil, 1982) mereceu o Premio Apila. Alina decide plantar unha árbore e este sinxelo xesto fai que todo comece a cambiar. Á árbore nácenlle pólas, e nestas instálanse unha parella de paxaros que poñen tres ovos. A partir de aí, recorrendo á repetición e á estrutura acumulativa, o narrador vai contando en cada páxina a multiplicación de elementos naturais. Nas últimas páxinas, o narrador cansa de contar todo o que muda e proponlles aos destinatarios que o fagan eles, para o cal presenta tres dobres páxinas sen texto e cunha ilustración ateigada de plantas e animais que deben contar. A historia pretende transmitir que calquera decisión, por pequena que sexa, abonda para transformar a nosa contorna, e anima os lectores e lectoras a plantar unha árbore. As ilustracións están realizadas con lapis de cores e acuarelas.

**Mckee**, David, *Agora non, Bernardo (Not now, Bernard, 1980)*, trad. Xosé Manuel González, ilustr. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, prelectorado, marzo 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-8464-428-6).

Tradución ao galego dunha obra dun dos autores clásicos do álbum infantil, David McKee (Devon, Reino Unido, 1935). Cun texto moi sinxelo, apenas unhas poucas frases a modo de lendas baixo os debuxos, os cales ocupan case a totalidade da páxina en grandes recadros, a historia fala da familia e as relacións que se estabelecen entre pais e fillos, reivindicando o diálogo, a afectividade e as emocións. Bernardo trata de chamar a atención dos seus pais para avisalos da presenza dun monstro no xardín que o quere comer, pero eles non lle fan caso ningún e só repiten: “Agora non, Bernardo”. O rapaz sae só ao xardín e o monstro pápao e ocupa o seu lugar na casa, pero, para a súa sorpresa, os adultos nin reparan nel, pensan que é Bernardo que os incomoda e repiten a mesma frase.

### Recensións:

- Carmen Ferreira, “Clásicos imprescindibles do álbum: David McKee”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xuño 2019, p. 7.

Comenta que este álbum infantil trata da familia e as relacións pais e fillos, “reivindicando a afectividade e as emocións” e que “fai reflexionar sobre a (in)comunicación”. Logo lembra as obras do autor que se poden ler en galego: *Elmer* (Xerais, 1997; Vicens Vives, 2012; Kalandraka, 2018); a serie *As cores de Elmer*, *Elmer, outra vez*, *Elmer e o tempo*, *O día de Elmer*, *Os amigos de Elmer* (Xerais, 1998) e *Negros e brancos* (Xerais, 2008).

\_\_\_\_\_, *Elmer e o osiño perdido* (*Elmer and the Lost Teddy*, 1999), trad. Xosé Manuel González, ilustr. do autor, Pontevedra: Kalandraka, col. Tras os montes, prelectorado, 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-8464-490-3).

Nova entrega en galego protagonizada polo elefante Elmer, o personaxe creado por David McKee (Devon, Reino Unido, 1935) que pon de relevo o valor da xenerosidade, a empatía e a colaboración entre todos. Nesta ocasión, o elefante multicolor comparte o seu osiño de trapo cun bebé desgustado pola perda do seu boneco e incapaz de durmir sen el. O bondadoso Elmer cédelle o seu namentres non encontran o do bebé, e dende ese momentoponse en marcha unha cadea de solidariedade entre todos os habitantes da selva na procura do xoguete perdido. As ilustracións concédennlle protagonismo a Elmer e ao seu curmán, de cadros brancos e negros, e tamén aos respectivos osos dos animais da selva. Os fondos de cores vivas aparecen cargados de detalles e desenvolven a narración cos recursos gráficos.

**Meilán**, Ana, *Oito patas* (*8 patas*, 2018), trad. da autora, ilustr. Desiree Arancibia, Lugo: Entre nubes y cuentos, lectorado autónomo, febreiro 2019, 36 pp. (ISBN: 978-84-949461-3-4).

Álbum ilustrado no que Ana Meilán (Taboada, Lugo), a través dunha historia sinxela reivindica a diferenza, a diversidade e o dereito a escoller un camiño propio con liberdade. Lucy, a araña protagonista, é un pouco rara: ten lentes e non lle gusta tecer e non se lle dá nada ben, ao contrario ca ao resto de arañas da súa familia. Un día chámannelle a atención unhas pinturas de cores coas que pode crear formas diversas e de súpeto descobre que a

súa vocación é pintar. As ilustracións de Desirée Arancibia (Santiago de Chile) apostan polas cores intensas e a combinación de diversas técnicas.

**Menéndez**, Elvira e José María **Álvarez**, *Caos no cole* (*Caos en el cole*, 2018), trad. Ana Fachal, ilust. Francesc Rovira, Madrid: Grupo Editorial Bruño, col. Alta mar, n.º 39, lectorado autónomo, 2019, 57 pp. (ISBN: 978-84-696-2564-4).

Elvira Menéndez (Ferrol, 1949) e José María Álvarez (Cartagena, 1942), logo de publicar en castelán *Caos en el súper* (2002), *Caos en la boda* (2003) e *Caos en Carnaval* (2007), retoman os personaxes de Sara e Emilio neste novo relato de humor. A trama céntrase na posta en marcha dunha granxa de cascudas despois de escoitalle dicir á súa mestra que existen animais en perigo de extinción e a unha nai que as cascudas están desaparecendo das cociñas. De maneira que buscan unha caixa e gardan todas as que atopan no colexio para regalarllas á súa mestra o día do seu aniversario. Cando a inspectora chega ao colexio, leva a caixa por erro e as cascudas comezan a subirlle polas pernas, o cal provoca que acudan as ambulancias e a policía até que se aclara o malentendido. Narrada en terceira persoa e con predominio dos diálogos, a obra respecta a clásica estrutura de presentación, nó e desenlace para desenvolver a competencia literaria entre os lectores máis novos. As ilustracións a cor de Francesc Rovira (Barcelona, 1958) acentúan o humorismo do texto e mostran o gusto polos detalles do debuxante e a expresividade dos personaxes. O volume complétase cun obradoiro de lectura de Keka Colmenero.

**Merino**, Gemma, *A ovella que chocou un ovo* (*The Sheep Who Hatched An Egg*, 2017), trad. Belén Quinteiro Pulleiro, ilust. da autora, Barcelona: Picarona, lectorado autónomo, abril 2019, 29 pp. (ISBN: 978-84-9145-239-3).

Gemma Merino (Sabadell) constrúe un álbum ilustrado que forma parte dunha serie dedicada a individuos que se afastan do que se espera deles utilizando personaxes animais. A serie principiou con *O crocodilo ó que non lle gustaba a auga* (2019) e continuou con este título e *A vaca que subiu a unha árbore* (2019). Lola, unha ovella moi presumida, pasa as horas cepillando e coidando a súa suave, sedosa e extraordinaria la. Un día de calor tosquianas a todas e queda sen a la, o que lle causa unha gran tristura e provoca que se afaste do rabaño. Co tempo, a la vólvelle medrar, pero non da mesma maneira: xa non é suave senón que está enguedellada. Pero nese intre un ovo aterra na súa cabeza sen que se decate e del nace un paxaro de cores brillantes co que amiga. Ambos xogan todo o tempo até que deben despedirse: Lola torna coas ovellas porque precisa que lle corten a la de novo, e o paxaro precisa voar e ver mundo. Pero a ovella xa non é a mesma: apenas se fixa no aspecto da la nin o que as demais pensen dela; séntese feliz por ter un amigo e volver ver as súas conxéneres. A historia transmite a necesidade de aceptarnos como somos e non conceder tanta importancia á aparencia física. As ilustracións personifican os animais, que se presentan cos perfís marcados; están realizadas cunha técnica de gravado denominada monotipia e acuarelas e acrílicos para a cor.

\_\_\_\_\_, *A vaca que subiu a unha árbore* (*The Cow who climbed a tree*, 2015), trad. Belén Quinteiro Pulleiro, Barcelona: Picarona Edicións, col. Picarona, lectorado autónomo, abril 2019, 29 pp. (ISBN: 978-84-9145-240-9).

Gemma Merino (Sabadell) constrúe un álbum ilustrado que forma parte dunha serie dedicada a individuos que se afastan do que se espera deles utilizando personaxes animais, iniciada co seu primeiro libro *O crocodilo ó que non lle gustaba a auga* (2019) e continuada con *A ovella que chocou un ovo* (2019) e o presente volume. Tina non é coma as demais vacas. É curiosa e ten a cabeza chea de ideas, por máis que as súas irmás sempre pensen que todo o que pensa é ridículo. Un día decide tentar algo novo: gabea por unha árbore e atopa un dragón simpático e vexetariano. Coma sempre, as irmás non a cren, e cando Tina desaparece, deciden que as súas parvadas xa chegaron demasiado lonxe e van buscala. No bosque des cobren un mundo de sorpresas que lles abre a mente. As ilustracións personifican os animais, que se presentan cos perfís marcados; están realizadas cunha técnica de gravado denominada monotipia e acuarelas e acrílicos para a cor.

\_\_\_\_\_, *O crocodilo ó que non lle gustaba a auga* (*The Crocodile Who Didn't Like Water*, 2013), trad. Belén Quinteiro Pulleiro, Barcelona: Picarona Edicións, col. Picarona, lectorado autónomo, abril 2019, 26 pp. (ISBN: 978-84-9145-238-6).

Gemma Merino (Sabadell) constrúe un álbum ilustrado que forma parte dunha serie dedicada a individuos que se afastan do que se espera deles utilizando personaxes animais. A serie principiou con este título e continuou con *A ovella que chocou un ovo* (2019) e *A vaca que subiu a unha árbore* (2019). O protagonista é un crocodilo ao que non lle gusta nada a auga; de feito, prefíre gabear ás árbores. Como se sente só, tenta cambiar e merca un flotador, pero este impídelle xogar. Ademais, estar sempre mollado é incómodo, e un simple calafrío convértese nun arrefriado. Cando esbirra, sae lume e ao cabo descóbrese que o crocodilo é un dragón nacido para botar fume e para voar. As ilustracións personifican os animais, que se presentan cos perfís marcados; están realizadas cunha técnica de gravado denominada monotipia e acuarelas e acrílicos para a cor.

**Mésseder**, João Pedro, *Conto da Travesía das Musas* (*Conto da Travessa das Musas*, 2010), trad. Anxo Tarrío, ilust. Raquel Senra, A Coruña: Hércules de Edicións, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado autónomo, marzo 2019, 31 pp. (ISBN: 978-84-949843-3-4).

Conto de João Pedro Mésseder (Porto, 1957) no que se percibe a nostalxia polo tempo perdido da infancia e os seus xogos a través da lembranza dunha anécdota humorística pertencente á vida cotiá nun espazo concreto: o barrio e a rúa, a Travesía das Musas, na cidade de Porto. Xan é un neno que observa dende a xanela as persoas humildes do seu barrio, distintas del, que pertence a unha familia acomodada, e tamén os xogos dos outros nenos, rapaces esfarrapados con mocos no nariz que escorregan pola rúa nun carro de rodas. A xanela é para Xan o punto de unión co Bigotes, o policía gordo e pachorrento que percorre a rúa; co señor Olímpio, o albanel maior que afoga a soidade en vasos de viño tinto; co tendeiro, o señor Carballo. Até que un día Xan escapa do control da súa nai e proba a tirarse no carro con dous rillotes, o cal dá lugar a unha desfeita. A sinxela trama adórnase cun ton poético e intimista que transmite o abraio ante o mundo, o desexo de liberdade. Nas ilustracións, Raquel Senra (Santiago de Compostela, 1988) utiliza a técnica da colaxe para crear imaxes conceptuais, con padróns que lembran os azulexos

portugueses, ademais de empregar fondos brancos cos que consegue evocar o que non se di.

### **Recensións:**

- Kenya Pineda, “Onde viven as musas?”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 setembro 2019, p. 6.

Indica que este álbum ten “tinturas autobiográficas” relatadas a través dos ollos de Xan, quen descobre o seu mundo con detalladas descrições. Sinala que as ilustracións “estimulantes e poéticas” dilúen “os límites do conceptual e o figurativo” por medio da colaxe que emprega “elementos identificábeis descontextualizados para outorgarlles un novo sentido”.

### **Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, “La importancia de la memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 30 xaneiro 2019, pp. 66-67.

Entre outras cuestións, anuncia a presentación desta obra na Casa da Luz.

- Laura Caamaño “Novas achegas de Hércules Edicións”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Apunta as novidades de Hércules de Ediciones na colección “Novas lecturas de Hércules”, como é o caso de *Conto da travesía das Musas*, “sobre a aventura e o desexo de liberdade”, de João Pedro Mésseder con tradución de Anxo Tarrío e ilustrado por Raquel Senra; *Filippa&Compañía. Piano á fuga e Morriña*.

\_\_\_\_\_, *O acuario (O Aquário, 2004)*, trad. Anxo Tarrío, ilust. Célia Fernandes, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, setembro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-949843-6-5).

Conto ilustrado de João Pedro Mésseder (Porto, 1957) que presenta un pequeno universo de pedras de cores, area, algas e burbullas no que viven un peixe vermello de aletas maxestosas e mais tres peixes gordos e fracos de cor azul, todos azuis, pero distintos. Un día chega un novo habitante: un enorme e vello peixe negro. Os pequenos peixes azuis, que son moi nerviosos, séntense intimidados e temen acercarse. Mais, pouco a pouco, descubren que as aparencias poden enganar e que, a pesar das diferenzas, a todos os peixes lles gusta xogar e gozar xuntos. A historia defende valores como o respecto, a amabilidade, a colaboración, a amizade, o altruísmo e a convivencia, representando un mundo en miniatura a través do acuario, con relacións entre iguais e diferentes, vellos e novos, con prexuízos que cómpre superar. As ilustracións de Célia Fernandes (Lisboa, 1972) teñen liñas suaves e formas sinxelas. As tenues texturas mesturadas cunha ampla paleta de cores en tons claros presentan pequenos detalles.

### **Recensións:**

- Kenya Pineda, “A todos os peixes nos gusta xogar!”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 decembro 2019, p. 4.

Dá conta da trama e fai fincapé en que se trata dunha historia coa que o lectorado se pode sentir identificado cando sente medo ou comete algunha equivocación, e que favorece a convivencia na clase, na casa ou no parque. Informa sobre a traxectoria do autor, que ten no seu haber máis dunha trintena de obras para a infancia, ademais de publicacións para adultos e unha ampla produción de poesía; e valora así mesmo as ilustracións do volume.

**Millwood Hargrave**, Kiran, *A rapaza de tinta e estrelas* (*The Girl of Ink & Stars*, 2016), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Avanzado, mocidade, 2019, 208 pp. (ISBN: 978-84-16884-19-3). ■

A poeta Kiran Millwood Hargrave (Londres, 1990) debutou no xénero narrativo con esta novela que recibiu o premio Waterstones Children’s Book e o British Book of the Year de literatura xuvenil. Cunha prosa con pinceladas líricas, a historia, estruturada en 25 capítulos titulados e tres partes, desenvólvese nun ambiente de fantasía adobiado con pinceladas da fábula e a mitoloxía. Isabel, unha rapaza duns catorce anos filla do cartógrafo e antigo viaxeiro e narradora da historia, vive en Gromera, na illa de Joya, sometida, coma o resto dos habitantes aos caprichos do gobernador Adori. Dende que este chegou á illa, entre outras prohibicións do tirano, non se pode entrar no bosque que arrodea Gromera, o cal causou a morte da súa nai e o seu irmán xemelgo por non poder ir buscar as herbas máxicas que os salvarían. A mellor amiga de Isabel é Lupe, a filla do gobernador, así que se presenta voluntaria para participar na misión de rescate o día que desaparece, co propósito tamén de descubrir que asasinou a Cata, a súa compañeira de escola. O mundo que atopa nos Territorios Esquecidos é un ermo habitado por monstros onde espertou un demo de lume. Isabel terá que salvar a toda a illa dun horribel destino botando man da lenda que coñece dende nena na que se fala da existencia dun demo, Yote, que amarrou e dobregou a illa de Joya cando navegaba libre polos mares do mundo e provocou que os animais comezasen a desaparecer e as xentes a enfermarse, que foi vencido pola heroína nova Arinta coa súa espada. Isabel seguirá na súa viaxe un antigo mapa da súa nai que cobra vida por arte de maxia coa auga dun río até chegar ás entrañas da illa. O volume inclúe mapas do espazo no que autora ambienta a historia.

### Recensións:

- María Navarro, “Aventura e percorrido interior. Nunha sociedade distópica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 715, “Libros”, 28 marzo 2019, p. VI.

Explica o argumento e salienta a figura do protagonista, Ben, como símbolo da diversidade que racha cos estereotipos da sociedade e como mostra de que o afrontamento das situacións adversas é un proceso de aprendizaxe para a vida.

**Mircala**, Jack, *Pánico no bosque dos corazóns murchos ou O romance arrepiante de Fastío e Bladís* (*Pánico en el bosque de los corazones marchitos*, 2019), trad. Maruxa Zaera Landeira, ilust. do autor, A Coruña: Editorial Bululú, mocidade, abril 2019, 33 pp. (ISBN: 978-84-949549-7-9).



Jack Mircala (Fernando Gómez, Madrid, 1968) ofrece neste volume un relato que presenta os trazos que caracterizan a súa obra: un mundo melancólico e gótico salpicado, nos temas e no estilo gráfico, de referencias a Poe e Tim Burton. As ilustracións, en branco e negro, están debuxadas integramente con rotring. A trama desenvolve, a través de dez capítulos titulados, como naceu entre os pánicos, as criaturas que habitan no Bosque dos Corazóns Murchos, ás aforas de Malvadía, o desexo de deixaren de asustar o resto dos habitantes durante o día e durmiren. Con tal fin, o violinista Fastío contará coa axuda da fermosa pianista Bladís, quen atopará a arpa de pedra, malia lle custar a vida, e fará que se cumpra o Presagium Panicus, a profecía conservada polo ancián Aseitorius. Bladís tocará na arpa unha música que arrastrará os pánicos ao mundo da noite e a se espallaren polo mundo, introducíndose nos pesadelos da xente para arrepiala.

**Oppel, Kenneth**, *O niño (The Nest, 2015)*, trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, mocidade, xuño 2019, 169 pp. (ISBN: 978-84-16884-23-0). ■

Tradución desta novela de misterio con toques de suspense e terror do aclamado escritor Kenneth Oppel (Port Alberni, O Canadá, 1967), distinguida pola Canadian Library Association como libro do ano 2016, na que aborda temas como a incapacidade e o significado de ser normal no marco dunha familia. A través da voz de Steve, un rapaz con problemas psicolóxicos a causa do seu nerviosismo e a súa sensibilidade, coñecemos a súa historia a partir da chegada de Theo, un bebé que naceu cun grave problema cardíaco. Steve e a súa irmá máis nova, Nicole, asisten á preocupación e ao desazo dos seus pais ante os ditames médicos pouco favorábeis. Un día, a Steve pícalle unha avésa das que ese verán invadiron a súa casa e descobre que é alérxico. Dende ese intre comeza a ter soños recorrentes nos que se lle aparece unha sorte de anxo, que resulta ser a raíña das avésas, prometéndolle que pode curar o bebé, “amañalo”, pero a cambio de algo: dar o seu consentimento. Steve pénsao, pero ao ver que o bebé empeora e os seus pais sofren, decide aceptar o trato, até que comprende as maléficas intencións desas criaturas e loita para se volver atrás. Coa inesperada axuda do señor Ninguén, que fala coa súa irmá Nicole, Steve debe enfrontarse ás avésas e arriscar a súa vida para que o seu irmán non sexa substituído por un bebé “normal”. O texto vai acompañado das ilustracións de Jon Klassen (Winnipeg, Manitoba, O Canadá, 1981), galardoado coa medalla Caldecott en 2013 e 2015. A negritude dos debuxos contribúe a acrecentar o ambiente tétrico do texto.

**Oro, Begoña**, *A despensa máxica (La despensa mágica, 2014)*, trad. Isabel Soto, ilustr. Dani Montero, Vigo: Xerme, col. O barco de vapor. A banda do esquío, n.º 1, prelectorado, 2019, 46 pp. (ISBN: 978-84-9854-708-5).

Primeiro episodio da serie intitulada “A banda do esquío”, formada por dous nenos, Aitor e Ismael, dúas nenas, Irene e Nora, a súa mestra, Lisa, e Rasi, un esquío que é a súa mascota. Trátase dun conto escrito por Begoña Oro (Zaragoza) cuxo texto se limita a unhas poucas liñas, de redacción sinxela e palabras de uso frecuente, acompañado de ilustracións de Dani Montero (Catoira, 1997) que reproducen a estética dos debuxos animados. Nesta entrega os amigos reparan en que o esquío dá voltas á procura de algo que parece non atopar até que descubren que tenta recuperar unha abelá que enterrou no verán no patio do colexio para comela no inverno, cando non tivese alimento. Os cativos observan entón que a abelá se converteu nun pequeno talo que dará lugar a unha árbore.

Rasi alégrase porque terá un fogar e alimento, e os rapaces da banda pensan que todos os soños poden facerse realidade, así que cada un soña co que máis lle gusta.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Didáctico e pedagóxico. Con forma desenfadada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 727, “Libros”, 10 outubro 2019, p. VI.

Explica o argumento da obra protagonizada polo aventureiro esquí Rasi, que ten que resolver un misterio cos seus colegas, e alude ao seu valor didáctico e pedagóxico, tanto polo contido como pola forma, presentando unha narrativa moi desenfadada.

**Pergaud**, Louis, *A guerra dos botóns (La Guerre des boutons, 1912)*, trad. Xoán Manuel Garrido Vilariño e Mercedes Isabel Martínez Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, n.º 182, lectorado mozo, abril 2019, 332 pp. (ISBN: 978-84-9121-491-5).

Edición en papel desta novela de Louis Pergaud (Belmont, 1882-Fresnes-en-Woëvre, 1915) que reproduce a versión electrónica de 2010 dispoñíbel na páxina da Asociación de Tradutores Galegos. O relato, estruturado en tres partes –“A guerra”, “Cartos!” e “A cabana”–, considerado un clásico da literatura infantil e levado varias veces ao cinema, céntrase na “guerra” que libran dúas bandas de cativos de vilas rivais, Lomberna e Belráns, a finais do século XIX, cuxo botín adoita estar composto polos botóns dos que os vencidos son despoixados a modo de humillación. Un e outro bando alternan as súas vitorias e as súas derrotas, pero os de Longeverne, dirixidos por Leboreiro, case sempre saen ben parados, máis cando se lle ocorre o brillante plan de recadar cartos para mercar botóns e outros obxectos para axudar os posíbeis damnificados polas pelexas. Pero Bacallo, un dos seus camaradas, do que ninguén se fía, primeiro pásalles a información do seu agocho aos de Belráns e despois cóntalles aos adultos o que estiveron facendo. Cando semella que a guerra vai chegar á fin, o armisticio non se asina. Ademais de constituír unha alegación pacifista, represéntanse tamén os enfrontamentos contra a autoridade que representan os proxenitores e a escola, nun mundo infantil no que os cativos xogan a pracer sen vixilancia. Precedida dun limiar do autor, que declara a súa intención de escribir un libro san, a un tempo galo, épico e rabelaisiano, numerosos capítulos van encabezados por citas de autores como Michel de Montaigne, Henri IV, Victor Hugo, Jean Racine, Otto von Bismarck, François Rabelais, Madame de Sévigné, Sébastien-Charles Leconte, Arthur Rimbaud, Jean de La Fontaine, Charles Baudelaire, Brantôme, Pierre de Ronsard, Pierre Corneille, José-Maria de Heredia e François de Malherbe.

**Perini**, Franca, *O colar de bágoas (L’infiltratrice di lacrime, 2019)*, trad. Xosé Ballesteros, ilustr. Anna Pedron, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. MareMar, lectorado autónomo, setembro 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-8464-483-5).

Franca Perini (Vicenza, 1964) conta neste álbum ilustrado, mediante frases breves e evocadoras, as múltiples razóns que poden facer agromar bágoas produto da dor, a tristeza e a decepción, co obxecto de achegarse á comprensión dos máis pequenos e axudar a visibilizar os sentimentos e verbalizar o sufrimento. As bágoas son follas para representar

a nostalgia do pasado; son cristais como as palabras nunca escoitadas; son de cera, abondosas coma as inxustizas; son de caramelo polos agasallos que nunca se recibiron ou chegaron tarde; son pétalos de flores polo primeiro amor non correspondido; son de resina por todas as árbores cortadas para ser substituídas por edificios; son de area polas horas roubadas a un amiga; son migallas de pan por un barco que nunca chegou á orela. Alguén as insire para formar un colar, deixando outras, as bágoas de alegría, á beira do camiño para que sexan recollidas por outras mans. As ilustracións de Anna Pedron (Vicenza, 1984), que combinan debuxos a lapis e fondos en acuarela en cores pastel, realzan o ton poético do texto e mostran todas as idades das persoas a través de primeiros planos. A obra foi finalista do XI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados.

**Pfister**, Marcus, *O peixe Arcodavella (Der Regenbogenfisch, 1992)*, trad. Iago Nicolás Ballesteros, ilust. do autor, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. Tras os montes, lectorado autónomo, maio 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-8464-417-0).

Álbum escrito e ilustrado por Marcus Pfister (Berna, 1960), considerado xa un clásico contemporáneo polos múltiples premios que acadou e a súa tradución a diversas linguas. O peixe protagonista, que brilla en alta mar coas súas escamas con todas as cores do arco da vella, é a envexa dos demais peixes, mais por non saber compartilas cando llas piden queda só. Para poder ser feliz, grazas á axuda do polbo moi sabio, aprende a agasallar os demais peixes coas súas escamas de cores, de forma que só lle queda unha. A cambio é feliz ao compartir cos seus compañeiros. As acuarelas que acompañan o texto resaltan o brillo das escamas, exclusivas do protagonista ao primeiro e repartidas entre todos os peixes contra o final.

### **Recensións:**

- Carmen Ferreira, “Clásicos contemporáneos do álbum: Marcus Pjister”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2019, p.

Dálle a benvida a este álbum luminoso e colorido que chega da man de Kalandraka e destaca a traxectoria do deseñador gráfico e publicista Marcus Pfister, sinalando que comezou na literatura en 1986. Apunta ademais que a historia presenta unha magnífica ensablaxe de texto e ilustración. Logo dá conta do seu argumento que trata dun peixe que é envexado polos demais e que, coa axuda do polbo sabio, aprende a agasallar os peixes coas súas escamas de cores.

**Reina**, Cristina, *Mellores amigos (Mejores amigos, 2019)*, trad. Vanesa López García, ilust. Lidia J. Duarte, Madrid: Jaguar, col. Miau, prelectorado, marzo 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-17272-94-4).

Álbum infantil no que con pouco texto e ilustracións a dobre páxina completa, Cristina Reina (Madrid, 1984) e a debuxante Lidia J. Duarte abordan o tema da amizade. Desenvólvese un diálogo entre un neno e a súa nai para que esta dea resposta ás súas preguntas sobre como identificar quen é o seu mellor amigo. Deste xeito, a nai indícalle que debe ser alguén que o comprenda, o escoite, o console, o protexa, o coide, o abraza, comparta con el momentos divertidos, lle pida perdón se cómpre... O texto recorre ás rimas internas e ao ton humorístico do cativo para se axear á competencia dos posíbeis

óntes ou lectores, e as ilustracións reforzan o ton infantil grazas ás cores vivas, aos pequenos detalles espallados polas páxinas (como os ratos que van aparecendo) e á insistencia en reforzar as expresións.

**Román**, José Carlos, *Un estraño agasallo (Un extraño regalo, 2019)*, ilustr. Silvia Álvarez, Vigo: Triqueta verde, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, 38 pp. (ISBN: 978-84-949231-9-7).

Conto ilustrado de José Carlos Román (Cádiz, 1972) no que non consta o nome do tradutor ou tradutora. A trama arrinca coa chegada dun gran paquete á oficina de correos. Don Ourizo, a señora Mofeta, o Colibrí, dona Curuxa e o señor Raposo preséntanse ante o carteiro seguros de que lles pertence. Pero non é para ningún deles. Intrigados, os animais do bosque deciden seguir o carteiro na súa ruta e descubren que é da pequena musaraña, e entran na súa casa molestos, agredíndoa coa súa soberbia, dicíndolle que ao ser fea, pequena e sen amigos non pode recibir un paquete tan bonito. Sen dicir nada, a musaraña saca os obxectos que contén o paquete: un agasallo para cada un dos animais. Estes, avergoñados, reflexionan sobre o sucedido e comprenden o seu erro, de maneira que van onda ela con outro agasallo: un espello no que cando a musaraña se mira descobre o preciosa que é. O relato utiliza unha estrutura acumulativa e unha fórmula que se repite: “Que si, que non; que non, que si. Podería ser teu, mais non é para ti”, para facilitar a participación do lectorado. Da historia despréndese a necesidade de respectar os demais, desterrar os prexuízos e pedir perdón polos erros. As ilustracións de Silvia Álvarez (Ceiba, Honduras) están realizadas con ceras de cores e cores vivas e brillantes.

#### Referencias varias:

-Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Entre as propostas literarias recomendadas para o Nadal, pertencentes á literatura galega, figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de Maria Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooou!* (2016), de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Saint-Exupéry**, Antoine de, *O Principiño*, trad. Laura Castro, ilustr. Joaquín Porcar, Barcelona: Adapta, lectorado autónomo, setembro 2019, 117 pp. (ISBN: 978-84-949451-6-8).

Edición desta obra clásica de Antoine de Saint-Exupéry (Lión, 1900-Mar Mediterráneo, 1944) que presenta o texto adaptado á lectura fácil, un traballo de Javier Alcázar Colilla. A lectura fácil ten como obxectivo que os contidos das obras literarias sexan accesíbeis, en particular a persoas con discapacidade intelectual, persoas maiores, poboación inmigrante con escaso dominio do idioma, persoas sen estudos que non saben ler nin escribir, e, por extensión, a toda a poboación, cando se enfronta a textos de certa complexidade. Con tal obxecto, simplifícanse a puntuación, os contidos, o vocabulario. O ilustrador Joaquín Porcar (Castelló de la Plana) recrea as imaxes do texto orixinal francés obra do propio autor para que sirvan de apoio, doadas de entender e cun significado relevante. A edición vai acompañada duns breves capítulos iniciais con información sobre a vida do escritor e a importancia do relato.

**Sánchez Ibarzábal**, Paloma, *A historia de Nuk (Historia de Nuk, 2012)*, trad. Laura Sousa Sánchez, ilust. Natascha Rosenberg, Madrid: Narval Editores, lectorado autónomo, marzo 2019, 29 pp. (ISBN: 978-84-949282-7-7).

Álbum ilustrado, en tapa dura, escrito por Paloma Sánchez Ibarzábal (Madrid, 1964) e que ofrece unha explicación poética do percorrido que fai unha semente dende que cae da árbore até que se converte nunha nova planta, namentres voa polo mundo empuxada polo vento e se pregunta pola súa identidade: non sabe se é un paxaro, unha abella, unha folla, unha folerpa de neve ou un gran de area. Tras unha tormenta, Nuk queda atrapada debaixo dunha pedra sen poder moverse e sente frío, soidade e medo; nese intre a terra abrázaa e Nuk queda durmida. Cando esperta, renace e observa que mudou por completo. As ilustracións de Natascha Rosenberg (Múnic), realizadas con lapis de cores e acuarelas, recreáanse nos escenarios naturais, que contrastan co corpo branco de Nuk, para incidir na mensaxe que se pretende transmitir: a importancia do ciclo da vida e a busca da identidade persoal.

**Sanjuán**, Emilio, *Carlos Baza, “Cabaza” (Carlos Baza, “Cabalaza”, 2006)*, trad. Ana Fachal, ilust. M<sup>a</sup> Luisa Torcida, Madrid: Bruño, col. Alta mar, n.º 41, lectorado autónomo, 2019, 163 pp. (ISBN: 978-84-696-2566-8).

Narración humorística de Emilio Sanjuán (Madrid, 1948), estruturada en dezoito capítulos titulados, na que se contan diversas anécdotas protagonizadas por Carlos Baza, un rapaz ao que todos lle chaman Cabaza polo burricán que é, coñecido polas súas trasnadas constantes das que son vítimas o seu mestre e os habitantes da súa vila. Un día aparéceselle o pequeno xenio Al-falfa, un ser diminuto con escasas habelencias, co cal vive unha serie aventuras que dan pé a múltiples equívocos e aos correspondentes castigos para Cabaza. Para que aprenda, Al-falfa explícalle que todos os xenios imitan os seus amos, de aí que o rapaz comece a ser consciente do seu mal comportamento e mellorar día tras día até se volver responsábel e conseguir salvar o seu pai dun accidente. Neste intre os dous amigos despídense, pois Al-falfa debe volver ao país de Caramba. María Luisa Torcida (Oviedo, 1963) completa o relato con ilustracións bitonais en gris e verde que mostran as peripecias do protagonista e do pequeno xenio. O volume complétase cun obradoiro de lectura de Carlos Álvarez.

**Santos, Care**, *Medo (Miedo, 2019)*, trad. M<sup>a</sup> Xesús Gómez, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, n.º 22, mocidade, febreiro 2019, 281 pp. (ISBN: 978-84-8349-558-2).

Terceira entrega da triloxía de Care Santos (Mataró, 1970), que arrincou con *Mentira* (Premio Edebe de Literatura Xuvenil, 2015) e continuou con *Verdade* (2017), na que o protagonista é Éric e o relato en primeira persoa dos feitos que marcaron a súa vida. Neste caso abórdase a sensación de medo que implica enfrontarse ao futuro, cunha cita inicial tomada do relato de medo *A pata de mono*, de W. W. Jacobs e cunha nota preliminar sobre o suicidio. Se en anteriores entregas a historia se centrou na procedencia social humilde de Éric; na súa infancia sen pais; no seu paso por un centro de menores tras ser acusado de asasinato; na súa posta en liberdade e no nacemento da súa relación amorosa con Xenia, a presente entrega arrinca co seu traballo como lector en voz alta para Hugo, un rapaz cego, a súa colaboración coa policía e a súa vida independente nun piso. Ao tempo, complétanse aspectos do seu pasado, como a súa relación coa familia e con Xenia, feitos que se entrelazan coa historia Hugo, un rapaz pertencente á clase alta de Barcelona que cre que a súa vida xa non vale para nada por ser cego e tenta suicidarse para fuxir da sobreprotección da súa familia e do seu abatemento. Éric non esquece de onde vén e segue empeñado en aclarar a morte do seu curmán Ben a mans do clan dos Medina e en librar o seu barrio do seu control, de maneira que participa na operación policial argallada polo sarxento Roig que porá en xogo a súa vida. Os capítulos de curta extensión contribúen a outorgarlle dinamismo á trama, que acolle ademais temas como os celos na parella, o tráfico de drogas, a reinserción, o peso da sociedade patriarcal.

**Sierra i Fabra, Jordi**, *Berta Mir detective. O caso do papagaio que falaba de máis (Berta Mir detective. El caso del loro que hablaba demasiado, 2011)*, trad. Xesús Domínguez Dono, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa oeste, mocidade e lectorado adulto, outubro 2019, 321 pp. (ISBN: 978-84-9151-403-9). ■

Edición en galego da segunda entrega da saga creada por Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) que se iniciou con *Berta Mir detective. O caso do falso accidente* (2018) publicado tamén por Galaxia. A protagonista é narradora da novela é Berta Mir, unha moza de dezaoto anos que decide coller as rendas da axencia de detectives do seu pai para asegurar os ingresos da familia e poder coidalo, logo de que sufrise un falso accidente que o deixou prostrado nunha cama, peripecias que se contaron na primeira novela. Unha anciá de oitenta e dous anos, Claudia Dalmau, aparece no despacho cando Berta está desesperada pola falta de cartos e contrátala para que atope o seu papagaio roubado, a súa única compañía. O caso, que a ocupa durante seis días, aos que se lles dedica senllos capítulos, lévaa a descubrir os segredos da adiñeirada familia Dalmau, entre eles, a morte do primoxénito en estrañas circunstancias e a desaparición do irmán da anciá. Ao tempo, Berta pescuda sobre a existencia dunha rede ilegal de importación de animais exóticos, o que a levará a poñer en risco a súa vida e a ser salvada polo policía Alfredo Sanhellí, amigo do seu pai. Así mesmo, Berta fala das súas inquiredanzas persoais –a preocupación polo seu pai; a enfermidade da súa nai, ausente da súa vida, á que lle acaban de diagnosticar un cancro; a falta de afecto da súa avoa– e vive a súa primeira actuación profesional co grupo musical que ten cos seus amigos, entre os que se atopa Marcos, o rapaz do que está namorada en segredo. O texto presenta un estilo áxil e combina as características da novela de detectives coa novela iniciática, ademais de criticar o tráfico de animais exóticos e especies ameazadas.

**Stower**, Adam, *O rei Cuu (King Coo, 2017)*, trad. Moisés Barcia, ilust. do autor, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, lectorado autónomo, 2019, 169 pp. (ISBN: 978-84-16884-26-1). ■

Novela de aventuras e humor do escritor inglés Adam Stower na que un narrador en terceira persoa conta as peripecias do protagonista, Ben Pole, un neno que sofre o acoso do abusón da súa escola, Monty Grabbe, o fillo do alcalde da vila, e da súa banda, polo cal sempre tenta pasar inadvertido. Un día, ao escapar da súa persecución, acaba nunha calella cega e refúxiase debaixo dun contedor onde atopa un túnel que o conduce a un bosque descoñecido. Nel coñece o rei Cuu, un ser cunha longa barba que resulta ser unha nena. Cuu vive coa súa mascota Herbert, un wombat, nunha cabana construída sobre as árbores, arrodada de tobogáns e numerosas trampas. Grazas a ela, Ben logra defenderse por fin do odioso Monty. As ilustracións en branco e negro completan a historia con debuxos explicativos que lle outorgan dinamismo. Mesmo nun dos capítulos se recorre a presentar o relato segundo as convencións da banda deseñada.

**Tanco**, Miguel, *Conta comigo (Cuenta conmigo, 2019)*, trad. Maruxa Zaera Landeira, ilust. do autor, A Coruña: Editorial Bululú, lectorado autónomo, outubro 2019, 40 pp. (ISBN: 978-84-949549-8-6).

Álbum de Miguel Tanco (Badajoz, 1972) que mestura unha historia de ficción narrada en primeira persoa cun contido didáctico. A protagonista observa que todos na súa casa teñen unha paixón: ao seu pai encántalle pintar; á súa nai examinar insectos; o seu irmán adora a música. Así que decide buscar a súa. Tras algunhas probas decídese polo que de verdade lle gusta: as matemáticas. Dende ese intre explica como ve o mundo a través delas: as curvas nos tobogáns, os polígonos no parque, os conxuntos cando come.. As páxinas finais reproducen o seu caderno con anotacións referidas ao que son os fractais, os polígonos, os círculos concéntricos, os tipos de curvas, as figuras sólidas, as traxectorias e os conxuntos. As dinámicas ilustracións, realizadas con tinta e acuarelas, completan o que non se di no texto e presentan o mundo dende a ollada da protagonista.

### Referencias varias:

-Olalla Sánchez, “Apostas outonais para todos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.230, “Literatura”, 6 novembro 2019, p. 6.

Entre as propostas pertencentes á literatura galega que se inclúen nesta sección, cóntanse: *Conta comigo* (Bululú), de Miguel Tanco, un libro sinxelo e humorístico para se achegar ás matemáticas a través dunha nena; *O lobo de area*, de Åsa Lind; *O grupo*, de An Alfaya; *Lobísimo do saco. Tres titiritadas*, de Bernardino Graña; e *Vinte mil leguas baixo os mares*, de Jules Verne, do que destaca o prólogo de Leticia Costas.

**Valencia**, Beto, *Distinta*, (Distinta 2019), ilust. Sozapato, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka editora, col. Demademora, xaneiro 2019, prelectorado e lectorado autónomo, 32 pp. (ISBN: 978-84-8464-64-440-8).

Tradución dende o castelán deste álbum de Beto Valencia (Quito, 1973) e a ilustradora Sozapato (Sofía Zapata Ochoa, Quito, 1984) no que conta a historia de Lúa, unha cativa que se sente diferente pois, ao contrario do que lle pasa ao resto da xente, non lle importa madrugar para escoitar as nubes da mañá; bambéase nos brazos xigantes que xorden do mar mentres os adultos discuten reclamando máis espazo nas rúas do centro; foxe do compás da rutina escoitando no vento unha sinfonía de cores; xoga coa chuvia, a lúa e as ovellas. Cun fío argumental pouco explícito e que se basea na sucesión de frases, abórdase dende unha perspectiva optimista o feito de se sentir unha persoa distinta, así como o poder da imaxinación, o cal se reforza con imaxes moi impactantes nas que predominan a cor e os símbolos. As ilustracións a dobre páxina diferencian o optimismo de Lúa, reflectido con cores vivas e brillantes, do pesimismo dos adultos na cidade, plasmado en tons apagados, escuros y tristes. O álbum foi finalista no X Premio Internacional Compostela de Álbum ilustrado.

### **Recensións:**

- Xosé Feixó, “Gozando a vida. Lección de optimismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 7 marzo 2019, p. VI.

Comentarios da obra que ten como protagonista a Lúa, unha nena que se nega a aceptar o aburrimiento da rutina e que muda as cousas que aborrecen por xestos emocionantes. Afirmo que o escritor emprega un profundo lirismo e metáforas para achegar fermosas imaxes e salienta o traballo da ilustradora.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “*Dominical*”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita a novela *Distinta* de Beto Valencia.

**Ventimiglia**, Paula, *Morriña*, A Coruña: Hércules de Edicións, col. Novas lecturas de Hércules, marzo 2019, prelectorado, 24 pp. (ISBN: 978-84-949843-4-1).

Álbum exclusivamente gráfico, sen texto, que a ilustradora arxentina Paula Ventimiglia (Bos Aires) dedica ao tema da emigración. A narración comeza con imaxes que refiren unha infancia feliz na aldea que se ve truncada de xeito traumático. Esta ruptura visualízase cunha ilustración na que a nena está rodeada de trazos negros que a ameazan e a intimidan. Despois virá a despedida dolorosa e a viaxe. A vida no país de acollida é moi diferente: vive nunha cidade, hai traballo e diversións, novas amizades, pasan os anos e a obra remata cunha evocación da aldea. As imaxes están debuxadas con trazos grosos de cor negra sobre manchas de cor café. A única concesión cromática está reservada á protagonista, que loce a cor vermella nas meixelas, a saia e o pano. A ilustración da cuberta céntrase na moza que está sentada sobre a maleta con actitude de espera e incerteza, envolvendo o seu corpo cos brazos, coma se pretendese defenderse do descoñecido, mentres que na pequena imaxe da portada se insire unha maleta sobre un plano coa forma dunha bágoa. As gardas acollen fotografías simulando un álbum con recordos dos ausentes.



## Recensións:

- Carmen Franco, “Deixamos lonxe a terra, levamos a morriña”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xuño 2019, p. 7.

Indica que este álbum ilustrado é “unha narrativa exclusivamente visual” da ilustradora arxentina Paula Ventimiglia, quen homenaxea os emigrantes. Analiza a técnica plástica empregada e como as ilustracións reflicten a temática e o trauma causado a través dos trazos negros e doutros elementos. Tamén comenta a importancia das gardas que amosan fotografías simulando un álbum familiar.

## Referencias varias:

- Laura Caamaño “Novas achegas de Hércules Edicións”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Dá conta da publicación de tres novidades por parte de Hércules de Edicións, dentro da colección “Novas lecturas de Hércules”: *Conto da travesía das Musas*, arredor da liberdade, os afectos e os recordos, de João Pedro Mésseder; *Filippa&Compañía. Piano á fuga*, de Juha Virta e ilustradora Marika Maijala, unha obra chea de humor e situacións disparatadas seleccionada nos White Ravens 2016; e *Morriña*, de Paula Ventimiglia, que indaga sobre a soidade provocada polo abandono forzado da terra.

- Mónica V Lopo, “Morriña’ a golpe de tango”, *La Región*, “Vida”, n.º 2.399, “En confianza”, 16 xuño 2019, pp. 2-3.

Logo dunha breve achega biográfica, realízase unha entrevista na que fala do proceso de creación desta obra gráfica como homenaxe a seus avós, do argumento, da técnica plástica que mestura tintas chinesas, acuarelas e *gouache*; e dos seus proxectos futuros.

**Verne, Jules**, *Vinte mil leguas baixo dos mares* (*Vingt mille lieues sous les mers*, 1869), prólogo de Leticia Costas, trad. Mercedes Pacheco Vázquez e Llerena Perozo, ilust. Dani Padrón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarán, lectorado mozo, outubro 2019, 441 pp. (ISBN: 978-84-9121-587-5).

Nova edición deste clásico de Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) que recupera a tradución publicada en 2003 na editorial Ir Indo co engadido do prólogo de Leticia Costas (Vigo, 1979) e as ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983), que emprega a estética dos debuxos animados e ofrécelle unha interpretación máis infantil ao texto. No prólogo, Costas define a novela como unha epopea mariña que mestura aventuras, ciencia, progreso e fantasía. Repara ademais no curioso que resulta que o Capitán Nemo chegase a Vigo na ficción literaria o 18 de febreiro de 1868, e, anos despois, o fíxese tamén o seu creador, en 1878 e 1884. A novela, narrada en primeira persoa polo profesor francés Pierre Aronnax, un notábel biólogo mariño, conta a viaxe nunha fragata que este emprende xunto co seu axudante Conseil e o experto arpoador Ned Land, co obxecto de perseguir o monstro Narval. Logo dun accidente, os tres caen prisioneiros do Capitán Nemo e son conducidos polos océanos a bordo do submarino Nautilus, onde acceden a múltiples segredos e coñecen a mítica Atlántida.

## Referencias varias:

- Olalla Sánchez, “Apostas outonais para todos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.230, “literatura”, 6 novembro 2019, p. 6.

Entre as propostas pertencentes á literatura galega que inclúe nesta sección Olalla Sánchez cóntanse: *Conta comigo* (Bululú), de Miguel Tanco, un libro sinxelo e humorístico para se achegar ás matemáticas a través dunha nena; *O lobo de area*, de Åsa Lind; *O grupo*, de An Alfaya; *Lobísimo do saco. Tres titiritadas*, de Bernardino Graña; e *Vinte mil leguas baixo os mares*, de Jules Verne, do que destaca o prólogo de Leticia Costas.

**Vila Sexto**, Carlos, *As crónicas do viaxante. Libro II: O cuarto imposible (Las crónicas del viajante. Libro II: La habitación imposible*, 2019), trad. Belén Rodríguez Suárez, A Coruña: Rodeira, mocidade, marzo 2019, 367 pp. (ISBN: 978-84-8349-559-9).

Segunda entrega da triloxía creada por Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) que se caracteriza porque cada unha delas está construída segundo as características dun xénero diferente. Así, se a primeira novela, *O pasaxeiro 19* (2018) se encadraba no xénero fantástico, esta segunda bota man das características dun clásico relato de terror arredor dunha casa encantada na que acontecen crimes sen explicación plausible, segundo o modelo das obras de Agatha Christie. En *O cuarto imposible* acláranse as incógnitas da anterior entrega, ademais de presentar outras que se desvelarán na seguinte. O protagonista da serie é Miguel Sardes, un mozo orfo de pais que ignora as súas orixes, pois foi criado pola súa avoa, cunha cicatriz no peito e unha tatuaxe do arcanxo San Miguel pisando a cabeza do diaño. A trama desenvólvese en 2004, cando Miguel, que se dedica a estafar persoas anciás, debe fuxir da Coruña da persecución duns traficantes de drogas, de maneira que se ve obrigado a aceptar o traballo que lle ofrece o misterioso Vicente Noguera canda seis persoas máis –Julia Semper (experta en arte), Ricardo Ávila (perito xudicial), Dante (informático), Cruz (experto en mobles), Katia (experta en armas) e Alba Docampo (bibliófila) e personaxe da entrega anterior– para taxar as obras de arte do pazo Quiroga, situado nas montañas de Lugo e adquirido por un descoñecido millonario. Xa no pazo, Miguel decátase de que a mansión agocha un gran misterio. Á parte de estar incomunicados, pois non hai cobertura para os móbiles nin Internet, reina un intenso cheiro a xofre, aparéceselle seguido unha nena cunha moneca cantando unha canción de piratas e no enorme espello do cuarto principal ve a imaxe dunha muller. As mortes comezan a producirse: primeiro Noguera e despois Cruz e Ricardo, e o grupo pescuda para descubrir quen é o asasino, os segredos que agocha o pazo e a verdadeira identidade do seu propietario, Eduardo Quiroga. Ao cabo, os personaxes comprenden que existe unha conexión entre as súas vidas e Miguel atopa a forma de abandonar o pazo e mudar todo o acontecido: viaxar ao pasado atravesando o Espello de Bágoas. A narración, estruturada en seis capítulos, á súa vez divididos en secuencias, máis un epílogo, presenta un desenlace en suspenso ou *cliffhanger*, co fin de xerar unha tensión psicolóxica no lector que aumente o seu desexo de avanzar na trama. O discurso decántase polo visual, sen achegar excesivos datos sobre os personaxes, profusión de diálogos, constantes xiros da acción e un ritmo trepidante.

**Vila Sexto**, Carlos, *As crónicas do viaxante. Libro III: O corazón do diaño (Las crónicas del viajante. Libro III: El corazón del diablo*, 2019), trad. Belén Rodríguez Suárez, A Coruña: Rodeira, mocidade, outubro 2019, 334 pp. (ISBN: 978-84-8349-575-9).

Última entrega da triloxía creada en castelán por Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977), caracterizada porque cada unha das entregas adopta os recursos propios dun xénero diferente. Así, se a primeira, *O pasaxeiro 19* (2018) utilizaba as claves da novela fantástica, e a segunda, *O cuarto propio* (2019), facía o propio coas dos relatos de terror e misterio, a terceira responde ao modelo da narración de piratas. O protagonista, Miguel Sardes, viaxa ao pasado cruzando o Espello de Bágoas do pazo Quiroga e aparece en 1798 coa misión de asasinar o dono da mansión, Eduardo Quiroga, que en realidade é o temíbel pirata coñecido como Diaño, impedir que asasine as súas fillas e destruír a xema maldita que leva no peito no canto de corazón. Miguel chega a Cabo Lázaro, unha cidade sitiada e totalmente devastada polos ataques piratas e cuxos habitantes sofren a represión do cruel e sanguinario militar Sebastián Salgado para conseguir que alguén confese a identidade do pirata. Tras moitas peripecias, Miguel non dá impedido o crime, aínda que o responsábel é outro personaxe da historia. Nun xiro da trama, Miguel emprenderá unha nova viaxe ao pasado para axudar o sacerdote xesuíta Henrique Do Porto, encargado de recuperar para a Igrexa poderosos obxectos con poderes máxicos, e evitar que Eduardo Quiroga chegue á vida adulta. Estruturada en catro capítulos, á súa vez divididos en secuencias, máis un epílogo conclusivo, a historia utiliza con profusión o recurso narrativo ao final en suspenso ou *cliffhanger*, co fin de xerar unha tensión psicolóxica no lector que aumente o seu desexo de avanzar na trama. Así mesmo, o discurso decántase polo visual, sen achegar excesivos datos sobre os personaxes, que se retoman de anteriores entregas; profusión de diálogos, constantes xiros da acción, un ritmo trepidante e un desenlace inesperado.

**Virta**, Juha, Filippa & Compañía. *Piano á fuga (Filippa & Kumppanit. Piano Karkaa*, 2015), trad. Anu Pitkanen e Charo Baleirón, ilustr. Marika Maijala, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Novas lecturas de Hércules, lectorado autónomo, marzo 2019, 32 pp. (ISBN: 978-84-9491-7684-7). ■

Álbum con texto de Juha Virta (Turussa, 1970) e ilustracións de Marika Maijala (Helsinki, 1974), publicado orixinalmente en finlandés, seleccionado entre os 200 títulos de 60 países diferentes da Internationale Jugendbibliothek para o seu catálogo The White Ravens de 2016, que ademais tamén obtivo o recoñecemento do Finish Book Art Committee como un dos libros infantís máis bonitos do país en 2015. A historia arrinca cando Filippa e os seus amigos, o asno Antero e o gato Durmiñón, atopan un piano no patio da casa da rapaza. Malia descoñeceren como chegou até alí, todos tiran proveito del: Durmiñón utilízao para botar a sesta e o asno Antero como mesa para atender os clientes do seu café quiosco, de modo que Filippa, ve frustrado o seu desexo de tocalo e marcha enfadada. Ao tempo, o propietario do piano, membro da orquestra Concertos a Moreas, tamén se anoxa pola perda até que atopa a Filippa tocando a harmónica, e xuntos acaban tocando cancións. A través desta trama abórdanse emocións como a frustración e o enfado, e tamén valores como a amizade, o perdón e a colaboración para axudar o próximo. As ilustracións, cargadas de detalles e realizadas con ceras de cores, trazos irregulares e cores vivas, presentan os personaxes e os obxectos en diferentes posicións en fondos de tonalidade uniforme e transmiten alegría e dinamismo.

## Referencias varias:

- Laura Caamaño “Novas achegas de Hércules Edicións”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Dá conta da publicación de tres novidades por parte de Hércules de Edicións, dentro da colección “Novas lecturas de Hércules”: *Conto da travesía das Musas*, arredor da liberdade, os afectos e os recordos, de João Pedro Mésseder; *Filippa&Compañía. Piano á fuga*, de Juha Virta e ilustrada por Marika Maijala, unha obra chea de humor e situacións disparatadas seleccionada nos White Ravens 2016; e *Morriña*, de Paula Ventimiglia, que indaga sobre a soidade provocada polo abandono forzado da terra.

**Viso**, José Francisco, *Don Caracol Detective e o misterio do gallipato (Don Caracol Detective y el misterio del gallipato*, 2016), trad. Ana Fachal, ilustr. Lluís Filella, Madrid: Bruño, col. Alta mar, n.º 40, lectorado autónomo, 2019, 121 pp. (ISBN: 978-84-696-2565-1).

Edición en galego da entrega dunha serie creada en 2006 por José Francisco Viso (Córdoba, 1961) protagonizada por don Caracol, un detective emparentado co famoso londiniense Carlos-Col. Nesta aventura, un narrador clásico en terceira persoa conta como don Caracol convoca a todos os animais no claro da charca porque, a pesar das chuvias, está seca. Tras moitas pescudas, descubren que o culpábel é o liscanzo quen, arrepenido, pide desculpas e todos organizan unha gran festa. O relato vai acompañado das ilustracións bitonais de Lluís Filella (Barcelona 1961), que poñen en imaxes os distintos animais e as escenas que protagonizan. O volume complétase cun taller de lectura de Carlos Álvarez de Eulate con preguntas sobre o texto e xogos coa lingua.

**Wa Thiong’O**, Ngũgĩ, *A revolución vertical ou por que os seres humanos camiñan ergueitos (The Upright Revolution*, 2016), trad. Xosé Álvarez Alonso, ilustr. Agustín Comotto, Vigo: Editorial Galaxia, col. Varios, n.º 126, mocidade e lectorado adulto, marzo 2019, 96 pp. (ISBN: 978-84-9151-307-0).

Fábula de estilo clásico que, segundo se explica na introdución que abre o volume, foi escrita orixinalmente por Ngũgĩ Wa Thiong’O (Kamiriithu, Kenia, 1938) en kikuyu, a lingua da familia bantú que emprega o maior grupo étnico de Kenia, e traducida ao inglés polo propio autor, texto de referencia para esta versión en galego na que tamén se inclúe a historia na lingua orixinal. Indícase tamén que o relato conta con traducións a máis de oitenta idiomas do mundo, a modo de homenaxe á tradición da literatura oral e en voz alta, e que o seu autor é un intelectual ao servizo do seu pobo, implicado na loita dos movementos de esquerdas e partidario da unión do pacifismo, o antiimperialismo, o feminismo e o combate contra o racismo e o neoescravismo en calidade de movemento global conxunto. A fábula céntrase nos tempos remotos nos que os seres humanos camiñaban como o resto de criaturas con catro extremidades e eran máis rápidos ca a lebre, o leopardo ou o rinoceronte. Foi entón cando as partes do corpo humano discutiron cal delas tiña a función máis importante. Os brazos e as pernas argallaron unha competición para ao cabo quedaren convencidos de que todos os órganos teñen valor porque desenvolven cadansúa función, todas elas igual de fundamentais. No epílogo inclúese información sobre o autor, exiliado en California, onde exerce de catedrático

dende finais dos anos 70 tras pasar pola prisión a causa dunha obra de teatro, e escritor en kikuyu, a súa lingua materna. O texto vai acompañado das ilustracións de Agustín Comotto (Bos Aires, 1968), inspiradas na estética africana polas cores e as figuras empregadas e capaces de traducir a imaxes o simbolismo do relato.

### ***VII.1.5. ANTOLOXÍAS***

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

## VII.2. POESÍA

### VII.2.1. POETAS GALEGOS

**Alfaya**, An, *Soleando*, ilust. Imma de Batlle, Vigo: Galaxia, col. Árbore, lectorado autónomo, setembro 2019, 88 pp. (ISBN: 978-8491-513-88-9).

Proxecto colaborativo entre An Alfaya (Vigo, 1964) e a ilustradora catalá Imma de Batlle (Xirona), que, segundo se explica no limiar que abre o volume, consistiu no envío por WhatsApp dunha ilustración consistente nun sol que a escritora lle devolvía acompañada dun poema antes das doce da noite do mesmo día, e viceversa. O resultado final recolleuse neste libro que acolle corenta e sete composicións, ás veces dialogadas, ás veces interrogativas, nalgún caso rimadas e con métricas variadas. Todas elas presentan como fío común a presenza do sol e acollen elementos como o humor, a vida cotiá, a poesía narrativa, críticas para reflexionar, xogo, natureza, emocións... A proposta plástica da ilustradora está realizada a dúas tintas (laranxa e negra), con trazos marcados e elementos sinxelos e, no entanto, recoñecíbeis e evocadores.

#### Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “Magos de mil sueños de tinta”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, “El proceso creativo de un libro”, 3 novembro 2019, p. 40.

Nun artigo sobre o proceso creativo dun libro, fai alusión a *Soleando*.

**Andrés**, Támara, *Irmá paxaro*, ilust. María Montes, Arzúa: Cuarto de Inverno, col. Xuvenil, mocidade e lectorado adulto, 2019, 75 pp. (ISBN: 978-84-09-15875-1).

Volume que quedou finalista no I Premio María Victoria Moreno. Ábrese con dúas citas de María Victoria Moreno e Mara Wilson que establecen o sentido da perda e a enfermidade que desenvolverá o poemario. A seguir, preséntase un poema narrativo centrado na infancia e na vida compartida entre dúas irmás até o momento da ruptura emocional entre ambas e a dor da separación. Retrátase así unha infancia xuntas, con xogos e experiencias compartidas a través da imaxinación, pero tamén con dolorosos segredos e golpes que conforman un Catálogo Mundial Onomatopéico e un exercicio de nostalxia sobre o perdido, palabras, recordos, así como sobre o propio proceso de separación e perda da complicidade coa irmá paxaro perdida. As ilustracións de María Montes (A Coruña) ofrécenlles forma visual ás imaxes e metáforas do corpo expresadas por Tamara Andrés (Combarro, 1992) con recursos como a sonoridade, marcada polo son dos paxaros, as cancións e os silencios.

#### Recensións:

- Ramón Rozas, “Medrar no miño. Voar en liberdade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 16 decembro 2019, p. 6.

Indica que este “fermoso” poemario, xunto con *Be water*, de Antía Yáñez, finalistas do I Premio María Victoria Moreno, inician a andaina do novo selo editorial Cuarto de Inverno, dirixido por Andrea Jamardo e David Cortizo. Comenta que ambos son escritos por mulleres e que deitan unha ollada feminina sobre a identidade ou o ecoloxismo. Logo de realizar un percorrido da traxectoria literaria da autora, comenta que este poemario, que é unha aposta decidida e valente pola lírica como canle emocional, percorre a relación cómplice entre dúas irmás dentro do ecosistema familiar. Tamén salienta as ilustracións que mostran metamorfose da irmá. Por último, indica as tres liñas de publicación (infantil, xuvenil e adulta) cunha “diversidade” de propostas.

### Referencias varias:

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita o poemario *Irmá paxaro* de Támara Andrés.

**Castaño**, Yolanda, *Sementes viaxeiras*, ilust. Xosé Tomás, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos sonhos, lectorado mozo, xullo 2019, [40] pp. (ISBN: 978-84-17824-05-1). ■

A editorial presenta este volume como a primeira entrega dunha triloxía sobre migracións na que Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) mostra os distintos tipos de viaxes que fan as sementes para espallar a súa descendencia. Os textos foron escritos grazas á bolsa que se lle concedeu á autora como Escritora en Residencia no Castelo de Hawthornden (Escocia) durante o mes de setembro de 2016. Recorrendo aos cuartetos, a voz poética repasa todas as posibilidades que existen para que agromen as sementes, dende as que caen a un pequeno paso de distancia para dar lugar a unha nova planta até as que viaxan en longas travesías agochadas nas bodegas dos barcos ou noutros lugares, pasando polas que se axudan dos bechos para ser carrexadas, das correntes de auga ou dos refachos de vento. Así, conta como fai o inzo do piñeiro, o alerce, o umeiro, o álamo, o chopo, a herba do sapo, o mexacán, o eucalipto, o bidueiro, a queiruga, a papoula, a barrilla, a cebada, a oliveira, o teixo, o sabugueiro, a cerdeira, a aciñeira, a sobreira, o carballo, o castiñeiro, a abeleira, o loto, o toxo, a balsamina, o rícino, o millo ou a faba. Os coloristas debuxos de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) representan, ademais das sementes, o universo vexetal, animal e humano que se ve implicado por estas viaxes. Empregando características do cómic, as imaxes xogan cos planos curtos para achegarlle ao lector como son as sementes, ou panorámicos, dotados dun estilo cinematográfico, para salientar o contexto.

### Referencias varias:

- Antonio Méndez, X. F., “O voo das sementes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 agosto 2019, p. 25.

Dá conta da publicación deste poemario, indicando que foi creado no castelo escocés de Hawthornden durante setembro do 2016. Recolle as declaracións de Yolanda Castaño,



quen afirma que as viaxes das sementes son semellantes, metaforicamente, ás que emprenden as persoas ao longo da súa vida. Ademais, co fin de acadar un rigor científico nos versos, explica que recorreu á súa nai, bióloga de profesión. Pola súa parte, Xosé Tomás salienta que lle interesou poñer de relevo o contexto natural no que se ambienta o texto para relegar o seu ton didáctico a un segundo plano.

- Esther Gómez, “O novo libro...”, *Luzes*, n.º 72, “As libbreiras”, setembro 2019, p. 87.

Esther Gómez, da librería coruñesa Moito Conto, recomenda a lectura de *Sementes viaxeiras*, o novo poemario de Yolanda Castaño que supón “unha metáfora das nosas propias vidas” a través dunha paisaxe chea de árbores, plantas e flores.

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Páxina dedicada a recomendacións literarias para o Nadal. Entre as propostas pertencentes á literatura galega figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de Maria Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasalho*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Castro**, Claudia, *Galicia, o país das marabillas*, ilust. Manuel Emanuel Lomeña, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 230, serie azul, lectorado autónomo, setembro 2019, 60 pp. (ISBN: 978-84-9151-386-5).

Poemario de Claudia Castro (Santiago de Compostela, 1972) estruturado en dúas partes: “Unha amizade con arte” e “Destino Galicia”, que pode adscribirse á etiqueta “Poesía é conto”. A primeira presenta o rato Amelio e o gato poeta Pepe Patiño, que se fan amigos e emprenden unha viaxe aventureira. Os destinos que visitan aparecen na segunda parte: a Costa da Morte, a serra do Courel, a Ribeira Sacra, as illas Cíes, Compostela e Teo. As composicións caracterízanse por estar entrelazadas unhas coas outras, sen rima nin medida estritas, con algún que outro aceno a Rosalía de Castro, María Mariño ou Uxío Novoneyra. As ilustracións de Emanuel Lomeña teñen un aire a cómic; os personaxes preséntanse perfilados con marcados trazos en negro.

#### **Referencias varias:**

- Montse García, “Un viaxe literario por Galicia”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”; “Vida social”, 1 outubro 2019, p. L9.

Breve nota sobre a presentación do libro en Compostela, na que a autora estivo acompañada por Paula Carballeira e Francisco Castro.

- Claudia Castro, “Unha ollada diferente. Galicia, o país das marabillas, unha historia entre o lirismo e a amizade”, *Sermos Galiza*, n.º 369, “*Fóra de serie*”, “literatura”, 24 outubro 2019, p. 7.

Logo de reflectir o que supón para a autora a poesía, argumenta sobre os beneficios de ler poesía dende a infancia a nivel de emocións, ademais dos xogos de palabras que ofrece. Apunta o contido do seu poemario que se inspira no patrimonio galego.

**Corral Soilán**, Cristina, *Don Ferretín Ferretón e o seu cadelo lambón*, ilust. Aurora Cascudo Román, Vigo: Barafunda Editorial, lectorado autónomo, 2019, 36 pp. (ISBN: 978-84-941985-2-6).

Breve conto ilustrado no que a través de versos pareados de Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976) se desenvolve unha sinxela anécdota centrada en como un can de palleiro salvou o seu dono, don Ferretín Ferretón, cando sufriu un accidente co tractor e o levou de volta coa súa dona Maruxiña. As informacións sobre a raza destes cans e as súas habilidades que abren o volume, así como as actividades que se propoñen ao final do libro, converten o volume nun proposta didáctica. Aurora Cascudo Román (A Coruña) encárgase das ilustracións, realizadas de maneira dixital, coloristas e a dobre páxina, nas que o can ocupa o lugar central.

#### Referencias varias:

- Sara Vila, “Os libros fan unha festa na Ferraría”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 xullo 2019, p. 13.

Dá conta dos actos que tiveron lugar na praza da Ferraría de Pontevedra con motivo da Feira do Libro. Así, alude á presenza de Leticia Costas, acompañada polo editor Manuel Bragado, para conversar sobre *Infamia*; de Antón Lopo, para falar de *Extraordinario*, Premio de Novela Breve Repsol 2018; e doutros como Ana Cabaleiro, Julián Rodríguez, Susana Sánchez Aríns, Diego Giráldez, Antón Cruces, Milagros Bará, Alexandre Vórtice, Emma Pedreira ou Víctor Méndez. Infórmase de que as actividades rematarán coa presentación de *Ratos de viaxe*, de Xosé Manuel González “Oli”; *A furgoneta branca*, de Fina Casalderrey; *Don Ferretín Ferretón e o seu cadelo lambón*, de Cristina Corral Soilán e Aurora Cascudo, e *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto

**García Teijeiro**, Antonio, *Vento, ventiño, venteiro*, ilust. María Lires, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 75, prelectorado e lectorado autónomo, setembro 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-9121-567-7).

Poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo 1952) que toma como elemento central o vento, o cal aparece xa dende as citas que encabezan as composicións, tomadas de Manuel María, Celso Emilio Ferreiro e Xosé María Álvarez Blázquez. Os poemas salientan pola musicalidade e o ritmo, que se plasma a través de gran cantidade de verbos de movemento e os xogos de palabras. Predominan as rimas asonantes e as múltiples metáforas arredor

deste elemento natural constantemente personificado e abordado en ocasións dende unha perspectiva humorística. Así atópanse ventos celosos, mentireiros, falangueiros, tolos, anoxados, fachendosos, cariñosos ou fungóns. O conxunto presenta unha natureza animada e dinámica que deseña unha proposta poética lúdica. As ilustracións de María Lires (A Coruña, 1973) plasman este mundo natural, salientan pola súa expresividade e afondan no que suxiren os poemas decantándose por toda a gama da tonalidade azul.

### Referencias varias:

- Antonio García Teijeiro, “Intento que os poemas teñan música, ritmo e que emocionen”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 396, “Lecturas emocionantes”, 10 setembro 2019, p. 7.

Artigo de Antonio García Teijeiro escrito con motivo da publicación de *Vento, ventión, venteiro* no que defende as bondades do contacto da rapazada coa poesía, unha teima que leva mantendo anos. Con respecto ao seu novo libro, cualifícao de alegre e optimista e salienta que nel priman a musicalidade, o ritmo e a emoción, coa intención de facer lectores e lectoras libres e sensíbeis. Así mesmo, sinala que as ilustracións de María Lires son excepcionais, e que as cores que empregou reflicten a ollada poética que conteñen as palabras.

- Xosé García, “Os outros xéneros, tamén para crianzas”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “*Fóra de serie*”, “Letras miúdas”, 19 setembro 2019, p. 7.

Nun artigo sobre os diferentes xéneros literarios destinados a un público infantil, faise referencia a *Vento, ventión, venteiro*, repasando a traxectoria do seu autor, Antonio García Teijeiro. Explica que a natureza é o centro de atención de García Teijeiro.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita o poemario *Vento, ventión, venteiro* de Antonio García Teijeiro.

**García Teijeiro**, Antonio e Juan Carlos **Martín Ramos**, *Versos e viceversos*, limiar Antonio Rubio, ilustr. Juan Ramón Alonso, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Poesía ilustrada, xuño 2019, lectorado autónomo, 58 pp. (ISBN: 978-84-8464-432-3).

Volume construído coas voces unidas de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) e o andaluz Juan Carlos Martín Ramos (Belmez, 1959), que se abre cunha breve presentación do tamén poeta Antonio Rubio na que os describe como artesáns da palabra. A seguir, recóllense trinta composicións inspiradas en temas diversos: elementos da natureza como o mar, a lúa, a noite, as nubes, o vento, as estrelas; lembranzas e evocacións sobre o paso do tempo, baixo a forma de cadernos íntimos, contos, cartas urxentes, claves para abrir e cerrar, lupas, armarios; reivindicacións como a condena da guerra e de calquera forma de violencia, o coidado do planeta e a importancia e sedución da lectura (“libros abertos: abrazos moi certos”). Todas as composicións se presentan precedidas por unha entrada que alterna a lingua galega co castelán, recurso tras o que se intúe que se trata dunha

réplica, a modo de xogo poético, que serve de inspiración para os respectivos versos creados polos autores. Nos créditos aclárase que os poemas en castelán de Martín Ramos foron traducidos ao galego por García Teijeiro. Tamén no aspecto formal os poemas son variados e mesturan estruturas clásicas con rima con outras máis modernas en verso libre. O ilustrador Juan Ramón Alonso (Madrid, 1951) acompaña os poemas con imaxes figurativas realizadas con lapis e acuarela que potencian a realidade e a simboloxía que atesouran.

### Recensións:

- Mario Regueira, “O mapa aberto do mundo”, *Sermos Galiza*, n.º 353, “*Fóra de serie*”, “Ao pé da letra”, 4 xullo 2019, p. 6.

Indica que conta con coherencia interna, que alterna as linguas de ambos os autores e que salienta polo ritmo e os temas tratados. Comenta que reflexiona sobre o mar, a lúa, as cores, os somos, a poesía... nunha especie de xogo surrealista, e tamén sobre as inxustizas e a rebeldía.

### Referencias varias:

- Irene Pérez Díaz, “Escritores y lectores se citan en Méndez Núñez”, *La Opinión*, “A Coruña”, 30 xullo 2019, p. 8.

Nota que dá conta das actividades que se realizaran na edición número 48 da Feira do Libro da Coruña e que anuncia que a pregoeira será a poeta Pilar Pallarés, Premio da Crítica Española 2018. Sinálase que a alcaldesa da cidade, Inés Rey, anunciou o lema desta edición: “Máis que palabras”, en homenaxe a Antón Fraguas, protagonista do Día das Letras Galegas 2019. Entre os escritores galegos que asistirán menciónase a Manuel Rivas, así como a presentación do volume *Versos e viceversos*, de Antonio García Teijeiro e Juan Carlos Martín. Así mesmo, anúnciase a presenza de autores xurdidos nas redes como o poeta Iago de la Campa; a *youtuber* coruñesa Isabel Villanueva, que asinará o seu primeiro libro, *Palabras da miña vida*; e a ilustradora de *Pioneiras*, Nuria Díaz.

**Gramola Gominola, A**, *Bravas: O rexurdir da luz!*, ilust. Iago Araujo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sonárbore + grandes, lectorado autónomo, abril 2019, [24] pp. (ISBN: 978-84-9151-328-5).

Libro ilustrado, acompañado dun CD, que contén once letras das cancións interpretadas pola banda de rock para público infantil creada en 2015 A Gramola Gominola, integrada por Paco Cerdeira, Paula Romero, Anxelo de Xermar e Rodrigo Muñoz. As letras están dedicadas a superheroínas que tratan de cambiar o mundo cos seus poderes: Megatronca, Opaca, Doutora Xalapeño, Paz, A banda Pica Pica, A lebre Chouteira, A Musicana, Raiola Tarola, Superlingua, A guerreira do arco da vella e Dona Trona. Estas personaxes empregan os seus poderes para loitar contra o abuso escolar, defender a lingua, protexer a natureza e visibilizar as emocións. O volume está ilustrado por Iago Araujo, quen recorre á estética dos videoxogos e dos debuxos animados e ás cores vivas para mostrar as loitas que emprenden estas mulleres bravas.

### Recensións:

- Marta Neira, “A colección Sonárbore: poesía e música”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 setembro 2019, p. 6.

Indica que a colección “Sonárbore” da editorial Galaxia conta cunha boa acollida por parte de pequenos e maiores e dá conta da publicación de dous novos volumes: *A nena e o grilo máis aló*, con música de Magín Blanco e ilustracións de Luz Beloso, e *Bravas. O rexurdir da luz!*, de Gramola Gominola, ilustrado por Iago Araujo.

### Referencias varias:

-V. Neira, “Bravas. O rexurdir da luz. Gramola Gominola, lección de R&R”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 708, “Música”, 11 abril 2019, p. VIII.

Indica que Gramola Gominola é un grupo de R&R infantil que presenta o seu novo traballo co que pretende achegar á cativada boa música e poñer en valor as superheroínas que tratan de cambiar o mundo, tocando temas como o acoso escolar e os ataques á lingua. Comenta que contou coa colaboración de diferentes mulleres artistas.

**Infantes**, María, *Mondas*, ilust. Din Matamoro, Vigo: Fundación Euseino?, col. Rúa do Lagarto, 3, serie Onocrótalo, lectorado autónomo, marzo 2019, [36] pp. (ISBN: 978-84-945621-8-1).

Álbum en tapa dura e impreso en cor que participa das características do libro obxecto, editado pola Fundación Euseino?, organización non lucrativa independente creada en outubro de 2015. O volume continúa a serie Onocrótalo, que acolle álbums de pintoras, artistas plásticos, escritoras e pensadores e foi concibida para achegar a arte contemporánea a un lectorado non necesariamente familiarizado coas linguaxes artísticas que, no entanto, gusta das formas, as cores e a maneira en que se relacionan. Neste caso, as fotografías que acompañan os textos de María Infante (Vigo, 1968) parten do traballo do pintor Din Matamoro (Vigo, 1958), realizado a partir de refugallos de alimentos (tonas de froitas, cascas de froitas e verduras). Deste xeito, baixo a influencia da arte povera, materiais en principio sen valor dan lugar a imaxes de diferentes animais que, á súa vez, se erixen en protagonistas dun relato rimado que asocia ideas diversas e, sobre todo, propón diversas interrogantes sobre a realidade. A historia, cuxos fíos condutores son a música e o diálogo entre un neno e un adulto, parte dun suposto coro integrado por animais.

### Recensións:

- María Navarro, “Cos resortes da fantasía. Unha nova forma de educación ambiental”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 717, “Libros”, 13 xuño 2019, p. VI.

Comentario sobre esta obra, froito da reciclaxe de alimentos e plásticos que noutrora serviron de transporte. Sinálase que o texto dá lugar a un conto rimado de María Infantes. Salienta que se trata dunha nova forma de relacionar educación ambiental e literatura.

**Lobato**, Xosé Manuel, *Doa, doa... avoa*, ilust. Héitor Picallo, Santiago de Compostela: edición de autor, lectorado mozo e adulto, marzo 2019, 64 pp. (ISBN: 978-84-09-09847-7).

Poemario que combina o didactismo coa literatura e que está integrado por vinte e seis composicións nas que a voz lírica fala da paisaxe e o sentimento telúrico; gaba os pequenos seres da natureza, como aves e insectos; os astros e fenómenos atmosféricos; o mundo rural e da beiramar; e os seres máxicos que habitan lugares encantados. Os espazos poetizados son fundamentalmente o Pico Sacro, o río Ulla, e lugares preto do mar, como Punta Fincheira, Punta Cabicastro, Canelas, Paxariñas, Seame, Vicaño, as Cíes, Ons e Sálvora. Xosé Manuel Lobato Martínez (Santa María de Lestedo, 1958) aposta polo verso rimado en fórmulas romanceadas, pareados e toda sorte de combinacións populares próximas ás coplas infantís do cancionero tradicional, estrofas que se complementan en ocasións con xogos gráficos ou fónicos. O álbum péchase cun “Epílogo”, de Miro Villar, quen analiza as principais características da obra. As acuarelas de Héitor Picallo (Cuntis, 1974) completan os poemas.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Cantor da terra”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 1.104, 8 setembro 2019, p. 30.

Con motivo do comezo do novo curso escolar, recomenda o volume *Doa, doa... avoa*, de Xosé Manuel Lobato, porque, ao seu ver, “participa por igual do sentir estético e do afán didáctico”. Analiza polo miúdo as características formais e as temáticas das composicións e detense na importancia que acadan nelas as aves e insectos, enxalzados polo seu fascinante canto, a súa beleza ou laboriosidade ou polo seu comportamento, citando a presenza de lavadeiras, gaivotas, paíños, petos reais, cucos, reirreiros, voíñas, vagalumes e mesmo arañas ou vermes; así como de astros e fenómenos naturais, como a lúa e o sol, as estrelas, as nubes ou os ventos; e seres máxicos, como moura e a serea. Pon de relevo tamén a utilización de xogos gráficos, tales como as liñas versais dispersadas en “Vento” ou o caligrama en forma de corazón no poema do mesmo título; e as onomatopeas de “Reirrei”, “Peto real” ou “Cuco moi cuco”. Conclúe gabando a coidada edición e insistindo na idoneidade deste libro para o traballo nas aulas, tanto de Infantil como de Primaria, e para amantes da natureza.

### **Referencias varias:**

- Montse García, “Xosé Manuel Lobato y Héitor Picallo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Agenda*”, “*Para todos los públicos*”, “*Otros actos hoy*”, “*Libros*”, 18 outubro 2019, p. L9.

Faise eco da presentación do libro na librería Couceiro, na que autor e ilustrador estarán acompañados por Miro Villar e Martiño Picallo.

**Mamá Cabra**, *A fraga do meu avó*, ilust. María Lires, Vigo: Galaxia Editora, col. Sonárbore, n.º 39, 2019, [24] pp. (ISBN: 978-84-9151-359-9).

Álbum que recolle en forma de libro as letras das cancións de Mamá Cabra, dúo formado por Gloria Mosquera Roel e Tomi López Serrano, neste caso arredor da natureza e a necesidade de conservala como un legado recibido dos antepasados. Así, as cancións, que responden á etiqueta “Poesía é música”, falan de carballos, castiñeiros, bidueiros, loureiros, bieiteiros, abeleiras, e, entre eles, andan paxaros como a pega marza, a estreliña do norte, o paporrubio real e a curuxa, e outros animais como a píntega, os esquíos, o xabariño ou o raposo. As letras son de Alicia Borrás (Vigo), Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958), Gloria Mosquera e Tomi López, e van acompañadas das ilustracións de inspiración infantil de María Lires (A Coruña, 1973), con manchas de cores intensas sobre as que destacan os animais.

#### Referencias varias:

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Páxina dedicada a recomendacións literarias para o Nadal. Entre as propostas pertencentes á literatura galega figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá o lectorado; o novo volume de María Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelis, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**María Fumaça**, *O veleiro verde*, ilust. P. Pastor, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sonárbore, n.º 40, lectorado autónomo, 2019, [32] pp. (ISBN: 978-84-9151-420-6).

Álbum que recolle as letras das catorce cancións do novo espectáculo de María Fumaça, que comparte protagonista coas anteriores entregas, Rui, xa adolescente. Neste caso os textos, pertencentes á categoría “Poesía é música”, abordan temas como a inclusión, a igualdade e o dereito a medrar nun planeta vivo, verde e con futuro. As letras son de Raquel Domínguez, Magín Blanco, Chus Domínguez, Uxía Senlle, Alfonso Pato, Carlos Blanco, Sérgio Tannus, Ico, Franco Maresca, João Afonso e Fon DeCon. As ilustracións do volume, de Pablo Pastor (Vigo, 1971), son fotografías de colaxes.

#### Referencias varias:

- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Páxina dedicada a recomendacións literarias para o Nadal. Entre as propostas pertencentes á literatura galega figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá os lectores; o novo volume de María Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en

homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasallo*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Mejuto, Eva**, *Dez gatiñas viaxeiras*, ilust. Víctor Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín. Álbums, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, [22] pp. (ISBN: 978-84-9121-605-0).

Álbum en verso que integra os textos de Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975) e as ilustracións de Víctor Rivas (Vigo, 1965) e no que se recorre a recursos da literatura popular como o encadeamento rítmico ou o relato acumulativo decrecente de cuartetas, a partir da adaptación da coñecida canción latinoamericana “Yo tenía diez perritos”. Neste caso as protagonistas son dez gatas: Galadriel, Telma, Frida, Cóxegas, Blasa, Lía, Louise, Moura, Greta e Penélope, que emprenden unha viaxe por Galicia ao longo da cal van perdendo a vida até que só queda unha, malia que ao final resucitan e marchan a Portugal. As imaxes propoñen unha lectura de seu –dende as propias cubertas do volume–, afondan no humor do texto e convidan a fixarse nos detalles na procura de informacións agochadas, ao tempo que recrean os lugares da xeografía galega (o monte Lestrobe, a muralla de Lugo, Meis, os canóns do Sil, Ourense, a illa de San Simón) ou introducen novos escenarios (Trives, a illa de Ons, a cidade de Vigo, a ponte entre Tui e Portugal).

#### Referencias varias:

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa das presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

- Selina Otero, “Eva Mejuto. Máis que felices, gústanme os finais esperanzadores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 402, “Lecturas emocionantes”, 3 decembro 2019, p. 7.

Entrevista a Eva Mejuto con motivo da publicación de *Dez gatiñas viaxeiras*, na que sinala que xoga coa tradición oral e cun humor talvez negro, pola progresiva desaparición dos gatos, que queda perfectamente mitigado nas ilustracións, cómicas e atrevidas. Entre os recursos que lle parecen máis axeitados para conectar co público lector máis pequeno menciona o sentido do humor, que apela á súa intelixencia; e as emocións, pois, ao seu ver, cando unha historia é emotiva, divertida, con ilustracións logradas é universal



- Olalla Sánchez, “Los grandes no fallan a los pequeños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 27 decembro 2019, p. 3.

Entre as propostas literarias para o Nadal pertencentes á literatura galega, figuran *Conexión macarrón*, de Leticia Costas, da que se di que seducirá o lectorado; o novo volume de María Fumaça, titulado *O veleiro verde*, en homenaxe ao barco de Greenpeace, con referencias á ecoloxía ou á violencia de xénero; o álbum *A fraga do meu avó*, de Mamá Cabra, que busca concienciar sobre a preservación dos bosques autóctonos; *Xelís, o guieiro das botellas de mar*, de Rosa Aneiros, unha denuncia do plástico que invade o planeta; *Sementes viaxeiras*, de Yolanda Castaño, que mostra as viaxes das sementes para continuar o ciclo da vida. Por último, refírese á publicación en galego do título que pecha a triloxía da famosa personaxe Pippi Mediaslongas, onde a heroína conduce os lectores até a illa na que o seu pai é un poderoso rei. Na parte superior da páxina reproducense tamén estes títulos: *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto; *Xa vooooou!*, de Susana Peix; *Un estraño agasalho*, de José Carlos Román; e *Toma desfeita*, de Jeff Kinney, segundo título do *Diario de Greg* en galego.

**Oli**, *Ratos de viaxe*, ilust. Natalia Colombo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, prelectorado e lectorado autónomo, xuño 2019, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-464-4).

Álbum que supón a continuación de *Os ratos da casa* (2015), creado por Oli, nome literario de Xosé Manuel González (Cangas do Morrazo, 1960), e Natalia Colombo (Bos Aires, 1971), no que se volven contar as peripecias destes personaxes. Nesta nova aventura, mediante catorce composicións de catro versos encadrábeis na etiqueta “poesía é conto”, relátase a excursión que emprenden até a praia, aproveitando o bo tempo do verán. As rimas, o ritmo poético e o xogo de palabras encadeadas son algúns dos recursos que potencian a oralidade das estrofas. As ilustracións a dobre páxina plasman un ambiente de ledicia, humor e xogo en espazos recoñecíbeis a través de imaxes de gran riqueza cromática, creadas con ceras e lapis de cores, e cheas de detalles: maletas, flotadores, papaventos, toallas e utensilios de praia.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Entre o cotián e o sublime”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 718, “Libros”, 20 xuño 2019, p. VI / *La Opinión*, “Saberes”, “Novidades en galego”, 29 xuño 2019, p. 6.

Explica o argumento da obra, que se basea nas aventuras duns ratos que saen da casa ataviados para ir de viaxe. Salienta a escolla do texto rimado con palabras encadeadas que fai a lectura aínda máis amena. Loía a proposta plástica de Natalia Colombo, cuxas imaxes destacan pola variedade temática.

- Montse Pena Presas, “Lecturas para o verán”, *Sermos Galiza*, n.º 352, “*Fóra de serie*”, “Letras miúdas”; 27 xuño 2019, p. 7.

Nunha serie de recomendacións literarias para o verán, amenta *Ratos de viaxe*, e explica brevemente o argumento deste álbum ilustrado.

### Referencias varias:

- Sara Vila, “Os libros fan unha festa na Ferraría”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 7 xullo 2019, p. 13.

Dá conta dos actos que tiveron lugar na praza da Ferraría de Pontevedra con motivo da Feira do Libro. Así, alude á presenza de Leticia Costas, acompañada polo editor Manuel Bragado para conversar sobre *Infamia*; de Antón Lopo, para falar de *Extraordinario*, Premio de Novela Breve Repsol 2018; e doutros como Ana Cabaleiro, Julián Rodríguez, Susana Sánchez Aríns, Diego Giráldez, Antón Cruces, Milagros Bará, Alexandre Vórtice, Emma Pedreira ou Víctor Méndez. Infórmase de que as actividades rematarán coa presentación de *Ratos de viaxe*, de Xosé Manuel González “Oli”; *A furgoneta branca*, de Fina Casalderrey; *Don Ferretín Ferretón e o seu cadelo lambón*, de autora, Cristina Corral Soilán e Aurora Cascudo; e *Memoria do silencio*, de Eva Mejuto.

**Otero**, Pablo, *Parece unha formiga*, ilust. Pablo Otero, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Rizomas, mocidade e lectorado adulto, xullo 2019, 48 pp. (ISBN: 9788416721450).

Pablo Otero (Ourense, 1970) reúne neste volume un conxunto de textos de carácter enigmático e mesmo transcendental, ideas e frases encadeadas que verbalizan pensamentos, propoñen interrogantes sobre o mundo, cuestionan a importancia do ser humano e proclaman o pouco que se sabe sobre a realidade. Así, ábrese coa contemplación dunha formiga, fio condutor do poemario, para axiña abrir a posibilidade de que sexa outra cousa: unha mancha, pegadas, restos dunha festa, lunares, un número oito esmagado, unha nube negra, unha estrela apagada, unha letra antes de ser letra, a sombra de alguén. A voz poética invita o lector a responder cuestións como que foi antes, a orde ou a desorde? Onde van as palabras que xa non están? A casa do verán que fai o resto do ano? Teñen nome as formigas? Canto tempo ten o tempo? Achega metáforas e comparacións que abeirán o surrealismo e, partindo da realidade cotiá e das cousas sinxelas, incitan á reflexión. Editado coa estrutura dun caderno de tapas brandas, as ilustracións conforman tamén un conxunto de cadros surrealistas que comparten a presenza das formigas.

### Recensións:

- Mario Regueira, “O mundo e as interrogantes”, *Sermos Galiza*, n.º 366, “Fóra de serie”, 3 outubro 2019, p. 6.

Loa o conseguido ton *naïf* dun poemario que tamén é complexo e formula interrogantes, cun certo fondo filosófico e algunhas referencias surrealistas, xogando sempre coa imaxe das formigas como fio condutor.

- Román Raña, “Do paso do tempo. Con dimensións poliédricas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 733, “Libros”, 21 novembro 2019, p. VI.

Identifica no poemario o paso do tempo e o camiño do ser ao non ser como temas centrais. Destes emana “o asombroso metafísico, as inquisicións máis transcendentales achadas en pequenos enigmas que golpean o noso entendemento”. Identifica a dicción tan persoal do autor aproximándoa á do poeta Arnaldo Antunes.

### Referencias varias:

- Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Para exercitar a mente no verán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.224, “Literatura”, 19 xuño 2019, p. 6. .

Ofrécese unha listaxe de propostas literarias para celebrar o Nadal. Entre as obras escritas en galego cítanse *As aloucadas historias dos Monkis*, de Paula Merlán; *Xelís, o guieiro das botellas do mar*, de Rosa Aneiros; *Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira; o álbum *O can de Milú*, de Mariann Máray, o cómic *Supremas. Mozas mitolóxicas*, de Xan Eguía; e o poemario *Parece unha formiga*, de Pablo Otero, do que indica propón un xogo léxico suxerente e reflexivo nun “volumen enigmático e ás veces transcendental”.

- José Miguel Giráldez, “Landeró, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Recolle unha listaxe de obras de diferentes xéneros, tanto en galego como en castelán, que triunfaron ao longo do ano 2019 para o público infantil e xuvenil, entre as que cita o poemario *Parece unha formiga* de Pablo Otero.

- Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Libros para celebrar la Navidad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.242, “Literatura”, 27 decembro 2019, p. 6.

Ofrécese unha listaxe de propostas literarias para celebrar o Nadal. Entre as obras escritas en galego cítanse o álbum *O can de Milú*, de Mariann Máray; *Xelís, o guieiro das botellas do mar*, de Rosa Aneiros; *Os corpos invisibles*, de Emma Pedreira; *As aloucadas historias dos Monkis*, de Paula Merlán; e *Parece unha formiga*, de Pablo Otero, que se cualifica como un volumen enigmático e ás veces transcendental que propón un xogo léxico que cuestiona a lóxica establecida.

**Quintiá Pérez**, Xerardo, *O país do gran furado*, II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade, ilustrado por Noemí López Vázquez, A Coruña: Baía, col. Conto x conto, lectorado autónomo, outubro 2019, 26 pp. (ISBN: 978-84999-53-24-3).

Relato rimado de Xerardo Quintiá (Friol, 1970) que aborda con humor e ironía a desigualdade entre homes e mulleres deseñando un mundo gobernado polos primeiros que ve desafiado e destruído o seu poder pola protagonista feminina. A historia desenvólvese no País do Gran Furado, presidido por MAXI-Miliano, que dispón de 18 ministros e 19 policía. Nese lugar está prohibido que as mulleres sexan felices, coman perdices, lean poesía e anden coas orellas merdentas. Ademais, traballan arreo, namentres os homes xogan. Todo muda pola intervención da poeta Toribia, integrante dun grupo de música punk chamado As Eskorna-Kabras que, coa axuda das súas compañeiras, se enfrenta ao tirano, obrigándoo a comer perdices, a escoitar poemas e a non lavar as orellas. Cando MAXI-Miliano se rende, parlamenta con el e consegue que sexan aceptadas as súas reivindicacións. Noemí López Vázquez (Lugo, 1974) enriquece a

historia con imaxes en cores pastel, formas redondeadas, perspectivas diversas, xogos cos planos e profusos detalles.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “Perdices, poesía y alegría”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.111, 27 outubro 2019, p. 30.

Convida á lectura deste álbum infantil que cualifica de “deliciosa parábola” dun territorio imaxinario, no que as mulleres, capitaneadas por Toribia, lideran unha revolta para derrocar ao tirano Maxi-Miliano, promovendo a equidade e a igualdade de xénero. Salienta a “desbordante imaxinación”, o “vaporizado humorístico e a fina ironía” en prol do ben social; e o traballo plástico de Noemí López, baseado en liñas redondeadas, xogo de planos, multitude de detalles, pulcritude de trazo e “intelixente e insinuante xogo de sombras”. Finalmente indica que recibiu o II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade.

- María Navarro, “Coloquial e rimado. Coa sorpresa como resorte”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 738, “Libros”, 7 novembro 2019, p. VI.

Identifica como base da obra a invitación á loita e a busca de formulacións vitais normais resistíndose aos mandatos lóxicos e disparatados. Explicando brevemente o argumento da novela, destaca que “a sorpresa actúa dende o punto de vista temático e formal como resorte da imaxinación invitando os lectores a que se posicionen ante a realidade”.

- Xesús Fraga, “Poesía contra o Gran Furado”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “Luz de cruce”, 27 decembro 2019, p. 10.

Resume o argumento principal da narración, que trata dunha distopía para público infantil na que se recrea unha sociedade onde as mulleres non poden ler poesía nin ser felices. Conta como a través dunha muller afouta, Toribia, esta situación é remediada.

**Ramos**, Baldo, *Porque te quero*, ilustr. Anxo Rodríguez Fariña, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, serie azul, 2019, 94 pp. (ISBN: 978-84-9151-427-5).

Primeira obra de Baldo Ramos (Celanova, 1971) destinada ao público infantil. Nas palabras iniciais o autor indica que os poemas naceron da colaboración cos seus dous fillos, Aldara e Mateo, a partir das súas reflexións e debuxos. A seguir, estruturadas en cinco apartados –“Primeiras razóns”, “Razóns posibles”, “Razóns imposibles”, “Razón última” e “Receita para escribir poemas irracionais”–, aparecen vinte e seis composicións que se caracterizan pola súa actitude lúdica, próxima en ocasións ao non sense, para acoller ocorrencias diversas, preguntas, xogos, darlles renda solta á creatividade e a imaxinación e poñer o acento na especial relación de complicidade entre o pai e os fillos e na súa vida cotiá. A ausencia de rima nos poemas contrasta co seu ritmo e a linguaxe sinxela. Os debuxos de Anxo Rodríguez Fariña, a súa primeira experiencia como ilustrador dun libro, plasman con expresividade a tenrura e as múltiples imaxes das composicións.

**Redondo**, Felicia, *Que lles pasa ás princesas?*, ilust. Jessica Mera, Vigo: Editorial Galaxia, col. Álbums, n.º 9, prelectorado e lectorado autónomo, abril 2019, [24] pp. (ISBN: 978-84-9151-326-1).

Álbum rimado no que Felicia Redondo (Lugo, 1966) emprega cuartetos desiguais na métrica e na rima, que tanto é consoante coma asonante. Trátase dunha revisión das personaxes femininas de contos clásicos coa intención de extraelas dos estereotipos. Así, Carapucha dálle ao lobo coa cesta; Cincenta escapa do príncipe; Xasmín marcha voar soa na alfombra; Rapunzel fártase de esperar na torre e marcha de festa; Pocahontas levanta sospeitas por ser lista e guapa; Wendi rebélase contra Peter Pan; Branca de Neve marcha da casa; Bela Dormente abandona a cama e marcha con Bela para buscar a Serea. Todas xuntas afirman que prefíren os ventos aos príncipes ras. As ilustracións recorren á xustaposición de elementos para crear texturas diversas e deforman as figuras das personaxes para afastalas dos estándares de beleza.

**Ribeiro Tobío**, Elvira, *Ola! Son un bicho bóla!!*, ilust. Noelia González Caamaño, A Coruña: Apiario Editora, col. Niño de abella, n.º 4, prelectorado e lectorado autónomo, novembro 2019, 24 pp. (ISBN: 978-84-94738-94-4).

Álbum rimado de Elvira Ribeiro Tobío (Cerponzóns, Pontevedra, 1971), con ilustracións de Noelia González Caamaño (A Coruña), pertencente á categoría “poesía é conto”, no que se bota man dun discurso acumulativo para relatar o encontro entre varios bichos que son quen de enrolar o seu corpo para formar unha bóla. O protagonista vai recibindo na súa casa o ourizo cacho, o armadillo, o pangolín, a raposa e o escaravello peloteiro, e todos eles demostran a súa singularidade e a súa habilidade para se converter en bichos bóla. Xuntos formarán a asociación Bichos Bóla Around de World. O texto recorre a diferentes tipos de rimas na procura do ritmo e a sonoridade, e aparece imbricado nas imaxes, realizadas con lapis de cores, que contribúen a visualizar as accións dos personaxes e achegan detalles do contexto doméstico e natural no que se ambienta a historia.

**Santiso**, Ana, *Cidade cemento*, ilust. da autora, Vigo: Editorial Galaxia, col. Varios, n.º 127, marzo 2019, lectorado mozo, 36 pp. (ISBN: 978-84-9151-316-2).

Álbum de tapas duras e formato apaisado no que a debuxante formada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e na Escola Massana de Barcelona. Ana Santiso (Sober) retrata unha gran cidade deshumanizada da man dunha voz que corresponde a unha rapaza sen nome. No seu percorrido pola vida cotiá da cidade repara nos espazos inhóspitos, grises e tecnificados, a modo de metáfora sobre a soidade, o illamento e a rutina, que se quebra coa súa imaxinación. A imaxe dun vello mariñeiro na parada do tranvía fai que fantasíe cunha viaxe nun barco construído coa folla dunha árbore que navega polas tubaxes, entre a diversidade de refugallo, un punto de complicidade que tende unha ponte entre a nena e ese home. O texto recorre a versos sen medida nin rima estrita pero cuxo ritmo pon o alento poético como contraste da fría realidade urbana, plasmada a través de ilustracións figurativas que, no entanto, deforman as figuras, acollen os elementos imaxinados e mostran detalles que nos sitúan nun contexto futuro.

### **Recensións:**

- Estro Montaña, “A aurora dun soño. Impecable factura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 715, “Libros”, 30 maio 2019, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “Novidades en galego”, 8 xuño 2019, p. 7.

Valora a traxectoria da creadora e sinala que Cidade cemento é un álbum de impecábel factura que mostra unha poesía transparente para retratar a melancolía nun contexto urbano que se enche de esperanza mediante “o luminoso sorriso dunha ilusión clara e inocente”.

## **VII.2.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS**

**Caride**, Ramón, *Ramón Cabanillas do A ao Z*, ilustr. Xosé Cobas, Cambados: Concello de Cambados, xuño 2019, 60 pp. (ISBN: 978-84-09-10698-1).

O Concello de Cambados encargouse da reedición deste volume xa descatalogado editado por Everest Galicia en 2010. O volume recolle 23 poemas, un pequeno texto-dedicatoria de X.L. Méndez Ferrín no que saúda a aparición do libro e un breve limiar de presentación do concelleiro de Cultura Víctor Caamaño. O libro pretende homenaxear o mundo literario de Ramón Cabanillas (Fefiñáns, Cambados, 1876-1959) a través dunha escolma de composicións realizada por Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) que ilustran os motivos e temas recorrentes na obra do cambadés, seguindo as letras do alfabeto e presentadas con palabras claves (“Agras”; “Brúa”; “Cambados”; “Dona”; “Escalibor”; “Fouce”; “Galego”; “Herdanza”; “Irlanda”; “Lonxe”; “Merlo”; “Nais”; “Fefiñáns”; “Outono”; “Parra”; “Quentura”; “Roseira”; “Samos”; “Teatro”; “Umia”; “Ventura”; “Xoquín” e “Zanfona”). Neles, alúdese ao seu ideario político (agrarismo), aos aspectos biográficos (paisaxes e lugares da comarca do Salnés, familia) e bibliográficos (obra poética, fundamentalmente, pero tamén teatral), ás liñas temáticas recorrentes (amor/desamor, materia da Bretaña, celtismo) ou a cuestións tales como a lingua e a cultura popular, á vida na aldea, etc. Ao final, inclúese o apartado “Voces de Cabanillas”, a modo de índice, no que se explica brevemente a presenza de cada unha desas palabras claves. Nas ilustracións figurativas de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953), os bodegóns e as formas de muller conviven coa balconada do pazo de Fefiñáns. En canto a técnica, emprega trazos esvaecidos de pintura con xogos cromáticos para os fondos e trazos máis concretos para as figuras.

### **Recensións:**

- L. Romero, “Caride e Cabanillas: dous ‘ramóns e unha mesma esencia poética”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 12 xuño 2019, p. 11.

Informa de que o Concello de Cambados vén de reeditar o poemario *Ramón Cabanillas do A ao Z*, no que Ramón Caride verso sobre os temas esenciais do poeta da raza. Tamén sinala que o limiar desta nova edición está asinado polo concelleiro de Cultura, Víctor Caamaño.

- Xosé Ramón Pena, “Silabario Cabanillas. Versos en loita e rosas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 717, “Libros”, 13 xuño 2019, p. VI.

Recensión do volume, que califica como unha humilde e sentida homenaxe a Ramón Cabanillas. Explica que se trata dun silabario do autor, onde destaca como vocablos esenciais “Agras”, “Cambados”, “Escalibor”, “Roseira”, “Teatro”, e “Zanfona”, que veñen versados por Ramón Caride e ilustrados por Xosé Cobas.

### **Referencias varias:**

- B. Y., “Cultura edita el primer libro que acerca la vida de Cabanillas a los niños de Educación Infantil”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 9 febreiro 2019, p. 9.

Comenta que a Concellería de Cultura de Cambados editou 1000 exemplares dun libro que sintetiza a infancia de Cabanillas para que os máis pequenos coñezan este escritor. Apunta a próxima publicación dun traballo semellante para Primaria e Eso e a reedición de *Cabanillas. Do A ao Z*.

- L. R., “Cultura editará dos libros máis sobre Cabanillas para acercarlo a los jóvenes”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 12 abril 2019, p. 11.

Informa da presentación desta obra dirixida a Educación Primaria, centrándose en *Vento mareiro* e *Da terra asoballada*, ademais de repasar a súa vida, acompañándose de coloridas ilustracións. Tamén apunta a reedición de *Cabanillas. Do A ao Z*.



### VII.2.3. *TRADUCIÓNS E VERSIÓNS*

**Alcántara**, Ricardo, *O pequeno indio (El joven guerrero, 1993)*, trad. Xosé Ballesteros, ilustr. Gusti, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Duros, prelectorado, novembro 2019, [12] pp. (ISBN: 978-84-8464-472-9).

Álbum rimado editado en páxinas acartonadas e letras maiúsculas no que, a través do sinxelo e rítmico texto de Ricardo Alcántara (Montevideo, 1946) e as ilustracións de Gusti (Gustavo Ariel Rosemffet, Bos Aires, 1963), se aborda unha historia sobre o xogo e a imaxinación na que se procura a identificación do lectorado. Cara Pintada, un pequeno guerreiro da tribo dos larpeiros que corre coma o vento, cun corpo de pantera, brazos musculados, experto no manexo do arco e as frechas, e que monta no cabalo sen que ninguén o alcance... Até que se oí unha voz que chama por Brais para lle pedir a vasoira e a fregona. A tradución adapta o orixinal para facer cadrar as rimas e respecta a sonoridade das palabras. As imaxes, creadas cun trazo infantil e rápido, plasman o dinamismo e a expresividade.

**Alcántara**, Ricardo, *O pirata valente (El pirata valiente, 2019)*, trad. Xosé Ballesteros, ilustr. Gusti, Pontevedra: Kalandraka Editora, prelectorado, col. Duros, abril 2019, [14] pp. (ISBN: 978-84-8464-448-4).

Álbum rimado de Ricardo Alcántara (Montevideo 1946), de páxinas acartonadas, duras, de fácil movemento para os máis pequenos, con moita ilustración e pouco texto con letras maiúsculas. Nel preséntase un personaxe do imaxinario dos máis novos a través do cal se recoñecen as aventuras da piratería que se ofrecen dende os clásicos, adaptadas, reescritas ou de moderna creación. Unha obra na que a íntima conexión entre texto e as ilustracións de Gusti (Gustavo Ariel Rosemffet, Bos Aires, 1963) axuda a iniciar a lectura. Como en *O pequeno indio*, o protagonista é Brais que neste caso xoga aos piratas e cuxa aventura se ve interrompida cando a voz da súa nai o chama para ir merendar.

#### **Recensións:**

- Blanca-Ana Roig, “Preliter: o pirata valente”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 setembro 2019, p. 6.

Informa da publicación da tradución galega de *O pirata Valente (El pirata Valiente, 2019)* que levou a cabo Xosé Ballesteros para Kalandraka Editora. A crítica destaca a importancia de reivindicar a figura do pirata na literatura infantil e ademais loa a íntima conexión que se establece entre texto e as ilustracións que adornan a obra, favorecendo así a iniciación dos máis pequenos á lectura. Descríbense as características do volume, salientando as destacadas traxectorias do eido da literatura infantil e xuvenil do autor e mais do ilustrador, e apúntase a importancia tradicional concedida á figura do pirata no imaxinario dos máis pequenos.

**Bilbao**, Leire, *Bechopoemas e outras bestas (Xomorropoemak, 2016)*, Premio Euskadi de Literatura 2017, trad. Isaac Xubín, ilustr. Maite Mutuberria, Pontevedra: Kalandraka Editora, lectorado autónomo, setembro 2019, 62 pp. (ISBN: 978-84-8464-489-7). ■

Poemario de Leire Bilbao (Ondarroa, 1978) cuxos textos, a modo de bestiario, comparten o fío común da presenza de animais. Estructurado en catro partes: “Poemas voladores”, “Poemas acuáticos”, “Poemas reptadores” e “Poemas ruxidores”, trátase de corenta composicións cheas de ritmo e musicalidade nas que predominan ferramentas literarias como as rimas asoantes, as repeticións, o humor, os trabalinguas, as onomatopeas, os xogos coa sonoridade das palabras, os diálogos curtos e enxeñosos, as estruturas encadeadas e acumulativas, os acrósticos e o vocabulario sinxelo. Así, entre os bechos voadores aparecen a curuxa, o grilo, a xoaniña, o escaravello e os paxaros, pero tamén o ascensor e o reloxo de cuco; entre os acuáticos recórrese ao catarro do polbo, ao caranguexo bailador, ao cágado que chimpa sen parar, o tiburón da boca sucia que acaba indo ao dentista, ao bonito e ao xurelo; entre os reptadores atópanse ratos que soñan coa lúa e atarefados cos calcetíns, a serpe, a tartaruga e tamén senllos poemas sobre a chuvia e a risa; e entre os ruxidores están as ovellas, as vacas, o león ou o cocho. Maite Mutuberria (Eltzaburu, 1985) completa os poemas con colaxes que mesturan fotografías, letras, estampados, manchas e recortes para darlles vida aos distintos animais e retratar as escenas máis simbólicas.

### Referencias varias:

- Xosé García, “Os outros xéneros, tamén para crianzas”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “*Fóra de serie*”, “Letras miúdas”, 19 setembro 2019, p. 7.

Nun artigo sobre os diferentes xéneros literarios destinados a un público infantil, amenta *Bechopoemas e outras bestas*.

**Iglesias**, Gracia, *Vaia enleo, Timoteo! (¡Qué jaleo, Timoteo!, 2019)*, trad. Vanesa López García, ilustr. Sara Sánchez, Madrid: Ediciones Jaguar, col. Miau, prelectorado, marzo 2019, [24] pp. (ISBN: 978-84-17272-91-3).

Álbum rimado con estruturas repetitivas produto da colaboración entre Gracia Iglesias (Madrid, 1977) e a ilustradora Sara Sánchez que pon de relevo de maneira humorística a importancia da hixiene. O xabariño Timoteo ten un problema co seu aseo persoal e cando a súa amiga a cabra Tomasa o invita a acompañala a unha festa elegante ten que lavarse porque cheira a marrán. O mono Cibrán dille que lave os pezuños; a xirafa Marcellina mándalle peitearse; o elefante Filipe súxírelle que lave os dentes; a cebrá Sabela empréstalle un traxe, o pingüín Valentiño a súa gravata de lazo e o camelo Outeiro os zapatos e o chapeu. Como a casa de Timoteo quedou feita un desastre tras tantas actividades, Tomasa axúdalle a ordenala.

**Mazo**, Margarita del, *Os planetas (Los planetas, 2019)*, trad. Vanesa López García, ilustr. Cecilia Moreno, Madrid: Ediciones Jaguar, col. Miau de cartón, prelectorado, maio 2019, [18] pp. (ISBN: 978-84-16082-02-5).

Libro en formato cadrado e de follas acartonadas destinado ao lectorado entre 0 e 4 anos no que Margarita del Mazo (Malpica de Tajo, Toledo, 1960), a través de rimas moi sinxelas, vai enumerando os planetas e relacionándoos con actitudes e emocións de personaxes animais: Mercurio coa toupa; Venus coa avestruz; Marte co coello; Xúpiter co tigre; Saturno co grilo; Urano co burro; e Neptuno co rato. Combínase así a

intencionalidade didáctica coa literaria a través da sonoridade das palabras e a relación con animais humanizados. As ilustracións a dobre páxina de Cecilia Moreno (Madrid, 1980) lembran aos debuxos infantís e recorren a liñas esquemáticas e a unha paleta cromática sinxela para mostrar a expresividade e os diferentes xestos dos personaxes.

**Mazo**, Margarita del, *Puff! (¡Puff!, 2019)*, trad. Vanesa López García, trad. Vanesa López García, ilustr. Cecilia Moreno, Madrid: Jaguar, col. Míau de cartón, prelectorado, maio 2019, [18] pp. (ISBN: 978-84-16082-05-6).

Libro en formato cadrado e de follas acartonadas destinado ao lectorado entre 0 e 4 anos no que Margarita del Mazo (Malpica de Tajo, Toledo, 1960) presenta un breve texto rimado que vai explicando como todo o mundo bota peidos que cheiran moi mal: a nube, o condutor do camión, papá, un xigante, a princesa, o papagaio, mamá e a serea. As ilustracións a dobre páxina de Cecilia Moreno (Madrid, 1980) lembran aos debuxos infantís e recorren a liñas esquemáticas e a unha paleta cromática sinxela para mostrar todos os personaxes aos que alude o texto. O peido aparece como elemento común en todas as imaxes, representado como unha nube personificada con ollos, brazos e un sorriso.

**Román**, José Carlos, *Coidado coa charca! (¡Cuidado con la charca!, 2019)*, trad. Maruxa Zaera Landeira, ilustr. Emilio Urberuaga, A Coruña: Editorial Bululú, col. Carantoña, prelectorado e lectorado autónomo, marzo 2019, [28] pp. (ISBN: 978-84-949549-3-1).

Relato rimado en letra maiúscula que presenta de forma sinxela, mediante a repetición e as estruturas acumulativas, as tribulacións dos animais do bosque cando, un tras outro, van caendo na charca sen poder saír. A abella, a mosca, a maruxiña, o caracol, o coello, o ourizo e o elefante que ao final é quen os salva. Emilio Urberuaga (Madrid, 1954) recrea a charca en tons amarelo, ocre e verde e vai mudando a cor do ceo consonte empardece. As ilustracións enriquecen a narración de José Carlos Román (Cádiz, 1972) con detalles que non aparecen no texto, por exemplo, a formiga que aparece na esquina esquerda e presenza todo o que ocorre.

**Strobel**, Kathryn, *A túa historia*, trad. Tamara Andrés, ilustr. Vanesa Álvarez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Álbumes, n.º 7, lectorado autónomo, marzo 2019, [24] pp. (ISBN: 978-84-9151-315-5).

Álbum creado en marzo de 2018 en Nova York cuxo texto é un poema en inglés da profesora de Educación Superior no Dominican College de Nova York Kathryn Strobel, traducido pola poeta Tamara Andrés. Mediante composicións rimadas constrúese un relato acompañado de imaxes no que se lles explica de forma poética aos destinatarios como chegaron ao mundo logo de baixaren da lúa grazas ao amor dos seus pais. As ilustracións abstractas de Vanesa Álvarez (Vigo, 1983) están inspiradas na arte urbana e a cultura pop e recorren ás mesmas cores en todas as páxinas (azuis, laranxas, vermellos, amarelos) na procura de continuidade.

## VII.2.4. ANTOLOXÍAS

**García Teijeiro**, Antonio, *Bicos e non balas*, ilustr. Bea Gregores, Vigo: Editorial Galaxia, col. Libros para compartir, n.º 3, outubro 2019, 108 pp. (ISBN: 978-84-9151-396-4).

Antoloxía de poemas extraídos da obra de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) que comparten o feito de estaren dedicados ao tema da paz. O volume ábrese cunha breve introdución de Juan Carlos Martín Ramos na que sinala que ler é un símbolo de paz e destaca a traxectoria do poeta e o feito de que puxo todos os seus libros e as súas palabras ao servizo desta temática. A seguir inclúense sesenta e oito poemas tomados de *Coplas* (1988, 2008); *Nenos* (1988); *Aloumiños* (1988, 2008); *Ventos* (1992); *Na fogueira dos versos* (1996); *Caderno de fume* (1999, 2018); *O que ven os ollos dos nenos* (2000); *Palabras envoltas en cancións* (2000); *Ai, canto falan as pombas que falan!* (2002); *Paseniño, paseniño* (2003, 2018); *Bicos na voz* (2004); *Chove nos versos* (2004); *Contos e poemas para un mes calquera* (2005, 2010); *Á sombra do lueiro de papel* (2007); *Petando nas portas de Dylan* (2007); *Educación e paz III. Literatura galega pola paz* (2008); *Bolboretas no papel* (2008); *Recendos de aire sonoro* (2011); *Palabras do mar* (2015); *Poemar o mar* (2016); e *Xa me tardan estes magos* (2011). Inclúense así mesmo dous poemas inéditos: “Na lúa” e “Construíndo soños”. Os textos acompañanse das ilustracións de Bea Gregores (Vigo, 1995) nas que predominan os tons azulados, vermello e amarelo e combinan elementos figurativos e simbólicos.

### Recensións:

- Xosé García, “Literatura contra o plástico. O premio Merlín de Rosa Aneiros traza unha fábula ecoloxista para a infancia”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “*Fóra de serie*”, “Letras miúdas”, 17 outubro 2019, p. 7.

Reflexiona sobre o papel da literatura infantil e xuvenil como motor para a creación de conciencia a respecto das distintas preocupacións sociais e problemas colectivos actuais, sobre todo co que ten que ver coa defensa ecolóxica. A este respecto sinala que *Xelís, o guieiro das botellas de mar* de Rosa Aneiros se erixe como unha fábula ecoloxista para a infancia e repasa algúns títulos de poesía e ensaio dirixidos ao público infanto-xuvenil que seguen esta mesma liña, nomeadamente *Bicos e non balas* de Antonio García Teijeiro e *Da Carapuchiña ao señor Lamote* de Miguel Vázquez Freire.

### Referencias varias:

- Fernando Franco, “Besos en vez de balas”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 outubro 2019, p. 10.

Entre outras cuestións, salienta esta antoloxía de poemas pola paz.

- A. Baena, “Antonio García Teijeiro. ‘Se nunha poesía non hai reflexión, non interesa; nunca dá respostas, plantexa preguntas’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 17 outubro 2019, p. 18.

Entrevista co autor a propósito da publicación de *Bicos e non balas*, volume do que se di que o Concello de Vigo repartirá mil exemplares entre os escolares da cidade. García Teijeiro define o seu traballo como un libro para compartir, poesía con varias capas de lectura coa que pretendeu levarlles aos nenos a mensaxe de que favorecer a paz non é só estar contra a guerra, tamén contra a violencia. Indica tamén que invita á reflexión e que se segue a recoñecer nestes poemas malia o tempo transcorrido dende que os escribiu.

- Selina Otero, “Antonio García Teijeiro. ‘Á rapazada hai que quitarlle presión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da educación*”, n.º 460, “Lecturas emocionantes”; 19 novembro 2019, p. 7.

Antonio García Teijeiro fala nesta entrevista do necesario que é nesta época rexeitar as pequenas e grandes cousas que se resisten a permitir a igualdade entre as persoas e desterrar comportamentos violentos. Conta que a idea deste libro xurdiu a partir da idea da súa amiga Chus Cabado, que o animou a recompilar os seus poemas sobre a paz. Sobre o fomento da lectura, opina que debe haber moito debate, textos de calidade literaria e unha formación ética que se sume á formación integral do alumnado para que se instauren valores como o respecto, a empatía, a solidariedade e impregnen os comportamentos dos individuos. Lembra tamén a súa etapa como docente durante máis de corenta anos e maniféstase preocupado pola degradación da natureza, o capitalismo reinante, as desigualdades sociais e a insensibilidade de boa parte da humanidade fronte ás migracións.

## VII.3. TEATRO

### VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

**Abad de Larriva**, Ana, *A sombra das árbores*, II Certame de Textos Teatrais Roberto Vidal Bolaño 2019, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 114, mocidade e lectorado adulto, outubro 2019, 91 pp. (ISBN: 978-84-9151-406-0).

A dramaturga debutante Ana Abad de Larriva resultou gañadora do II Certame de Texto Teatrais Roberto Vidal Bolaño que convoca a Editorial Galaxia e o IES Ribeira do Louro con esta obra, que se impuxo aos 14 orixinais presentados. O xurado, integrado polos dramaturgos Carlos Labraña e Raquel Castro, a actriz Mónica Camaño e o profesor Delio García Represas, destacou que se trata dunha proposta teatral en ton poético na que movemento e palabra cobran “especial importancia”. Trátase dunha peza teatral aberta na que se pon o acento na dirección e na interpretación para construír un escenario simbólico poboado por un bosque de sombras que é o espazo no que se habita. Parte do corpo e da voz para traballar diferentes imaxes estáticas que evocan as escenas que se queren representar. O texto procura xerar sensacións, texturas, e vertebrar un percorrido, unha viaxe que reflexiona sobre as relacións humanas e o contacto coa natureza.

**Carballeira**, Paula, *Somos os monstros*, X Premio Literario Manuel María de Literatura Dramática Infantil, ilustr. Ignacio Hernández Fernández, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/AGADIC, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 25, lectorado autónomo, maio 2019, 67 pp. (ISBN: 978-84912-15-29-5) ♦

Paula Carballeira (Fene, 1972) afonda neste texto dramático, estruturado en doce breves escenas redactadas con frases moi breves, diálogos áxiles e repetitivos, humor e unha acción moi dinámica, no medo que nos provoca o descoñecido e no que supón a diferenza, a rareza e os prexuízos. Unha nena e un neno pérdense cando saen a xogar no bosque arrasado polo último incendio. Daquela aparecen un monstro grande e un monstro pequeno, que viven só nese bosque. Cando se atopan, o medo dá paso á curiosidade e xorden preguntas como: quen son en realidade os nenos e quen os monstros? Como senten os monstros? Ademais, explora os medos dos adultos a través da figura do pai e as carencias que ás veces teñen cos seus fillos. As ilustracións de Ignacio Hernández (A Coruña, 1988) crean un universo colorista e seres arredondados e moi expresivos, con imaxes que ocupan unha páxina completa ou se fusionan co texto. O debuxante insire ademais pinceladas para acentuar a expresividade nas figuras e algunhas onomatopeas, trazos habituais no estilo da banda deseñada. A obra pasou a formar parte en 2019 da Lista de Honra da OEPLI.

#### Recensións:

- María Navarro, “A través da dualidade. Indagando no misterio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 721, “Libros”, 11 xullo 2019, p. VI.

Comeza indicando que esta obra suma un novo galardón á brillante traxectoria de Paula Carballeira. Considera que a historia é divertida e finca as súas raíces no medo ao descoñecido a través da dualidade neno/nena; monstro grande/monstro pequeno; pai/xente. Apunta que, coas ilustracións de Ignacio Hernández que acompañan o texto, o lector pode facerse unha idea da concepción plástica imaxinada pola escritora.

### Referencias varias:

- Paula Carballeira, “Que necesidade tes? A necesidade de pensar o teatro para a infancia e a adolescencia”, *RGT. Revista Galega de Teatro*, “Temas: Teatro para a infancia e a adolescencia”, n.º 98, 2019, pp. 22-24.

Artigo da autora sobre a súa creación de teatro para infantes e adolescentes, na que amenta e repasa os seus títulos *Doppelgänger* (2018), *Boas Noites* (2007), *Somos os monstros* (2019), *O refugallo* (2013) e *Alicia & Alicia* (2011).

**Graña**, Bernardino, *Lobísimo do saco. Tres titiritadas*, ilust. Blanca Millán, epílogo Ramón Nicolás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 232, serie verde, lectorado mozo, setembro 2019, 198 pp. (ISBN: 978-84-9151-397-1).

Volume que recolle tres textos teatrais infantís de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932), dous dos cales xa dados a coñecer con anterioridade –*Sinfarainín contra don Perfeito* e *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)*– e un terceiro inédito: *Lobísimo do saco*, tal como explica o propio autor no limiar que abre o libro, no que tamén indica que en todos eles aparece o personaxe de Sinfarainín, un mosquitín. *Sinfarainín contra don Perfeito* é unha peza en dous lances presentado en 1974 ao concurso da agrupación coruñesa O Facho e publicada ese mesmo ano nas páxinas da revista *Grial* e nunha separata independente. O argumento xira arredor de Pacucho, a quen lle resulta imposible prender no sono por mor dos pesadelos que sofre e a presenza do espectador don Perfeito, un agasallo dos seus pais que emigraron a Suíza. *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)*, creada a partir dunha peza para adultos que Graña presentou ao Premio Abrente de Ribadavia en 1979, foi publicada pola editorial Sotelo Blanco en 1992, estrutúrase en dous lances e un intermedio nos que se representa un conflito entre os labregos Sacaterra, a súa dona Carmela e o Burro e Cacicote, logo de que este pase polo lugar e perda unha saca con ducados de ouro. En *Lobísimo do saco*, o personaxe dá mostras da súa actitude ditatorial co gato e coa raposa. No epílogo, Ramón Nicolás resume os argumentos das obras, apunta os ecos de textos como o conto da leiteira e a fábula de La Fontaine *O lobo e o cordeiro*, e identifica nelas recursos como a ironía, o humor e os diálogos sinxelos, así como a súa orientación comprometida e reivindicativa. O volume incorpora unha ducia de ilustracións en branco e negro de Blanca Millán (Touro, 1991) que representan os personaxes e algunhas das escenas destas pezas teatrais.

### Recensións:

- Ramón Nicolás, “O teatro de Bernardino Graña”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”; “Ex umbra in solem”, 27 setembro 2019, p. 10.

Con motivo da publicación de *Lobísimo do saco. Tres titiritadas* salienta que Bernardino Graña é un clásico da literatura galega contemporánea do que se adoita ocultar a súa faceta

como dramaturgo. Con respecto á adscrición destas pezas ao teatro infantil, indica que “si e non”, como afirma o propio autor. Ao seu ver, é teatro, sen máis, que probablemente haxa que entender á luz do tempo no que foi escrito e que non perdeu actualidade. Identifica en todas as pezas a simplicidade dos diálogos, o ritmo musical, a axilidade comunicativa, o humor e a sátira, así como “un aire de opereta bufa, unha sorte de gran teatro de monicreques “naif”, unha farsa carnavalesca divertida e profunda que non oculta unha inequívoca vontade de amosar o desatino que supoñen as tiranías”.

- Carmen Ferreira, “Cando a tradición oral segue sendo fonte de inspiración”, *El Correo Gallego*, “Domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 outubro 2019.

Dá conta da aparición do volume e do que contén: tres pezas de teatro infantil: “Sinfarainín contra don Perfeito”, “Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)” e “Lobísimo do saco”, destacando que se caracterizan por estar protagonizadas por animais, presentar a influencia da oralidade a tradición popular e reflexionar con humor sobre temas como o abuso do poder, a tiranía e a perda de liberdade.

### Referencias varias:

- Xosé García, “Os outros xéneros, tamén para crianzas”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “Fóra de serie”, “Letras miúdas”, 19 setembro 2019, p. 7.

Nun artigo sobre os diferentes xéneros literarios destinados a un público infantil, fai referencia a *O último Lobísimo do saco*, que contén tres pezas de teatro infantil.

- Héctor J. Porto, “Teatro para nenos ‘si e non’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 setembro 2019, p. 35.

Dá conta da presentación do volume *Lobísimo do saco. Tres titiritadas* da man de Galaxia, celebrada na librería Casa del Libro de Vigo. Recolle as declaracións do autor, quen reconece que en *Sinfarainín contra don Perfeito* arremete de xeito velado contra Franco (don Perfeito) e o seu réxime ditatorial, e toca tamén a emigración; mentres que en *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)* ataca o poder do diñeiro e a falsidade da xustiza, e en *Lobísimo do saco* o asunto é “o si á democracia”. Insire tamén a opinión de Víctor F. Freixanes, quen sinalou a riqueza de elementos que conflúen na escrita do autor, así como o seu eficaz rexistro para recuperar a tradición dos contos populares, recreándoos e incluso inventando novos personaxes.

- Mar Mato, “O escritor Bernardino Graña celebra os seus 87 anos cun novo libro para nenos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 setembro 2019, p. 34.

Crónica da presentación da obra na Casa del Libro de Vigo, que cadrou co 87 aniversario do autor. Entre os presentes, cítase ao presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes; os académicos Fina Casalderrey, Xesús Alonso Montero e Xosé Luis Franco Grande; o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa; o artista Camilo Camaño; o escritor e profesor Ramón Nicolás e a investigadora Malores Villanueva. Recóllese que esta última, responsable da edición, destacou que son obras con moito humor que tamén teñen unha lectura a maiores sobre o que é a perda da liberdade e unha ditadura.



- Matilde, “Grandes momentos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Escaparate”, “Soplando velas”, 29 setembro 2019, p. 16.

Entre outras novas dá conta do 87 aniversario do escritor Bernardino Graña, que celebrou na presentación deste volume canda a investigadora Malores Villanueva; o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes; Fina Casalderrey, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Franco Grande ou Camilo Camaño.

- Xesús Alonso Montero, “Bernardino Graña e Franco”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 4 outubro 2019, p. 12.

Dá conta da homenaxe que lle tributaron en Vigo un grupo de amigos o 27 de setembro a Bernardino Graña con motivo do seu 87 aniversario. Sinala que os relatores, de xeracións literarias moi distintas (Víctor F. Freixanes, Ramón Nicolás, Malores Villanueva), afondaron na biografía literaria do homenaxeado nos eidos da poesía, o teatro e a literatura infantil), sen esquecer as súas achegas ao xénero do conto da tradición oral e o vocabulario das terras do Morrazo e do Ribeiro, moi vencelladas á súa nenez e adolescencia. Dá conta do contido do volume *Lobísimo do saco. Tres titiritadas* e, con respecto ao personaxe de don Perfeuto, un reloxo espertador feito en Suíza que lle amarga a vida a Pacucho Caichovento, comenta que non lle consta que aludise á tiranía de Franco. No entanto, apunta, si é explícita a denuncia que o autor fixo no poema “Gran luz en novembro (Na morte do xeneral Franco)”, escrito no “Amencer do 21 de novembro de 1975”.

- Olalla Sánchez, “Apostas outonais para todos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.230, “Literatura”, 6 novembro 2019, p. 6.

Entre as propostas pertencentes á literatura galega que inclúe nesta sección Olalla Sánchez, cóntanse: *Conta comigo* (Bululú), de Miguel Tanco, un libro sinxelo e humorístico para se achegar ás matemáticas a través dunha nena; *O lobo de area*, de Åsa Lind; *Vinte mil leguas baixo os mares*, de Jules Verne; *O grupo*, de An Alfaya; e *Lobísimo do saco. Tres titiritadas*, do que salienta que as pezas teatrais destilan humor, pero tamén serven de chamada de atención sobre o abuso do poder, a tiranía ou o risco de perder a liberdade.

**Labraña**, Carlos, *Estrelecer (Nun mundo onde as rapazas poidan ser libres)*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 111, lectorado mozo, abril 2019, 88 pp. (ISBN: 978-84-9151-329-2).

Texto dramático de carácter simbólico con sete personaxes femininas que se desenvolve en tres xornadas: Anoitecer (no pasado), Estrelecer (no presente) e Amencer (no futuro). A trama céntrase na visita que realizan Xiana, Irene, Noa e Sara a unha casa abandonada e na súa respectiva reencarnación dos catro elementos da natureza: Lume, Auga, Ar e Terra. Nun marco que excita o medo, vivirán un encontro coa Noite e a Sombra que porá a proba a súa afouteza. O subtítulo da obra establece xa a intención que subxace no texto: a loita por crear un mundo no que reine a liberdade das mulleres, á marxe de calquera control das súas vidas polas imposicións sociais. A través de breves diálogos e da

alternancia de planos temporais, Carlos Labraña (Cedeira, 1969) crea a tensión dramática e o ambiente de medo ante o incomprensíbel.

**Labraña**, Carlos, *A pequena compañía*, VIII Premio Estornela de Teatro para Nenos da Fundación Neira Vilas, ilustr. Oscar Villán, Ferrol: Edicións Embora, xuño 2019, 119 pp. (ISBN: 978-84-17824-04-4).

Carlos Labraña (Cedeira, 1969) recorre a elementos da tradición galega e dos contos e a mitoloxía clásicos para construír este texto dramático de ton simbólico estruturado en dous lances, con dez e nove curtas escenas, respectivamente. Nunca casa grande da aldea, a Avoa, Xigantón e o Cociñeiro Marrán dedícanse a recoller e coidar nenos perdidos na rúa para salvarlos dos perigos e ofrecerlles acubillo. Medusquiñas, Pedichón e Soldadiño asisten á chegada dunha nova compañeira, Xoaniña, despois de que Trasniño desaparecese. Axiña aparecen dous malvados personaxes, Chuchona e Papón, dos que terán que fuxir por un túnel que está no interior dun armario cara ás Illas do Alén. A viaxe da Pequena Compañía, ategada de perigos por mor das criaturas que lles saen ao encontro, como a Coca de Redondela, as rochas faladeiras, o can Cérbero, os teixos vellos. Ao cabo logran subir na barca de pedra e marchar cara ás Illas do Alén. As ilustracións de Óscar Villán (Ourense, 1972) mostran os personaxes realizando diversas accións ás que se alude no texto.

**Núñez Singala**, Manuel, *Atranco no banco*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 115, outubro 2019, lectorado mozo, 108 pp. (ISBN: 978-84-9151-405-3).

Texto teatral de Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963), que se encadra no subxénero da comedia. Catro personaxes coinciden un domingo nun banco co propósito de atracalo. Serafín, o director da sucursal, dille á súa muller que ten gripe e, no canto de acudir á comida familiar, queda con Vanessa, a súa secretaria, no banco co fin de que acceda ao sistema coa súa clave e así poder levar os cartos da caixa e culpala a ela. Pola súa parte, Rafael, o garda municipal da vila, e Lois, o cuñado de Serafín, ese mesmo día, cavan un túnel e chegan tamén até a caixa forte. O texto presenta un único acto, e o efecto cómico refórzase a través das continuas entradas e saídas en escena dos personaxes até que os catro cadran no mesmo espazo, e recorrendo a diálogos áxiles, múltiples xogos de palabras e equívocos lingüísticos que buscan o riso do lector. Ademais, ambas as parellas de personaxes responden ao modelo clásico do parvo e o espelido.

**Patinho**, Pepablo, *A nena e o grilo máis aló*, ilustr. Luz Beloso, cancións de Magín Blanco, Vigo: Editorial Galaxia, col. Sonárbore, n.º 35, lectorado autónomo, febreiro 2019, 72 pp. (ISBN: 978-84-9151-309-4).

Peza de teatro musical escrita por Pepablo Patinho (Ferrol, 1970) que vai acompañada das cancións de Magín Blanco (*A Rúa*, 1960), incluídas no CD que acompaña o volume, e conta nesta edición coas ilustracións figurativas a toda cor de Luz Beloso (*Monforte de Lemos*, 1968), que aparecen en páxinas independentes; son imaxes evocadoras que enmarcan momentos da historia realizadas con técnica dixital. A trama arrinca cando Nena e Grilo esmagan sen querer a súa amiga Xertrude a araña. Buscando a maneira de devolverlle a vida, atópanse con Canis e Lupus, uns artistas ambulantes que os guiarán a

través da maxia e a música ao país dos mortos, onde tentarán atopar a Xertrude para resucitala. A peza foi candidata aos XXIII Premios do Teatro María Casares como mellor espectáculo teatral para público infantil e como mellor música orixinal; e finalista nos Premios da Música Galega Martín Códax na categoría de mellor álbum polo disco.

### **Recensións:**

- Marta Neira, “A colección Sonárbore: poesía e música”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 setembro 2019, p. 6.

Indica que a colección “Sonárbore” da editorial Galaxia conta cunha boa acollida por parte de pequenos e maiores e dá conta da publicación de dous novos volumes: *A nena e o grilo máis aló*, con música de Magín Blanco e ilustracións de Luz Beloso, e *Bravas. O rexurdir da luz!*, de Gramola Gominola, ilustrado por Iago Araujo.

### **Referencias varias:**

- Montse García, “Magín Blanco”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Música”, 16 abril 2019, p. L6.

Entre outras actividades culturais, informa da presentación desta obra.

**Riobó Pose**, Xoán Carlos, *Acariñando os desexos*, ilustrado por Julia Abal, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro para ler e representar, n.º 105, outubro 2019, 40 pp. (ISBN: 978-84-17094-73-7).

Texto da breve peza teatral creada por Xoán Carlos Riobó Pose (Moaña, 1963), representada por vez primeira no IES As Barxas de Moaña en abril de 2014. Inspirada no conto *Carapuchiña vermella* de Perrault, a obra, con seis personaxes e dez escenas, aborda o tema do acoso sexual. Eli acaba de ter a súa primeira regra e está a vivir o espertar da súa sexualidade, obxecto de conversas coa súa amiga Mar. O seu veciño Pucho tenta aproveitarse dela, pero Eli escapa, pero, pouco despois, suplanta a súa avoa na cama e a rapaza acaba cravándolle un coitelo no corazón. A decena de ilustracións en grises de Julia Abal (Cangas do Morrazo, 1990) acompañan este texto dramático.

**Riobó Pose**, Xoán Carlos, *A viaxe de Burhan: éxodo*, ilustrado por Julia Abal, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro para ler e representar, n.º 106, outubro 2019, 44 pp. (ISBN: 978-84-17094-74-4).

Texto da breve peza teatral creada por Xoán Carlos Riobó Pose (Moaña, 1963), estreada polo grupo de teatro A Réplika do IES Rodeira de Cangas en 2016, para representar, segundo se indica, con actrices e actores, bonecos e sombras proxectadas. Estruturada nun prólogo e catorce escenas, cóntase a historia de Burhan, un rapaz que foxe da guerra de Siria e, tras se despedir da súa amiga Hilâl, embarca cara a Grecia. Unha vez alí remata nun campo de refuxiados, do que escapa para volver á súa terra. O texto acolle referencias a diversos personaxes da Odisea de Homero e integra diversos poemas de Rosalía de Castro arredor da emigración e a persecución dos oprimidos. A decena de ilustracións en grises de Julia Abal (Cangas do Morrazo, 1990) acompañan a edición deste texto.

**Sánchez, Gloria**, *Noé e Gato fan teatro*, ilust. Uxía Pin, Santiago de Compostela: Santillana Infantil y Juvenil - Edicións Obradoiro, col. Oqueleo, serie morada, lectorado autónomo, xullo 2019, 76 pp. (ISBN: 9788416834242).

Volume que reúne dous textos dramáticos de carácter humorístico escritos por Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958): *Corre, Carmela, que chove!* e *Lobo, ven!*, ilustrados por Uxía Pin (Lugo, 1980) con cores vivas e escenas que representan algúns momentos importantes da acción. Na primeira peza, dividida en dous actos con nove personaxes, achega unha interpretación do mito bíblico do diluvio, eliminando calquera alusión aos aspectos relixiosos e conectándoo con temas do mundo actual como o ecoloxismo, a protección das especies e o coidado do medio. Noé, por mandato dunha voz grave, alta e atronadora, reúne unha parella de bestas e bechos de cada especie ante a chegada dunha intensa chuvia que durará corenta días e corenta noites. Disposto a cumprir o mandado, embarca os animais coa axuda de Carmela, a súa muller, e o seu fillo. A medida que pasa o tempo, a situación no barco complícase: rematan as provisións, hai problemas de convivencia entre algúns animais, protestas de Greenpeace contra Noé por acabar co bosque para construír a embarcación, acusacións de Manuelito Fernández e López, garda da alfándega costeira de Ourense, e do seu axudante Otolindo, e mesmo un desastre ecolóxico pola contaminación do mar coa breia do barco... O desespero de Noé ante tantas complicacións chega ata tal punto que el e a súa familia optan pola Operación Camuflaxe: disfrazáanse de animais. Pola súa parte, *Lobo, ven!*, peza inspirada nun conto tradicional portugués, preséntase como unha comedia de monicreques en tres actos, malia aclararse que tamén se pode adaptar ao teatro convencional. A trama, con sete personaxes, desenvólvese nunha aldea, onde Adrián, un neno fervello e moi traste, non para de amolar os animais da casa (o gato, a galiña e o can), os cales argallan un plan para desfacerse del ante a falta de actuación da nai, que sempre ameaza con chamar o lobo para que o leve pero nunca o fai. A situación ten un desenlace feliz, ao descubrirse que o cativo non actúa por maldade senón porque se sente só e quere xogar. Así, todos se comprometen a cambiar de comportamento. Ambas as pezas son dinámicas e presentan diálogos áxiles cargados de recursos humorísticos, refráns, frases feitas, razoamentos absurdos, dobres sentidos, esaxeración das palabras.

**Wiersma, Mark e Miguel Mosqueira**, *Sira e o robot: On fire!*, ilust. Iván Sende, Santiago de Compostela: edición dos autores, setembro 2019, lectorado mozo, 107 pp. (ISBN: 978-84-09-14260-6).

Segunda entrega da serie creada por Mark Alan Wiersma (Vista, California, 1976) e Miguel Mosqueira (Lalín, 1982) e que comezou a súa andaina con *Sira e o robot*. *Adventures on Titan*, publicada en Edicións Xerais de Galicia en 2015 e que agora editan os propios autores. Trátase dunha peza de teatro musical ambientada en Galicia, na cidade de Mega-Metrópole, no ano 2050, cando o inglés acaba de ser declarado lingua oficial xunto co galego, de aí que no texto se alternen ambas as linguas, dando lugar a un ruído que afecta á comprensión do texto e contribúe a esvaecer cada un dos elementos da narración. Neste mundo, os humanos compórtanse como robots e os robots son aparellos choromicas que posúen o don da música. Nesta aventura, estruturada en vinte capítulos que funcionan como escenas, Sira e o seu robot William descubren a verdadeira identidade do misterioso profesor de guitarra eléctrica Li-ho Eye, que non é outro que

Leo i Arremecágon, e tamén quen está detrás dos incendios anuais que se achegan á cidade. Ao estilo dos musicais, as cancións, de distintos estilos, intercálanse entre os parlamentos dos personaxes e as voces do narrador e da narradora que conducen o texto, e pódense escoitar no CD que acompaña o volume. As ilustracións son de Iván Sende (Vedra, 1977), quen se decanta por un estilo figurativo para caracterizar os personaxes, ademais de achegar información sobre os lugares e as paisaxes onde transcorre a historia. Son deseños a toda cor con tintas planas e liña fina de contorno.

### ***VII.3.2. REEDICIÓN COMENTADA E FACSÍMIL***

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

### ***VII.3.3. ADAPTACIONES***

Este año no se consiguió información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

#### ***VII.3.4. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS***

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.



### VII.3.5. ANTOLOXÍAS

**Vázquez Pintor**, Xosé, *Teatro de Pintor*, ilustrado por Camilo Camaño, José Antonio Fondevila, Manuel Fragoso, Xulio García Rivas, Paco Lareo e Héitor Picallo, limiar de Manuel Lourenzo, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A pinguela. Teatro para ler e representar, n.º 107, decembro 2019, mocidade e adultos, 229 pp. (ISBN: 978-84-17094-90-4). ■

Volume que recolle dez obras de teatro de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) ao que se define, nas palabras iniciais da editorial, como un dos dramaturgos galegos máis sobranceiros aos que se pretende homenaxear con esta publicación. A seguir, Manuel Lourenzo, nun limiar intitulado “O teatro que gozamos”, destaca o alento poético das pezas pola escolla de argumentos, linguaxes e espazos, e indica que na produción de Vázquez Pintor se percibe a presenza dos mitos e elementos simbólicos da cultura galega. Recóllense a continuación as obras, precedidas dunha ilustración inicial, algunhas das cales xa publicadas con anterioridade e outras inéditas. Son as seguintes: *A meiga branca*, coa ilustración de Camilo Camaño (Coiro, 1951), ambientada nun supermercado e protagonizada por cinco animais; *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, publicada nunha edición independente en 2006 por Everest Galicia, encabezada por unha imaxe de Héitor Picallo (Baño, Cuntis, 1974), que transcorre nunha horta na que Fina e Petra, dúas mazás, van madurecendo aos poucos; a peza lúdico-experimental *Entrando en voz*, ilustrada por Xulio García Rivas (Borraxeiros, Agolada, 1947); *Naraído*, peza ambientada en Xaxabre, onde un poeta vello quere converterse nun ordenador, e ilustrada por Camilo Camaño; *O casting*, ironía sobre os criterios que manexa unha empresa de recursos humanos para seleccionar os candidatos, texto precedido por unha ilustración de Manuel Fragoso (Codeseda, A Estrada, 1956); *O pintasilgo que veu de lonxe*, obra sinxela con tres personaxes destinada a un público infantil e cunha ilustración de Xulio García Rivas; *A sombra da memoria*, obra con dous personaxes estruturada en dous actos e ilustrada por Héitor Picallo; *A fraga encantada*, editada en 1987 pola Xunta de Galicia, con personaxes pertencentes á natureza; *Sala de espera*, que contou cunha edición independente en 2001 en Edicións Fervenza, peza ambientada nunha clínica privada de beleza corporal, con dez personaxes e un acto único; e *Teatro do Patacón. Os pés do vento*, tamén publicada por Fervenza en 2008, encabezada por unha imaxe de Manuel Fragoso e que presenta a catro mulleres en escena que ofrecen os seus monólogos sobre o Camiño ao longo de sete actos.

### **VII.3.6. POSTAS EN ESCENA**

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “referencias varias”.

#### **VII.3.6.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS E SEMANAS**

##### **12 doces de outono, Ciclo**

Ciclo teatral e musical para un público infantil e familiar que se celebrou de maneira gratuíta nos días 27 de outubro e 3, 10 e 17 de novembro en doce Centros SocioCulturais de Santiago: Castiñeiriño, Laraño, Rocha, Conxo, Romáño, Nemenzo, Fontiñas, Vite, Grixoa, Santa Marta, Bornais e Ensanche. No ano 2019 participaron das compañías Fantoche Baj, coa peza *Osromeiros do Caracol*; Xoán Curiel, con *Canta miña pedra canta*; Gloria Mosquera e Diego Maceiras, con *Contos para un mundo mellor*; Iseo A Moura, con *Se as árbores falaran*; Marta Ortiz, con *Mulleres de sal*; Atenea García, con *Bichocas*; Aldalado, con *A ovella Engracia*; Teatro Ghazafellos, con *O país dos mandóns*; Paula Carballeira, con *O río da bruxa*; El Callejón del Gato, con *Cyclo*; Contos de Pablísimo, con *Príncipes e princesas*; e Pérez & Fdez, con *A tortoise, un can, two monsters e un picnic*.

##### **Referencias varias:**

- Montse García, “Maridaxe de gastronomía y artes escénicas en ‘12 Doces de Outono’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”; “Para todos los públicos”, “Ocio”, 25 setembro 2019, p. L10.

Recolle a programación da edición deste ano do ciclo 12 doces de outono, informando de que a programación chegará a unha ducia de centros cívico a finais de outubro e novembro.

- ECG, “Doce doces de outono’ en los centros vecinales”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 outubro 2019, p. 20.

Informa do inicio dunha nova edición do ciclo 12 doces de outono que se celebrará entre o 27 de outubro e o 17 de novembro nos centros socioculturais de Santiago de Compostela, onde se representará alomenos un espectáculo.

##### **Agustín Magán, XVIIIº Festival de teatro afeccionado**

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2019, celebrada entre o 30 de outubro e o 3 de

novembro, contou coa participación da compañía Petanaporta que representou a peza *O pequeno poni* para o público infantil.

#### **Referencias varias:**

- Montse García, “El teatro aficionado llena el Principal hasta el domingo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 30 outubro 2019, p. L10.

Dá conta da programación da edición deste ano do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, anunciando as datas de celebración e o título dos cinco espectáculos que se van a representar.

#### **Alter Ego, IVº Mostra de Teatro Afeccionado**

Organizada pola Agrupación Teatral Criaturas coa colaboración do Concello de Rianxo. A edición de 2019 tivo lugar os días 18, 19, 25 e 26 de outubro no auditorio e na biblioteca municipal. Para o público infantil contou coa presenza de Celtia Figueiras, con *Gale, Historia da lingua*; Regueifeiros de Galicia, con *Regueifando*; e Miguel Alonso, con *Cambia o conto*.

#### **Ames, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado de**

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Concello de Ames. A edición de 2019 celebrouse dende o 8 de novembro até o 15 de decembro e contou coa participación, para público infantil, das compañías galegas Escola Municipal de Teatro de Ames, con *Criaturas*.

#### **Artellando**

Dividido en tres bloques: Artellando nos Barrios, Artellando nos Recuncho e Artellando na noite. A edición de 2019 celebrouse entre os días 29 de maio e o 2 de xuño con motivo das festas da Ascensión de Santiago de Compostela. A programación contou cos seguintes espectáculos: *A tortoise, un can, two monters e un picnic*, de Manu fernández e Victoria Pérez; *Os c@ntos do Bardo Abelardo*, de Servando Barreiro; *Contacontos en verso*, de Yolanda Castaño; *Rodari, Rodari*, de Inacio Vilariño; *De aquí para alá*, de Lydia Botana; *Cóntame un cine*, de Anxo Moure; *A miña primeira viaxe*, de Xarope Tulu; *Pan con chocolate*, de Saleta Fernández; *Ilusionista*, de Fani Triana; e *No país do vento*, de Charo Pita.

#### **Referencias varias:**

- Brais Fdez., “Sábado de espectáculos no Principal”, *El Correo Gallego*, “Ascensión”, “29 de maio ao 2 de xuño”, 29 maio 2019, p. 7.

Recolle a programación do ciclo de teatro Artellando celebrado en Santiago de Compostela no marco das festas da Ascensión, destacando o feito de que estea composta por pezas orientadas ao público familiar.

#### **Artistas de rúa, XX Festival de**

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Redondela, celébrase na Alameda da vila. A edición do 2019 tivo lugar o 2 de agosto e ofreceu actividades para todos os públicos. Actuaron as compañías galegas Urdime, coa peza *A Danza do Paxaros*; Fantoques Baj, con *Os Romeiros do Caracol*; Xampatito Pato, con *Só*; e Diábolo Clasic Metal, cun espectáculo de música, circo e humor.

#### **Arzúa, XVº Ciclo de Teatro Outono a escena de**

Organizado polo Concello de Arzúa, inclúe música, monólogos e teatro. A edición de 2019 celebrouse entre o 5 de outubro e o 22 de novembro, en diferentes lugares do municipio. Para o público infantil contou co contacontos Pedro Bugarín, con *Maxia de catro a catro*; e as compañías Elfante Elgante, con *Danza da choiva*; Fantoques Baj, con *Auga que non vas beber*; Magín Blanco, con *Gatuxo*; Teatro Avento, con *Umm!*; Xarope Tulú, con *Nómades*; e Malasombra Producións, con *Nós. A historia de Galicia*.

#### **As Cancelas, I Festival de Títeres**

Organizado polo centro comercial santiagués As Cancelas para un público familiar en horario de tarde. Celebrouse do 25 ao 28 de marzo e contou coas representacións de *Pinocho*, baseado na obra de Carlo Collodi, de Títeres Cachirulo; *Alicia no país das maravillas*, recreando a obra de Lewis Carroll para a nenez de tres anos, e outros espectáculos como *Pedro e o lobo* e *El libro de la selva*.

#### **Bande, XXIVº Encontros de Teatro Escolar e Amateur de**

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Na edición de 2019, con quince representacións, que transcorreu entre os días 13 e 16 de maio, participaron o alumnado do CEIP Xaquín Lourenzo de Bande, con *A tía lambida*; do CPI Padrenda–Crespos, con *A banda de Padrendoi*; do CEIP Plurilingüe Curros Enríquez de Celanova, con *Noite de batas*; do CEIP Padre Feijoo de Allariz, con *O principião*; do CEIP San Marcos de Cartelle, con *Os pescadores e a pequena serea*; da Asociación Cultural Teatro Aneis de Xinzo de Limia, con *O partido e Sucesos*; do CEIP Rogelio García Yañez de Ramirás, con *Dixomo fulanita*; do CEIP Plurilingüe dos Blancos, con *Grandes inventos para saír do aburrimento*; do CEIP Xoán de Requeixo de Chantada, con *A aula de tócame Roque*; do Peke-Sastre - E. T. Santo Angel de Ourense, con *Tu serás para min*; do Atrápate - E. T. Santo Angel de Ourense, con *Lúa chea*; de Escena Cero de Ourense, con *O xuramento de Gato Pardo*; do Baúl do Paspallás de Ourense, con *O aquelarre dos soños*; e do I.E.S. Aquis Querquernis de Bande, con *Porterira seralo ti*.

## **Bebescena**

Ciclo de teatro para bebés de un a tres anos organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña e celebrado no Centro Ágora da cidade herculina. Ademais de postas en escena leváronse a cabo diversos talleres e conferencias familiares. Na edición de 2019, celebrado todos os domingos 24 de febreiro, 3 de marzo, 7 e 28 de abril e 12 de maio, participou a compañía galega Caramuxo Teatro, coa peza *Ñam*. Tamén contou coa participación das compañías foráneas Imaginart (Cataluña), coa peza *Sensacional*; We Tum Tum (Portugal), con *Crash babies*; Arena en los bolsillos (Andalucía), con *Afuera es un lugar*; e Helena Lizari, Mercat de les Flors e El Més Petit de Tots (Cataluña), con *Maleable*.

## **Begonte, VIIº Ciclo de Teatro de**

Organizado pola Asociación Cultural Castiñeiro Milenario coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do proxecto Buxiganga. Na edición de 2019, que se celebrou os días 21 e 28 de outubro e o 9 de novembro, as pezas representadas eran para público familiar: *Que cousas pasan no Camiño!*, de A Adala Infantil, *Comedia Bífida*, a cargo do grupo Touporroutou Teatro; e *Contos e lérias*, de Vero Rilo.

## **Ben veñas Maio, XXIIIª Semana Teatral**

Mostra teatral ofrecida polos alumnos dos Institutos de Ensino Secundario de Pontevedra na que se presentan pezas dos grupo de teatro dos centros de ensino da cidade. A edición de 2019 tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra entre os días 7 e 9 de maio. Participaron o grupo de teatro do IES A Xunqueira I, con *Memorias de Moliere*; o grupo de teatro Fiúncho do IES Luís Seoane, con *Commedia: un xoguete para Goldoni* e o grupo de teatro Avelañña do IES A Xunqueira II, con *Miña santiña e María Castaña*.

## **Betanzos, Ciclo Teatro en Familia**

Organizado polo Concello de Betanzos para a celebración do Nadal en familia. A edición de 2019, tivo lugar entre os días 7 e 28 de decembro na Aula de Cultura do Liceo. Representáronse as pezas *Gaia*, da compañía Entremans; *Os fabulosos cleaners*, de Malasombra Producións; *Mai mai*, de Boabab Teatro; e *Ummm!!*, de Avento Teatro Producións.

## **Boiro, Mostra de teatro Escolar**

Mostra organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Boiro orientada aos centros de ensino. A edición de 2019 tivo lugar os días 9, 10, 22, 23 e 25 de outubro e 7 e 15 de novembro na Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro e contou coa participación das compañías Elefante Elegante, Tanxarina, Baobab, Pérez & Fernández, Gazafellos, Os Quinquilláns e Butacazero.

## **Brión, XXIV Festival de Títeres de**

Festival de monicreques organizado polo Concello de Brión. A edición de 2019 celebrouse os días 2, 3 e 4 de xaneiro no Centro Social Polivalente da vila. Contou coa participación da compañía Teatro Marionetas Trécola, con *Tolitates*; A Xanela do Maxín, con *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*.

### **Referencias varias:**

- A. P., “Pecha o festival de títeres de Brión ca obra ‘Tolitates’”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala”, 4 xaneiro 2019, p. 29.

Informa da posta en escena da peza *Tolitates* a cargo da compañía Teatro Marionetas Trécola o día 4 de xaneiro como clausura do Festival de Títeres de Brión.

- C. E., “Brión celebra os días dous e tres o Festival de Títeres”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. O Sar”, 31 decembro 2019, p. 28.

Informa da posta en escena da peza *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza* de A Xanela do Maxín no marco da celebración do Festival de Títeres de Brión.

## **Buxiganga, XIº Circuitos**

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2019, celebrada no salón de actos do colexio de Castroverde e na casa da cultura da localidade, participaron 32 compañías de teatro da provincia e leváronse a escena as seguintes pezas para público infantil e familiar: *O Muro*, de Grupo Humorístico Tripode; *As Consultas Do Doutor Baldomero Bautista*, de A Rabela Teatro; *Enciclopedia Álvarez*, de Colectivo Cultural Ollomao; *Cena familiar*, de O Torques; *Menciñeiro á forza*, de Os Baluros; *Unha noite de primavera sen sono*, de Os Trocos; *O gardián da árbore dos desexos*, de A Mariña; *O silencio do badal*, de Ardora; *Toluras de proveito*, de O Bordelo; *O feitizo* de Argalleiras de Teatro; *Madialeva*, de Sacarina; *Sintrón nin són*, de Centro Teatral Faro-Miño; *Comeza a función*, de A Adala; *Que cousas pasan no camiño*, de A Adala infantil; *Bicos de vinagre*, de O Batán; *El Guindilla*, de O Centiño; *Matías está tolo*, de Pico do Castro; *Un divorcio no pobo*, de Axóuxeres; *Comedia bífida*, de Toupouroutou Teatro; *As fillas de Eva*, de Nova Escena Teatro; *Borralliña*, de Os Palimoquiños; *O Lazarillo do Miño*, de Os Pinchacarneiros; *O achado do Castro*, de Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde; *Improvincia*, de Curuxan Teatro Impro; *Soños*, de Grupo de Teatro Down; *Hotel Desencanto*, de Hipócrita Teatro; *A meiga no palleiro do galo castiñeiro* de Ti e máis Eu Teatro; *Sucesos*, de Grupo de Teatro Viraventos; *Pros e Contras*, de Teatreiras; *G-13*, da Escola de Teatro Falcatrueiros; *As pastillas de Farruco*, da Asociación Cultural Abrente; *No berce dos contos*, de Alentía Teatro; *Na procura dun traballo*, de Metáse Teatro; *Noite de Reis*, de Lume Escénico; *Princesa busca pretendente*, do Grupo de Teatro Augas do Sil; *Delicadas*, de Rebuldeira Teatro; e *Casa Macho*, de Obra Viva.

### **Teatro ás 6, Ciclo de Teatro Infantil de Cambados**

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados que forma parte da iniciativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, Agadic. Na edición de 2019, celebrada durante os domingos de xaneiro e febreiro, representáronse as pezas *Os limpa limpa*, de Expresións Producións; *Frankenstein*, de Teatro dos Ghazafellos; *Pum, pum*, de Baobab Teatro; e *Nómades*, de Xarope Tulú.

#### **Referencias varias:**

- L. R., “Regresa el teatro familiar a los domingos de febrero con cuatro obras de variedad artística”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 1 febreiro 2019, p. 10.

Recolle a programación do Ciclo de Teatro Infantil de Cambados ‘Teatro ás 6’, informando da posta en escena das pezas *Os limpa limpa*, *Frankenstein*, *Pum pum* e *Nómades* de Expresións Producións, Teatro dos Ghazafellos, Baobab Teatro e Xarope Tulú respectivamente.

### **Caldas de Reis, Ciclo Teatro de Outono**

Organizado polo Concello de Caldas de Reis. A edición de 2019 tivo lugar no Auditorio Municipal durante os días 6, 20 e 27 de outubro. Contou coa presenza das compañías Malasombra, con *D.E.P.*; e a Asociación Chumpá Teatro, con *Os intocables*. Para o público infantil contou, de novo, coa compañía Malasombra e o seu espectáculo *Os Ronquenstein*.

#### **Referencias varias:**

- Fernando Salgado, “El ciclo Teatro de Outono propone la reflexión a través de tres comedias”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, “Vivir en Caldas”, 2 outubro 2019, p. 2.

Dá conta da posta en escena de tres comedias no Auditorio Municipal de Caldas de Reis no marco da programación do ciclo Teatro de Outono organizado por este Concello.

### **Candilejas Don Bosco, XVIº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado**

Certame de teatro escolar e afeccionado organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña. Na edición de 2013, que tivo lugar dende o 12 de abril até o 15 de xuño, representáronse as pezas infantís *Enleando os contos*, do alumnado do CEIP Sanjurjo de Carricarte; *Recobrou o sorriso o Eleuterio* e *Unha cousa pola outra*, do Colexio Nosa Señora dos Remedios; *O caso da rúa de Lourcine*, de Raiola Escola Compañía de María; *Zapping*, do Grupo de Teatro do Clube de Campo de Ferrol; *O merlo branco* e *A vía fantástica*, de Casahamlet; *A comedia dos erros*, do Grupo Teatro do Ar do CPI de Panxón; *On air*, do IES Elviña; *O punto da escarola*, do Colexio Labarta Pose de Baio; *Parella 2.0*, do IES Maximino Romero Lema de Baio; *Rosiña caramelo*, do CEIP Novo Arteixo; *Tonucci*, do CEIP Raquel Camacho; *Polgariño*, do colexio Ramón de la Sagra; *O club anti-machotes*

e *Monsters Vs. Addams*, do Grupo de Teatro Vagalume Animación e *O crebanoces*, do CEIP Emilia Pardo Bazán. Tamén se levaron a escena pezas para o público adulto as pezas *Mesa para dous*, do Grupo FAS-QUE-FAS da Fundación Wenceslao Fernández Flórez; *Kalinka, conflito na embaixada*, de Vinde Ver Producións; *O anel máximo*, do Grupo Valverde Teatro de Cedeira e d'A Fiestra Teatro; *Cena de 5 crímenes* e *Cóncavo-convexo*, do Grupo de Teatro Ateaco; *Sánatos*, da Asociación Teatral Paso de Valverde; *Con premeditación e alevosía*, do Grupo de Teatro ASCM; *Inés, desapercibida*, de Caruncho Teatro; *A cea dos idiotas*, do Liceo de Noia; *¡Aquí non paga ninguén!*, de Porta Aberta; *Hamster*, de Triatrerros; *Facer o sueco*, de Teatro Badius e *A ópera do patacón*, do Grupo de Teatro Alexandre Bóveda. Ademais representaron as súas pezas, en castelán, o alumnado de distintos centros educativos, a través dos seus grupos teatrais, como foi o caso do CEIP Curros Enríquez –Grupo Currantes-, do IES Salvador de Madariaga –Grupo Talía-, do CPR Jorge Juan, do Centro Social Sagrada Familia, do Fogar de Santa Margarida, do grupo Papaventos do CEIP Zalaeta, da Agrupación Fuera de Serie, do Colexio Hijas de Jesús, do Centro Liceo La Paz, do CEIP Ponte dos Brozos, do grupo Arjé Teatro do Instituto Breamo, do Colexio María Barbeito, do CEIP Novo Arteixo, da Asociación Melandrainas-Grupo COMEDY2-, do Grupo de Teatro Aspronaga, el Biombo Teatro, do Colexio Ramón de la Sagra, do IES Urbano Lugrís -Grupo Ardora e o Grupo Pocholiños-, do CEIP Eusebio da Guarda, da Casa de Castilla-La Mancha–Grupo Los Cigarrales- e do CEIP Rosalía de Castro, entre outros.

#### **Canto Conto, IV**

Organizado por As Maimiñas e Reviravolta Producións integra contos e música, plasmados en contacontos e concertos de música en directo, xunto a obradoiros e xogos populares. Celébrase no parque da Pesqueira do Concello de Mos, no Paseo do Río Louro. Na edición de 2019, que tivo lugar o domingo 12 de maio, tivo lugar unha andaina polo Paseo do Río Louro a cargo de As Maimiñas e unha campestre. Contouse coas actuacións de Magín Blanco e a Banda das Apertas, Pakolas, Os Bolechas, e O Viravai, con *Paio e o poder da música*.

#### **Referencias varias:**

- G. M., “El festival infantil ‘Canto conto,’ celebra el próximo domingo su cuarta edición”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Área Metropolitana”, “Porriño. Mos”, 12 maio 2019, p. 14.

Recolle a programación da cuarta edición do festival infantil ‘Canto conto’, informando de que contará coas actuacións de Pakolas, Os Bolechas, Magín Blanco e O Viravai, así como das actividades paralelas que terán lugar.

#### **Carballo, Venres Culturais en**

Programa cultural organizado polo Concello de Carballo que integra música, teatro, maxia, exposicións, cinema e outras actividades. A edición de 2019, celebrada dende febreiro até marzo, no Pazo da Cultura de Carballo e na Biblioteca Rego da Balsa, contou coa participación de Teatro dos Ghazafellos, con *Rubicundo*; Aula de Teatro Municipal de Carballo, con *A bonitísima historia da princesa Maricarmen*; e Baobab Teatro, con



*Pum, pum*. Canto á programación para público adulto representáronse as seguintes pezas: *Cranios privilexiados*, de Mofa e Bega; *Dúas donas que bailan*, de Teatro do Atlántico; *Vida de cans*, de Talía Teatro; e *A leituga*, de Eme2 Producións.

#### **Referencias varias:**

- José M. Ramos, “Venres Culturais do máis ‘cool’ no inverno carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 xaneiro 2019, p. 31.

Recolle a programación do ciclo Venres Culturais organizado polo Concello de Carballo e que contará con máis dunha quincena de propostas.

#### **Carballiño, XXXº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)**

Creado no ano 1989 na localidade ourensá do Carballiño. Organizado pola Asociación Cultural FETEGA, coa colaboración do concello do Carballiño, a Deputación de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2019 levou o nome de “Celso Parada” en homenaxe ao recentemente falecido dramaturgo, actor e director. Celebrouse entre os días 2 e 6 de setembro no Auditorio Municipal e no anfiteatro exterior, e presentou como novidade a entrega dos “Premios Dorotea Bárcena”. Leváronse a escena as pezas *Catro segundos*, da compañía ÍO; *Compañeira de piso*, de Contraproducións; *Cartoons*, de Excéntricas; *Curva España*, de Chévere.

#### **Referencias varias:**

- X. A. Reboiro, “O festival de teatro capta tamén a atención na rúa”, *La Región*, “Carballiño”, 4 setembro 2019, p. 27.

Informa da programación da segunda xornada do Festival de Teatro Galego de Carballiño.

- E. P., “Miguel de Lira, premio de honor en O Carballiño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 3 setembro 2019, p. 30.

Informa da concesión do premio de honra que concede o Festival de Teatro Galego (Fetega) a Miguel de Lira pola súa aportación imprescindible ao mundo das artes escénicas galegas.

- X. A. Reboiro, “O Festival do Teatro Galego enche a vila de actividades”, *La Región*, “Carballiño”, 3 setembro 2019, p. 25.

Informa da celebración do acto de presentación do Fetega, organizado polo Concello de Carballiño e que contará con espectáculos de butaca e a pé de rúa na súa trixésima edición.

#### **Carballiño, XXI Festival de Títeres**

Organizado pola Concellería de Cultura do concello coa colaboración da Deputación de Ourense. A edición de 2019 celebrouse durante o mes de agosto e contou coa celebración de obradoiros da man dalgunhas das compañías participantes como o de creación de

monicreques de Títeres Babaluva. Representáronse as pezas infantís *O paroleiro*, de Os contos de Pablísimo e *Dona barriga verde*, da compañía Larraitz Urruzola.

#### **Referencias varias:**

- X. A. Reboiro, “Os cativos fabricaron o seu monicreque no Carballiño”, *La Región*, “Verano”, “Provincia activa”, 20 agosto 2019, p. 18.

Recolle a programación da sétima edición do Festival de Títeres de O Carballiño, informando de que o público poderá desfrutar da posta en escena dos espectáculos *Dona Barriga Verde*, a cargo de Larraitz Urruzola, e *O paroleiro*, de Os Contos de Pablísimo.

#### **Cariño, XXXVIIª Mostra de Teatro Galego de**

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2019, celebrada entre o 9 e o 21 de agosto, participaron as compañías Galeatro, con *Carabela*; Teatro del Andamio, con *O sal do mar e outros contos mariñeiros*; Producións Excéntricas, con *Cartóons*; Talía Teatro, con *Lambetadas*; Redrum Teatro, con *Contos do recreo*; Circo Chosco, con *Forzu2*; Catropés, con *Animacreques*; e Cía. La Sincro, con *Ohlimpiadas*, con espectáculos para o público infantil.

#### **Cee á escena, Vª Mostra de Teatro e das Artes Escénicas**

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXVª edición e última. A edición de 2019 tivo lugar no auditorio da casa da cultura dende o 19 até o 25 de agosto. Contou coa presenza das compañías Talía Teatro con *Vida de cans*; Fantoques Baj, con *Auga que non vas beber*; Contraproducións, con *Commedia*; Estudo Momento, con *Macbeth, o ruído e a furia*; Malasombra Teatro, con *Bernarda*; Sarabela Teatro, *Normas apra saber vivir na sociedade actual*; e Culturactiva con *Papar sen cancelas*. Tamén se representou para o público infantil *A casa de Bernarda Alba*, a cargo do grupo xuvenil da Escola Municipal de Teatro.

#### **Referencias varias:**

- José M. Ramos, “Talía Teatro abre a Semana das Artes Escénicas de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte. Barbanza. Noia”, 19 agosto 2019, p. 25.

Dá conta do arranque da quinta edición da Semana de Teatro e das Artes Escénicas Á EsCEEena e da programación que se desenvolverá no Auditorio Baldomero Cores.

- M. R. L., “Malasombra presentará hoxe a obra ‘Bernarda’ na Semana de Teatro de Cee”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 agosto 2019, p. 30.

Dá conta da chegada ao tramo final da Semana de Teatro de Cee coa posta en escena, entre outras, da peza *A casa de Bernarda Alba* a cargo da Escola de Teatro de Cee.

## **Colorín, Colorado**

Ciclo de teatro infantil promovido pola Concellaría de Cultura da Estrada. A edición de 2019 celebrouse entre o 27 e o 30 de decembro e representáronse as pezas *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*; *Animais de compañía*; *A Galiña Azul*; e *Fíos*.

## **III Festival das Cóxegas**

Organizado polo Concello de Pontevedra. A edición de 2019 celebrouse os domingos 5, 12, 19 e 26 de novembro. Contou coa participación das compañías Teatre al Detall (Cataluña), coa peza *Tragasueños*; Tresperté circo teatro (Granada), con *Oopart. Historia de un contratiempo*; Ballet Norte, con *Home de area*; e Cía. Roberto G. Alonso (Cataluña), con *Zaquizamí*.

## **Cultura no Camiño**

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A edición de 2019 desenvólvese nos concellos das rutas xacobeas durante o mes de outubro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago. As pezas infantís que se levaron a escena foron *Maxia cómica*, de Les Artuáns; *Código*, de Dani García; *Sonámbulo*, de Antón Coucheiro; e *Oh!limpiadas*, de Sincronacidas.

### **Referencias varias:**

- M. Abades, “Cultura no Camiño chegará nesta edición a 79 concellos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 xuño 2019, p. 24.

Recolle información sobre a sétima edición do circuío *Cultura no Camiño* organizado polo Xunta e que na edición deste ano achegará actuacións escénicas e musicais a 79 Concellos galegos.

- Manuel Lavandeira, “Catro xornadas de animación nas rúas da capital ceense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 26 agosto 2019, p. 23.

Informa da programación do ciclo Cultura no Camiño para o Concello de Cee, onde o público poderá desfrutar de catro espectáculos dende o 27 ao 30 de agosto.

## **Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra**

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os

espectáculos desta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2019 as actuacións tiveron lugar entre o 26 de xaneiro e o 10 de marzo. Participaron as compañías galegas Caramuxo Teatro con *Pavillón lino*; e Pérez&Fernández, con *Aguratrat*. Tamén contou coa participación das compañías foráneas La Nördika (Granada), coa peza *Rojo Standard*; Teatro Gorakada (Euskadi), con *El viaje de Ulises*; A la sombrita (Sevilla), con *El tesoro de Barracuda*; La Trócola circo (Alacant), con *Emporats*; e Markeliñe (Euskadi), con *Euria*.

### Referencias varias:

- Ramón Rozas, “Domingos de felicidade”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Saga/Fuga”, 25 xaneiro 2019, p. 14.

Dá conta da posta en escena da peza *Pavillón Lino* de Caramuxo Teatro o día 27 de xaneiro no Teatro Principal de Pontevedra no marco da celebración do ciclo de teatro ‘Domingos do Principal’.

- Cuca M. Gómez, “Respiro dominical”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Escena”, 28 xaneiro 2019, pp. 34-35.

Informa da representación do espectáculo *Pavillón Lino* de Caramuxo Teatro o día 27 de xaneiro no Teatro Principal de Pontevedra a propósito da celebración do ciclo de teatro ‘Domingos do Principal’.

### Escena en Familia

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago. Na edición de 2019 participaron as compañías Larei Lará, coa peza *Brancaneves e os 7*; Títeres Cachirulo, con *Cu-cú, Tas-tás, Do re mi Mozart xoga aquí e Barriga Verde contra o Demo Negro*; Gabriela González López (Arxentina), con *Poeta Niña*; Xanela do Maxín, con *U-la lúa? e A toupiña que quería saber quén fixera aquilo na súa cabeza*; Tries Titelles (Valencia), con *Viaje a la luna*; La Gotera de Lazotea (Andalucía), con *La boda del piojo y la pulga*; e Larei Lará, con *Güe Güe*.

### Estrada, VIIº Festival de Teatro Escolar da

Certame organizado pola aula de teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, Avelaíñas Teatro e o clube de lectura Retelladores do Galiñeiro. Na edición de 2019, celebrada o día 5 de maio representáronse os espectáculos *Vogando nos contos*, unha actuación conxunta de Avelaíñas Teatro, a Aula de Teatro IES Antonio Fraguas de Compostela, a Aula de Teatro do CPI de Touro, a Escola Municipal de Teatro de Laxe e o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei; e *Os contiños das terra*, de Santi Cortegoso.

### Referencias varias:

- Sol Elvira, “Commemoración del García Barros y teatro escolar en el fin de semana de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A estrada. O Sar”, 3 maio 2019, p. 29.

Recolle a programación da sétima edición do Festival de Teatro Escolar da Estrada, informando da posta en escena das pezas *Vogando nos contos* e *Os contiños da terra*.

### **FalaRedes**

Ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia para a dinamización lingüística. No ano 2019 representáronse as pezas *Fillos do sol*, de Contraproducións; *A nena e o griló máis aló*, de Magín Blanco e Teatro Ghazafellos; *Rosa Caramelo e outras historias*, de Talía Teatro; *Somos unha gran familia*, de Os Bolechas; e *Canta, miña pedra, canta*, de Xoán Curiel e Charo Pita.

### **Referencias varias:**

- ECG, “FalaRedes 2019 ponse en marcha cunha homenaxe ás recopilacións de Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2019, p. 34.

Dá conta do acto de presentación do programa do festival FalaRedes deste ano, celebrado no Museo do Pobo Galego e que contou coa participación, entre outros, do Secretario Xeral de Política Lingüística, quen presentou a actividade *Canta, miña pedra, canta*, da man de Xoán Curiel e Xoán Pita, co que, ademais da dinamización da lingua, se pretende homenaxear a Antonio Fraguas.

- Montse García; “Un espectáculo teatral-musical homenaxea a Antonio Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “FalaRedes”, 22 marzo 2019, p. L9.

Anuncia a posta en escena da peza *Canta, miña pedra, canta* a cargo de Xoán Curiel e Charo Pita no marco da celebración do ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística FalaRedes.

- Blanca Paz, “Lalín ofrecerá en setembro doce actividades de cine, música, teatro y títeres”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Deza. Tabeirós*”, “Deza. Tabeirós”, 29 agosto 2019, p. 2.

Informa da presentación da programación do mes de setembro que fixo a concelleira de cultura de Lalín, Begoña Blanco, dentro da que se encontra a celebración do Fala Redes.

### **Festea, IVº Ciclo de Teatro de Obxectos e Monicreques**

Organizado polo Concello de Ferrol. A edición de 2019 descentralizou ás representacións do centro da cidade, estendéndose aos barrios e ao rural. As actuacións tiveron lugar no centro Torrente Ballester, no centro cívico de Caranza, no Teatro Jofre, no centro cívico de Canido, na asociación de veciños de Covas, na asociación de veciños de Pazos e na asociación de veciños de Mandiá. Participaron as compañías Titiritrán Teatro, coa peza

*Arturo e Clementina*; Elfo Teatro, con *Historia de Aladino*; Partículas Elementares, con *Ninho e O Nabo Xigante*; Historioscopio, con *Joao Pateta*; Yheppa Títeres, con *As, Os, @s*; Periferia Teatro, con *Voa Pluma*; Periferia Teatro, con *Nube Nube*; Teatro Paraíso, con *No Xardín*; Teatro Paraíso, con *De Todo Corazón*; Elfo Teatro, con *Os sete cabritiños e os tres porquiños*; Historioscopio Teatro, con *A Perla*; La Mar de Marionetas, con *Pazzzzzzzzzz*; Búho/Marabillas, con *Historia dunha gaivota e do gato que lle ensinou a voar*; Yheppa Títeres, con *Raíces*; Títeres Alakrán, con *Pekeno Kabaret de Tolos*; La Mar de Marionetas, con *Nanaluna*; e Historioscopio Teatro, con *Joao Pateta*.

### **Festival de Clown de Lugo**

Festival internacional de clown realizado en Lugo e organizado por Culturactiva e a Consellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Tivo lugar do 3 ao 7 de xullo e contou coa participación das compañías galegas Bandullo Azul, con *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres* e Peter Punk, con *Chugatrona*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Good Idea Company, Wilbur, Capitán Maravilla, Ale Risorio e Kanbahiota Trup.

### **Festival de artistas de rúa**

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Redondela, celébrase na Alameda da vila. A edición do 2019 tivo lugar o día 2 de agosto e ofreceu actividades para todos os públicos. Representáronse os seguintes espectáculos non exclusivamente teatrais: *A danza dos paxaros*; *Os romeiros do Caracol*; *Diábolo Clasic Metal*; *Só Xampatito*; e *Máis alto aínda*.

### **FETTA, Festival de Teatro Amador Transfronterizo**

Festival organizado por Fegatea, co apoio do concello de o Carballiño. Na edición de 2019, que se celebrou en O Carballiño entre os días 10 e 12 de maio, participaron as compañías Teatro Balugas (Portugal) coa obra *Pão Nosso*; Latela Teatro (Castela-León), con *Raíces*, de Lorca; e Lohengrin Teatro, con *A mirada das bolboretas*.

### **FIOT, XXVIIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo**

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar “FIOT”. Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o VII Ciclo OTNI e a XVIII edición Rúa dos Contos. Na edición de 2019, celebrada dende o 27 de setembro e o 1 de novembro, concedeuse o galardón honorífico “Xograresa de Outono” a Patricia de Lorenzo. Canto á programación, as pezas galegas que se representaron nas diferentes salas foron: *Medida x Medida*, de Producións Teatrais Excéntricas; *O electo*, de Contraproducións; e *Fariña*, de Undodez. Doutra banda, o programa Rúa dos Contos contou coas seguintes obras de teatro: *Un conto de michos*, de Pedro Brandariz; e *Chola a it girl*, de ArtesaCía. No marco do FIOT tamén se desenvolveu

o FioTEEn, funcións para público infantil que se desenvolven en diferentes centros escolares da vila. Así, a programación do FioTEEn contou con *Por unha peseta*, da compañía Apatacón. Xa por último, no Teatro de Rúa participaron XamPatito Pato, con *Só e Compañía Sincronizadas* con *Oh!Limpiadas*.

### Referencias varias:

- M. Lavandeira, “Espectáculos de rúa para levantar o pano do Outono de Teatro carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 26 setembro 2019, p. 35.

Informa do arranque do Festival Internacional de Outono de Teatro de Carballo e achega a súa programación, incluíndo espectáculos para o xeral e tamén para o público infantil.

### Galicia Escena Pro

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Abanca. A edición de 2019 celebrouse entre os días 10 e 13 de xuño. Ademais de actuacións de danza, maxia e novo circo, representáronse os espectáculos *A compañeira de piso*, de Contraproducións; *Bernarda*, de Malasombra Producións; *Despois das ondas*, de ButacaZero; *Dúas donas que bailan*, de Teatro do Atlántico; *Idiota*, de Redrum Teatro; *Involución*, de Compañía N+1; *Liberto*, de Marelas Producións; *O empapelado amarelo*, de A Quinta do Cuadrante; *A gala*, de Licenciada Sotelo; *As vacacións máis longas*, de Diego M. Buceta; *Deixa de tocala*, *Sam*, de AveLina Pérez & Velpister; *Pink Unicorns*, de La Macana; e *Ohlimpiadas!!!*, de Compañía Sincronizadas. Ademais, no apartado de “proxectos en formato pitching”, escenificáronse *C’set pas possible!*, de Marta Iglesias; *Clausura de amor*, de Cámara Negra Producións; *Dreaming Juliet*, de Elefante Elegante; *Ilas desertas*, de Artesa Cía; *Lixo*, de O Baúl da Tía Tola; *Nun cuarto da rotonda*, de Acusmaster Opus; *O mel non caduca*, de Ibuprofeno Teatro; *Os nenos da variola*, de Pérez&Fernández; *Todas as marabillas do mundo*, de Producións Dispersas; e *Voa, voa!*, de Talía Teatro; e para público infantil *A toupiña que quería saber quen lle fixera iso na cabeza*, de A Xanela do Maxín; *Circopeta*, de Odaiko; *Mai Mai*, de Baobab Teatro; e *Ummm!!!*, de Avento Producións Teatrais.

### Galicreques, XXVº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais, e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de “Galicreques” adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar

nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2019, que tivo lugar entre o 12 e o 20 de outubro, contou coa participación de Títeres Alakrán co espectáculo *Finisterrae, o último ultramarinos*. Ademais, tamén contou coa participación das compañías foráneas La Mar de Marionetas (Madrid), Tries Titelles (Valencia), Tres Tigres Teatro, Teatro Piedra Libre e La Pela Títeres (Arxentina)

### Referencias varias:

- Montse García, “Galicreques regresa en octubre”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Títeres”, 24 setembro 2019, p. L10.

Informa da celebración da 25ª edición do Festival Galicreques e anuncia que esta se celebrará entre o 12 e o 20 de outubro e que contará coa participación de compañías de Galicia, Madrid, Valencia e Arxentina e albergará a estrea de sete espectáculos.

- Montse García, “Galicreques acogerá el estreno de siete espectáculos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Títeres”, 2 outubro 2019, p. L9.

Informa de que a edición deste ano do Galicreques vai contar coa estrea de sete espectáculos, nomeadamente *Finisterrae. O último ultramarinos*, *Pazzzz*, *El viaje a la luna*, *Serenata con Sanata*, *Caminito entre cartas*, *Vairoleto*, *pechito libertario* e *El Barrendero*.

- Montse García, “Santiago se llena de títeres con más de cincuenta funciones hasta el día 20”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 12 outubro 2019, p. L10.

Informa do comezo do Festival Galicreques, que encherá Santiago de Compostela de títeres coa participación de 25 compañías, destacando a de Producións Teatrais Alakrán, que estreará a súa peza *Finisterrae. O último ultramarinos*.

- Montse García, “Domingo escénico con la historia de la manzana y una Blancanieves 2.0”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 13 outubro 2019, p. L10.

Anuncia a programación para a segunda xornada do Festival Internacional de Títeres Galicreques, informando de que o público poderá disfrutar de tres espectáculos durante o día 13 de outubro a cargo da madrileña Tropos Teatro e das galegas Fantoche Baj e Mad Compass.

- Montse García, “Galicreques”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A Escena”, 15 outubro 2019, p. L10.

Informa da participación das compañías A Xanela do Maxín, Chachakün e Mad Compass no festival Galicreques.

- Montse García, “Los títeres llegan a la Alameda con dos espectáculos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Galicreques”, 16 outubro 2019, p. L9.



Informa da actuación de Mad Compass, Marionetas Cuarta Vía, Tres Tigres e La Mar Marionetas o día 16 de outubro no marco da celebración do festival Galicreques.

- Montse García, “Títeres Alakrán y Cristina Balboa, de estreno”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “A escena”, 17 outubro 2019, p. L9.

Informa da posta en escena do espectáculo *Finisterrae, o último ultramarinos* a cargo de Alakrán Teatro o 17 de outubro no marco da celebración do Festival de Títeres Galicreques.

### **Gran teatro para os máis pequenos, III**

Organizado polo Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago de Compostela. A edición de 2019, celebrada entre os meses de decembro e xaneiro, contou coas seguintes representacións: *Nómades*, de Xarope Tulú; *Os fabulosos Cleaners*, de Malasombra; *Muiñada*, de Galeatro; *Animal sagrado*, de Aporía Escénica; e *Lambetadas*, de Talía Teatro.

#### **Referencias varias:**

- E. P., “Muiñada”, de Galeatro, hoy y mañana en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xaneiro 2019, p. 39.

Informa da posta en escena da peza *Muiñada* de Galeatro no marco da celebración da terceira edición do ciclo Gran teatro para os máis pequenos organizado polo Centro Dramático Galego.

- Andrés Bernárdez, “Ciclo de teatro para niños, a partir de este sábado, de la mano del Centro Dramático Galego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 24 decembro 2019, p. 33.

Destaca a posta en escena da peza *Animal sagrado*, da compañía Aporía Escénica, no marco da celebración da terceira edición do ciclo de teatro organizado polo CDG baixo o lema de ‘Gran teatro para os máis pequenos’.

- ECG, “Espectáculos e talleres infantís no Nadal do CDG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 24 decembro 2019, p. 44.

Anuncia as actividades programadas para a celebración da terceira edición do ciclo ‘Gran teatro para os máis pequenos’, organizado polo CDG para os días 28 e 29 de decembro e 3 e 4 de xaneiro. Destaca as postas en escena das pezas *Animal sagrado*, de Aporía Escénica, e *Lambetadas*, de Talía Teatro.

- Montse García, “Regresa el ‘Gran teatro para os máis pequenos’ en el CDG”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “En familia”, 24 decembro 2019, p. L6.

Recolle a programación da terceira edición do ciclo de teatro ‘Gran teatro para os máis pequenos’, informando de que se celebrará no Salón Teatro de Santiago de Compostela e que contará coa participación, entre outras, das compañías Aporía Escénica e Talía Teatro.

- ECG, “Espectáculos infantiles y talleres durante las fiestas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 decembro 2019, p. 20.

Informa da posta en escena das pezas *Animal sagrado* de Aporía Escénica e *Lambetadas* de Talía Teatro no Salón Teatro de Santiago de Compostela no marco da celebración da terceira edición do ciclo ‘Gran teatro para os máis pequenos’.

- Andrés Bernárdez, “Representaciones de arte dramático para los más pequeños en el Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 27 decembro 2019, p. 28.

Informa da posta en escena da peza *Animal sagrado* de Aporía Escénica o día 27 de decembro no marco da celebración da terceira edición do ciclo ‘Gran teatro para os máis pequenos’.

- Andrés Bernárdez, “Arte dramático para los más pequeños”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “24 horas de Compostela”, 28 decembro 2019, p. 26.

Anuncia a posta en escena da peza *Animal sagrado* no súa primeira sesión no Salón Teatro de Santiago de Compostela no marco da programación da terceira edición do ciclo ‘Gran teatro para os máis pequenos’.

## **Infantil & Familiar**

Ciclo de espectáculos que organiza o Concello de Santiago de Compostela, dende o seu Departamento de Cultura, adicado a nenas, nenos e bebés e celebrado en distintos lugares da cidade, o Teatro Principal, a Zona C, o CGAC, a Sede SGAE/Fundación Autor e a Sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta. As actividades, celebradas entre o 30 de novembro e o 29 de decembro, son de todo tipo: concertos, música clásica, teatro para bebés, contos musicais, cinema... Entre as postas en escena para público infantil, están *Jiñol*, *O día que chegou unha nube e choveu* e *Osiño*, a cargo de Títeres Trompicallo; *Viaxe a Dadá*, a cargo de Teatro da Semente; *Babs*, a cargo de Baobab Teatro; *Na procura da canción perdida*, de Producións Dispersas e *Mensaxe sen botella*, de Caramuxo.

## **Intercentros, XXIVº Certame de Teatro**

Ciclo teatral que se celebra na cidade de Santiago de Compostela e galardoa a grupos de teatro de centros escolares. A edición de 2016 celebrouse os días 29 de abril e o 22 de maio. Participaron o IES Rosalía de Castro, coa peza *Coa morte nos talóns* e *Reflexos*; o grupo de teatro do Antón Fraguas, con *Medea*, *a nosa* e *De amor e outras leiras*; o IES Pontepedriña, con *Porteira es ti*; o CPI de Rois, con *O achado do castro* e *Azucres*; o IES Eduardo Pondal, con *A fraga animada*; o CPI Eusebio Lorenzo de Dodro, con *Achanta Bieito*; o IES Antón Losada Diéguez, con *Vogando nos contos*; o IES Praia de Barraña,

con *Ah!*; o IES Xelmírez I, con *Animaliños e Fóra de xogo*; o CEIP López Ferreiro, con *Aínda non es sogra*; a Aula de Quinto do Colexio de Roxos, con *Mamasina, que medo!*; o Colexio Aspanaes Duques de Lugo, con *Na procura da peza perdida*; o Colexio San Jorge, con *En todas as familias cocen fabas*; o CEIP Raiña Fabiola, con *Entrevista no ceo*; e Os Palimoquiños, con *Os Miserables*.

### Referencias varias:

- Montse García, “Certamen de teatro intercentros”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Literatura”, 3 maio 2019, p. L10.

Dá conta de que o grupo teatral IES Praia de Barraña será o encargado de abrir o certame de teatro intercentros, que terá lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela, ao que seguirá o grupo IES Xelmírez I.

- Montse García, “Certamen de teatro intercentros”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 22 maio 2019, p. L10.

Informa da celebración do Certame de Teatro Intercentros no Teatro Principal de Santiago de Compostela, coa participación dos centros San Jorge, Raiña Fabiola e Palimoquiños.

### Itineranta

Programa de animación teatral de rúa organizado pola concellería de festas do concello de Pontevedra. A edición de 2019 celebrouse entre 31 de xullo e o 2 de agosto ao solpor e participaron as compañías Xip Xap, con *Rum Rum... Trasto Karts*; Tutatis, con *Caballos de Menorca*; Efimer, con *The Dance Of The Death*; Todo Zancos, con *Bangaluru Cercavila*; Tiritirantes, con *Ulterior el Viaje*; Discípulos de Morales, con *Pákostein*; K de Calle, con *Recyklantex*; La Baldufa, con *Zeppelin*; Palo Q´Sea, con *Rompe Candela*; Kull D´Sac, con *Ragnarok*; e Deabru Beltzak, con *Symfeuny*.

### Lugo, XIXª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova e destinada a conmemorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2019, que tivo lugar entre os días 2 de febreiro e 9 de xuño, contouse na “Sección Oficial” coas representacións das pezas para o público infantil *A viaxe de Rosalía*, de Larraitz Urruzola; *Euria*, de Markeliñe; *Arlequina*, de Os Monicreques de Kukas; *A alfombra máxica*, de Babaluva; e *Unhas gafas coma as do avó*, de A trastenda dos contos.

### Maio Escénico

Ciclo organizado pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua en colaboración co Concello de Lugo, que abrangue postas en escena de obras teatrais e música e que se celebra no Auditorio Gustavo Freire entre o 16 e o 30 de maio.

Acolleu para público infantil, *Contos do vento acatarrado*, d'Os Monicreques de Kukas. Tamén se representaron para un público adulto *O home almofada*, de Ilmaquinario; *Viaxe a ninguna parte*, de Sarabela Teatro; *Sexo, por que non?*, de Eme2.

### **Malpica** de Bergantiños, XVª Mostra de Teatro de

Organizada pola Consellería de Educación e Cultura do Concello de Malpica de Bergantiños. A edición de 2019, que tivo lugar no Auditorio do Centro Cívico de Malpica de Bergantiños do 25 de outubro ao 6 de decembro, acolleu as representacións de *Cranios privilexiados...ou crítica da razón perralleira*, de Mofa&Befa; *O montacargas*, de Ainé Producións Acusmase Opus; *Idiota*, de Redrum Teatro; e *Papar sen cancelas*, de Culturactiva. Tamén se levaron a escena, para público infantil, *Os fabulosos cleaners*, de Malasombra Producións; *Puño puñete*, de Baobab Teatro; e *A nena e o grilo máis aló*.

### **Referencias varias:**

- M. L., “Malpica estende a Mostra de Teatro aos comercios e espazos de hostalaría”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 outubro 2019, p. 34.

Dá conta da programación da XV edición da Mostra de Teatro de Malpica e comenta a novidade de que se estende aos comercios e hoteis da vila.

### **Manicómicos**, Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial e de Gadis, acolle actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade pero o colectivo Manicómicos decidiu recuperar o festival xusto o seguinte ano. A edición de 2019 desenvolveuse durante os días 15, 16 e 17 de agosto, no marco das Festas de María Pita, e acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade. Contou coa presenza da compañías galegas Mere Clown, con *Aparvolimpiadas*; e Sincronacidas, con *Oh Limpiadas!*. Tamén participaron as compañías foráneas Compañía Mar Gómez, con *Slapstick* e *La vie en rose*; Cris-Is, con *Wet Floor*; Los Barlou, con *Set up*; e o artista catalán Kerol cun espectáculo de circo contemporáneo. O festival remata coa celebración dunha Gala no anfiteatro do Parque Santa Margarida, con números de humor, clown e circo, entre os que destacaron os compostelanos Circonove.

### **María José Jove**, XVº Festival de Títeres

Organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2019, que se celebrou tanto na propia Fundación María José Jove como no Forum Metropolitano entre os días 26 e 30 de decembro, participaron as compañías galegas Cachirulo, coa peza *O apalpador contra o ladrón de xoguetes*; Viravoltas Títeres, con *Contos ao pé da cama*; Monicreques de Kukas, con *Xan Perillán compra queixo, compra pan*; e Títeres Babaluva, con *Tita*.

Tamén participaron as compañías foráneas Tropos teatro de títeres, coa peza *Blancanieves*.

### **MIT, XXIX<sup>a</sup> Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia**

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2019, celebrada entre os días 17 e 27 de xullo, contou coa presenza das compañías galegas Ainé Producións e Acusmase Opus, coa peza *Nun cuarto da rotonda*; Pistacatro Productora de Soños S.L., con *Orchestra de malabares*; Chévere, *Curva España*; A Berberecheira de Chévere, con *Anatomía dunha serea*; e Voadora, *Hemos venido a darlo todo*; e das compañías foráneas El Fedito (Valencia), coa peza *Oyun*; Un Poyo Rojo (Arxentina), con *Un poyo rojo*; Picto Facto (Francia), con *Brimborions*; Teatro Línea de Sombra (México), con *Amarillo*; José y sus hermanos (Cataluña), con *Los bancos regalan sandwicheras y chorizos*; Flyhard Produccions (Cataluña), con *A.K.A. (also known as)*; Cía. Maduixa (Valencia), con *Mulier*; Olivier de Sagazan (Francia), con *Transfiguration*; La Chana Teatro (Castela e León), con *¡Gaudeamus!*; e El Pavón Teatro Kamikaze (Madrid), con *Jauría*. Ademais representouse, para o público infantil, a peza *InTarsi*, de Compañía de Circo Eia (Cataluña); *Dona Barriga Verde*, de Larraitz Producións Artísticas; e *Oh!limpiadas*, de Cía. Sincronacidas.

### **Monecadas, VI Festival**

Organizado polo Concello de Brión e Titiriteiros da Comarca. A edición de 2019, celebrada durante o mes de setembro na carballeira de Santa Minia, contou coa presenza das compañías

#### **Referencias varias:**

- Montse García, “Los títeres conquistan Brión desde hoy al domingo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”; “A escena”, 20 setembro 2019, p. L9.

Recolle a programación da sexta edición do Festival Monecadas, informando de que os asistentes poderán disfrutar de talleres de títeres e de catro funcións a cargo das compañías Marionetas da Feira, Mad Compass Theatre, Nino & Mambrú e Raquel Queizás. Todas as actividades terán lugar na Carballeira de Santa Minia no Concello de Brión.

### **Monforte, XXII<sup>o</sup> Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino de**

Certame de teatro organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) e representado no salón de actos da Casa da Cultura dese concello lucense

a partir das oito da tarde. Na edición de 2019, celebrada entre os días 25 de abril e 9 de maio, participaron o CEIP de Monforte, coa peza *A unión fai a Terra* (25 de abril); o IES A Pinguela, con *Lingua de lata* (26 de abril); o Colexio P. Ferroviario, con *Bar Manolo* (29 de abril); o CEE Infanta Elena, con *Salvemos a la Luna* (2 de maio); o CEIP A Gándara, con *Tras a pegada do Principiño* (6 de maio); a Asociación Prodeme, con *Un funeral para morrer de risa* (8 de maio); e o Colexio PP. Escolapios, con *Cásate cun mariñeiro* (9 de maio).

### **MOTESMO, XXIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo**

Conta co patrocinio da Deputación Provincial de Pontevedra, dos concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. Na edición de 2019, celebrada entre o 23 e o 26 de abril, representáronse os seguintes espectáculos: *1+1=3*, de Fran Paredes; *Un lugar*, do Grupo de Teatro IES As Barxas; *Adaptación de Mamma Mia*, do Grupo de Teatro A Paralaia; *Suspéndese a función. A verdadeira historia*, do IES María Soliño; *O río*, do Grupo “Comediantes Anónimos”, do IES Johán Carballeira de Bueu; *O domador de sombras*, do Colexio Eduardo Pondal; *Romeo e Xulieta*, do Grupo de Teatro “A Réplika” do IES Rodeira; e *As mulleres da mar tendida*, de Teatro Aberto.

#### **Referencias varias:**

- Luz Beloso, “Arte para pensar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Educación*”, n.º 392, “Fomentando valores”, 7 maio 2019, p. 5.

Recolle unha breve descrición do que é a Motesmo por parte dunha das organizadoras deste evento. Ao longo do artigo e baixo as epígrafes ‘Nuestra inspiración’, ‘Pensamiento creativo’, ‘Instalación artística’, ‘Arte y Educación’, ‘Son creadores’ e ‘Renovándonos...’, informase de que esta mostra parte das instalacións artísticas que realiza o estudantado dos distintos centros educativos da comarca do Morrazo a partir da obra gráfica do artista Diego Seixo e dos obxectivos que se perseguen coa posta en marcha deste proxecto.

### **MOTI, XVIª Mostra de Teatro Infantil de Ourense**

Mostra organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), dende o ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal e o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2019, celebrada entre o 26 e o 30 de decembro, contou coa participación das compañías Sincronizadas, con *OhLimpidadas*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Cartoons*; Grupo Geppetto-Aula Universitaria de Teatro Infantil, con *Mati e os superpoderes*; e A Gramola Gominola, con *Bravas, o rexurdir da luz*.

#### **Referencias varias:**

- S. N., “Música, humor y diversidad”, *La Región*, “Nadal 2019”, “Teatro”, “MOTI”, 24 decembro 2019, p. 7.

Recolle a programación da Mostra de Teatro Infantil de Ourense, MOTI, informando da representación das pezas *OhLimpiadas*, *Cartóons*, *Mati e os superpoderes* e *Bravas*, o *rexurdir da luz*.

- S. F., “Tres compañías gallegas inician la maratón del teatro infantil que despide el año en Ourense”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 26 decembro 2019, p. 23.

Dá conta da programación para a primeira xornada da nova edición da Mostra de Teatro Infantil de Ourense, MOTI, celebrada na cidade de Ourense entre o 26 e o 30 de decembro.

### **Narón e Ferrol**, XXXVª Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil “Xeración Nós”, que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse á organización o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), agora substituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e da Deputación da Coruña. Na edición de 2019, celebrada entre o 16 de outubro e o 13 de decembro, participaron as compañías Pedras de cartón, coa peza *Lázaro de Tormes*; Elefante Elegante, con *Patapapúm*; Contraproducións, con *Os fillos do sol*; Ghazafelhos, con *Acuario*; e Caramuxo Teatro, con *Redondo*.

### **Núbebes**, VII Festival das Artes Escénicas para Bebés e Familias

Organizado pola compañía Baobab co apoio do Concello de Pontevedra. Preséntase como un festival de artes escénicas para bebés e familia, con teatro, contos, música, danza e obradoiros. A edición de 2019 celebrouse os días 20, 21, 22, 28 e 29 de setembro en distintos espazos da cidade de Pontevedra. Participaron os grupos Baobab Teatro, con *O lobo e a lúa* e *Baila Roque, baila*; Kamante Teatro, con *Sembrando historias*; Cris de Caldas e Xabi do Camiño, con *Kenka un Kenko*; Asociación socioeducativa Antonio Gandoy, con *O son que me arrola*; O Mago Paco, con *Patapatún, tun, tun!!*; Asociación Amencer, con *O sombreiro que voou*; Eugenia Manzanera, con *Caracoles*; e Raquel Queizás, con *O xogo de Nano*.

### **Referencias varias:**

- José Estévez, “Núbebes fai gozar á cidade dos nenos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 21 setembro 2019, p. 45.

Recolle información sobre a xornada inaugural do VII Festival das Artes Escénicas para Bebés e Familias de Pontevedra celebrada no Teatro Principal desta cidade cunha gran afluencia de público.

- Cuca M. Gómez, “Un finde pasado por agua”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Festival”, 22 setembro 2019, pp. 70-71.

Dá conta da segunda xornada do Festival das Artes Escénicas para Bebés e Familias de Pontevedra, informando da representación do espectáculo *Baila Roque, baila* a cargo de Baobab Teatro e da celebración dun obradoiro de cociña organizado pola asociación Down Pontevedra.

- Cuca M. Gómez, “Domingo familiar y de paella”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Núbebes”, 23 setembro 2019, pp. 34-35.

Informa da celebración da terceira xornada do Festival das Artes Escénicas para Bebés e Familias de Pontevedra coa posta en escena da peza *O lobo e a lúa* a cargo de Baobab Teatro e coa posta en marcha do taller ‘Apertas de familia’ dirixido por Nieves López.

- Cuca M. Gómez, “Vuelve la reina gastronómica”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Eventos”, 29 setembro 2019, pp. 62-63.

Recolle información sobre a última xornada do Festival das Artes Escénicas para Bebés e Familias de Pontevedra apuntando a celebración de varias actividades para os bebés, como un espectáculo de maxia, un conto vivenciado, un espectáculo de teatro e un taller musical.

- S. V., “Guerra de almofadas, pero a cuberto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 30 setembro 2019, p. 8.

Informa da clausura do Festival das Artes Escénicas para Bebés e Familias de Pontevedra coa celebración da mítica guerra de almofadas.

- Cuca M. Gómez, “El otoño empieza lleno de propuestas”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 973, “Álbum”, “La semana de Cuca M. Gómez”, 28 setembro 2019, p. 13.

Informa da posta en escena do espectáculo *O lobo e a lúa* de Baobab Teatro no Teatro Principal de Pontevedra na terceira xornada do festival de teatro infantil Núbebes.

## **Outes, XXIV Outono Teatral de**

Ciclo organizado polo Concello de Outes. A edición de 2019 celebrouse entre os meses de setembro e novembro no auditorio da Casa da Cultura. Contou coa participación das compañías Lila Teatro, con *Rara avis*; Butaca Zero, con *Camiños*; Contraproducións, con *A compañeira de piso*; e Talía Teatro, con *Vida de cans*. Para público infantil representouse a peza *A galiña azul*, de Tanxarina Teatro.

## **Referencias varias:**

- M. T., “Trece espectáculos en el Outono Teatral de Outes”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 19 setembro 2019, p. 34.



Dá conta da programación da nova edición do Outono Teatral de Outes. Detalla o feito de que serán trece espectáculos que se representarán no auditorio da casa da cultura do Concello de Outes e que a entrada será gratuíta.

### **Palas de Rei, XXª Mostra Internacional de Teatro Amador “Teatro no camiño de Santiago”**

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. A Mostra, que cada ano homenaxea a unha figura relevante para a cultura galega, decidiu recoñecer á escritora e dinamizadora da cultura galega Ana Pillado Vega co XIV Premio Caerón e a Manuel Vieites, actor e director de teatro, co XIX Premio Mácara. A edición deste ano, que contou coa colaboración Metátese Teatro, Alentía Teatro e o Concello de Palas de Rei, tivo lugar entre o 27 de agosto e o 7 de setembro en diferentes escenarios da vila como a Praza do Conello, a casa da cultura e o campo da festa de San Xusto e Santiago de Albá. Así, contou coa presenza do grupo de animación infantil Barafunda Teatro, con *Bañistas despistados*,

#### **Referencias varias:**

- Marta de Castro, “La Mostra de Teatro de Palas homenajeará a Ana Pillado y Manuel Vieites”, *El Progreso*, “Comarcas”, 23 agosto 2019, p. 9.

Dá conta da programación da XX Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei.

### **Nadal Pequespectacular**

Ciclo de espectáculos para un público familiar organizado polo concello de Carballo para as datas de Nadal. A edición de 2019 celebrouse entre os días 26 e 28 de decembro e participaron as seguintes compañías: as galegas Elegante Elefante, con *Patapatúm* E Magín Blanco, con *A nena e o grilo de máis aló*; e a andaluza A la sombrita Teatro de Títeres, con *El tesoro de la barracuda*.

### **Poio Escena, Xº Ciclo de Teatro**

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Nesta edición de 2013 cambiou o formato, pasando de celebrarse nun mes a ofrecer un programa ao longo de medio ano con representacións o último venres de cada mes. A edición de 2019 contou coa participación das compañías Porta Aberta Teatro, con *Get back*; Fauna 113 Teatro, con *Deus*; Agrupación Teatral Mariñán, con *Insania*; Pinchacarneiro Teatro, con *Bolboretas, a vinganza*; Aturuxo de Melpómene Teatro, con *Algo pasa con Paco*; Artías Teatro, con *Des-armadas*; Redrum Teatro, con *Invisibles*; e Moura Teatro, con *Para lavar, Colón*.

### **Ponteatro, VIIº Ciclo**

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal. A edición de 2019, celebrouse entre o 10 de outubro e o 19 de decembro no Teatro Principal. Contou coa participación das compañías galegas Producións Teatráis Excéntricas, coa peza *Medida x medida*; Malasombra Producións, con *Bernarda*; Contraproducións S.L, con *Commedia*; Marelas Producións, con *Liberto*; Voadora, con *Hemos venidos a darlo todo*; Producións Dispersas, con *Memorias dun ser humano disperso*; e La Macana, con *Pink unicorns*.

### **Ponteceso, XXVIº Ciclo de Teatro**

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2019 tivo lugar os sábados 2, 9, 16, 23 e 30 de novembro no Salón de Actos do E. das Escolas. Representáronse as pezas *Elisa e Marcela*, a cargo de A Panadaría; *Cinco mulleres que comen tortilla*, de Señora Supina; *Bernarda*, de Malasombra; *Cranios privilexiados*, de Mofa & Befá; e *Vida de cans*, de Talía Teatro.

### **Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XXº Festival Internacional de Títeres de**

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de “La Caixa”, ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e amosa as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2019 tivo lugar entre o 13 e o 19 de maio e contou coa participación das compañías Trompicallo Títeres, coa peza *Jiñol*; e Paco Nogueiras, con *Radio BuleBule*. Tamén contou coa participación das foráneas Valeria Guglietti (Arxentina), coa peza *10 años de sombra*; Títeres sin Cabeza (Aragón), con *Recreo e Tuga, hace el payaso*; Titirigui Teatro (Madrid), con *Pérez el Ratoncito, no nace, se hace*; Jordi Bertrán (Cataluña), con *Antología*; Ocelot Teatro (El Salvador), con *Dondés y Pitón* e *La historia de un huevo perdido*; Tutatis Teatro, con *Caballs de Menorca*; Pizzicatto Títeres (Arxentina), con *El Caballero sin Caballo* e *A todo trapo*; Sol y Tierra Títeres (Madrid), con *Fuenteovejuna*; e Mutis Teatro (Castilla-León), con *El Tesoro de la Serpiente Guaguadú*.

### **Referencias varias:**

- Antonio Pinacho, “Redondela reunirá a 31 compañías para celebrar los 20 años del festival de títeres”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos dos Montes”, 27 marzo 2019, p. 13.

Recolle a programación da vixésima edición do Festival Internacional de Títeres ‘Memorial Juanjo Amoedo’ de Redondela, informando de que ofrecerá espectáculos a pé de rúa entre o 13 e o 19 de maio. Tamén recolle a novidade da organización do concurso de ‘selfies’.

- Antonio Pinacho, “El festival de títeres ampliará las actividades en las calles para celebrar sus veinte años”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, 11 maio 2019, p. 12.

Recolle a programación para a vixésima edición do Festival de Títeres de Redondela, informando de que esta cita cultural se inicia o día 13 de maio co programa escolar e que inclúe tres xornadas con espectáculos polo casco urbano. Ademais apunta que ofrecerá 63 representacións de trinta compañías.

- M. Oliva, “Los títeres montan la traca final”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Redondela”, 19 maio 2019, p. 17.

Informa da posta en escena do espectáculo de títeres *Dona Barriga Verde* a cargo de Larraitz Produccións Artísticas no marco da celebración do Festival de Títeres de Redondela.

- M. Oliva, “Los títeres inundaron Redondela con más de 35.000 espectadores”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Redondela”, 20 maio 2019, p. 10.

Dá conta da clausura do Festival de Títeres de Redondela informando de que se levaron a cabo 63 representacións a cargo de 30 compañías diferentes e cunha afluencia de máis de 35.000 espectadores.

### **Rianxo, Mostra de Teatro**

Organizada polas compañías da escola Airiños de Rianxo. A edición de 2019 desenvolveuse durante o mes de xuño e contou coas seguintes representacións: *Xogamos a...?*, de Teatrinclis; e *Unha de contos descontados*, do Grupo das 5.30. Tamén se representou para público adulto a peza *Lendatarias*, de Patakamakabra.

### **Referencias varias:**

- S. S., “Saen a escena en Rianxo as compañías da escola teatral”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza. Costa da Morte. Noia”, 16 xuño 2019, p. 39.

Recolle a programación para esta edición da Mostra de Teatro de Rianxo organizada polas compañías da escola Airiños de Rianxo no auditorio desta vila.

### **Ribeira de Humor, Vº Festival**

Impulsado pola Concellaría de Cultura coa colaboración da Deputación da Coruña e AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). Esta terceira edición de 2019 celebrouse entre o 6 de xullo e o 13 de setembro cun programa de actividades de humor,

clown, circo e teatro. Puideron verse os espectáculos *Sue moreno con 4.0*; *O pallaso Piter*; *Muu con crunch*; *Gala de circo: os 7 magníficos e Mago Teto*; *Musicirco*, de Magnífique, Dani García e Circo Chosco; *Mago Xacobe*; *Abraios de rúa*, cos magos Fani Triana e Martín Camiña; *Rogelio, un pallaso en recuperación*; *A maleta de don Attilio*, de Viravolta; e *Contos a pé de rúa*, de Caxoto.

### **Ribeira, XXIIª Mostra de Teatro Infantil de**

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Cultural Alfaia. Nela colaboran alumnos e ANPAs de diversos colexios de Galicia, ademais do Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira. A edición de 2019, celebrada entre o 27 de maio e o 1 de xuño, participaron o Grupo de Teatro da ANP Bandaseca da Pobra do Caramiñal, con *O mago de Oz*; o Grupo de Teatro do Colexio Galaxia, con *Mercedes quere ser bombeira*; o Grupo de Teatro do Colexio Bayón, con *A bruxa Sinforosa*; o Grupo de Teatro da ANPA do Colexio Bayón, con *O testamento do tío Nacho*; o Grupo Teatrando Alecrín de Lousame, con *Agapé*; e O Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira, con *Evolución(emos)*.

### **Referencias varias:**

- S. S., “Once grupos de teatro infantil na nova mostra ribeirense”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Barbanza”, 26 maio 2019, p. 33.

Recolle a programación da vixésimo segunda edición da Mostra de Teatro Infantil de Riveira e informa de que todas as sesións serán gratuítas e comezarán ás 19.30 horas.

### **A Rúa é vosa, VIIº Festival Cómico Festivo**

Certame organizado polo Concello de Monforte de Lemos, a Deputación de Lugo e Boneca Lareta Producións. A edición de 2019 acolle unha serie de espectáculos de teatro, circo, música e cinema que se celebraron durante os días 13 e 14 de agosto, entre os que están os espectáculos de maxia *Hocus Pocus*; *A illa dos nenos*; e *Arturellodipopolo*. Tamén os espectáculos de circo e música *Raulez e Desastronauts*.

### **O Seixo, XXXª Xornadas de Teatro Aficionado en galego**

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugarodos. Na edición de 2019, celebrada entre o 6 e o 8 de decembro no local social de Bello Piñeiro, participaron as compañías Licor Café, coa peza *Asfeas tamén casan*; A Tenencia, con *Ela e el*; e A Cova do Trasnó, con *A morte do estora que de Guanabacoa*.

### **I Festival de Teatro Semente (Teis)**

Organizado pola Asociación Pro-Escola Semente de Vigo tivo lugar os días 5, 10, 11 e 12 de maio no Auditorio de Teis. Nesta primeira edición de 2019 representáronse para

público infantil as pezas *Chungo que te cagas*, de Peter Punk Pallaso e *Procura-se Pepa a Loba*, da compañía A Cova das Letras. Canto as obras destinadas a público aulto representáronse *Té con Kant* de Inversa Teatro e *Uralita* de Iria Pinheiro.

### **TeatRois, II Mostra de Teatro Escolar Afeccionado**

A edición de 2019, que se celebrou entre os días 26 de xuño e o 6 de xullo, contou coa representación das seguintes pezas: *Animaliños*, de Vai no dentista (IES Xelmírez I de Santiago); *Azucra e O achado do castro*, de Teatro Porviso (CPI dos Dices; *Os tres porquiños* e *Unha casa nada deshabitada* e *Volpone*, de Teatro Vacalouras de Rois; e *A cantante calva*, de Farantula Veltuina.

### **Referencias varias:**

- ARCA, “Animaliños’ abriu onte pola tardiña a segunda edición da mostra de teatro afeccionado de Rois”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Deza. A Estrada. O Sar. Ordes”, 27 xuño 2019, p. 30.

Recolle a programación da segunda edición da Mostra de Teatro Escolar Afeccionado TeatRois e destaca a peza *Animaliños* da compañía do IES Xelmírez I de Santiago Vai no dentista, encargada de dar o pistoletazo de saída deste festival.

- C. E., “Teatro Vacalouras foi a encargado de pechar a segunda edición do TeatRois”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ames. Deza. Rois”, 9 xullo 2019, p. 26.

Informa da posta en escena da peza *Volpone* de Vacalouras como clausura da segunda edición da Mostra de Teatro Escolar Afeccionado TeatRois.

### **Teatrofilia, XVIª Mostra de Teatro Amador de Vedra**

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2019, celebrada no Centro Social da Terceira Idade de Vedra dende o 22 de marzo até o 13 de abril, participaron, para todos os públicos, as compañías Trémola Teatro (Arteixo), con *Se pechas os ollos*; Aula Municipal de Teatro de Carballo, con *A bonitísima historia da princesa Margarida*; Escola de Teatro Pábulo (Santiago de Compostela), con *Proxecto Peta Zeta*; La caja de Pandora (Verín), con *Loucos de atar*; A Bóla Azul (Vedra), con *A Bóla Azul*; Teatro Muxicas (Ourense), con *O inspector*; Grupo de Teatro de Andaina PSM (Dodro), con *Full Monty*; e Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra, con *Paco Llons, detective privado*. En canto a participación de compañía foráneas contou con Compangia Teatrale Trebisonda (Como-Italia), coa peza *Violencia*; e Teatro de Balugas (Portugal), con *Pão Nosso*. Tamén se representaron as pezas destinadas a un público infantil, *Oh!limpiadas*, de Cía. Sincronacidas (Santiago de Compostela); *Detectives en Nadal*, de Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra); *Agardando*, de Xs Papaventiñxs; *Isto é... isto é... como era isto?*, de Grupo de Teatro da A. C. Cotomanguelo (Orazo); e *República de Gundián*, de Andaravía Teatro (Vedra).

### **Ti-tiritando de emoción, XIIª Mostra de títeres**

Organizada polo Concello de Ribeira. A edición de 2019, celebrada durante os días 6, 13, 20 e 27 de abril no auditorio municipal e na Porta do Sol, contou coa presenza das compañías galegas Larraitz Urruzola, coa peza *Don Barriga Verde*; Seisdedos Títeres, con *O Galo Quirico e os Seus Amigos*; Títeres Alakrán, con *Circo Galaico*; e Fantoches Baj, con *Fábula Galénica*.

### **Titirideza**

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, e nas rúas e prazas desta cidade, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante os carnavais, o Titerentroido. Na edición de 2019, celebrada entre os días 13 e 15 de setembro, participaron as compañías galegas Viravolta representa, coa peza *Barriga Verde*; e Miss LaCé & Roni Flamingo, con *Amosa Burlesque*. Tamén participaron as compañías foráneas Adrián Conde, coa peza *La petite caravane*; Cal y Canto (Burgos), con *Last Dog*; e MaoZorra (Portugal), con *Dom Roberto*.

### **Referencias varias:**

- Blanca Paz, “Lalín ofrecerá en setembro doce actividades de cine, música, teatro y títeres”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Deza. Tabeirós*”, “Deza. Tabeirós”, 29 agosto 2019, p. 2.

Informa da presentación da programación do mes de setembro que fixo a concelleira de cultura de Lalín, Begoña Blanco, dentro da que destaca o festival de títeres Titirideza.

- Sol Elvira, “Lalín encherá rúas e prazas de monicreques e titiriteiros”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 setembro 2019, p. 30.

Dá conta do acto de presentación da programación para a edición deste ano do Titirideza, celebrado o día 4 de setembro no Concello e emitida en rolda de prensa. A nova tamén recolle información sobre as compañías e os seus espectáculos, con especial alusión á peza *Barriga Verde* de Viravoltas Títeres.

### **Titiriberia, IV Festival de Títeres Ibéricos**

Organizado pola Asociación Cultural Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego. A edición de 2019 celebrouse en Teo entre os días 9 e 15 de novembro e contou coas seguintes representacións: *As varietés de Barriga Verde*, de Títeres Alakrán, Seisdedos Marionetas e a Cía Indignati da Asociación Galega de Comedia dell'arte; e *Barriga Verde ataca de novo*, de Títeres Alakrán. Tamén participaron as artistas estranxeiras Irene Vecchia, con *Pulcinella* e Lafontana con *Mamulengo Capiroto*.

### **Referencias varias:**

- C. Estévez, “Arranca nos centros de Teo o Festival Titiriberia”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 outubro 2019, p. 33.

Informa do inicio da cuarta edición do Festival de Títeres Titiribeira, que se celebrará entre o 9 e 15 de novembro. Anuncia que este ano inclúe a novidade dunha programación paralela que se desenvolverá nos colexios e institutos da zona e que haberá obradoiros de construción de monicreques.

- Montse García, “El Festival Titiriberia tendrá antesala en los centros educativos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Títeres”, 8 outubro 2019, p. L10.

Recolle a programación da cuarta edición do Festival Titiriberia, celebrado en Teo entre o 9 e o 15 de novembro. Destaca os espectáculos *Onde foi Barriga Verde* ou *Da barraca á aula*.

- M. M., “Titiriberia encherá o San Martiño de monicreques e inclúe mostras e charlas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 6 novembro 2019, p. 31.

Recolle a programación da cuarta edición do festival Titiribeira, organizado polo Concello de Teo e que este ano contará, entre outras, coa actuación da compañía Títeres de Alakrán coa súa peza *Barriga Verde ataca de novo*.

### **Todo Público, Ciclo**

Ciclo de teatro organizado polo colectivo “Todo Público” no que se representan unha serie de obras coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. Cada edición deste ciclo dá comezo a finais de ano para extenderse até ben entrado o ano seguinte. A edición de 2019 comezou o 2 de febreiro e rematou o 25 de maio. Puxéronse en escena as pezas galegas *Gaia*, de Entremáns; *Patapatum*, de Elefante Elegante; *De todo corazón*, de Teatro Paraíso; e *Arlequina*, de Monicreques de Kukas. Tamén participou a compañía foránea La Canica coa peza *Historias de un calcetín*.

### **Touro, IXº Festival Galego de Teatro Escolar de**

Organizado polo Concello de Touro, pola ANPA do CPI de Touro e coa colaboración do Concello de Touro, o grupo As Nenas do Sapo Dourado, Loxo, a Asociación Cultural A Pinguela de Bama e a Banda de Música Isabel II de Touro. A edición de 2019 celebrouse o 31 de marzo na aldea de Brandelos e a Casa de Cultura de Fonte Díaz. Actuou Caramuxo Teatro con *Lazarillo*, entre outras compañías. Púxose en escena a peza *Vogando nos contos*, coa participación da Aula de Teatro do CPI Fonte Díaz de Touro, a Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, a Escola Municipal de Teatro de Laxe, a Aula de Teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, Avelaíñas Teatro e a Aula de Teatro do IES Antonio Fraguas Fraguas.

### **Referencias varias:**

- A. P., “Touro celebra o próximo domingo o Festival Galego de Teatro Escolar”; *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”; “Ordes. A Estrada. Melide”, 27 marzo 2019, p. 31.

Informa da celebración da novena edición do Festival Galego de Teatro Escolar de Touro o día 31 de marzo na aldea de Brandelos e anuncia a posta en escena da peza *Vogando nos contos*.

- Montse García, “Festival Galego de Teatro Escolar de Touro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “A escena”, 31 marzo 2019, p. L9.

Informa da programación da novena edición do Festival Galego de Teatro Escolar de Touro o día 31 de marzo desde as once da mañá cunha ruta teatral, musical e poética até a unha do medio día cunha representación teatral.

### **Verán Cultural (Ordes)**

Ciclo de teatro familiar organizado polo concello de Ordes (A Coruña). A edición de 2019 tivo lugar entre o día 30 de xuño e o 26 de xullo. Representáronse os espectáculos *Romeo e Xulieta*; *Sabor*; *A maxia do circo* (monicreques); e *A Illa do tesouro*.

### **Viana do Bolo, VIº Ciclo de Outono Teatral**

Ciclo organizado pola Asociación Cultural Candea e celebrado na Casa da Cultura de Viana do Bolo. Na edición de 2019 celebrada entre o 13 e o 26 de outubro, representáronse as seguintes pezas: *Casa O’Rei*, de Ibuprofeno Teatro, e *Running*, de De Ste Xeito. Ademais, representouse para público infantil *Hansel e Gretel*, de Avento Producións.

### **Referencias varias:**

- J. C., “El ciclo teatral de otoño de Viana incluye tres representaciones”, *La Región*, “Provincia”, 10 outubro 2019, p. 23.

Informa da programación do VI Ciclo de Outono Teatral de Viana do Bolo.

### **VigoCultura**

Organizado polo concello de Vigo no auditorio municipal, inclúe espectáculos de música, teatro e danza. A edición de 2019 celebrouse durante os meses de outubro e novembro. Contou coa participación das compañías galegas ButacaZero, con *Despois das ondas*; Redrum Teatro, con *Invisibles*; e Teatro do Atlántico, con *Dúas donas que bailan*. No tocante á programación infantil desenvóléronse os seguintes espectáculos: *Bimaxias: 2 ilusionistas en realidades paralelas*, de Fani Triana e Martín Camiña; *Todas as marabillas do mundo*, de Producións Dispersas.



### **Referencias varias:**

- M. N., “Tres meses con 37 propuestas de artes escénicas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 xaneiro 2019, p. 16.

Informa da programación da nova tempada de Vigocultura que terá lugar entre os meses de febreiro e abril.

- Ana Fuentes, “El Concello programa 24 funciones en VigoCultura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 11.

Dá conta da programación da nova edición do ciclo de teatro, cine, música, danza, circo e maxia VigoCultura.

- Mario Nespereira, “Vigo abre el telón de un otoño cultural”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 6 setembro 2019, p. 6.

Dá conta do arranque da nova edición do ciclo VigoCultura así como de gran parte da súa programación, principalmente dos primeiros espectáculos que se representarán.

### **Vimianzo, Ciclo teatral de Outono de**

Organizado polo Concello de Vimianzo, desenvólvese no auditorio municipal da localidade durante os meses de setembro, outubro e novembro. No ano 2019 participaron as compañías Baobab Teatro, con *Puño puñete*; Malasombra Producións, con *Os fabulosos Cleaners*; Trémola Teatro, con *Valente e rebelde*; e Mere Clown, con *A verdadeira historia de Hamelín*.

### **Referencias varias:**

- M. Ramos, “Espectáculos circenses, maxia e teatro para os pequenos de Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 27 setembro 2019, p. 34.

Recolle a programación do Ciclo teatral de Outono de Vimianzo, informando de que as crianzas poderán disfrutar de espectáculos circenses, maxia, teatro, contos e música todos os domingos entre o 29 de setembro e o 1 de decembro e que todas as funcións serán ás seis e media da tarde e de balde.

### **Xosé Agrelo, XIIIª Mostra de Teatro**

Mostra de teatro organizada polo Concello de Muros coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). A edición de 2019 tivo lugar dende o 20 de abril até o 25 de maio no auditorio municipal con representacións e contacontos. Participaron as compañías Contraproducións, con *Os fillos do sol*; Muxicas, con *O Inspector*; Galeatro, con *Muiñada*; Obradoiro de Teatro de Muros, con *A Bela adormecida*; e O Que Faltaba Teatro da AA.VV. O Ferrollo de Trasadacosta, con *A tía solteira*. Ademais, tamén contou cunha programación infantil no que participaron as seguintes compañías: Andaría Teatro, *Brincacontos*; Teatro dos Ghazafellos, con *A máquina do tempo* e *Acuario*; A Tropa de

Trapo, con *Catro monos*; Grupo de Teatro do Centro Ocupacional de Valadares, con *A traxedia do bosque*; e Grupo de Teatro O Xeito, con *Contos e Cousas de Pepe*.

#### **Referencias varias:**

- E. P., “Muros pone en marcha la XIII Mostra de Teatro Xosé Agrelo”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. O Sar. Costa da Morte”, 22 abril 2019, p. 24.

Dá conta da programación da XIII Mostra de Teatro Xosé Agrelo de Muros.

- M. T., “Dos actuaciónes en la recta final la Mostra de Teatro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Noia. Muros”, 8 maio 2019, p. 32.

Dá conta da posta en escena das pezas *A máquina do tempo* de Teatro dos Ghazafellos e *Brincacontos* de Andaravía Teatro no marco da programación da Mostra de Teatro Xosé Agrelo de Muros.

#### **Zas, IVª Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose de**

Organizada polo Concello de Zas coa colaboración do grupo de teatro Badius. A edición de 2019 celebrouse do 23 de marzo ao 27 de abril nos auditorios de Baio e de Zas. Contou coa participación das compañías; Agrupación Teatral Mariñán, coa peza *Insania*; Pinchacarneiro Teatro, con *Bolboretas: A Vinganza*; Sen Cancelas Teatro, con *2010*; e Gargallada Teatro, con *O Xogo de Versailles*. Para público infantil, representouse a peza *Chicago*, do Grupo de Teatro Ulteira de Ortigueira.

#### **Referencias varias:**

- J. M. R., “Corenta e tres obras para a cuarta Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da morte”, 26 febreiro 2019, p. 34.

Recolle parte da programación da cuarta Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose de Zas e informa de que a temática predominante vai ser o humor, así como da alta participación das compañías amador e das contías dos premios concedidos.

- R. L., “Insania’ iza hoy el telón de la Mostra de Teatro Labarta Pose en Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 marzo 2019, p. 33.

Informa da posta en escena da peza *Insania* da Agrupación Teatral Mariñán de Betanzos no auditorio municipal de Zas o día 23 de marzo como punto de partida da Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose.

- M. Lavandeira, “Fin de semana animado con funcións teatrais en Paiosaco, Vimianzo e Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 12 abril 2019, p. 35.

Dá conta da posta en escena da peza *O Xogo de Versailles* de Gargallada Teatro o 27 de abril no marco da celebración da cuarta edición da Mostra de Teatro Labarta Pose.

- Cibrán Canedo, “Premios teatrais en Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Convidado especial”, 9 xuño 2019, p. 32.

Dá conta do acto de entrega de premios dos grupos escollidos polo xurado durante a celebración da IV Mostra de Teatro Labarta Pose.

### VII.3.6.2. ESTREAS

#### VII.3.6.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

##### **Agrupación Teatral Mariñán de Betanzos:** *Insania*

###### **Referencias varias:**

- R. L., “‘Insania’ iza hoy el telón de la Mostra de Teatro Labarta Pose en Zas”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Costa da Morte”, 23 marzo 2019, p. 33.

Informa da posta en escena da peza *Insania* da Agrupación Teatral Mariñán de Betanzos no auditorio municipal de Zas o día 23 de marzo como punto de partida da Mostra de Teatro Afeccionado Labarta Pose.

##### **Grupo de Teatro Argalladas (IES Valle Inclán):** *Mortos coa risa*

###### **Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, “Se avecinan días de bikini y tumbona”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Teatro”, 28 xuño 2019, pp. 62-63.

Dá conta da posta en escena da peza *Mortos coa risa* do grupo de teatro do profesorado do IES Valle Inclán no Teatro Principal de Pontevedra o día 27 de xuño.

##### **Aula de Teatro Municipal de Carballo:** *A bonitísima historia da princesa Maricarmen*

###### **Referencias varias:**

- José M. Ramos, “Venres Culturais do máis ‘cool’ no inverno carballés”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 23 xaneiro 2019, p. 31.

Recolle a programación do ciclo Venres Culturais organizado polo Concello de Carballo, onde se representará, entre outras, a peza *A bonitísima historia da princesa Maricarmen* da Aula de Teatro Municipal de Carballo.

##### **Badius Teatro:** *Peregrinaxe*

###### **Referencias varias:**

- Brais Fdez., “Maxia, teatro, obradoiros, humor e música, protagonistas en Zas”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 21 decembro 2019, p. 47.

Dá conta da programación cultural de Nadal do Concello de Zas, onde contaron, entre outras, coa compañía Badius Teatro e o seu espectáculo *Peregrinaxe*.

## **Baobab Teatro:** *Mai, mai*

### **Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, “Baobab estrena ‘Mai Mai’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 25 marzo 2019, p. 34.

Dá conta da estrea da peza *Mai, mai* de Baobab Teatro durante a segunda xornada do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Novela gráfica asinada polo barcelonés Oliver Añón Lema, que acadou o XXIII Premio de Banda Deseñada Castela da Deputación da Coruña. A obra constitúe unha compilación de intres e, sobre todo, de sensacións sobre as que asexo, sempre, o paso do tempo. A través dos seis capítulos que a integran, o autor transpórtanos por diversas etapas vitais e as súas correspondentes experiencias (vivencias de veráns da infancia, noites de San Xoán, lembranzas dos avós, mudanzas que leva implícita a adolescencia etc.)

#### **Recensións:**

- Xulio Carballo, “Canción para afundir flores no mar”, *Sermos Galiza*, n.º 344, “Fóra de serie”, “Da banda de acolá”, 2 maio 2019, p. 8.

Recolle unha breve sinopse da obra de banda deseñada *Canción para afundir flores no mar* de Oliver Añón e sinala que se trata dun evocador percorrido polo cotián, propio ou alleo, de onde xorden as pequenas cousas. Fala tamén da capacidade para explorar realidades mínimas que poboan as cidades e que son portadoras dun pracer oculto para a gran maioría dos transeúntes. A nivel narrativo destaca o seu aparente despoxo de trama ou argumentos e como isto se reflicte no plano pictórico, retroalimentando esta idea do efémero a través da interdisciplinariedade.

**Barreiro**, Fonso, *Troglo & Dita*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Novela gráfica, n.º 3, abril 2019, lectorado mozo, 64 pp. (ISBN: 978-84-9151-323-0).

Alfonso Barreiro Carreño (Noia, 1980) reúne neste álbum as historietas que creou nos anos 2012 e 2013 mentres estudaba na escola de banda deseñada O Garaxe Hermético, logo de refacelas. Segundo indica na introdución do volume, algunhas publicáronse nos xornais *Diario de Pontevedra* e *Sermos Galiza*. O volume conta ademais cun texto de presentación de Kiko da Silva, director da escola, na que presenta o autor, un enxeñeiro naval que, tras quedar no paro, decidiu matricularse para cumprir o seu vello soño de ser debuxante de banda deseñada profesional. Salienta a súa entrega ao traballo e como ao rematar os estudos foi contratado para darlles clases de iniciación aos cativos e achega un debuxo no que interpreta os personaxes de Fon. A seguir inclúense as historietas, protagonizadas por Troglo e Dita, dous personaxes prehistóricos. Todas elas son autoconclusivas, e a meirande parte ocupan unha soa páxina na que se desenvolve un gag sen palabras que mostra a torpeza de Troglo, namorado de Dita, para seducila. O autor recorre ao uso das onomatopeas e de signos cinéticos para expresar o movemento, enchendo as viñetas con figuras de gran tamaño perfiladas con liñas grosas.

## Referencias varias:

-Cuca M. Gómez, “El compromiso de los más jóvenes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, “Lecturas”, 22 novembro 2019, pp. 70-71.

Faise eco da presentación do libro na librería Paz na que participaron o autor e o ilustrador.

**Caruncho**, Cristian F., *Grandarroiba*, A Coruña: Demo Editorial, mocidade e lectorado adulto, decembro 2019, 68 pp. (ISBN: 978-84-948931-6-2).

Primeira banda deseñada longa de Cristian F. Caruncho (Ortigueira, 1998), un relato en branco e negro ambientado na súa localidade natal. O volume ábrese cun prólogo de David Rubín no que entronca o autor, pola súa aposta polo contexto rural como ambientación, co cineasta Óliver Laxe, e considera a Caruncho un dos artistas máis valiosos e novos da súa xeración. A historia está protagonizada por un personaxe solitario, Moncho, que vive nos montes de Ortegal afastado da xente, resentido polo rexeitamento que esperta dende a infancia o seu oficio de pastor de cabras. As escenas, con grande economía expresiva e apenas sen texto, describen como é a vida de Moncho nos montes de Ortegal e como desafoga con violencia a súa rabia e a súa frustración cos animais, até o momento no que se produce un punto de inflexión na súa vida que o levará a ter un papel na comunidade á que pertence. Deste xeito, muda a relación do protagonista cos veciños, co seu cabalo, co que pasa máis tempo, e co seu can. A trama recorre a múltiples elipses que abren a porta á interpretación do lector sobre o que non se conta.

**Guerrero**, Tomás, *Tanta paz leves*, A Coruña: Demo Editorial, lectorado adulto, xuño 2019, 74 pp. (ISBN: 978-84-948931-2-4).

Banda deseñada para adultos de suspense e intriga ambientada en 1948 e que toma o seu título dunha expresión popular: “Tanta paz leves como descanso deixas”. A trama decorre no circo Século XX, de xira polo sur de Francia, coa guerra recentemente acabada e nun ambiente de miseria, medo e desconfianza. Os traballadores do circo país asisten á chegada dun misterioso invitado que acompaña o indio canadense Molouk ou cara de pallaso, o xerente do espectáculo, o cal provoca que afloren vellas feridas. Así mesmo, cóntase o pasado de Molouk dende que coñeceu no internado católico no que se educou o padre José, que marcou a súa vida, e como recibiu a axuda do galego padre Ferreiro, que permitiu que encarreirase a súa existencia cara ao circo. O estilo de Tomás Guerrero (Valencia, 1972) transmite a negrura da atmosfera do relato, apostando polos saltos temporais e as viñetas con planos cenitais ou con fondo branco.

**Prado**, Miguelanxo, *Amani*, Pontevedra: Retranca Editora, novembro 2019, 40 pp. (ISBN: 978-84-941632-9-6).

Banda deseñada ambientada nas chairas de Makalala, onde naceu Amani, un hipopótamo que producía moita menos testosterona do normal nestes animais e, por tanto, tiña un comportamento moi apracíbel. Aínda que os seus compañeiros ás veces tiñan ganas de lea, Amani non entendía a necesidade de andar seguido a pelexar e a humillarse entre



eles, polo que decidiu afastarse do grupo para tristeza dos seus pais. Así, foi coñecendo outras especies de animais coas que se relacionaba pacificamente. Con todo, ao ver os seus comportamentos, os seus compañeiros hipopótamos acabaron decatándose de que simplemente era un chisco diferente, mais que merecía o mesmo respecto que calquera hipopótimo. Neste transo, coñece a Utamu, unha femia cun carácter moi semellante ao seu e acaban formando unha comunidade nunha zona do río onde varias especies conviven en total harmonía. O volume finaliza cun pequeno glosario no que se explican brevemente as principais características da vida dos hipopótamos e onde se debulla o significado dos termos “amani”, “testosterona”, “proxenitores” e “utamu”.

### Referencias varias:

- Belén López, “Pontevedra abriga a Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, “Culturgal 2019”, 1 decembro 2019, pp. 6-7.

Informa das presentacións de libros no Salón do Libro de Pontevedra: *Ardora*, de Beatriz Maceda; *Herba de namorar*, de María do Cebreiro; *Pippi Mediaslongas*; *Frankenstein*, traducido por Samuel Solleiro; *Os homes explícanme cousas*, de Rebecca Solnit; *Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto e ilustrado por Víctor Rivas; *Be Water*, de Antía Yáñez; e *Amani*, de Miguelanxo Prado.

- Ramón Rozas, “Culturgal. Apuntes na crista do galo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, “Rue Saint-Antoine n.º 170”, 2 decembro 2019, p. 8.

Breve crónica sobre a celebración do Culturgal, na que amenta a obra de Miguelanxo Prado, *Amani*.

- Maite Gimeno, “Da Silva y Prado alumbran ‘Amani’, alegoría de la paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 decembro 2019, p. 40.

Faise eco da saída do Prelo de *Amani*, obra que sinalan como lectura recomendada sobre o feminismo e a forma de entender a masculinidade neste século.

- Jorge Casanova, “Miguelanxo Prado ‘Son tenaz, tirando a vago’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 13 decembro 2019, p. contracuberta.

Entrevista a Miguelanxo Prado na cal menciona que vén de publicar *Amani*, obra da cal explica brevemente o argumento. Tamén menciona a súa obra *O pacto do letargo*, destinado a lectorado adulto e fala dos cómics que lía de rapaz e sobre como se inseriu no mundo da banda deseñada.

- José Miguel Giráldez, “Landro, Luiselli, Ferrada, Costas, Tibuleac y Villar, autores del año”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 29 decembro 2019, pp. 2-3.

Paco López-Barxas, entre as lecturas que propón, menciona *Amani*.

**Romero**, Martín, *Uxío*, XIV Premio Castelao de Banda Deseñada, A Coruña: Deputación da Coruña, lectorado autónomo, 2019, [59] pp. (ISBN: 978-84-9812-358-6).

O ilustrador, autor de bandas deseñadas e animador Martín Romero (Boiro, 1981) mereceu por esta obra o Premio Castelao na súa modalidade infantil, creada en 2016 pero que permanecera deserta até a presente edición do certame. A obra recolle as breves anécdotas de matiz humorístico e poético e cun fondo reflexivo que protagoniza Uxío, un neno rubio, traste e soñador, no decurso da súa vida cotiá. Uxío ten unha amiga, Ana, e unha cadela, Rosenda, que o acompañan a todas as partes, cómplices das súas ocorrencias. Con cores vivas e liñas sinxelas, case todas as historias ocupan un par de páxinas, algunhas das cales lle propoñen ao lector que interveña na busca dalgún personaxe, ao estilo dos álbums de Wally, e mesmo outras nas que só se mostra o debuxo e que lembran a estética surrealista e do *pop art* para presentar a Uxío no medio dunha das súas disparatadas e fantásticas ideas. A obra editouse en todas as linguas do Estado. A edición galega presenta algunhas eivas no referido á lingua.

**Rosales, Diego e Xosé Tomás, *Luzbell. O demo bombilla*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Novela gráfica, n.º 4, lectorado mozo, novembro 2019, 66 pp. (ISBN: 978-84-9151-419-0).**

Álbum no que Diego Rosales (Vigo, 1973) e Xosé Tomás (Betanzos, 1971) reúnen diversas páxinas protagonizadas por Luzbell, o demo lámpada, nacido nos noventa e que se deu a coñecer nas páxinas na revista *Golfiño* para despois pasar a se publicar de maneira esporádica en *El Progreso* e *Diario de Pontevedra*. Luzbell é un pequeno demo creado para facer o mal e ocasionar diversas desgrazas, que conta coa axuda de Al-kalina, unha batería árabe, e mais do seu secretario Vatio. Trátase de historias tituladas que adoitan ocupar unha soa páxina cun número variábel de viñetas e teñen un formato autoconclusivo. Con humor e ironía, trátanse temas da sociedade actual para representar a maldade, aínda que tamén teñen presenza as cuestións relixiosas. Nalgunhas das entregas aparecen tamén Deus, representado por un ollo ou con formas diversas; o párroco Oliverius; e Slurp o vampiro. As páxinas finais do volume dedícanse a explicar, os diferentes tipos de bocadillos, viñetas e planos, e en que consisten as elipses narrativas.

**Rubín, David, *O salón de té do oso malaio*, A Coruña: Demo Editorial / Komic Librería, lectorado mozo e adulto, agosto 2019, 184 pp. (ISBN: 978-84-948931-5-5).**

Edición en galego desta obra publicada en 2006 en castelán pola editorial Astiberri, que conta tamén con edicións en varios países europeos e acadou catro mencións no Salón Internacional do Cómic de Barcelona de 2007 (autor revelación, mellor guión, mellor debuxo e mellor obra). Trátase dunha compilación de oito relatos de diferente extensión de David Rubín (Ourense, 1977), algúns dos cales foron publicados orixinalmente na revista *Dos veces* breve e logo redibuxados e ampliados, e outros son inéditos. O volume ábrese con dous prólogos: un a cargo da escritora e poeta María Lado, e outro escrito pola actriz e presentadora Neves Rodríguez. A seguir aparecen as historias, todas elas ambientados nun salón de té rexentado por Sigfrido, un oso antropomórfico dotado de gran sensibilidade, especialista en infusións e licores, que aconsella os clientes para superar as súas penas de amor. Así por exemplo, en “Detrás da barra”, aparece o superheroe cego Caetano Crayón, obrigado a obrigar a súa profesión, e mais Herminia a gorgona, que non pode estar con ninguén porque converte en pedra a todo aquel que a mira; “Xira a chave” é unha historia en branco e negro que se centra no paralelismo entre

Adam Kent e o seu amigo Bruce con Superman e Batman; e “Antón en chamás” aborda o maltrato de xénero. As historias presentan algúns dos temas recorrentes da traxectoria do autor, como a indagación arredor do amor, a perda e a liberdade, así como os trazos do seu estilo.

### **Recensións:**

- Xulio Carballo, “O Salón de té do oso Malaio”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “*Fóra de serie*”, “Da banda de acolá”, 17 outubro 2019, p. 8.

Valora de xeito positivo que a obra de David Rubín por fin apareza en galego, logo dos seus éxitos internacionais. Destaca a forza expresiva do debuxo, a destreza secuencial e o hábil manexo das transicións, e percibe a influencia de Frank Miller, Jack Kirby ou Moebius.

### **Referencias varias:**

- Guillermo Altarriba, “David Rubín ‘Publicar en gallego era una cuenta que tenía pendiente, una cuestión de justicia’”, *La Región*, “Ourense”, 27 decembro 2019, p. 11.

Dá conta da presentación deste volume en galego, en El Sindicato del Cómic, en Ourense. Na entrevista, o autor sinala que con esta edición salda a débeda coa lingua na que foron creadas estas historias, nun volume que aproveitou para revisar e contén achegas inéditas. Fala tamén do seu éxito nos Estados Unidos de América, da súa negativa a traballar con DC e Marvel, onde sería un máis e non tería os dereitos dos personaxes e as historias; e do seu próximo proxecto canda Neil Gaiman: unha colección na que cada capítulo estará debuxado por un autor diferente e na que abordará unha historia protagonizada por deuses nórdicos.

**Silva**, Kiko da, *Aprende banda deseñada con Fiz, o neno máis porco do mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, lectorado mozo, maio 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-9121-493-9).

Edición en galego deste álbum de Kiko da Silva (Vigo, 1979) que se publicou en 2017 en castelán en Dibbuku. O volume vai precedido dun parágrafo de presentación do crítico de cómics Álvaro Pons, que define o particular mundo do personaxe que guía este percorrido pola historia da banda deseñada e as principais técnicas para a súa creación con catro palabras, «Caca!, Cu!, Peido!, Pis!», as cales dan conta do seu gusto pola escatoloxía. Fiz, que xa foi protagonista doutras creacións de Kiko da Silva, explica a seguir as orixes desta arte e mostra como se poñen en práctica diferentes aspectos, na compañía da súa amiga Puri. Na primeira parte do álbum alúdese aos antecedentes dos cómics: os debuxos nas covas prehistóricas ou os códices maias e medievais, e o autor recrea mostras destas épocas históricas comentadas polos protagonistas. Ademais, preséntanse creacións pioneiras como Yellow Kid, Little Nemo ou as tiras de Krazy Kat, e repásanse as características que definen as diferentes escolas: a bande dessinée franco-belga, o cómic americano (con Superman como exemplo) e o manga, ilustrándoas con viñetas nos diferentes estilos, tanto no debuxo coma na tipografía, e mesmo introducido unha dobre páxina ao revés para falar do manga xaponés. A segunda parte do álbum constitúe un curso no que se abordan os materiais necesarios, a creación de personaxes e os seus

complementos, as expresións, o estilo gráfico, os planos, a elipse narrativa, a documentación e o guión, exemplificando cada un dos aspectos con exercicios prácticos. Na terceira parte ofrécese unha historieta na que Fiz se enfrenta ao ataque das monstruosas cacas viventes. O volume conclúe cun epílogo cun decálogo de consellos a futuros autores. En todo o álbum salienta o ton humorístico, coa escatoloxía de Fiz como eixe central, e os diferentes estilos que pon en práctica o autor para acompañar esta mestura de discurso teórico e creativo.

### **Recensións:**

- María Navarro, “Esmero e profesionalidade. Aprendendo con Fiz”, Faro de Vigo, “Faro da Cultura”, n.º 720, “Libros”, 4 xullo 2019, p. VI.

Pon de relevo o esmero e a profesionalidade da que fai gala Kiko da Silva para elaborar este álbum no que repasa a historia da banda deseñada e explica as diferentes técnicas para abordar o debuxo e a composición do guión. Valora a integración de coñecemento e diversión e a utilización do humor para explicar de forma clara e concisa todas as técnicas.

### **Referencias varias:**

- Xosé García, “Os outros xéneros, tamén para crianzas”, *Sermos Galiza*, n.º 364, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 19 setembro 2019, p. 7.

Nun artigo sobre os diferentes xéneros literarios destinados a un público infantil, amenta *Aprende banda deseñado con Fiz, o neno máis porco do mundo*.

**Taboada**, Carlos, *Seoane. O creador na súa tinta*. Primeira parte, Pontevedra: Lela Edicións, col. Homenaxes, lectorado mozo, abril 2019, 58 pp. (ISBN: 978-84-946043-7-9).

Cómic de Carlos Taboada (Pontevedra, 1979) creado a partir dunha idea do colectivo Polo Correo do Vento que integra con Enrique Mauricio. Trátase dun traballo de gran sinxeleza e brevidade, con eivas na edición, no que se repasan algúns acontecementos que marcaron a vida de Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979), como tal, a súa mocidade en Santiago de Compostela canda o seu amigo Carlos Maside e outros membros da súa xeración como Castelao, Arturo Cuadrado, Fernández del Riego, Ánxel Casal, Álvaro Cunqueiro ou Camilo Díaz Baliño. Achégase tamén a visión de Maruxa Seoane e o tempo que compartiron na Coruña, así como a obriga de fuxir de Galicia cando comeza a Guerra Civil. No apartado final ofrécese un breve texto biográfico con información básica sobre a vida e obra de Luís Seoane.

**Tomás**, Xosé, *Branco*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín cómics. Animalia, n.º 2, maio 2019, lectorado autónomo, 54 pp. (ISBN: 978-84-9121-526-4).

Segunda entrega dun proxecto de banda deseñada baixo o título de Animalia, tras *Verde* (2018), co que Xosé Tomás (Betanzos, 1971) lle achega ao lectorado á forma de vida dos animais do mundo polar, presentados baixo unha caracterización irónica e humorística, mentres o convida a reflexionar sobre a forma de relacionarse con eles e a aprender sobre a propia humanidade como especie. Trátase de cincuenta e catro historias

autoconclusivas, a maioría dunha soa páxina, cos debuxos perfilados en trazo grosso, nas que, a modo de fábula que remite ao comportamento humano, se poñen de relevo a amizade, a astucia, a supervivencia e desatinos como o cambio climático, retratado en diferentes viñetas.

**Referencias varias:**

- Juan José Lage e Olalla Sánchez, “Para exercitar a mente no verán”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.224, “literatura”, 19 xuño 2019, p. 6.

Ofrécese unha listaxe de recomendacións literarias para o verán. Entre as propostas da literatura infantil e xuvenil galega cítanse: *Non trabes na lingua*, de Antón Cortizas; *Novo mundo. Isabel Zandal na expedición da vacina* (Bululú, 2018); *Aplicación instantánea* (Xerais, 2018), de Carlos Negro; e *Quero peixe!*, de Áslaug Jónsdóttir; e a banda deseñada *Branco*, de Xosé Tomás, do que se destaca que ofrece unha lectura irónica sobre os animais na que cada páxina se presenta como un relato autoconclusivo.

## VII.4.2. REEDICIÓNS

**Goscinny**, René, *Astérix en Britania* (*Astérix chez les Bretons*, 1966), ilustr. Albert Urdezo, trad. Xavier Senín, Isabel Soto, Alejandro Tobar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, lectorado mozo, abril 2019, 48 pp. (ISBN: 978-84-9121-501-1).

Nova tradución a partir do texto orixinal deste álbum publicado previamente en 1997 pola Editorial Galaxia, en versión de Antonio Pichel, baixo o título *Astérix na terra dos bretóns*. Nesta nova entrega da serie creada por Albert Uderzo (Fismes, 1927-Neuilly-sur-Seine, 2020) e René Goscinny (París, 1926-1977), Astérix e Obélix viaxan a Britannia para axudar o curmán de Astérix, Botórax, do acoso dos romanos. Con tal fin, proporciónanlle uns cantos barrís da súa famosa poción máxica que acaban perdéndose entre outras pipas de viño, de maneira que terán que recuperalos. A aventura bota man dos recursos habituais da serie: xogos de palabras, reflexo dos costumes locais (neste caso dos habitantes de Britania) dende unha ollada francesa e constantes burlas e pelexas cos romanos.

### Recensións:

- Carmen Ferreira, “Astérix e Obélix seguen sumando aventuras en galego”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 setembro 2019, p. 6.

Dá conta da publicación desta nova tradución de *Astérix en Britania* realizada por Xavier Senín, Isabel Soto e Alejandro Tobar para Edicións Xerais de Galicia. Indica que este título conta cunha adaptación cinematográfica e resume o seu argumento, centrado na viaxe dos protagonistas a Britania para axudar a Botórax, curmán de Astérix, contra os soldados romanos que queren conquistar a súa aldea.

**Hergé**, *As xoias da Castafiore* (*Les Bijoux de la Castafiore*, 1963) trad. Blanca Piñeiro Torres, Barcelona: Zephyrum Ediciones, col. As aventuras de Tintín, n.º 1, lectorado mozo, abril 2019, 64 pp. (ISBN: 978-84-945272-9-6).

Nova tradución ao galego desta primeira entrega das xa clásicas *Aventuras de Tintín*, un traballo realizado en 1985 anteriormente por Valentín Arias (1934-2011) por encarga da barcelonesa Editorial Juventud. *As xoias da Castafiore* é un dos traballos serodios de Hergé (Georges Remi, Etterbeek, 1907-Bruxelas, 1983). Así, tras aparecer nas páxinas de *Le Journal de Tintin* entre xullo de 1961 e setembro de 1963, a editorial Casterman publicouno en formato álbum a finais dese mesmo ano. Contrariamente ao resto das entregas protagonizadas polo aventureiro xornalista Tintín, *As xoias da Castafiore* é o único título onde os personaxes permanecen en Moulinsart, a residencia familiar do capitán Haddock, e nin viaxan ao estranxeiro nin se enfrontan a perigosos delincuentes. A trama céntrase na visita da cantante de ópera Bianca Castafiore e no roubo da súa valiosa esmeralda. Ao primeiro as sospeitas recaen no fotógrafo Gino, presente no castelo para cubrir o suposto compromiso entre a Castafiore e Haddock; posteriormente, os detectives Hernández e Fernández pensan que os culpábeis son uns xitanos acampados nas proximidades do castelo. Ao cabo, Tintín descobre que a levou unha pega. Segundo

consta nos créditos, o texto foi corrixido pola Universidade de Vigo, malia o cal a edición se presenta ateigada de erros, malas interpretacións, palabras en castelán, calcos lingüísticos, barbarismos léxicos e un longo etcétera de disparates.

### **Referencias varias:**

- Raquel López, “O canto agridoce da Castafiore”, *La Opinión*, “Saberes”, “Cómic”, 11 maio 2019, contracuberta.

Comenta que esta versión en galego é a vixésimo primeira aventura de Tintín, traducida por Belén Piñeiro. Indica que constitúe a primeira tradución dende 1985, *As aventuras de Tintín*, que recolle todos os cómics orixinais exceptuando o primeiro e o último, traducidos por Valentín Arias López. Apunta que esta serie de cómics é mundialmente coñecida e afamada, a pesar das críticas en tanto ao carácter colonialista, racista e misóxino que podía extraerse dela. Dise que, orixinalmente, se publicaron números entre o 1930 e o 1976, ocupando vinte e catro títulos creados polo historiador belga Hergé (seudónimo de George Prosper Remi). Salienta as queixas pola escasa calidade da tradución, por parte da editorial Hugin e Munin, entre outros, que solicitan a retirada da edición e a publicación dunha nova corrixida. Ademais, indica que durante o ano 2018, o número de publicacións de banda deseñada descendeu considerabelmente, pasando de vinte e catro a dezaoto.

### VII.4.3. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

**Calle**, Ángel de la, *Pinturas de guerra* (*Pinturas de guerra*, 2017), trad. Isabel Soto, Pontevedra: Retranca Editora, maio 2019, 308 pp. (ISBN: 978-84-9416-327-2).

Avalada por distincións de 2018 como o premio á mellor obra nacional no Salón do Cómico de Barcelona, o Premio da Crítica á mellor obra española e ao mellor guión, e tras ser seleccionada no Festival Internacional de Angoulême, Ángel de la Calle (Salamanca, 1958) constrúe o seu segundo relato gráfico, no cal mestura claves da banda deseñada de tema político, histórico biográfico e policial, ao tempo que reflexiona sobre o mundo da arte cuestionado a súa validez como motor de cambio social. O volume ábrese cun prólogo de Paco Ignacio Taibo no que valora a presenza de historias descoñecidas para dar conta dunha traxedia terríbel e a épica dunha xeración de pintores fuxidos de América do Sur durante os anos sesenta e setenta, coincidindo cos golpes militares, os debates sobre a vangarda estética e que comparten o exilio en París. Recorrendo á autoficción, o autor convértese en personaxe da obra, un escritor que chega a París para escribir a biografía da enigmática actriz Jean Seberg, falecida en misteriosas circunstancias. No seu periplo tropeza cunha galería de personaxes, reais e inventados, de varias épocas, que lle servirán para trazar un fresco da efervescencia cultural de París: intelectuais, contrabandistas, pintores e escritores, activistas políticos, espías, ladróns, bohemios, mulleres misteriosas, un axente da CIA, un axente dos servizos secretos franceses, Juan Goytisolo, Jean-Paul Sartre, los directores franceses da Nouvelle Vague... Case sen se decatarse, o protagonista vese envolto nunha trama de represión contra pintores latinoamericanos que escaparon das ditaduras militares dos seus países durante a Operación Cóndor. O discurso presenta continuos saltos ao pasado, alterna a primeira e a terceira persoa, insírese cartas, subtramas e manexa códigos oníricos e digresións. Os libros son tamén parte importante na obra, en particular, *O home no castelo*, de Philip K. Dick, pola ucronía, e *Rayuela*, de Cortázar, polos xogos coa estrutura e a alteración da orde de lectura dos capítulos. En canto ao grafismo, a estrutura das páxinas recorre a tres tiras cun número variábel de viñetas nas que salienta o uso de luces, sombras e tramas manuais.

#### Recensións:

- Ramón Nicolás, “Fascinante novela gráfica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 19 xullo 2019, p. 10.

Informa da publicación en lingua galega do volume *Pinturas de guerra* de Ángel de la Calle, traducido por Isabel Soto para Retranca Editora. Trátase dunha obra multipremiada en certames de importancia como o Salón do Cómico de Barcelona ou o Festival Internacional de Banda Deseñada de Angoulême. Indica que é un libro que fala ao oído sobre a experiencia do exilio, da difícil supervivencia e da musa da ‘nouvelle vague’ Jean Seberg.

**Ferri**, Jean-Yves e Didier **Conrad**, *A filla de Vercinxe-tórix* (*La fille de Vercingétorix*, 2019), trad. Xavier Senín Fernández, Isabel Soto, Alejandro Tobar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os álbums de Astérix en galego, n.º 38, lectorado mozo, outubro 2019, 48 pp. (ISBN: 978-84-9121-563-9).



Novo álbum protagonizado polo héroe galo Astérix e os seus paisanos, publicado en todo o mundo ao mesmo tempo o 23 de outubro de 2019 cunha tiraxe de 5 millóns de exemplares. Trátase do cuarto que realizan Jean-Yves Ferri (Mostaganem, 1959) e Didier Conrad (Marsella, 1959) tras a retirada de Albert Uderzo (Fismes, 1927-Neuilly-sur-Seine, 2020) en 2005 e logo de publicar *Astérix e os pictos* (2013), *O papiro do César* (2015) e *Astérix en Italia* (2017). Nesta aventura cóntase como dous xefes avernos chegan á aldea dos irredutíbeis galos en plena noite para lle pedir a Abraracúrcix que protexa e agoche a misteriosa rapaza que os acompaña, Adrenalina, filla do xefe galo derrotado por Xulio César Vercinxetórix, mentres eles van na procura dun barco que os leve a Londinium. Adrenalina, cuxa existencia se mantivo en segredo, viviu sempre oculta para que continúe a loitar cos romanos pola liberdade dos galos. Abraracúrcix recorre aos seus dous mellores guerreiros, Astérix e Obélix, para que a custodien, pero a adolescente rebélase contra o seu destino e trata de escaparse. Como fondo da historia atópase o choque xeracional entre os mozos e os seus pais, a negativa dos novos a seguir os pasos marcados para eles e o seu desexo de construírense unha identidade propia –visíbel en particular en Sélfix, o fillo do ferreiro, e Filloix, o fillo do peixeiro, que deciden tomar un camiño distinto ao dos seus proxenitores–. Abórdanse tamén as preocupacións dos adolescentes, entre elas, a ecoloxía, a obesidade ou a negativa a asumir as tradicións sen cuestionalas, como a obriga de beber poción máxica. Por vez primeira na serie aparece unha personaxe feminina forte e independente, malia que o final teña que ser rescatada por Astérix e Obélix. Os debuxos de Didier Conrad seguen o grafismo de Uderzo, decantándose por un trazo refinado e cheo de detalles de Uderzo, do mesmo modo que a composición da páxina segue en xeral a estrutura clásica destes álbums: catro tiras por prancha.

### Recensións:

- Carmen Ferreira, “Novas aventuras de Astérix e Obélix en galego”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 decembro 2019, p. 4.

Dá conta da publicación en galego do novo álbum de Astérix por parte de Edicións Xerais de Galicia e apunta que a trama planea ao redor da identidade dunha adolescente que aparece na aldea gala.

- Manu Barreiro, “Os autores deberían botar os lapis aos pés do César”, *Tempos Novos*, n.º 271, “Cultura”, “Masa crítica”, “Banda deseñada”, decembro 2019, p. 85.

Manu Barreiro fai unha recensión do libro infantil *A filla de Vercinxetórix*, de Didier Conrad e Jean-Yves Ferri, o cuarto álbum con selo Conrad-Ferri que continúa a dar conta das aventuras de Astérix e Obélix. Barreiro asegura que dende a morte do guionista e cocreador, Uderzo e Goscinny, respectivamente, este novo dúo non acaba de reflectir a esencia da tan aclamada serie de cómics. Desta nova entrega, concretamente, Barreiro afirma que, se ben os debuxos son intachábeis, “o guión é tan inexistente que nin abordar criticamente (...) non deixa de ser esta unha adaptación ou reinterpretación, ostensiblemente mala, do Astérix e os normandos, agora cun personaxe feminino que, por desgraza, só está para decorar”. Non obsante, Barreiro destaca a impecábel tradución ao galego deste cómic, feita por Isabel Soto, Xabier Senín e Alejandro Trobar.

### Referencias varias:

- Carmen Ferreira, “Novas aventuras de Astérix e Obélix en galego”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 decembro 2019, p. 4.

Dá conta da publicación en galego do novo álbum de Astérix por parte de Edicións Xerais de Galicia e apunta que a trama planea ao redor da identidade dunha adolescente que aparece na aldea gala.

**Laperla**, Artur, *Super Pataca. A orixe de Superpataca (Super Patata. El origen de Superpatata*, 2011), trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Ediciones Bang, col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 1, lectorado autónomo, marzo 2019, 54 pp. (ISBN: 978-84-17178-40-6).

Primeira entrega desta serie de banda deseñada para pequenos lectores creada por Artur Laperla (Barcelona, 1975), que presenta unha trama moi sinxela ambientada nun mundo fantástico, ton humorístico, debuxos en cores brillantes, non máis de catro viñetas por páxina e aventuras autoconclusivas. Neste primeiro número introdúcese ao protagonista, o superheroe Max, o defensor da xustiza mellor peiteado namorado de Olivia Perdigón, convertido en tubérculo tras ser atacado polo terríbel criminal doutor Malévolo cun raio pataquizador. Superpataca, con todo, emprega os seus poderes para loitar contra o mal.

**Laperla**, Artur, *Super Pataca. Zort III, o rei extraterrestre (Super Patata. Zort III, el rey extraterrestre*, 2012), ilust. Inmaculada Bordell, trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 2, lectorado a partir de 6 anos, marzo 2019, 54 pp. (ISBN: 978-84-17178-42-6).

Segunda entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975). Nesta ocasión, Superpataca debe defenderse dun caprichoso extraterrestre, Zort III, o rei Lesma, empeñado en incorporalo á súa colección de mascotas obtidas en todos os lugares do universo, para o cal conta coa axuda de Robotiño. O heroe tubérculo consegue tolear a Robotiño e frustrar os plans do seu inimigo. A trama e os debuxos sinxelos de cores brillantes tratan de iniciar o lectorado na linguaxe da banda deseñada.

**Laperla**, Artur, *Super Pataca. O miniportal temporal (Super Patata. El miniportal temporal*, 2014), ilust. Inmaculada Bordell, trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, Col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 3, lectorado a partir de 6 anos, marzo 2019, 54 pp. (ISBN: 978-84-17178-44-4).

Terceira entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975). A trama céntrase na viaxe ao pasado que realiza Superpataca a través dun portal temporal creado polos científicos para tratar de evitar a súa conversión en tubérculo. Pero o superheroe fracasa no seu propósito ao se cruzar con Escamudo, o réptil mutante xurdido das cloacas e o seu acérrimo inimigo. As viñetas recrean con sinxeleza a loita entre o ben e o mal e os poderes do heroe.

**Laperla**, Artur, *Super Pataca. A vinganza de Malicia a maligna (Super Patata. La vinganza de Malicia la maligna*, 2014), ilust. Inmaculada Bordell, trad. Raquel

Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, Col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 4, lectorado a partir de 6 anos, maio 2019, 54 pp. (ISBN: 9788417178468).

Cuarta entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975). Nesta aventura, Superpataca debe enfrontarse a un polo mutante, a Malicia a maligna, a irmá do doutor Malévolo, e á súa cadela Trufa. O obxectivo é contrarrestar o perigoso plan de Malicia para vingarse do tubérculo por encerrar o seu irmán no cárcere. Grazas á axuda de Trufa, que en realidade é o axente Minx, mestre do disfrace, Superpataca escapa da ameaza, aínda que ve como a súa amada Olivia queda fascinada por Minx. A trama é sinxela e apóiase en moitas onomatopeas, debuxos expresivos e sinxelos e páxinas estruturadas en catro viñetas como máximo.

**Laperla, Artur, *Super Pataca. Os robots do profesor Parafuso* (*Super Patata. Los robots del profesor Tornillo*, 2015), ilust. Inmaculada Bordell, trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, Col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 5, lectorado a partir de 6 anos, xaneiro 2019, 60 pp. (ISBN: 978-84-17178-48-2).**

Quinta aventura da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975). Neste episodio, o profesor Parafuso, tras vinte anos de investigación, remata o robot , o primeiro teledirixido por control mental, ao que envía a aterrorizar os clientes dun centro comercial. Superpataca acode ao rescate e destrúe o robot, e Parafuso, para vingarse, secuestra a científica Clementina Mandarina, tamén convertida en tubérculo polo raio pataquizador do doutor Malévolo anos atrás. Logo dalgunhas complicacións, Superpataca resulta vencedor. A trama, lineal e con moita acción, vai acompañada de viñetas sinxelas que axudan a seguir a historia.

**Laperla, Artur, *Super Pataca. Supersuperpataca* (*Super Patata. Superpatata*, 2016), ilust. Inmaculada Bordell, trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 6, lectorado a partir de 6 anos, maio 2019, 60 pp. (ISBN: 9788417178505).**

Sexta entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975). En Córtex o Centro de Investigaciones Ultraavanzadas, os profesores Rosa e Molécula chaman por Superpataca para que os axude a acabar cunhas moscas que medraron de xeito descomunal tras se equivocaren co raio vermello de crecemento molecular. Superpataca enfróntase aos enormes bechocos e remata coa ameaza grazas á axuda da bióloga mariña Olivia Perdigón, a muller dos seus soños. Como resultado, Superpataca acaba cuns músculos espectaculares, un auténtico Supersuperpataca. Os debuxos poñen en imaxes as escenas de acción e acollen tamén explicacións para que o lector comprenda determinados aspectos, en particular, os instrumentos científicos empregados e a identidade dalgúns personaxes que apareceron en entregas anteriores desta banda deseñada.

**Laperla, Artur, *Super Pataca. O desquite do doutor Malévolo* (*Super Patata. La revancha del doctor Malévolo*, 2017), ilust. Inmaculada Bordell, trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 7, lectorado a partir de 6 anos, xullo 2019, 60 pp. (ISBN: 9788417178529).**

Sétima entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975). Nesta entrega, o doutor Malévolo escapa do cárcere de máxima seguridade para presos ultraperigo Boris a araña e crea unha arrepiante pranta carnívora chamada Gladys. Superpatata contrarresta a súa temíbel voracidade cantándolle unha canción que a acouga, de maneira que vence de novo o seu acérrimo inimigo. Coas mesmas características ca as entregas anteriores, tanto a trama coma os debuxos son sinxelos e dinámicos.

**Laperla, Artur, *Super Patata. Os perigosos caprichos de Augusta Ricachón (parte 1)*** (*Super Patata. Los peligrosos caprichos de Augusta Ricachón (parte 1)*, 2018), trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Ediciones Bang, col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 8, lectorado autónomo, outubro 2019, 54 pp. (ISBN: 978-84-17178-40-6).

Oitava entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975) a partir de recursos gráficos e argumentais moi sinxelos e de doada comprensión polo lectorado máis novo. Augusta Ricachón, a filla do arquimultimegamillonario Ricachón, encapríchase con posuír un pterosauro. Como o seu pai non lle nega nada, ordénaselle a Malicia que cree un para que a nena se divirte. O animal prehistórico ameaza os habitantes da cidade e Superpatata debe acudir ao rescate. O desenlace queda en suspenso até a parte 2 desta aventura.

**Laperla, Artur, *Super Patata. Os perigosos caprichos de Augusta Ricachón (parte 2)*** (*Super Patata. Los peligrosos caprichos de Augusta Ricachón (parte 2)*, 2019), trad. Raquel Reboredo, Barcelona: Edicións Bang, col. Mamut. O meu primeiro cómic, n.º 9, lectorado autónomo, novembro 2019, 62 pp. (ISBN: 978-84-17178-87-1).

Novena entrega da serie deste cómic infantil creado por Artur Laperla (Barcelona, 1975) a partir de recursos gráficos e argumentais moi sinxelos e de doada comprensión polo lectorado máis novo. Augusta Ricachón, a filla do arquimultimegamillonario Ricachón, encapríchase con posuír a Superpatata. O heroe loita contra os sucesivos animais prehistóricos que lle envía Malicia durante corenta e dúas horas seguidas e acaba vencendo, malia que esgotado de todo.

**Serrano Burgos, Pilar, *Unha mestra en apuros. Sálvese quen poida (Una maestra en apuros. Sálvese quien pueda)***, 2019), trad. Maruxa Zaera Landeira, ilustr. Jorge Campos, A Coruña: Bululú, col. Bululú Cómic, lectorado autónomo e adulto, marzo 2019, 56 pp. (ISBN: 978-84-949549-5-5).

A mestra e escritora Pilar Serrano (Madrid, 1977) recolle neste volume dezaseis historias de breve extensión centradas nas anécdotas que vive decotío cos seus alumnos de Educación Infantil. Así, os episodios recollen momentos sorprendentes, divertidos e tenros que pretenden plasmar a interpretación que fan os máis pequenos das cousas, os seus comportamentos, a súa espontaneidade e a súa imaxinación, peripecias que poñen a proba a paciencia da mestra e a súa capacidade para manter a orde na aula. As ilustracións de Jorge Campos (Ourense, 1982) presentan un estilo agradábel, limpo e sinxelo, e encaixan co ton amábel do libro.

### Referencias varias:

- Alicia Pardo, “Un homenaje de flores y relatos”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, 23 abril 2019, pp. 8-9.

Con motivo do Día Internacional do libro, seis librarías da cidade da Coruña propoñen lecturas. Entre outras, recoméndase o libro *Unha mestra en apuros. Sálvese quen poida*.

**Solís**, Fermín, *Patacator cocido!* (*Patatator cocido*, 2015), trad. Pepe Sendón, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, col. Astro-Rato e Lampadiña, n.º 3, lectorado autónomo, decembro 2019, 58 pp. (ISBN: 978-84-949050-8-7).

Versión galega da terceira entrega da serie de banda deseñada creada por Fermín Solís (Madroñera, Cáceres, 1972) para pequenos lectores, entre os 3 e os seis anos, protagonizada por Astro-Rato e a súa amiga Lampadiña, dous exploradores espaciais algo desastrosos que van vivindo distintas aventuras. Nesta ocasión aterran nun planeta idéntico á Terra, agás polo detalle de que ten catro lúas, unha delas en forma de bota. Alí vólvense atopar con Patacator, en plena xira de presentación do seu libro de memorias, pero o encontro acaba mal e Astro-Rato ten que botar man da súa astucia para salvarse. A estrutura da historieta é sinxela e clásica: catro viñetas por páxina, debuxos cun toque naíf, peripecias en sucesión con gags visuais efectivos e final aberto que promete novas aventuras dos personaxes.

## VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

### VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

**Macedo**, Ana Cristina, Elisama **Oliveira**, Marta **Neira Rodríguez** e Sara **Reis da Silva** (coords.), *Literatura para Crianças e Educação Literária: Diálogos Intergeracionais*, ilust. Ana Cristina Vasconcelos de Macedo, Porto: Tropelias&Companhia, outubro 2019, 194 pp. (ISBN: 978-989-8582-84-3)

Volume escrito en galego e portugués e organizado ao redor das relacións interxeracionais na literatura para a infancia e mocidade. Está organizado en dúas partes: “Estudos e notas” e “Recensións críticas” e achega, ademais de varios estudos concibidos orixinalmente para os 24<sup>os</sup> Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil, que tiveron lugar na Escola Superior de Educación do Porto en decembro de 2018, outras achegas distintas que tratan as relacións interxeracionais na Literatura Infantil e Xuvenil. Entre os traballos relacionados coa literatura galega atópanse os seguintes:

- Carmen Franco-Vázquez e Marta Neira-Rodríguez, “Educación literaria e artística. Diálogos interxeracionais na LIX galega”, pp. 109-131.

Achega que comeza lembrando os antecedentes da relación entre a nenez e a vellez como temática na Literatura Infantil e Xuvenil galega e na arte. A seguir, seguindo a división xeracional que se ofrece en Roig (2015), destácanse aquelas obras narrativas galegas que abordaron os diálogos interxeracionais entre avós/avoas e netos/netas na narrativa infantil e xuvenil galega. Así mesmo, coméntanse algunhas das imaxes máis destacábeis que plasman eses diálogos interxeracionais nas obras.

- Isabel Mociño-González e Blanca-Ana Roig Rechou, “Encontro con Concha Blanco e María Canosa: dúas xeracións de creadoras galegas con historias que fan lectores”, pp. 133-144.

Reprodución da conversa con Concha Blanco e María Canosa, dúas creadoras galegas que ficcionalizaron nas súas obras a temática obxecto central dos 24<sup>os</sup> Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil. “Literatura para Crianças e Educação Literária: Diálogos Intergeracionais”. Para comprender mellor a súa produción, comézase situando as creadoras no desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil galega e, a seguir, convérsase sobre as súas traxectorias e a relevancia da temática das relacións interxeracionais nalgunhas das súas obras.

Amais dos traballos sinalados *Literatura para Crianças e Educação Literária: Diálogos Intergeracionais* tamén inclúe recensións de: *Primeiros leitores, primeiros poemas*, coordinado por Ana Cristina Macedo, Marta Neira Rodríguez e Sara Reis da Silva, asinada por Elisama Oliveria; *As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI*, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, asinada por María Marcote-Calo; *De letras e de imaxes nas aulas de primaria*, coordinado por Mar Fernández-Vázquez, asinada por Armando Requeixo, e *Narrativas de ficção*

*científica para a Infância e Juventude*, de Isabel Mociño-González, asinada por Eulalia Agrelo Costas.

**Mociño González**, Isabel (coord.), *Libro-Obxecto e Xénero. Estudos ao redor do libro infantil como artefacto*, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2019, 243 pp. (ISBN: 978-84-8158-825-5)

Volume que acolle catorce estudos nos que se abordan diferentes modalidades do libro-obxecto, as súas características e potencialidades para a lectura, determinadas fundamentalmente pola materialidade. Continúa coas liñas de traballo iniciadas nos volumes *Aproximações ao livro-objeto: das potencialidades creativas às propostas de lectura* (Tropelias&Companhia, 2017), organizado por Ana Margarida Ramos, e *El objeto libro en el universo infantil: la materialidad en la construcción del discurso* (Prensas Universitarias de Zaragoza, 2019), organizado por Rosa Taberero. Entre os traballos relacionados coa literatura galega atópanse os seguintes:

- Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño-González, “Libro-obxecto: do artefacto ás infinitas lecturas”, pp. 63-79

Achega na que as autoras reflexionan sobre as novas materialidades, as multitextualidades e a polialfabetización que se están dando entre as novas xeracións de lectorado dos libros-obxectos, concibidos como artefactos culturais. Prestan especial atención ás potencialidades da materialidade e explican como se xestou o proxecto multidisciplinar e de transcodificación de Artefactes, así como as lecturas plurisignificativas que propicia na súa configuración como libro-álbum.

**Neira Rodríguez**, Marta, Blanca-Ana **Roig Rechou** e Isabel **Soto López** (coords.), *Imaxes nenez-vellez na LIX*, ilust. Kenya P. Pineda e Raquel Senra Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2019, 562 pp. (ISBN: 978-84-9121-630-8).

Novo volume da Red Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”, dedicado á memoria de Pedro Cerrillo, que se centra nas diversas representacións da ancianidade na Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea, así como na análise das relacións interxeracionais entre a velez e a infancia e a xuventude que presentan as obras seleccionadas e analizadas. Ábrese cunha “Introdución”, que lle anticipa ao lectorado o que vai atopar nas seguintes, á que lle seguen os estudos panorámicos, sobre a temática mencionada, das literaturas do marco ibérico e iberoamericano. Súmanse a eses estudos das literaturas castelá, catalá, galega, portuguesa, vasca, brasileira e mexicana, unha selección de obras para a educación literaria e un total de vinte e oito de comentarios cara á formación lectora de obras destacadas nalgunha desas literaturas. Péchase o volume cun traballo da autoría de Olalla Cortizas Varela centrado na representación da infancia e a velez a través das ilustracións da LIX. Entre os traballos relacionados coa literatura galega atópanse os seguintes:

- Carmen Ferreira Boo, “Nenez e velez na LIX galega”, pp. 55-82.

Breve panorámica, dividida en tres períodos históricos, na que se ofrece por orde cronolóxica de publicación en cada unha das catro xeracións literarias as obras narrativas

máis representativas, galardoadas e de máis calidade estética da Literatura Infantil e Xuvenil galega que teñen como elo argumental a relación entre a infancia e a vellez, tratando cuestións diversas como son as problemáticas familiares, a complicidade estreita entre avós e netos, as consecuencias da enfermidade do alzhéimer, a presenza da morte e a consideración dos maiores como contadores orais de historias, transmisores do legado cultural propio e do pasado histórico.

- Verónica Pousada-Pardo, “Adozamento da morte: *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey”, pp. 315-324.

Comentario da obra, de Fina Casalderrey, *O estanque dos parrulos pobres*, gañadora do Premio Edebé de Literatura Infantil en 1996 e ilustrada por Teo Puebla. Despois de facer unha pequena introdución sobre a escritora galega, achéganse algúns datos sobre a presenza de persoas maiores na súa produción. Seguidamente, profúndase na obra analizada, onde destaca a estreita relación interxeracional entre un avó e a súa neta, baseada na complicidade, o respecto e a confianza

- Eulalia Agrelo Costas, “*Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz. A transmisión xeracional a partir da oralidade”, pp. 331-342.

Despois de aludir aos modelos de familia e ás relacións que se dan entre netos e avós, refírese, brevemente, como estes aspectos se ilustran na produción narrativa de Agustín Fernández Paz. A seguir, analízase o vínculo afectivo que establecen en *Lúa do Senegal* a avoa Feriane e a súa neta Khoedi. Avoa e neta teñen alma de *griot* e son portadoras desas historias fundacionais que nos permiten ollar o mundo dende unha óptica máis amábel e comprensíbel.

- Marta Neira Rodríguez, “Unha necesaria lectura nas aulas galegas: *Todo o tempo do mundo*, de David Pérez Iglesias”, pp. 477-484.

Achega á obra *Todo o tempo do mundo*, de David Pérez Iglesias, que mereceu o Premio Merlín de Edicións Xerais de Galicia no ano 2016. A análise afonda na relación existente entre Ariadna, unha rapaza de case doce anos, e o seu avó Valente, un home para ela descoñecido que fará que descubra a terra na que naceu, así como a problemática do rural no que reside. Trátase da achega a un relato, de necesaria lectura nas aulas galegas, que reivindica o papel da muller e do rural galego.

- Isabel Mociño González, “Lecturas compartidas dun avó que acendo o lume. O caderno de Edua, de Helena Villar Janeiro”, pp. 531-544.

Comentario do relato *O caderno de Edua*, de Helena Villar Janeiro. Analízase esta obra despois de facer un breve repaso por outras creacións da autora nas que ficcionaliza as relacións interxeracionais entre avós e netos. Destácase a relevancia da temática na obra seleccionada e descríbense algunhas das claves da relación entre a protagonista e o seu avó. Conclúese que nesta obra están presentes as recorrencias que caracterizan a produción infantil e xuvenil de Villar Janeiro.

- Olalla Cortizas Varela, “A representación da infancia e a vellez a través das ilustracións da LIX”, pp. 545-562.



A nenez e a vellez, dúas etapas *a priori* contrarias ao ocupar lugares opostos na liña da vida, son motivo de reflexión e interese actual entre moitos artistas de diferentes eidos. Neste traballo préstase especial atención ás súas imaxes. Comézase cunha breve introdución sobre o tratamento que a arte deu a este tema para despois centrarse na análise das ilustracións recollidas nunha relación de libros infantís e xuvenís galegos que tratan esta temática.

**Vázquez Freire, Miguel, *Da Carapuchiña ao señor Lamote. Clásicos da literatura para a infancia e a mocidade en lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Libro X, 2019, 327 pp. (ISBN: 978-84-9121-560-8).**

Volume da autoría de Miguel Vázquez Freire que acolle textos da súa autoría publicados, entre 2006 e 2018, na *Revista Galega de Educación* que edita Nova Escola Galega, movemento de renovación pedagóxica da que Vázquez Freire foi un dos fundadores. Os textos están condicionados polas características da publicación nos que apareceron orixinalmente, polo tanto son de carácter breve e están estruturados segundo a intención de ofrecer información sobre as versións galegas dispoñibles das principais obras clásicas da Literatura Infantil e Xuvenil e xustificar a “revisitación dos clásicos”. Inclúense tamén suxestións para o traballo na aula e faise referencia ás versións cinematográficas realizadas sobre os textos literarios comentados, incluída algunha versión en BD especialmente notábel. Os textos preséntanse seguindo certa serie cronolóxica, aínda que non estrita, na sucesión dos autores e autoras, ordenados estes segundo o ano de nacemento de cada autor/a. Son os seguintes: “Ulises adaptado”, “A nena da carapucha vermella e o lobo feroz. Os contos maravillosos contados por Charles Perrault”; “Brancaleves e a bruxa malvada ou de como os contos para nenos tamén gardan moitas ensinanzas para os pais e as nais”; “Andersen ou de cando os contos tiveron autor”; “De Defoe a Tournier ou de Robinson a Venres”; “Jonathan Swift e a aventura moderna”; “A Bela e a Besta ou a verdade do amor”; “Hoffmann e Busch” “O outro Hoffmann ou o sinistro na infancia”; “Pinocchio ou a educación do neno proletario”; “Alicia ou a nena burguesa”; “Edgar Allan Poe ou o lado escuro da razón”; “Robert Louis Stevenson ou a ética da aventura”; “Charles Dickens: a infancia en tempos de capitalismo salvaxe”; “Mark Twain ou de cando os nenos malos tomaron a palabra”; “Wilde escribe contos aos seus fillos”; “Jack London ou a aventura da vida”; “Peter Pan ou a idealización da infancia”; “Jules Verne ou a aventura como educación científica”; “Henry James ou o terror psicolóxico”, “Viaxe ao maravilloso mundo de Oz”; “Rudyard Kipling ou a saudade da selva”; “O principio ou a reivindicación da infancia”; “Ray Bradbury ou o home que amaba os marcianos”; “María Gripe ou a infancia e os afectos”; “Roald Dahl a favor da infancia e en contra de case todo”, “Maurice Sendak ou o monstros da infancia”, “Manuel António Pina ou de cando os xigantes son ananos e os ananos xigantes”; “Luís Seoane, ilustrador de libros infantís”; “Neira Vilas e Balbino”; “Carlos Casares, a arte de contar” e “Paco Marín debuxante de soños”. Péchase cunha “Cronoloxía” na que se ofrece o nome completo dos autores, a data de nacemento e morte, así como os títulos das súas obras máis destacadas na lingua orixinal.

### **Recensións:**

- Armando Requeixo, “De cando a Carapuchiña bateu co señor Lamote”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.106, 22 setembro 2019, p. 30.

Comenta que fai un repaso por autores e obras senlleiras da LIX mundial e que ten natureza compilatoria para dar a coñecer os clásicos a profesorado e alumnado. Logo enumera obras e autores que se analizan e indica que engade unha “Cronoloxía”, converténdose nun “valioso manual” cunha prosa transparente e “documentadas análises”.

- Mario Regueira, “Os problemas do vello canon”, *Sermos Galiza*, n.º 367, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 10 outubro 2019, p. 6.

Sinala que Xerais vén de publicar a obra *Da Carapuchiña ao señor Lamote* e informa de que se trata dunha especie de historia literaria do eido infantil e xuvenil que se achega á categoría de manual. Apunta que este carácter de manual vese reflectido nas breves biografía de cada autor e na actualidade do propio texto. Tamén menciona que cada capítulo inclúe as posibilidades editoriais que existen en lingua galega para acceder a cada un dos títulos que se recollen.

- Blanca-Ana Roig, “Panorámica de clásicos da LIX en galego”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 outubro 2019.

Apunta a importancia de conformar un aparato crítico investigador, salientando esta obra que recolle unha serie de artigos publicados entre os anos 2006 e 2018 na *Revista Galega de Educación*, nos que se fala de clásicos da LIX universal traducidos e adaptados á lingua galeg. Tamén apunta que ofrece unha bibliografía básica.

- Marta Neira, “A colección Makakiños achega a LIX á nenez autista”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 outubro 2019, p. 40.

Celebra que Kalandraka Editora aposte, cunha iniciativa pioneira, pola divulgación da Literatura Infantil e Xuvenil a lectorado de calquera condición, grazas aos dous primeiros volumes da colección “Makakiños” en galego, que tenta achegar o goce lector á infancia con trastorno de espectro autista. Sinala que esta colección ofrece dous álbums: *A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella* e *Nicolás cociña sen lume*, de Alicia Suárez.

- Xosé García, “Literatura contra o plástico. O premio Merlín de Rosa Aneiros traza unha fábula ecoloxista para a infancia”, *Sermos Galiza*, n.º 368, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 17 outubro 2019, p. 7.

Reflexiona sobre o papel da literatura infantil e xuvenil como motor para a creación de conciencia a respecto das distintas preocupacións sociais e problemas colectivos actuais, sobre todo co que ten que ver coa defensa ecolóxica. A este respecto sinala que *Xelís, o guieiro das botellas de mar* de Rosa Aneiros se erixe como unha fábula ecoloxista para a infancia e repasa algúns títulos de poesía e ensaio dirixidos ao público infanto-xuvenil que siguen esta mesma liña, nomeadamente *Bicos e non balas* de Antonio García Teixeiro e *Da Carapuchiña ao señor Lamote* de Miguel Vázquez Freire.

- Montse Pena Presas, “A historia dun crítico sagaz”, *Tempos Novos*, n.º 270, “Cultura”, “Protexa”, “Ensaio”, novembro 2019, p. 89.

Montse Pena Presas fai unha recensión da obra *Da Carapuchiña ao señor Lamote. Clásicos para a infancia e a mocidade en lingua galega*, de Miguel Vázquez Freire, onde leva a cabo unha análise pormenorizada dos contos e autores que posúen versións ou obras en galego. Non obstante, este ensaio non pretende ser só unha compilación de obras e autores, senón “para axudar ao lectorado a discernir os motivos de que certos textos perduren na nosa memoria colectiva e outros non”, en palabras de Pena Presas. Se ben a autora bota en falta algúns ilustradores e máis ilustracións que acompañen ao ensaio, reconece as virtudes que presenta o libro, coma a capacidade de análise do autor e o seu posicionamento ante certos temas e debates, así coma os novos datos e información que verte ante os clásicos de sobra coñecidos.

#### **Referencias varias:**

- Cuca M. Gómez, “Con hambre de conocimientos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 23 outubro 2019, pp. 59-59.

Entre outras actividades culturais, dá conta da presentación na Casa das Campás desta ollada orixinal á historia da LIX.

- Montse Pena Presas, “Conversa con Miguel Vázquez Freire”, *Tempos Novos*, n.º 270, “Cultura”, “Protexa”, novembro 2019, pp. 86-88.

Montse Pena Presas (entrevistadora) transcribe a entrevista feita ao escritor Miguel Vázquez Freire (entrevistado), trala publicación do seu libro *Da Carapuchiña ao señor Lamote. Clásicos para a infancia e a mocidade en lingua galega*, onde “analiza e profunda sobre esas obras que todas as mozas e mozos deben ter lido -segundo el- antes dos vinteún anos”. Así, Vázquez Freire responde algunhas preguntas relacionadas, principalmente, coas súas múltiples facetas, coas referencias que aparecen no ensaio, coa opinión que ten acerca da lectura dos clásicos (e as súas adaptacións) e da literatura xuvenil nas aulas ou coa valoración persoal que fai do panorama literario infantil actual galego.

- Lourdes Varela, “Miguel Vázquez Freire ‘Brancaleves’ vai alén de calquera mensaxe moral”, *La Opinión*, “Saberes”, 7 decembro 2019, p. 7.

Entrevista a Miguel Vázquez Freire, especialista en literatura infantil e xuvenil e autor da obra, na que fala sobre a “etiqueta” de LIX, sobre a moralexa de *Brancaleves e os sete ananos*, sobre a tradición de contos de princesas orientados a nenas e contos de guerreiros destinados a nenos e na que versa sobre a LIX en galego e os autores pioneiros.

## **VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS**

**Álvarez Ledo**, Sandra, **Carmen Ferreira Boo** e **Marta Neira Rodríguez** (coords.), *Literatura infantil y juvenil y valores educativos: aportaciones de la Escuela CEU de Magisterio de Vigo*, Madrid: CEU Ediciones (Fundación Universidad San Pablo CEU), col. Textual, n.º 2, 2019, 181 pp. (ISBN: 978-84-17385-27-9).

Libro-CD que acolle unha decena de contribucións que, dende diversas perspectivas, se achegan á LIX de diferentes ámbitos lingüísticos e/ou aos valores educativos que esta pode transmitir. A monografía, que respecta o idioma elixido polas persoas que asinan os traballos (hai achegas en castelán, galega e portugués) e que parte dos traballos presentados nas II Jornadas de Literatura Infantil y Juvenil da Escola CEU de Maxisterio de Vigo, divídese en tres grandes bloques de contido: “Aproximaciones teóricas y prácticas” y “Otras contribuciones”, que compoñen a parte impresa da publicación, e “Aportaciones de la Escuela de Magisterio CEU de Vigo a la LIJ”, que acolle en formato electrónico as achegas ao redor dos valores que a LIX pode transmitir, traballos realizados polo alumnado da Escola e profesorado alleo na súa formación á área de Didáctica da Lingua e da Literatura. Nel inclúense achegas teóricas e prácticas da autoría de Fernando Azevedo, Jaime García Padrino, Alba Alonso Feijoo, Alexia Dotras Bravo, Mar Fernández-Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Beatriz Sánchez Hita e, finalmente, de María Teresa Signes, Marcin Kazmierczak, Laura Amado, Amparo Acereda e Luis Mariano Bártoli, á par dun par doutras contribucións de Antonio Rodríguez Almodóvar e Jacobo Fernández Serrano. No último apartado, que se corresponde cos traballos recollidos no CD, inclúense aqueles relacionados con “Cuentos motores y LIJ”, “Experiencias”, “Guías de lectura” e con “Temáticas y autores”, varios deles relacionados coa LIX galega e con obras de autoría galega, como *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros, ou temáticas coma o sobrepeso, as relacións entre irmáns ou a relación entre avós e netos nesta literatura. Entre os traballos relacionados coa LIX galega atópanse no libro impreso os seguintes:

- Mar Fernández-Vázquez, “Apuntes para una panorámica de la Segunda Guerra Mundial en la Literatura Infantil y Juvenil Gallega”, pp. 83- 100.

Apuntamentos para unha panorámica xeral da representación da Segunda Guerra Mundial na LIX galega por medio da análise da produción escrita e traducida ao galego nos xéneros canónicos, e no cómic, dende o século XX ata o XXI, incluído o ano 2014. Céntrase na visión do conflito bélico, nas consecuencias para a nenez e a súa familia, no negocio do volframio, na perspectiva do narrador e na solidariedade entre as vítimas.

- Carmen Ferreira Boo, “As reescrituras dos contos da transmisión oral no álbum infantil en galego”, pp. 101-124.

Aproximación ao álbum infantil e ás reescriturass dos contos de transmisión oral nos catálogos das editoriais Kalandraka e OQO. Primeiramente apúntanse brevemente as estratexias que se empregan a nivel textual e ilustrativo para adaptar os contos orais a álbum infantil para, posteriormente presentar as reescrituras referenciais que se realizan nas coleccións “Os contos do trasno Comodín” e “O”. Ofrécese tamén unha breve análise daqueles álbums que beben dos contos maravillosos.

- Jacobo Fernández Serrano, “Escribir e debuxar”, pp. 179-181.

Breve achega do escritor e ilustrador Jacobo Fernández Serrano á súa maneira de concibir as historias.

### **Recensións:**

- Blanca-Ana Roig, “Unha nova monografía sobre LIX”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 decembro 2019, p. 4.

Celebra a aparición do monográfico *Literatura Infantil y Juvenil y valores educativos*, coordinado por Sandra Álvarez, Carmen Ferreira e Marta Neira. Sinala que se divide en seis apartados que acollen traballos que informan aos mediadores sobre clásicos da LIX, a perspectiva de xénero, os valores, as intelixencias múltiples ou a inclusión. Tamén apunta que os artigos que se achegan á LIX galega están asinados por Carmen Ferreira, que reflexiona sobre a reescritura dos contos de transmisión oral no álbum infantil, e Mar Fernández, que realiza uns apuntamentos sobre a Segunda Guerra mundial na LIX galega.

### VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

**Barreiro**, Manu, “Aventuras en Brigantia”, *Tempos Novos*, nº 267, “Cultura”, “Masa crítica”, “Banda deseñada”, agosto 2019, p. 79.

Recensión da obra *A tumba de Breogán* (2018), de Abel Alves e Esteban Tolj, da que se afirma que é unha banda deseñada, que, sen axustarse á realidade histórica, narra unha historia de aventuras que parte do descubrimento dunhas táboas na Torre de Hércules (A Coruña) que revelan onde se atopa a tumba de Breogán. Coméntase que o ritmo e o estilo cinematográfico do guión, ademais do “estilo sinxelo, (...) de liña clara e relaxada, solta, que é agradable e resolve con eficacia a narración”, do deseño, son algunhas das características mais destacábeis da obra.

**Cousillas Pena**, Paula, “A educación literaria: unha proposta lectora”, *Madrygal*, nº 22, 2019, pp. 123-134.

Paula Cousillas propón, seguindo a metodoloxía da constelación literaria, un plan anual de lecturas (e a conseguinte lista de actividades) para o segundo curso da ESO na materia de Lingua Galega e Literatura, que permite contribuír co “proxecto lector” do centro e que constitúe unha solución á problemática do modelo historicista decimonónico que se segue, xeralmente, no tratamento dos contidos do bloque “educación literaria” do currículo da devandita materia. Nas primeiras páxinas da publicación, a autora fai unha breve introdución acerca da evolución, ao longo da historia, dos múltiples enfoques que houbo e hai na ensinanza da educación literaria. Asemade, tamén fai achegas relevantes de datos relativos á lectura e aos beneficios do seu exercicio, a cuestións do marco legislativo educativo, e, por suposto, á técnica da constelación literaria, que segundo explica Cousillas, consiste na selección, por parte do ou da docente, nunha serie de lecturas que responden a unha temática común elixida e que se desenvolvan en tres elos (un para cada trimestre): “eu”, “nós” e “todos”. A modo de exemplo, a autora propón unha constelación literaria na que a temática principal é a perspectiva de xénero. No elo “eu” sinala títulos como *A cabeza de Medusa*, *Anagnórise* ou *O diario vermello de Flanagan*, entre outros; no elo “nós”, *Memorias dun neno labrego* ou *O segredo da pedra Figueira*; finalmente, no elo “todos”, *A sombra descalza*, *Noite de voraces sombras* ou *Persépole*, entre outros.

**Ferreira Boo**, Carmen, “*Sálvate Elías!* (*Sauve-toi Élie!*, 2003)(Kalakandra 2006)”, *Revista galega de educación*, nº 73, “Recensións”, marzo 2019, pp. 83-84.

Carmen Ferreira achega información sobre o primeiro álbum infantil traducido á lingua galega e publicado no século XXI sobre os efectos da II Guerra Mundial e do antisemitismo. Trátase de *Sálvate Elías!*, unha obra de Elisabeth Brami e traducida por Kalakandra que narra a historia dun neno xudeu, de sete anos, e a súa fuxida de París ao rural para tratar de sobrevivir.

\_\_\_\_\_, “*Fume* (OQO, 2008)”, *Revista galega de educación*, nº 73, “Recensións”, marzo 2019, pp. 84-85.

Recolle información sobre *Fume* (2008), álbum escrito en galego por Antón Fortes e ilustrado por Joanna Concejo e do que se sinala que recibiu unha Mención White Ravens por ser considerado un dos álbums máis fermosos do ano 2009. Coméntase o seu argumento que ten como protagonista un neno anónimo que é levado ao que el percibe como unha casa na que pasa frío e fame, que comparte con moita máis xente, e que non é outro espazo que un campo de concentración.

\_\_\_\_\_, “*Negros e brancos* (Tusk Tusk, 1978)(Kalakandra, 2008)”, *Revista galega de educación*, nº 73, “Recensións”, marzo 2019, pp. 85-86.

Coméntase que *Negros e brancos* é o primeiro álbum de Literatura Infantil e Xuvenil galega do século XXI no que se recrea un conflito bélico ficticio. Dise que se trata dunha tradución ao galego realizada por Paula Carballeira da obra *Tusk Tusk*, de David McKee. Destácase que a obra busca alertar do perigo que supón o racismo por medio dos odios que se profesan dúas mandas de elefantes, onde uns son de cor branca e os outros de cor negra.

\_\_\_\_\_, “*A guerra dos números* (OQO, 2009)”, *Revista galega de educación*, nº 73, “Recensións”, marzo 2019, pp. 86-87.

Dá conta do álbum narrativo infantil realizado polo ilustrador cubano Juan Darién. Lémbrese que foi traducido ao galego en 2009 por María Luísa Núñez Álvarez e que nel se presenta, de forma metafórica, un conflito bélico representado por medio da operación matemática da resta.

\_\_\_\_\_, “*O principio* (Kalakandra, 2012)”, *Revista galega de educación*, nº 73, “Recensións”, marzo 2019, p. 87.

Informa sobre o álbum de Paula Carballeira titulado *O principio*, unha obra da que se destaca o seu comezo *in medias res*. Saliéntase que conta con trazos poéticos e que nela se aborda, dende un perspectiva diferente, o tema bélico mediante a contraposición de imaxinación, tenrura e fortaleza fronte ao horror, drama humano e precariedade.

\_\_\_\_\_, “*A fuxida* (Biblos Clube, 2014)”, *Revista galega de educación*, nº 73, “Recensións”, marzo 2019, p. 87.

Dise que o álbum *A fuxida*, de Berta Dávila, recolle unha historia carente de temor e dramatismo sobre a realidade dos desprazados por mor dun conflito bélico. Destácase que este se observa dende a perspectiva dunha nena pequena que viaxa cos seus pais e o seu osiño de peluche.

**Fernández Rial**, Rosalía e Miguel **Vázquez Freire**, “Para sabermos algo máis. Editoras que conceden atención habitual ao teatro para a infancia e a mocidade”, *Revista galega de educación*, nº 73, “O tema”, marzo 2019, pp. 27-28. e

Ofrécese unha listaxe de editoriais que publican con certa regularidade obras teatrais para público infantil e xuvenil en galego, portugués, castelán, valenciano e francés. No eido galego destácanse Baía Edicións e a súa colección “Barriga Verde”, con obras publicadas como *Pedra sobre pedra* ou *O punto da escarola*, ambas de Xosé A. Neira Cruz; Edicións

Embora, que conta cunha colección dedicada ao teatro na que se teñen publicado títulos como *Espera, Principiño!*, de Carlos Labraña; Editorial Everest, desaparecida en 2015, que publicou obras como *Viva o teatro!*, de José Luis de los Santos; Edicións Fervenza, coa colección de teatro escolar “A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar”, con publicacións como *O achado do Castro*, de Manuel Núñez Singala; Edicións Morgante, con títulos como *Alicia & Alicia*, de Paula Carballeira; Sotelo Blanco, coa colección “A biblioteca do Arlequín”, con publicacións como *Grande invento para saír do aburrimiento*, de Xoán Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández, e Editorial Galaxia e Edicións Xerais de Galicia, sen coleccións específicas para este tipo de textos, pero con publicación ocasional deste xénero.

**Labraña**, Carlos, “30 anos en prol do teatro infantil e xuvenil galego”, *Revista galega de educación*, nº 73, “O tema”, marzo 2019, pp. 22-24.

Recóllese a experiencia persoal de Carlos Labraña, dramaturgo galego especializado en teatro infantil e xuvenil, dende finais dos anos oitenta do século pasado até o momento presente. Labraña explica, dende a súa perspectiva de autor, a situación da escrita, publicación e posterior representación de textos teatrais para público novo en Galicia. O dramaturgo reconece que o panorama teatral mellorou considerabelmente ao longo da súa traxectoria profesional, pero sinala que aínda queda moito camiño por percorrer.

**López Silva**, Inma “Outro teatro infantil é posíbel”, *Tempos Novos*, nº 263, “Cultura”, “Protexa”, “Teatro”, abril 2019, p. 87.

Recensión da obra de teatro *Animal sagrado*, da compañía teatral Aporía Escénica, cuxo tema principal xira ao redor de “África e a súa cultura tradicional (...) os animais coma espazo de pureza natural, como depósito de historias que, no ton da fábula tradicional, guindan ao público unha mensaxe que, nesta ocasión, ten pouco de moralista pero si moito de ecoloxista”. Coméntase que esta obra, se ben de carácter infantil, amárrase aos convencionalismos do teatro máis contemporáneo, onde os límites entre teatro e danza son difusos e a abstracción, o esteticismo escénico ou a imaxe evocadora se presentan con frecuencia no discurso. Por outra banda, sinálase que quedan intactos outros elementos tradicionais do teatro infantil como a vistosidade dos obxectos ou o pracer de contar. Inma López Silva sentencia: “É interesante a proposta infantil de *Animal sagrado* para aquelas familias que desexen fuxir dos consabidos tons comerciais e moralizantes das propostas familiares ao uso”.

**Pena Presas**, Montse, “Literatura dramática infantil galega (2012-2018): camiñar sobre o baleiro”, *Revista galega de educación*, nº 73, “O tema”, marzo 2019, pp. 13-17.

Montse Pena realiza un estudo sobre as diversas tendencias da literatura dramática en galego dirixida a público infantil nos últimos anos, tendo en conta o peso deste tipo de obras no eido editorial, a convocatoria de premios neste ámbito concreto, a nómina habitual dos autores e as diferentes temáticas que son tratadas nestes textos. Conclúe achegando información sobre a escasa produción de literatura dramática xuvenil e da importancia da creación do I Certame de Textos Teatrais Vidal Bolaño para mellorar a situación.



**Ramos Rodríguez, Xosé e Antón Costa Rico**, “Nomes”, *Revista galega de educación*, nº 74, “Panoraula”, xuño 2019, pp. 80-81. e

Faise un recoñecemento a varios persoeiros por diversos logros recentes entre os que se atopa un apartado dedicado á IV Gala do Libro Galego, celebrada en Compostela o día 11 de maio, na que foron premiados o profesor Emilio Insúa, pola súa investigación sobre os irmáns Villar Ponte; Manuel Bragado, polo seu blog Brétema; a Asesoría de Bibliotecas escolares, iniciada por Pilar Sampedro e Cristina Novoa, e Antón Costa, pola dirección da colección bibliográfica “Biblioteca de Pedagogía”, da man da Editorial Kalandraka.

**Vázquez Freire, Miguel**, “Ám@me. Pensar o amor no século XXI”, *Revista galega de educación*, nº 74, “Outras lecturas”, xuño 2019, pp. 88-89.

Informa sobre a obra *Ám@me*, de Chis Oliveira e Amanda Traba, publicada na colección “Feminismos”, da Editorial Galaxia, xunto con *Chámame señora, pero trátame coma un señor*, de Inma López Silva, e *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*, de Carme Adán. Dise que parte da constatación de que o esquema amoroso tradicional está a ser fortemente criticado por ter nado dun sistema patriarcal e trata temas como os mitos relacionados coas relacións amorosas, o individualismo que caracteriza unha sociedade burguesa, o consumismo da economía de mercado capitalista e a forma correcta de dismantelar todo o que contribúa ao “mal amar” para aprender a amar ben e de xeito san.

#### VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

**Ameixiras**, Diego, “Detective contra o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “1.280 almas”, 1 febreiro 2019, p. 6.

Recensión da obra orixinalmente publicada en 1987 por Vía Láctea que a Editorial Xerais quitou de novo do prelo en 2018, *A chave das noces*, de Xabier P. Docampo. Debulla o argumento da historia e afirma que é unha obra coa capacidade para describir certos sectores sórdidos da sociedade sen pretensións moralistas sobre o lectorado.

**Caamaño**, Laura, “A invisibilidade das mulleres na China”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 marzo 2019, p. 4.

Indica que Ánxela Gracián na súa última novela *As voces da auga* (Baía, 2018), VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Meiga Moira 2018, “combina a técnica do monólogo interior da protagonista co diálogo entre os distintos personaxes” para abordar a desigualdade de xénero e a discriminación, venda e explotación da muller. Describe o argumento da historia, ambientada na China comunista de Deng Xiaoping, salientando a protagonista adolescente “que loita por sobrevivir nun mundo de homes”, dando visibilidade ao tráfico de mulleres.

\_\_\_\_\_, “Antoloxía poética con achegas de poetas galegos”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 marzo 2019, p. 4.

Salienta as antoloxías poéticas como *Os dereitos das crianças. Antoloxía poética* (Trinta Por Uma Linha, 2018), do poeta João Manuel Ribeiro, que acolle poemas de dezaoitto poetas portugueses e galegos (Suso Díaz, Alfredo Ferreiro e Antonio García Teijeiro) dos que chega once poemas galegos.

\_\_\_\_\_, “A igualdade entre homes e mulleres no mundo eclesiástico”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 xullo 2019, p. 6.

Sinala que a novela *O ouro das Lúas* (Galaxia, 2018), de Beatriz García Turnes, ambientada na época medieval, é unha historia en primeira persoa “que combina a técnica do monólogo interior da protagonista co diálogo entre os distintos personaxes”. Salienta que se trata a desigualdade de xénero, a discriminación, o sometemento ou a supremacía dos sacerdotes. Resume o argumento da historia, salientando a figura da protagonista adolescente que toma consciencia “da situación de inferioridade e discriminación que sofren as mulleres no eido eclesiástico”.

**Carballo**, Xulio, “A viñeta de Schrödinger”, *Sermos Galiza*, n.º 336, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 28 febreiro 2019, p. 8.

Recensión de *A viñeta de Schrödinger*, revista de banda deseñada comandada por Kiko da Silva. Os autores presentes na publicación son Miguel Robledo, Miguelanxo Prado, Fran Bueno, Kohell, Miguel Porto, Víctor Rivasou e o propio Kiko da Silva, entre outros. Salienta a relevancia da iniciativa e reivindica a importancia de espazos de difusión para a nosa banda deseñada.

**Fernández Vázquez, Mar**, “Berta Mir alcanza a madurez”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 marzo 2019, p. 4.

Sinala que a detective Berta Mir, protagonista da pentalexía detectivesca de Jordi Sierra i Fabra, se mostra “afouta, independente, reservada e crítica coa contorna”. Indica que esta novela presenta un final aberto que se vai desenvolvendo nas seguintes catro entregas e que “Berta colle as rendas da súa vida adulta e racha co “medo, a soidade, a impotencia”.

\_\_\_\_\_, “Unha forma de ensinarlles principios ás cativas”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Indica que a familia protagonista do relato de aventuras *As peripecias de Extravaganzza Pérez* (Xerais, 2018), de Leticia Costas, mostra “un caso singular de familia” que habita en Vila Soño, nunha casa zoolóxica. Resume o argumento que se centra na viaxe nun globo flamengostático cara á Illa das Esculturas da protagonista que desenvolve as “súas capacidades de autoestima, responsabilidade, respecto polo medio, compañeirismo e diálogo cos benefactores animais”. Por último, salienta que é un relato de formación no que se valora a tradición e os costumes identitarios, a relevancia da palabra e “a liberdade de elección e a xustiza poética para as persoas que fan uso da empatía”.

\_\_\_\_\_, “A vida cotiá para persoas con Dano Cerebral Adquirido”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 decembro 2019, p. 4.

Comenta que o relato xuvenil *Iridium* (Galaxia, 2018), de Francisco Castro, aborda por primeira vez na LIX galega o Dano Cerebral Adquirido, converténdose nun “recurso primordial para conectar coa sociedade e para cuestionar e (re)pensar clichés”, a través “dunha linguaxe coloquial, a das conversas informais coas súas amizades”. Xustifica o didactismo dos primeiros capítulos, polo descoñecemento social, e salienta a crítica que fai das redes sociais e “o fluído discorrer da trama asentada na emerxente historia de amor”.

**Ferreira, Carmen**, “Facendo lectores dende o berce”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Indica que Kalandraka Editora acrecenta a súa colección “Acartonados prelectores” con dúas novas obras da autoría de Nadia Budde: *Un, dous, tres, que ves?* e *Un, dous, tres, vampiro ti es*, “dúas divertidas e atractivas historias” con pouco texto e moita imaxe que empregan a estrutura encadeada, o texto rimado e musical e o ritmo e xogo fonético, para ampliar o vocabulario e fomentar “a comunicación, o xogo e a creatividade nos máis novos”.

\_\_\_\_\_, “O rol da muller na literatura de transmisión oral”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 marzo 2019, p. 4.

Anuncia a publicación das *Actas das XI xornadas da Literatura Oral* na revista *Escrita contemporánea*, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), que visibiliza o traballo das mulleres desde a literatura de transmisión oral. Indica que co subtítulo “O rol da muller na literatura de tradición oral” realiza “unha reflexión crítica

sobre o papel que se lle deu á muller na cultura popular”, tratando a imaxe arquetípica na contística, a presenza no refraneiro e a demonización das meigas, entre outras propostas.

\_\_\_\_\_, “Un novo número da revista científica ELOS”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 marzo 2019, p. 4.

Salienta a publicación do número 5 (2018) da revista *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil* do Grupo de Investigación LITER21 da Facultade de Filoloxía da USC que acolle os artigos “Casas-Mapa. Espazos da Memoria”, de Estella L. Freire, sobre a importancia do espazo para a construción da identidade propia; e “Dragal e a reafirmación da identidade” de Isabel Mociño González, no que se describen as características da serie Dragal, de Elena Gallego, “salientando elementos recorrentes como lugares emblemáticos, lendas e tradicións galegas e símbolos identitarios”.

**Gracián**, Ánxela, “Unha novela que visualiza as consecuencias do acoso”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xuño 2019, p. 7.

Indica que a filóloga Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) se achegan ao tema do *cyberbullying* “desde unha perspectiva moi novidosa, a da culpabilidade”, na novela xuvenil *O que sei do silencio* (Xerais, 2018), finalista do Premio Raíña Lupa 2007. Resume o argumento da historia que pousa a atención sobre o acoso psicolóxico, social, verbal e cibernético que sofre a protagonista, a adolescente Delia. Salienta o estilo realista e o “xogo difícil de novela dentro da novela a modo de matrioska [...] sen didactismos nin moralinas”.

\_\_\_\_\_, “Na busca dun sentido á existencia”, *El Correo Gallego*, “domingo”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 agosto 2019, p. 6.

Comenta que *Segredos no solpor* (Xerais, 2018), de Iria Misa afonda nos misterios da adolescencia e no “complicado tema do maltrato de xénero ao tempo que pescuda neses segredos familiares nunca confesados”. Resume o argumento da historia na que a adolescente Mara indaga nos segredos da familia.

**López**, Raquel, “O Corpo de Cristo, BD. Arredor do tabú da enfermidade mental”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 727, “Banda Deseñada”, 10 outubro 2019, p. II.

Indica que *O Corpo de Cristo*, a primeira novela gráfica de Bea Lema coa que gañou o XII Premio Castelao 2017, é unha obra de carácter autobiográfico ao redor da enfermidade mental dunha nai a través dos ollos da filla. Salienta que se trata dunha obra arriscada pola temática, que ten un “estilo gráfico minimalista” bastante naif e que se configura en pequenas historietas que se alternan con imaxes evocadoras. Comenta que sabe transmitir ben a soidade dos personaxes e que ten fluidez narrativa, aínda que se percibe desaxuste nos diálogos e se bota en falta certa profundidade nalgunhas cuestións. Por último, ofrece unha breve biografía da autora.

Navarro, María, “Seducindo a imaxinación. O valor do constraste”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 696, “Libros”, 17 xaneiro 2019, p. VI.

Recensión da obra *A filla do Minotauro*, de Marilar Aleixandre, galardoada co Premio Raíña Lupa. Explica que se trata dunha novela de aventuras que dá conta das andanzas dunha organización clandestina que se dedica a salvar obras de arte. Indica que a obra presenta unha reinterpretación actual da mitoloxía grega, mesturando sensibilidade, con patrimonio cultural e sentimentos de amizade. Loaa a capacidade inherente de recreación da autora e a súa técnica descritiva.

\_\_\_\_\_, “Necesidade da natureza. Coas marcas do pasado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 697, “Libros”, 24 xaneiro 2019, p. VI.

Artigo sobre *Corredoira*, de Robert Macfarlane, Stanley Donwood e Dan Richards, publicado na colección “Vitamina N”, de Factoria K. Explica que o fío condutor da obra se artella en torno a unha corredeira imaxinaria que, lembrando a Roger Deakin, simboliza o retorno da humanidade a retomar de novo o camiño. Salienta que o texto amosa a realidade da necesidade da natureza como factor imprescindible no desenvolvemento humano.

\_\_\_\_\_, “Desexos e realidade. Entre a natureza e a maxia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 699, “Libros”, 7 febreiro 2019, p. VI.

Comentario sobre a reedición do libro *Os ollos do Tangaleirón* (Galaxia, 2018) de X. A. Neira Cruz no que resume o argumento principal do relato e reflexiona sobre algúns aspectos que se viron modificados. En relación ao contido sinala que narra as aventuras que Lena e Abel viven tratando de descubrir a existencia do Tangaleirón, o home das neves que habita nos Ancares. Con respecto ao segundo punto indica que o autor decidiu modificar todas aquelas referencias a aparellos tecnolóxicos que agora están obsoletos.

\_\_\_\_\_, “Picasso entre nós. Un texto que engaiola”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 710, “Libros”, 21 febreiro 2019, p. VI.

Recensión do libro *Pablo e as pombas*, de Marcos Calveiro, publicado en 2018 pola Editorial Tambre. Explica o argumento, no que o autor recrea os anos mozos de Pablo Picasso na Coruña. Salienta o estilo propio do autor e a selección do contido e a forma da obra.

Describe o libro *Os Fantom*, de Patricia Mallo, protagonizado por Fill Fantom, que se presenta dicindo que ten dez anos e que é un fantasma que acompaña o lector nas súas experiencias no mundo dos vivos. Con esta obra, da que María Navarro salienta o seu ritmo áxil e desenfadado e sinxeleza no estilo e na forma, a autora acadou o I Premio de Literatura Infantil Carlos Mosteiro 2018.

\_\_\_\_\_, “Pracenteiro e enriquecedor. Con extraordinario lirismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 705, “Libros”, 21 marzo 2019, p. VI.

Recolle a recensión da historia rimada que presenta as aventuras dun dragón e un sapo, *O dragón Antón e o sapo Rosendo*. Resume o argumento da obrae salienta o xeito de

hilvanar os contidos que remiten á realidade ou á fantasía e tamén a escolla de animais para o establecemento de vínculos emocionais que leven a procesos de concienciación.

\_\_\_\_\_, “Realidade ficcionada. Metáforas e esperanzas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 6 xuño 2019, p. VI.

Recensión de *As voces da auga*, de Ánxela Gracián. Identifica como trazos nos que se asenta o relato o traballo nos arrozais, a procura de sustento, a loita pola supervivencia e a nostalxia. Sobre o estilo da autora, destaca o seu discurso claro, directo e ateigado de metáforas que amenizan a narración e fan deste texto un exemplo de realidade ficcionada suxerinte dun interesante tinte esperanzador.

**Neira**, Marta, “Un novo número e AILIJ”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Anuncia o número 16 do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)* no que se acollen “interesantes traballos interdisciplinares con perspectivas teóricas e metodolóxicas distintas” que tratan do álbum, da recepción literaria, da alfabetización múltiple na aprendizaxe de linguas, da temática da morte, das novelas de internados femininos na LIX de posguerra, da intertextualidade, da tradución e adaptación do terror e da caracterización do libro *pull-the-tab*.

\_\_\_\_\_, “Biblioteca de Pedagogía Kalandraka”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 marzo 2019, p. 4.

Indica que na colección “Biblioteca de Pedagogía” se acaba de publicar *Carta a unha profesora. Textos da Escola de Barbiana*, con epílogo de Carmen Betti e tradución de Carlos Acevedo. Comenta que reflexiona sobre a renovación pedagóxica e a consideración da Literatura Infantil e Xuvenil como “Literatura con Maiúsculas”.

\_\_\_\_\_, “Achegas a lix no Boletín Galego de Literatura”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 marzo 2019, p. 4.

Anuncia a publicación do número 53 do *Boletín Galego de Literatura*, que acolle un traballo de María del Carmen Ferreira Boo vinculado coa Literatura Infantil e Xuvenil, co título “Variabilidade da narrativa de transmisión oral e reescritura: apuntamentos teóricos”, ademais de dúas recensións sobre *Educación literaria y artística: conflictos sociales y bélicos* e *Guerras e conflitos sociais de onte e de hoxe (literatura e arte)*.

**Nicolás**, Ramón, “Fabuloso tributo a dúas pioneiras”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, “Galego”, 25 xaneiro 2019, p. 4.

Recensión do libro *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, sobre o cal afirma que o autor se achega ao lectorado xuvenil cunha proposta fronteiriza co lectorado adulto. Afirma que resolve con pericia o complexo argumento da trama e que a súa narratriva posúe unha salientable forza descritiva. Cualifica o argumento como complexo posto que incorpora varias tramas ensambladas que renden tributo á científica galega Ángeles

Alvariño e á mestra Elvira Bao. Indica que unha desas tramas repousa na intención de realizar un Bestiario, un compendio de animais fabulosos.

\_\_\_\_\_, “Asoma o entroido”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “Ex umbra in solem”, 15 febreiro 2019, p. 8.

Ofrece unha breve recensión sobre o libro *É tempo de entroido*, publicado pola editorial Xerais da man de Ramón D. Veiga e David Sierra, e do que di que é unha sorte de pequena enciclopedia visual e divertida, que visibiliza con efectividade que cobran neste tempo as figuras tradicionais.

**Pena Presas**, Montse, “De bandidos e criminais. Propostas divertidas de lectura”, *Sermos Galiza*, n.º 332, “fóradeserie”, “letras miúdas”, 31 xaneiro 2019, p. 7.

Comenta a temática de *Os Bandiden* (Sushi Books), de Siri Kolu que narra o secuestro da nena protagonista que tende unha ollada crítica do mundo que a rodea. Indica que conta cunha escrita dinámica e fluída e que asegura o riso a través da brevidade dos capítulos e a singularidade dos personaxes neste “road trip moderno”. Por último, recomenda tamén o álbum *Os tres bandidos*, de Tomi Ungerer, que salienta pola “ironía, o xogo cos valores e as icónicas ilustracións”, ademais do diálogo cos contos e a cultura popular.

**Regueira**, Mario, “As froitas”, *Sermos Galiza*, n.º 335, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 21 febreiro 2019, p. 6.

Recensión do poemario infantil *Macedonia de versos*, de Concha Blanco. Sobre os versos da autora, indica que tenden ao eplicativo, incluíndo moita bagaxe cultural en detrimento dun ritmo máis dinámico. Canto ao léxico, identifica que priman escollas léxicas máis próximas ao castelán. Con todo, identifica que a obra destaca nos seus elementos máis relevantes, “a proposta dun xogo dende o que achegarse a realidades básicas e poder aprender de toda a riqueza que gardan insospetadamente dentro”.

\_\_\_\_\_, “O absurdo da guerra”, *Sermos Galiza*, n.º 338, “fóradeserie”, “ao pé da letra”, 14 marzo 2019, p. 6.

Recolle unha breve sinopse da peza *A derradeira bala* (Galaxia, 2018) de Fernando Castro Paredes, informando de que é o texto gañador do I Certame Roberto Vidal Bolaño de Textos Teatrais e apuntado que se trata dunha obra dramática que reflexiona sobre o absurdo da guerra desde unha perspectiva anti-bélica e cun discurso relevante e unha historia agridoce que non esquece o horror do que está a falar.

**Reis da Silva**, Sara, “Outro inventario ilustrado que acolle dinosaurios”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Comenta que *Inventario Ilustrado de Dinosaurios*, de Virginie Aladjidi e Emmanuelle Tchoukriel, ofrece “unha apelativa e fundamentada visión destes seres prehistóricos” cunha “profunda preocupación pola comunicación rigorosa da información” a partir dun

esquema enumerativo e acumulativo. Indica que se trata dun libro divulgativo e informativo de gran calidade que “propón a descuberta de corenta e seis especies de dinosauros”, achegando a especificación da orde e da suborde, a familia e o ámbito anatómico, e que se ilustra a tinta chinesa

\_\_\_\_\_, “Nuevos amigos’. De Tomi Ungerer”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 marzo 2019, p. 4.

Resume o argumento do álbum *Novos Amigos* (Kalandraka, 2018) no que Tomi Ungerer fai “un eloxio da diferenza, da amizade e da arte”. Indica que o rexistro visual segue unha liña expresionista e introduce “moitos elementos, semántica, simbólica e intertextualmente marcados, que propoñen lecturas tan diversas como a crítica ás ditaduras ou a importancia da memoria, mais tamén algunhas chiscadelas cómicas”.

**Requeixo**, Armando, “Plis a intrépida”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1073, 3 febreiro 2019, p. 30.

Logo de facer un repaso pola traxectoria literaria de Toño Núñez, céntrase na súa produción infanto-xuvenil. Comenta que *A gotiña viaxeira* (Fervenza, 2018) é un “produto multiartístico” narrado en verso que se complementa co relato visual de Miguel Anxo Macía, o CD coa narración do autor e Iria Estévez e un audiovisual de Xosé Reigosa; polo tanto, un álbum ilustrado e un libro-cd. Salienta que a obra “suma ao interese literario transparentes valores didácticos” para lingua e ciencias naturais, configurando “unha festa dos sentidos plena de sensorialidade”.

\_\_\_\_\_, “Narrativa zhuang”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1082, 7 abril 2019, p. 30.

Salienta a traxectoria literaria ascendente de Ánxela Gracián, destacando *As voces da auga*, unha novela múltiple de fronteira ou *crossover* de carácter social que trata a anulación da muller na sociedade chinesa. Mais tamén se encadra na novela de aventuras, de sentido (socio)identitario, psicolóxica, de aprendizaxe, lírica, simbólica e incluso trans ou ultrarrealista. Destaca o “excelente retrato de xentes e lugares”, a selección léxica e o dominio estilístico.

**Rodrigues**; Carina, “Da igualdade dos Seres na diversidade humana”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 maio 2019, p. 5.

Sinala que *Cándido e os outros* (Kalandraka, 2018), con texto de Fran Pintadera e ilustracións de Christian Inaraja, foi merecente do XI Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados. Indica que cun cariz filosófico fai un “eloxio á diferenza e á individualidade dos Seres” cunha “forte poeticidade e un sutil humor” e que potencia profundas reflexións, “sobre a identidade e individualidade humana, a diversidade como obstáculo e oportunidade e a liberdade de (auto-)expresión”. Ademais salienta a simplicidade narrativa, a linguaxe plástica creativa, baseada na economía de recursos e no uso da metáfora visual, os referentes culturais e artísticos e a emblemática personaxe voltairiana.



**Roig**, Blanca-Ana, “Un recoñecemento necesario á banda deseñada galega”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Faise eco da publicación da monografía *Os pioneiros da banda deseñada galega (1971-1979)* de Xulio Carballo, na que se achega á banda deseñada dos anos 70 caracterizada pola “autenticidade, experimentación e vangardismo”. Indica que recolle as investigacións da tese de doutoramento *Para unha historia da Banda Deseñada Galega: a narración a través da linguaxe gráfico textual* (UDC, 2015).

**Rozas**, Ramón, “Aprendizaxe”, *Diario de Pontevedra*, “évenres!”, “fin de semana”, p.8/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, , p. 58, “Foguetes verdes”, 25 xaneiro 2019.

Indica que *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa* (Urco, 2018), de Antonio M. Fraga, está cheo de “emocións e valores” e que recupera lecturas de aventuras colectivas, como “Los Cinco” e “Los Hollister”. Salienta o inicio da historia que reflicte como se valoraba a infancia no ámbito rural galego dos anos 30. Indica que se trata dun “libro dentro doutro libro” no que se enguedellan dúas historias “de xeito maxistral”. Ademais valora as ilustracións de Víctor Ribas e o proceso de documentación que tivo que facer o autor desta obra na que se tratan o amor, a amizade, a confianza e os medos.

\_\_\_\_\_, “Diálogo”, *Diario de Pontevedra*, “évenres!”, “fin de semana”, p.8/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 60, “Foguetes verdes”, 22 febreiro 2019.

Sinala que *Paseniño, paseniño* (Xerais, 2018) é unha “xoia literaria e visual” ao redor da poesía de Rosalía de Castro da autoría de Antonio García Teijeiro e Marcos Viso. Indica que os poemas “van da man dos sentimentos, das imáxenes, das percepcións que se acougan no interior da poesía de Rosalía de Castro”, configurando un “itinerario de emocións” cheo de inocencia, que latexa a vida e que conecta de forma directa e limpa co lector. Tamén salienta a “altísima calidade artística” das ilustracións nas que está presente a metáfora, producíndose unha “hibridación de elementos absolutamente engaiolante”, e que lembran as fotografías de Chema Madoz, polo impacto, a mutación de usos do representado e a capacidade da metáfora visual. Finalmente, apunta que se acompaña dun CD cos poemas recitados coa produción musical de Javier Ruiz.

**Salgado**, Daniel, “Sucédense os seus libros póstumos. Neira Vilas após Neira Vilas”, *Sermos Galiza*, n.º 371, “fóradeserie”, 7 novembro 2019, pp. 2-3.

Repara os distintos volumes inéditos coa obra de Xosé Neira Vilas, como é o caso de *De Gres a Cádiz* (Galaxia, 2018) e *Co pai* (Galaxia, 2019), de rexistro memorialístico, editados e prologados por Dolores Vilavedra, quen dá conta da problemática dos traballos de edición e da negación do autor para elaborar as súas memorias, que foi vertendo de forma fragmentaria en diversos libros e publicacións. Xunto a estas obras, apunta a novela *Romaría de historias* (Galaxia, 2015), a reedición ampliada a cargo da editorial Bolanda de *Contos vellos para rapaces novos* (2015), a peza infantil *Quique na aldea* (2016), os contos de mariñeiros de *Os papeis do vello mariñeiro* (2017), a escolma de artigos de prensa *Olladas no camiño* (Ferverza, 2016). Menciona a posibilidade de publicar un

*Derradeiro dietario*, continuador dos diarios éditos *Vinte anos retornando* (Xerais, 2006) e *Penúltimo dietario* (Xerais, 2011).

**Sánchez**, Olalla, “Un desfile de cor para encherse a vivir o entroido”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 1 marzo 2019, p. 4.

Comenta o “saboroso” álbum infantil de “carácter trouleiro” *É tempo de Entroido*, de Ramón D. Veiga e David Sierra, que rende tributo ás figuras carnavalescas galegas. Indica que fai un percorrido en verso por “case vinte dos personaxes máis senlleiros do entroido galego” a modo de “guía visual”. Sinala que cada “breve e enxeñoso texto rimado”, que “participa da ironía, humor e ton festeiro que rezuman as escenas”, se acompaña de ilustracións “de gran forza cromática e potencia visual”. Por último, sinala que na web da editorial se ofrecen varias propostas lúdicas que complementan o álbum.

\_\_\_\_\_, “A literatura infantil segue de festa e ten unha morea de razóns”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 17 maio 2019, p. 1-2.

Indica que a Literatura Infantil e Xuvenil galega vive unha época de eclosión cunha importante canteira de lectores, unha crecente proxección internacional, unha boa nómina de escritores recoñecidos e “unha ampla e diversa produción”. Repasa os títulos infantís dedicados ao homenaxeado das Letras Galegas, como as biografías *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*, de Héctor Cajaraville e *As vidas de... Antonio Fraguas*, de Xosé A. Neira Cruz; o proxecto musical de Xoán Curiel *canta miña pedra, canta*, que incorpora cantigas tradicionais e pezas modernas; e o relato de banda deseñada *A detective Peregrina e o insólito caso Antón Fraguas*. Tamén apunta as novidades do mes de maio, como *Conta nove estrelas*, de Andrea Maceiras, Premio Lazarillo 2018, unha “imaxinativa aventura de ciencia ficción, e de crecemento persoal” para reflexionar sobre a tolerancia e diversidade; a reedición de *Unha pantasma branca*, de Fina Casalderrey, que “actualiza o tratamento humano de certas especies”; e o “humorístico e orixinal relato” *Quokka Moka*, de María Solar, unha “fábula de superación co transfondo do respecto aos demais”. Ademais salienta a recuperación de clásicos da man de Kalandraka, que publica *Cornelio* e *O pirata valente*, e Xerais, que relanza *A guerra dos botóns*. Por último, deita a ollada sobre as novidades de álbums, caso de *Benxamín, o cachalote que quería ser golfiño* e a fábula contemporánea *Coidado coa charca!*, e do sector musical, con *A nena e o grilo máis aló*, de Magín Blanco.

**Senra**, Raquel, “Un bálsamo de versos a converter en trending topic”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 3 marzo 2019, p. 4.

Indica que *Aplicación instantánea*, de Carlos Negro, gañou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil. Comenta que é unha colección de poemas nos “que xoga coa linguaxe e a riqueza das palabras, que emprega a forza xusta da sintaxe para provocar a reflexión e que tende a man para falar das emocións”, abrindo un vteiro para que a xente nova conecte coa literatura a través da poesía. Comenta que o autor se mergulla na realidade pragmática que lle toca vivir, “simula as canles nas que navegan e a mensaxe chega directa ao público receptor en forma de *post* ou *stories*”.

**Vezzaro**, Giulia, “Unha verdadeira riada desbordante de imaxinación”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 27 xaneiro 2019, p. 4.

Analiza *A porta dourada* (Xerais, 2018), de Xelis de Toro, obra que fora publicado por primeira vez na colección infantil e xuvenil de Sotelo Blanco Edicións no ano 1998. Comenta o seu argumento que ensina a loitar pola felicidade, ademais da importancia da literatura oral e do idioma. Sinala que nesta edición os debuxos son de Pablo Rosendo, quen crea “viñetas intensas e rechamantes” que “reflicten a expresividade e a fisionomía dos personaxes”.

\_\_\_\_\_, “Cando a música acompaña a memoria histórica”, *El Correo Gallego*, “ECG”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 xullo 2019, p. 6.

Salienta que *Música no faiado* (Xerais, 2018), de Miguel Ángel Alonso Diz conta a historia dos irmáns Lucía e Miguel, que investigan sobre o pasado da súa familia. Indica o tratamento de temas “como a emigración, a Guerra civil e as súas consecuencias e a importancia de salvagardar a memoria histórica (...), a represión, o racismo ou a historia da música no século XX”. Apunta que os debuxos son de Laura Tova.

**Vieites**, Manuel, F. “A derradeira bala. Unha trágica parodia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 705, “Teatro”, 21 marzo 2019, p. VIII.

Fai unha breve traxectoria profesional de Fernando Castro Paredes, gañador do Certame de Textos Teatrais Roberto Vidal Bolaño, que se dedica ao teatro educativo co colectivo Tuéjele Teatro desde o IES Fernando Blanco e con Farándula Velutina da Asociación Cultural As Nove Musas de Corcubión, promovendo un “ocio activo e creativo entre mozo e mozas”. Tamén lembra outras iniciativas teatrais desenvolvidas nesa zona, como a Mostra de Teatro de Talía Teatro e o obradoiro de teatro de monecos realizado por Artur Trillo no Colexio Eugenio López. Logo, comenta que a peza *A derradeira bala* trata o tema da guerra cunha ollada traxicómica, lembrando obras precursoras, e que presenta cinco personaxes que malviven nunha trincheira, para mostrar o lado “máis trágico da existencia”. Indica que a peza traslado ao lector preguntas sobre a convivencia humana, a paz e a guerra.

## **VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS**

**Abelenda**, Ana, “Libros para empezar el año con buen pie”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 11 xaneiro 2019, p. 7.

Entre as propostas literarias para comezar o ano, salienta a segunda entrega *Pippi Embarca* de Astrid Lindgren.

**Aldán**, Clara, “Pan, chocolate y huevos ‘de casa’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 23 xaneiro 2019, p. 15.

Entre outras actividades, informa da presentación de *O bestiario científico de Anxos Nogueira*, de Antonio Manuel Fraga.

\_\_\_\_\_, “Maia, la tercera nieta de ‘miLores’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 24 marzo 2019, p. 17.

Entre outras cuestións, informa do acto inaugural do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, coordinado por Eva Mejuto.

\_\_\_\_\_, “Cuidado con el ‘leira a leira’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “A praza da verdura”, 16 maio 2019, p. 24.

Indica que se celebrará o Día das Letras Galegas en Pontevedra con catro dos seus escritores preferidos: Leticia Costas, Iria Collazo, Arantza Portabales e Pedro Feijoo.

**Balsameda**, Rubén, “Estefanía Padullés está en Biblos presentando su álbum ilustrado”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 24 maio 2019, p. 28.

Indica que Estefanía Padulles presenta na librería Biblos o 24 de maio o seu último álbum ilustrado *A manchas ou a raias?*.

\_\_\_\_\_, “Soños de Papel celebra hoy su primer año con fiesta y cuentacuentos”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 25 maio 2019, p. 18.

Informa do contacontos “Un león dentro” que se celebra na librería Soños de Papel. Anuncia dentro do plan de animación lectora a presentación de *Basilicamente. As maravillosas ideas do señor Basilio* na Biblioteca Isidro Novo.

\_\_\_\_\_, “Leticia Costas ofreció una charla a alumnos del instituto Sanxillao”, *El Progreso*, “Lugo”, “Mira Lugo”, 31 maio 2019, p. 18.

Informa do faladoiro da escritora no instituto de Sanxillao.

**Becerra**, Marta, “La imaginación triunfa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 25 xaneiro 2019, p. 9.

Informa dos galardoados nas distintas categorías do certame de poesía navideña da Biblioteca Nodal de Lugo.

\_\_\_\_\_, “Pasos contra el cáncer”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 15 febreiro 2019, p. 11.

Entre outras actividades, informa da representación solidaria de *Pode ser calquera*, da asociación Charamela

\_\_\_\_\_, “Presentación de un libro sobre la infancia trans”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 16 marzo 2019, p. 13.

Informa da presentación na librería trama do álbum infantil ilustrado *Piratas no recreo*, editado por Belagua Edicións, que aborda como tratar a realidade nas aulas.

**Bouzas**, Belén, “Adictas ao cartoné”, *Sermos Galiza*, “fóra de serie”, n.º 376, “letras miúdas”, 12 decembro 2019, pp. 6-7. .

Nun artigo sobre as últimas novidades de álbums ilustrados de cara ao Nadal, menciona *O can de Milú*, con texto e ilustración de Mariann Máray vertido ao galego por Manuela Rodríguez; *A que cheiran as cores?*, de Juan Castro Rivadulla Fernández e con ilustracións de Nuria Díaz; *A araña que lles tiña medo ás arañas*, de Ramón D. Veiga con ilustracións de Iván Rodríguez Castro; *Noite de Reis*, de María Fe Quesada; e *O Castiñeiro do Apalpador*, de Inácio Vilariño Sanmartín e con ilustracións de Nuria Díaz.

**Campo**, Marica, “Do encoro ao coro”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/*El Progreso*, “Opinión”, p. 15, “A tecelá en outono”.

Con motivo da realización e paralización do encoro en Navia de Suarna, lembra a Toño Núñez, quen organizou un acto poético e musical reivindicativo.

**Carballo**, Xulio, “Navarro, precursor da BDG”, *Sermos Galiza*, n.º 348, “fóradeserie”, “Da banda de acolá”, 30 maio 2019, p. 8.

Comentario da publicación do autor madrileño J. Navarro, que en 1947 comezara a publicar en galego as tiras *Cousas de Ugenio* para *El Correo Gallego*.

**Fraga**, Antonio Manuel, “O Hayao, Agustín e un señor de Providence”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Crítica”, “A outra mirada”, “A firma invitada”, 15 febreiro 2019, p. 8.

Estuda a presenza de elementos lovecraftianos na literatura galega a través de figuras como Agustín Fernández Paz ou Xabier P. Docampo. Céntrase, sobre todo, na persoa de Agustín e volve relacionalo cun autor de latitudes moi dispares, neste caso o xaponés

Hayao Miyazaki, afirmando que a obra destes dous creadores partilla ingredientes moi forentosos, como a fascinación pola memoria ou a revisión dos roles de xénero.

**Flowers**, Margarito, “Novela y bestiario científico”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 29 xaneiro 2019, p. 56.

Entre outras iniciativas culturais, informa da presentación da obra *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de Antonio Manuel Fraga, que obtivo o I Premio María Victoria Moreno.

**García**, Montse, “Antonio Manuel Fraga”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Publicaciones”, 1 febreiro 2019, p. L7.

Informa sobre a presentación de Antonio Manuel Fraga, que presentará a publicación da súa obra *O bestiario científico de Anxos Nogueira*.

\_\_\_\_\_, “Baldo Ramos y Pere Tobaruela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Libros”, 28 febreiro 2019, p. L10.

Indica que Baldo Ramos presentará o seu poemario *Palabras sen ninguén / Palabras sin nadie* (2018), acompañado de Pepe Cáccamo, en Chan da Pólvora. Ao día seguinte, Pere Tobaurela presentará no Museo Rosalía de Parón *Auga e lume* (2018), obra gañadora do Premio Meiga Moira

\_\_\_\_\_, “Pere Tobaruela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Otros actos hoy”, “Libro”, 1 marzo 2019, p. L9.

Dá conta da presentación de *Auga e lume* de Pere Tobaruela, gañador do Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil. Destácase que haberá unha actuación de Ona Tobaruela.

\_\_\_\_\_, “Cuentacuentos y talleres en la campaña de animación a la lectura”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Letras”, 26 marzo 2019, p. L9.

Informa da campaña de animación á lectura do Concello de Santiago, na que salienta a exposición sobre a última edición do Premio Compostela e as actividades para escolares, como contacontos, obradoiros e visitas. Por último, lembra o prazo de presentación da nova edición deste galardón.

\_\_\_\_\_, “Cantos e teatro de aperitivo para o Banquete de Conxo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Recreación”, 3 maio 2019, p. L10.

Informa sobre as actividades que se celebrarán no Banquete de Conxo que se celebrará este ano, emulando á xuntanza realizada en 1856. Destácase a inclusión dunha breve representación teatral así como un obradoiro de cantos de taberna.

\_\_\_\_\_, “Cuentacuentos por el Día del Celiaco”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Vida social”, 28 maio 2019, p. L10.

Indica que As Cancelas organizou unha sesión de contacontos polo Día do Celiaco na que se lle regalou aos asistentes o libro *Uxío é celiaco*

\_\_\_\_\_, “Charo Pita”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Publicaciones”, 23 novembro 2019, p. L9.

Anuncia a presentación de *No país do vento*, de Charo Pita na librería Lila de Lilith.

\_\_\_\_\_, “Música, contacontos, xogos e teatro na Festa do Apego”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “En familia”, 13 decembro 2019, p. L10.

Entre as distintas actividades, informa de terceira edición da Festa do Apego, na que haberá contos, música, xogos e outras propostas.

**Gómez**, Cuca M., “Hoy puede ser un gran día”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Literatura”, 19 xaneiro 2019, pp. 62-63.

Entre outras actividades, informa da presentación na librería Cronopios de *O bestiario científico de Anxos Nogueira*, na que participará o autor Antonio Manuel Fraga, o ilustrador Víctor Rivas e a editora Andrea Jamardo.

\_\_\_\_\_, “Bufonadas para el cuerpo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 10 febreiro 2019, pp. 70-71.

Informa da presentación do cómic *Intraterra* un traballo colectivo de O Garaxe Hermético no Arquivo Provincial

\_\_\_\_\_, “Emocionada con nuestro viaje”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Educación”, 17 abril 2019, pp. 58-59.

Entre outras actividades, informa da sesión de contacontos “Mario pensaba que o galego non servía para nada” de Polo Correo do Vento na Casa Azul, dentro do programa Apego.

\_\_\_\_\_, “¡Quiero ser triatleta!””, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, “Poesía”, 28 abril 2019, pp. 62-63.

Entre outras cuestións, comenta a festa infantil de poesía do alumnado de Kairós Aulas de Aprendizaje, presentada por Fina Casalderrey.

\_\_\_\_\_, “Tiempo de sol y música”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 11 xullo 2019, pp. 58-59.

Informa da presentación dos proxectos de fin de curso do alumnado do Curso Profesional de Banda Deseñada de Garaxe Hermético, con Kiko da Silva ao fronte, que valorará os cómics e outorgarase un galardón con contrato e edición da obra en Retranca Editora.

\_\_\_\_\_, “Reflexión entre burbujas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 9 novembro 2019, pp. 58-59.

Recolle que o escritor Fran Pérez mantivo un encontro co alumnado do IES Sánchez Cantón sobre *Cabalos e loobos* (2015).

\_\_\_\_\_, “De conferencias y mesas redondas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 20 novembro 2019, pp. 62-63.

Salienta a conferencia “Concibir un paxaro: a creación literaria para as aulas de Infantil” a cargo da escritora Tamara Andrés, na que realizou un obradoiro literario sobre a creación de historias.

**Gómez Dorrego**, Chus, “O meu boli rosa”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Non tes tu fe”, 5 febreiro 2019, p. 16.

Con motivo da publicidade dunha calculadora de Casio de cor rosa, dirixida ás mulleres, lembra a obra *Rosa Caramelo*, de Adela Turín que conta a historias dunhas elefantas que se rebelan contra a tiranía desá cor.

\_\_\_\_\_, “Meniña gaiteira”, *Diario de Pontevedra*, “Y Además”, “Non tes tu fe”, 5 marzo 2019, p. 16.

Reproduce unha adaptación do pomea “O inverno”, recollido no libro *As catro estacións* (Galaxia, 2010) de Antonio García Teijeiro. Explica que esta versión en feminino foi feita polas profesoras de infantil do centro escolar no que estuda a súa filla e continúa o artigo falando da educación feminista dende o sistema educativo.

**Jaureguizar**, Santiago, “Temos un embigo cativo, pero precioso”, *Diario de Pontevedra / El Progreso*, “Táboa Redonda”, n.º 209, 8 decembro 2019, p. 8.

Entre outras reflexións persoais, recolle unha anécdota que lle contou Paco Martín cando lle falou de que *As cousas de Ramón Lamote* foi traducido ao español e ao inglés polo Departamento de Defensa estadounidense coa intención de que os soldados latinos lesen literatura, e que tiveron dificultades para trasladar a palabra “chairego”.

**M. Piñeiro**, Xosé, “O trapecista de Bemposta”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “O son do Piñeiro”, 6 abril 2019, p. 53.

Fai lembranza da presentación de *O trapecista da Malla de Rombos*, de Alberto Canal na Cidade dos Muchachos; e doutras iniciativas culturais, como o Museo da Asociación Cultural Padre Silva.



**O. B.**, “Las tribulaciones de un vikingo en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Visado”, n.º 892, “Cómics”, 28 xuño, p. 8/ *La Opinión*, “Saberes”, “Cómic”, 13 xullo 2019, p. 5.

Indica que *Ulf de Jakobsland* (Xerais, 2018), de Alberto Varela Ferreiro, reflicte a presenza dos vikingos en Galicia na figura deste personaxe que fixo o Camiño de Santiago. Comenta que o cómic se acompaña dun útil glosario e unha bibliografía

**Outeiro**, Mario, “As voces da auga’ de Ánxela Gracián”, *El Progreso*, “Opinión”, “Tribuna política”, 29 marzo 2019, p. 32.

Informa da presentación, no Vello cárcere de Lugo, da última novela de Ánxela Gracián, *As voces da auga*, gañadora do VIII premio Meiga Moira de Baía. Aproveita a alusión ao evento para repasar a traxectoria desta autora, facendo referencia ao poemario *Paisaxes de pan* (2013) e ao libro-homenaxe *Doce cartas a María Victoria Moreno* (Hércules Editorial, 2018), e para facer unha recensión da súa última publicación.

**Rodríguez**, S. / **Bugallal**, I., “La pionera gallega del fútbol femenino”, *Faro de Vigo*, “estela”, “Reportaje”, 24 marzo 2019, p. 6.

Faise unha semblanza biográfica de Irene González Basanta, considerada a primeira muller futbolista de España, como recolle Anaír Rodríguez en *Pioneiras* (Xerais, 2018).

**Rozas**, Ramón, “A revolución xa ten 20 anos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Saga/Fuga”, 22 marzo 2019, p. 16.

Lembra os vinte anos do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que nesta edición trata de provocar unha gran revolución colectiva. Detalla as actividades que se realizarán para fomentar a lectura na infancia e a homenaxe á lusofonía e a Antonio García Teijeiro.

\_\_\_\_\_, “Revolución”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Foguetes verdes”, 6 abril 2019, p. 82.

Comenta a vixésima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que se dedica á temática da Revolución e que homenaxea a Antonio García Teijeiro. Ademais describe e salienta a súa decoración e as distintas actividades organizadas, como obradoiros, contacontos e espectáculos teatrais.

**Vila**, Sara, “A pegada do mestre”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y Además”, “Ventureiras”, 24 outubro 2019, p. 14.

Lembra os primeiros versos de Rosalía co traballo que facía na escola de desciframento, ademais da emoción e paixón pola literatura que se contaxiaba entre o alumnado e a pegada emocional que deixan os bos mestres.

## VII.5.6 .PUBLICACIONES EN XORNAIS: ENTREVISTAS

**Abelenda**, Ana, “Marilar Aleixandre. ‘O que me gusta é ir polo monte’”, *La Voz de Galicia*, “Muy de cerca”, 11 xuño 2019, contracuberta.

Entrevista a Marilar Aleixandre na que, entre outras cuestións, explica o uso do galego e o castelán; a disputa entre a Bioloxía e a escritura, aínda que en *Abecedario das árbores* cada poema é unha letra do alfabeto celta e é unha árbore; e a reescrita que realizou en *A filla do minotauro*, así como o coñecemento de clásicos como *A Ilíada* e a problemática das mandas que xa anticipa en *A cabeza de Medusa*.

\_\_\_\_\_, “David. A. Álvarez. ‘Pippi parece ao Quixote, son dous tolos que buscan a xustiza universal’”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “A la última”, 20 decembro 2019, p. 12.

Entrevista a David A. Álvarez, tradutor ao galego de *Pippi Mediaslongas nos mares do sur*, quen explica os motivos que o levaron a traducir directamente esta obra e algunhas cuestións lingüísticas, como a esollida do topónimo Vilapenela. Tamén considera a Pippi unha nena empoderada, sen prexuízos e independente “dunha maneira lúdica e optimista” que fixo moito polo feminismo e a igualdade e que foi unha revolución no contexto da época, salientando o seu hedonismo, a busca do lado positivo da vida, a liberdade e o optimismo que reflicte.

**Almodóvar**, María, “O debuxante Kiko da Silva colle a testemuña do humor de Salas”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 24 xullo 2019, p. 45.

O debuxante Kiko da Silva explica os motivos polos que colabora co xornal con viñetas humorísticas, recollendo a testemuña de Salas. Sinala que a súa traxectoria se basea no traballo e que seguiu os consellos de Xaquín Marín, Siro, Pepe Carreiro e Miguelanxo Prado, salientando proxectos como O Garaxe Hermético que contribúe a mellorar a BD galega. Logo explica a complexidade que supón facer humor gráfico e o que achega na sección “A silveira”, viñetas cun debuxo coidado con base na cor laranxa do álbum *Nós de Castelao* que deitan unha ollada crítica sobre a realidade cotiá. Finalmente reivindicando o xornalismo de investigación e con opinión e análise para conservar a prensa diaria en papel.

**Calveiro**, P., “É moi complicado vivir da cultura”, *La Voz de Galicia*, “Compostelanos en su rincón”, 10 xuño 2019, contracuberta.

O músico Paco Nogueiras lembra a súa infancia en Conxo, a creación da asociación cultural Arco da Vella, o debut como gaitero nas festas, a pertenza ao grupo de teatro Os Quinquilláns, os inicios como compositor e as actuacións realizadas con *Brinca vai!* e *Radio Bule Bule*

**Fernández**, Elisabet, “Avelino Jácome. ‘A Galicia interior e os nenos de aldea merecen unha homenaxe’”, *La Región*, “Ciudad”, 31 xaneiro 2019, p. 15.

Con motivo da presentación no Liceo de *As andrómenas e outros contos*, libro autobiográfico, o autor Avelino Jácome explica que se trata dun relato da infancia ao redor da emigración, abordada de forma melancólica, na que se homenaxea aos nenos da aldea.

**López**, Belén, “Anémona del Río ‘Gústame rir das cousas da vida’”, *Diario de Pontevedra*, “A última”, 23 decembro 2019, contracuberta.

A debuxante Anémona del Río explica o xermolo e o título de *A proba da auga*, Premio de Banda Deseñada O Garaxe Hermético, no que achega contidos científicos de forma divertida e intrigante a través dunha moza protagonista, ao igual que en *Tam*. Tamén explica as influencias do manga no debuxo, a falta de visibilidade das creadoras, o proxecto de continuidade de *Tam* e a importancia de terse formado na escola O Garaxe Hermético.

**Lopo**, Mónica L., “Descoñecido Ourense”, *La Región*, “Vida”, n.º 2.398, “En confianza”, 9 xuño 2019, pp. 2-3.

O autor de *O segredo das Burgas*, Andrés Pombo, comenta que se inspirou en datos reais e en lendas de meigas e demos, empregando o *Diccionario dos seres míticos galegos* e visitando o Centro de Interpretación das Burgas para documentarse. Logo explica a maxia que conteñen as Burgas e os ingredientes do seu libro para atrapar o lector: misterio, referencia a lugares coñecidos, acción, drama e humor. Finalmente apunta que está a escribir a segunda parte.

**Otero**, Selina, “Francisco Castro. ‘Quen falla non é a escola, é a sociedade; hai un claro divorcio’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Educación”, n.º 395, “Lecturas emocionantes”, 18 xuño 2019, p. 7.

Logo de apuntar o tema de *Iridium*, o autor fala sobre as consecuencias físicas do Dano Cerebral Adquirido, doenza que sofre a protagonista da obra; a imprevisibilidade da vida que se reflicte, o costume de etiquetar ás persoas e a perda de valores.

**Palomanes**, Paula, “Cándido Paniagua Pousa. ‘Me gusta la magia de la lagoa y el misterio de cidade de Antioquía’”, *La Región*, “A Limia”, “Personaje del día”, 30 xaneiro 2019, p. 25.

Conversa co novelista sobre a súa obra, na que comenta como xurdiu a publicación do seu primeiro libro, aquilo que destacaría da historia, a elección do xénero policíaco e se volvería a situar unha futura novela na Limia.

\_\_\_\_\_, “Javier Domínguez Pérez. ‘La serra de san Mamede es la gran desconocida en Ourense’”, *La Región*, “A Limia”, 29 setembro 2019, p. 34.

Entrevista a Javier Domínguez Pérez, autor de *Naturizo*, sobre a idea desta colección de libros ambientada na Serra de San Mamede e sobre a función educativa das obras, que

veñen acompañadas de cadernos de actividades, manualidades e exercicios de comprensión. Fai alusión tamén *Onde está lusco*, obra na que unha cría de lobo se extravía e que fomenta valores como a amizade, o respecto polo medio ambiente e o compañeirismo.

**Salgado**, Daniel, “Leticia Costas. ‘A literatura ten que axudar a comprender a sociedade en que vivimos’”, *Sermos Galiza*, n.º 350, “*fóradeserie*”, 13 xuño 2019, pp. 4-5.

Entrevista a Leticia Costas, na que fala sobre a súa última obra, *Infamia* e sobre a súa traxectoria na literatura infantil e xuvenil, na que adoita prevalecer o compoñente fantástico, fronte ao estilo realista da súa narrativa para adultos.

**Varela**, Lourdes, “María Solar. ‘A miña patria está na fantasía, na invención en ser soñadora’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Entrevista”, 28 marzo 2021, p. V.

Entrevista a María Solar logo de publicar *Quokka Moka*, o seu novo libro destinado a público infantil. Fala sobre a mensaxe que pretende transmitir, sobre a que ten nela pegada a literatura infantil, sobre os prexuízos asociados a este xénero.

**Viqueira**, Julia, “Kiko da Silva ‘Temos unha industria feble e os índices de lectura non axudan a que se fortaleza’”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 17 xullo 2019, p. 10.

O director de O Garaxe Hermético explica a situación que viven os debuxantes galegos e españois, centrados na tradución das súas obras e na busca de mercado internacional. Indica que a nivel creativo estase nun bo momento, mais aínda non se recuperou a nivel económico, xa que hai unha industria feble e baixos índices de lectura. Sinala que a banda deseñada para adultos está normalizada, mais hai que centrarse en producir para a infancia. Tamén explica o proxecto no que está a traballar, un relato de ciencia ficción cotiá que bebe de lendas, para descubrir o marabilloso que é o mundo.

## VII.5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. P., “Davila y Gogue arrancan sonrisas en Redondela”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, “Redondela. Soutomaior. Pazos de Borbén. Fornelos de Montes”, 11 maio 2019, p. 12.

Comenta a inauguración dunha exposición do Faro de Vigo que leva a Redondela as mellores viñetas dos distintos humoristas gráficos que colaboran con este xornal, con especial atención a Luis Davila e Gogue.

Abascal, María, “Os Bolechas conciencian sobre a xestión dos residuos electrónicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 xuño 2019, p. 33.

Informa do programa de sensibilización en materia de reciclaxe de residuos de aparellos electrónicos e eléctricos en 24 dos concellos máis poboados de Galicia. No marco desta campaña, Os Bolechas percorreron xa 350 colexios de educación infantil e primaria de toda Galicia proponendo actividades de concienciación.

Abelenda, Ana, “Galicia non se entende sen Valle”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 24 maio 2019, pp. 1-3.

Nun artigo sobre Valle Inclán, fai alusión á obra *A cabeza do dragón*.

\_\_\_\_\_, “¿Qué van a leer este verano?”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 28 xuño 2019, pp. 1-2.

Seis autores escollen tres títulos cada un como recomendacións literarias para ler no verán. Inma López Silva recomenda, entre outros, *O último barco*, de Domingo Villar. Entre os elixidos por Domingo Villar están *The making of*, de Xavier Alcalá. Amador Castro recomenda *Infamia*, de Leticia Costas e *Scórpido*, de Ricardo Carvalho Calero. Antía Yáñez selecciona *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de Antonio Manuel Fraga, *Marafariña*, de Miriam Beizana Vigo e *Feminismos na literatura infantil e xuvenil en Galicia*, de Montse Pena Presas. Rosa Aneiros amenta *Todo isto antes era noite*, de Lucía Aldao e *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas. Pola súa parte, Héctor Cajaraville, recomenda, entre outros *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis e *O último barco*, de Domingo Villar.

\_\_\_\_\_, “Monstruos que se ‘comen’ a los niños”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Libros”, 20 decembro 2019, p. 4.

Repasa as novidades editoriais que teñen os monstros como protagonistas, caso de *El monstruo de colores*, de Anna Llenas, e *Los monstruos también lloran*, de Guillaume Duprato, que axudan a identificar as emocións; o álbum clásico *Onde viven os monstros*, que é unha viaxe á imaxinación; a colección de humor *Agus y los monstruos*, o libro de coñecemento *El gran libro de los monstruos*, de Pau Clua; a historia sobre diversidade

*Monstro Rosa*, de Olga de Dios, a historia de medo *O grífalo*, e finalmente *¡Fuera de aquí, horrible monstruo verde!*, de Ed Emberley.

**Arias**, Cristina, “A biblioteca de Vilalba recibirá 7.000 libros da colección de Fernández Paz”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 agosto 2019, p. 15.

Indica que a biblioteca municipal de Vilalba recibirá unha doazón de 7000 libros da colección persoal do escritor Agustín Fernández Paz e que o Concello habilitará unha sala para estas obras, que se poñerán a disposición da veciñanza.

**B. Y.**, “A Illa celebrará as Letras con dornas, a historia do Céltiga, encontro de corais e sesións de teatro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 3 maio 2019, p. 12.

Recolle a programación posta en marcha polo Concello de A Illa de Arousa para celebrar o mes das Letras Galegas, informando da posta en escena de diversos espectáculos para o público familiar, actuacións de grupos corais ou presentacións de libros.

**Baena**, Ana, “A cor violeta conquista a literatura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 18 febreiro 2019, p. 9.

Artigo sobre o feminismo presente na literatura, no que amenta o libro destinado a lectorado xuvenil *A balada dos unicornos*, escrito por Leticia Costas.

**Becerra**, Marta, “El cómic cuenta cómo fue la historia”, *El Progreso*, “Lugo”, 5 maio 2019, p. 11.

Faise eco da programación de banda deseñada histórica en Lugo, que inclúe un faladoiro de Miguel Fernández, un obradoiro de debuxo de personaxes medievais de Víctor Boullón e un contacontos de Avelino González.

**C. G.**, “Os estudantes son lectores moi curiosos e non lles dá vergoña perguntar”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 27 marzo 2019, p. 11.

Comenta o encontro de Marcos Calveiro co alumnado do IES A Xunqueira I no que presentou a súa novela *O xardiñeiro dos ingleses*, Premio García Barros 2017.

**C. M.**, “A Axencia de Lectura de Meiro comentará o último de Antonio M. Fraga”, *Diario de Pontevedra*, “Marín. O Morrazo”, 20 xaneiro 2019, p. 23.

Apunta que no novo club de lectura se comentará *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, de Antonio M. Fraga, I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil.

**Castiñeirras**, Sofía, “Os Bolechas ‘comen’ sen glute”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 abril 2019, p. 39.

Anuncia a publicación dun novo conto dos Bolechas *O oso celíaco de Sonia* para achegar esta enfermidade á cativada de forma amena e divertida. Indica que colaboran a Asociación de Celíacos de Galicia e Mercadona coa editorial Bolanda para editar 1000 exemplares

**Castro**, Raquel, “Trátase de entender que cada un é dono da súa vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da educación*”, n.º 393, “Lecturas emocionantes”, 21 maio 2019, p. 7

Resume o argumento da peza teatral *A formiga fóra do carreiro* coa que se busca dar a entender que cadaquén é dono da súa vida. Indica que se trata dunha revisión da fábula tradicional en forma de teatro cun único obxecto escénico, a arañeira, e dous actos. Ademais comenta que se rompe coa cuarta parede, facendo que os espectadores se convertan en habitantes da fraga nunha noite de circo. Por último, reivindica o uso do teatro no ensino.

**Corderi**, Modesto, “Necesitamos máis pedagogía teatral en las aulas”, *La Región*, “*Xornal Escolar*”, “de que se fala”, 16 outubro 2019, p. 8.

Reivindica a pedagogía teatral nas aulas con uso de técnicas performativas co obxectivo de que o alumnado se sinta protagonista activo, ao tempo de que aprenda mellor a materia, como reflicte o estudio DICE da UE que indica que, ademais de adquirir moitas competencias estratéxicas, facilita a aprendizaxe lingüística e traballa as emocións.

**Cuba F.**, Ana, “Los alumnos del IES de Cedeira avisan: ‘Seguiremos facendo versos’”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 18 maio 2019, p. 26.

Comenta que o alumnado de 4º da ESO do IES Punta Candieira de Cedeira celebrou unha festa pola liberdade de expresión e a convivencia, logo de que a Consellería de Educación censurase un dos poemas realizados nun obradoiro dirixido por Carlos Negro que fomentaba o odio.

**Cheda**, Pilar, “Ler é vivir sen límites”, *El Progreso*, “*Revista*”, “Lecturas”, 20 xullo 2019, p. 27.

Nunha serie de recomendacións literarias, amenta *A vaca que subiu a unha árbore*, *A ovella que chcou un ovo* e *O crocodilo ó que non lle gustaba a auga*, de Gemma Merino; *Mil cousas poden pasar*, de Jacobo Fernández Serrano; *Super pataca*, de Artur Laperla; e *Mariña*, de Isabel Somoza.

\_\_\_\_\_ “O reto de educar”, *El Progreso*, “*Revista*”, 23 novembro 2019, pp. 2-4.

Salienta o labor de innovación do profesorado que tenta converter a aprendizaxe nunha experiencia inolvidable, caso da docente de música Sandra Tenreiro do IES Poeta Díaz

Castro de Guitiriz, quen emprega a música como ferramenta para tratar temas de actualidade, como a violencia de xénero, interpretando o poema “Voces sen voz” de Luz Campello o día 25 de novembro, ademais de investigar a situación das mulleres no pasado.

**D. G.**, “Os Bolechas enseñan a los niños qué es la enfermedad celíaca”, *ABC*, “Galicia”, 9 abril 2019, p. 57.

Anuncia que a Asociación de Celíacos de Galicia e Mercadona presentaron un conto infantil sobre a enfermidade celíaca protagonizado polos Bolechas, con ilustracións cheas de cor, co obxectivo de achegar esta enfermidade á cativada de forma amena e divertida. Indica que a edición será de 1000 exemplares e que se mostra esta doenza a través das actividades cotiás que realiza a nena protagonista que é celíaca

**David**, Juan, “Homenaxe dos escolares ao Día da Auga, da Árbore e da Poesía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 21 marzo 2019, p. 36.

Indica que na celebración do VII Día da Auga, da Árbore e da Poesía, celebrado na Ínsua dos Poetas no Carballiño, participaron máis de 350 alumnos da comarca e do colexio convidado CEIP Foxo da Estrada. Comenta que Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, instou ao alumnado a conservar, valorar e coidar o legado ecolóxico e cultural e a ler moito, para ampliar a herdanza literaria e poética de Galicia. Tamén comenta que o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, descubriu a escultura “Kalíope” de Acisclo Manzano e remarcou a necesidade de falar a lingua galega.

**ECCG**, “Peque Peixe difunde o nome dos animais mariños entre os nenos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 3 maio 2019, p. 37.

Informa da presentación na lonxa de Burela do proxecto “Peque Peixe” da Consellería de Cultura e Turismo que pretende formar na terminoloxía mariñeira galega á cativada de 3 a 15 anos. Comenta que o material didáctico se pode descargar da web [www.pequepeixe.gal](http://www.pequepeixe.gal) e que o alumnado tamén visitou a lonxa guiado polos Bolechas.

\_\_\_\_\_, “Kiko da Silva impartiu unha conferencia en Vilagarcía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 novembro 2019, p. 38.

Explica que no Festival Curtas de Vilagarcía Kiko da Silva analizou a evolución do mercado galego da banda deseñada, adiantando a publicación de Pinturas de guerra, de Ángel de la Calle e as novas obras de Miguelanxo Prado: Amani e a triloxía O Pacto de Letargo.

\_\_\_\_\_, “Gálix decide nomear socia de honra 2019 á crítica María Jesús Fernández”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 novembro 2019, p. 38.

Informa de que a xunta directiva de Gálix decidiu por unanimidade nomear socia de honra 2019 á experta en literatura infantil e xuvenil María Jesús Fernández, quen é socia fundadora da agrupación e colaboradora en distintas revistas, caso de CLIJ, Peonza,



Platero e Fadamorgana, entre outras. Finalmente, comenta que no acto de entrega na librería Lume da Coruña realizará a laudatio o ilustrador Xosé Cobas e se lle fará entrega dunha escultura de Noemí López.

**E. O.**, “Poemar el mar”, del vigués García Teijeiro, entre los veinte mejores libros en español del último año”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 xaneiro 2019, p. 36.

Salienta que o poemario Poemar el mar, de Antonio G. Teijeiro foi escollido pola Fundación Cuatrogatos entre os vinte mellores libros en español, porque se trata dunha obra sensorial e evocativa que mostra os distintos rostros do mar con diversas linguaxes (do lirismo á melancolía, o xogo musical e o humor). Tamén dúas obras de Leticia Costas, La señorita Bubble e El corazón de Júpiter, foron seleccionadas entre os cen títulos recomendados. Indica que todas estas obras foron orixinariamente publicadas en galego por Edicións Xerais de Galicia.

\_\_\_\_\_, “Un filólogo vigués publica a tradución ao esperanto de ‘Vento ferido’ de Casares”, *Faro de Vigo*, “Faro verano”, “Sociedad”, 25 xullo 2019, p. 38.

Comenta que co título Vundita vento, o filólogo Susos Moinhos publicou na editorial Espero de Eslovaquia a tradución ao esperanto de Vento ferido, de Carlos Casares, cun emotivo limiar de Hakan Casares Beng e un estudo introdutorio de Iolanda Galanes. Ademais alaba a colaboración da Fundación Carlos Casares e sinala que tamén traduciu o libro de relatos A ferida, de Begoña Paz.

**Elvira**, Sol, “Lalín le rinde homenaje a Neira Vilas con una muestra en la biblioteca”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Ordes. Melide. Arzúa”, 6 novembro 2019, p. 32.

Informa que o Concello de Lalín se suma aos actos conmemorativos do Día de Neira Vilas acollendo na biblioteca municipal Varela Jácome unha exposición sobre o autor, dedicada á súa vida e obra.

**Estévez**, Claudina, “Touro converteuse na capital galega do teatro escolar onte”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago”, 1 abril 2019, p. 21.

Indica que en Touro tivo lugar o IX Festival Galego de Teatro Escolar do municipio, no que participaron máis de 200 actores e actrices procedentes de aulas de Touro, Laxe, Palas de Reis, A Estrada e Santiago. A sesión comezou na aldea de Brandelos cunha ruta teatral, musical e poética co gallo de achegar aos rapaces ao mundo rural. Seguiu co espectáculo “Vogando nos contos”, obra colectiva que fomenta valores como a paz, a tolerancia, o diálogo, a humildade e o respecto. Finalizou esta actuación coa Banda de Música Isabel II.

**Fandiño Soto**, Carlos e **Pérez Rial**, Marcos, “Don Uregama”, *Diario de Pontevedra*, “Cómico”, “*reviStal!*”, n.º 983, 7 decembro 2019, p. 15.

Reprodúcese un fragmento da banda deseñada “Don Uregama”.

\_\_\_\_\_, “Don Uregama”, *Diario de Pontevedra*, “Cómic”, “*reviSta!*”, n.º 984, 14 decembro 2019, p. 15.

Reprodúcese un fragmento da banda deseñada “Don Uregama”.

\_\_\_\_\_, “Don Uregama”, *Diario de Pontevedra*, “Cómic”, “*reviSta!*”, n.º 985, 21 decembro 2019, p. 15.

Reprodúcese un fragmento da banda deseñada “Don Uregama”.

\_\_\_\_\_, “Don Uregama”, *Diario de Pontevedra*, “Cómic”, “*reviSta!*”, n.º 986, “O garaxe hermético”, 28 decembro 2019, p. 15.

Reprodúcese un fragmento da banda deseñada “Don Uregama”.

**F. D.**, “Contacontos, bodegas, artesanía y gastronomía”, *La Región*, “III Festival do viño da Ribeira Sacra”, “Participantes”, 4 xullo 2019, p. 4.

Salienta entre as actividades do III Festival do viño da Ribeira Sacra dous contacontos infantís con Anxo Moure e Brais Moure.

**F. F.**, “Os Bolechas llegan a Vilagarcía con su campaña de reciclaje de residuos electrónicos”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 24 xullo 2019, p. 5.

Faise eco da campaña de reciclaxe dos Bolechas sobre residuos electrónicos que terá lugar en Vilagarcía para fomentar o seu bo uso, na que haberá xogos interactivos.

**Fernández**, Elisabet, “Escolares e universitarios honran a Rosalía de Castro”, *La Región*, “Ourense”, 26 febreiro 2019, p. 9.

Indica que escolares e universitarios celebraron o Día de Rosalía na Biblioteca do Campus de Ourense, impulsado pola Facultade de Educación, recitando poemas e lendo un manifesto, ademais de poder degustar un caldo.

**Fernández**, Laura, “Una gincana infantil divulgará la labor periodística de Curros”, *La Región*, “Celanova”, 23 marzo 2019, p. 30.

Presta atención ás iniciativas culturais da Fundación Curros Enríquez para o público infantil, caso dunha gincana que dará a coñecer a traxectoria e labor xornalística do escritor e o certame de relatos xornalísticos.

**Fernández**, S., “Las novelas de Leticia Costas y Domingo Villar triunfan en casa”, *Atlántico Diario*, “Verano”, 24 agosto 2019, p. 9.

Artigo sobre a literatura que máis triunfa entre os vigueses no verán, no que amenta *O último barco*, de Domingo Villar; *Infamia*, de Leticia Costas; e *Camiñar o Vigo vello*, de Pedro Feijoo. Entre os títulos de literatura infantil, destaca *O monstro de cores* e *Os fantasmas non petan na porta*. Destaca tamén libros “de corte feminista”, como *Pioneiras*, de Anaír Castillo.

**Fernández Fernández**, Jorge, “O trileiro”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 974, “Cómic”, 5 outubro 2019, p. 13.

Reprodúcese un fragmento da banda deseñada “O trileiro”.

\_\_\_\_\_ “O trileiro”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 975, “Cómic”, 12 outubro 2019, p. 15.

